

XII CONGRESO da AIEG  
Novos horizontes para unha Galicia global  
10-15 setembro 2018

# LIBRO DE RESUMOS do XII Congreso da AIEG

(Madrid, 10-15/09/2018)

Carmen Mejía Ruiz (dir.)

Ricardo Pichel | Ana Acuña (eds.)

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

<https://www.aieg18.com/>

# ÍNDICE

## **Conferencias, Mesas redondas e Presentacións** (pp. 2-5)

### **Sesión do Luns 10**

Paneis 1-3 (pp. 7-12)

Relatorios 1-16 (pp. 13-26)

### **Sesión do Martes 11**

Paneis 4-5 (pp. 28-32)

Relatorios 17-56 (pp. 33-65)

### **Sesión do Mércores 12**

Paneis 6-8 (pp. 67-73)

Relatorios 57-80 (pp. 74-95)

### **Sesión do Xoves 13**

Paneis 9-12 (pp. 97-104)

Relatorios 81-108 (pp. 105-126)

### **Sesión do Venres 14**

Paneis 13-15 (pp. 128-135)

Relatorios 109-132 (pp. 136-157)

### Plenaria de inauguración (Luns 10)

(Casa de Galicia, 11h)

#### O desafío do século. A lingua e cultura galegas perante as novas tecnoloxías da comunicación

Víctor F. FREIXANES

*Real Academia Galega*

### Conferencia (Martes 10)

(UCM, Salón de actos, 12:45h)

#### O éxito da "marca celta" para a cultura galega e a súa profundidade

Carlos NÚÑEZ

Carlos Núñez falará en primicia do seu primeiro libro *La hermandad de los celtas*, que Espasa publicará a finais de setembro. Mesura de ensaio, de autobiografía, de libro de viaxes..., nel narra a historia –aínda nunca escrita– da varias veces secular, sempre inclusiva e sorprendentemente complexa Música Celta, así como as súas relacións co mundo galaico e hispánico –América incluída–, a súa sorprendente pervivencia no pop-rock anglosaxón e a importancia que pode seguir a ter no futuro como mellor maneira de que as nosas músicas sigan cara adiante. No proceso de tres anos de escritura das case 600 páxinas do libro, o noso gaiteiro quixo coñecer en persoa aos sabios –como el di de cada eido, e así foi a Oxford na procura do mestre de arqueólogos Sir Barry Cunliffe, que resituou os celtas no Atlántico e no oeste da Península; na Sorbona coñeceu ao profesor Benjamin Bagby, un dos máis sobranceiros intérpretes de música medieval do mundo desde hai catro décadas; en Cambridge ao gaiteiro e arqueomusicólogo Barnaby Brown, que recuou milleiros de anos seguindo a *longue durée* das músicas de tradición oral; aquí mesmo ao director do Instituto Complutense de Estudios Musicales Álvaro Torrente, a quen o seu pai, D. Gonzalo Torrente Ballester, presentara a Carlos vinte anos atrás. E tamén a varios dos sabios presentes neste Congreso, como Xesús Alonso Montero, que coñece a Carlos

dende neno e o abroncou pola súa teima cos celtas; Harvey Sharrer, co que acabou tocando a zanfona en California; Mercedes Brea, que con grande paciencia resolveu todas as dudas sobre as Cantigas; Manuel Ferreiro que lle puxo ao tanto dos arcaísmos nas Cantigas de amigo...

### Conferencia plenaria (Mércores 11)

(UCM, Salón de actos, 10h)

#### Galicia, célula de universalidade

Ramón VILLARES

*Consello da Cultura Galega*

*Universidade de Santiago de Compostela*

### Plenaria de clausura (Venres 14)

(Anteno de Madrid, 18h)

#### BITAGAP (*Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*). Um armazém da memoria histórica

Harvey L. SHARRER

*University of California-Santa Barbara*

A base de datos BITAGAP (*Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*) faz parte do projecto digital [PhiloBiblon](#) e é un armazém ou inventário da memoria colectiva do patrimonio cultural escrito nas linguas vernáculos galego-portuguesa, portuguesa e galega durante a Idade Média. Fundada en 1988 e, desde entón, en constante expansión e incorporación de novas descubertas, BITAGAP ofrece un rico e amplo catálogo das fontes primarias, impresas e manuscritas, os textos que estes materiais contem, ligazóns para as digitalizacións dispoñibles na internet, informacións biográficas sobre as persoas envolvidas no proceso de produción e transmisión das fontes primarias, e as bibliotecas e arquivos que guardan os materiais analizados, juntamente com uma enorme quantidade de bibliografía secundaria para o estudo das fontes e dos individuos e institucións asociados com os textos. Relativamente aos textos galego-portugueses e galegos, BITAGAP acolhe todos os testemuños da poesía

profana e relixiosa galego-portuguesa (ss. XII-XIV), bem como os traballos da escola poética galega do século XV e uma grande variedade de textos em prosa, por exemplo, crónicas, narrativas hagiográficas e de ficción, textos jurídicos, foros, ordenanças, estatutos de confrarias, constituções sinodais etc.; textos que na sua totalidade representan ou simbolizan a memoria histórica e a identidade cultural galaica e lusitana da baixa Idade Média.

\*\*\*

### Unhas redes de ronseis. Memorias dunha fiandeira

Kathleen N. MARCH  
*University of Main*

Eis unha memoria, unha historiografía, do papel que xogaron –xogan– o galego e mais Rosalía na carreira dunha viaxeira de fala anglosaxona na patria galega. A singradura empezou por Manoel Antonio, Padrón e segue na pensa nao de Sernanselle, Compostela e outras terras ficticias e reais, por paisaxes partilladas, perdidas e aínda por recuperar. O cravo rosalián sempre agroma, verde e presente.

### Mesa redonda 1 (Martes 11)

(UCM, Salón de actos, 13:15h)

#### Mesa redonda | REDES

Real Academia Galega e AIEG (orgs.)

Olivia RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (coord.)  
*Universidade da Coruña*

Débora CAMPOS  
*Universidad de Buenos Aires*

Jorge MIRA  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Mabel RIVERA

Carlos NÚÑEZ

O panel céntrase nas redes de creación, comunicación e difusión polas que transita a cultura galega, de xeito directo –creando redes– ou indirecto –utilizando redes existentes. Participan importantes representantes

dos eidos xornalístico, científico e artístico (neste caso, da música e da interpretación teatral e audiovisual) que explicarán de que xeito e con que tipo de bagaxe veñen traballando e divulgando a súa creación, tanto desde un plano individual como colectivo. Darán conta das redes de participación, tanto na Galicia interior como na exterior, que están a conectar a cultura galega coa do resto do mundo, sinalando oportunidades, eivas e propostas de futuro.

### Mesa redonda 2 (Mércores 12)

(UCM, Salón de actos, 12:45h)

#### Mesa redonda | TERRITORIO

Consello da Cultura Galega e AIEG (orgs.)

Xoán Manuel SANTOS SOLLA (coord.)  
*Universidade de Santiago de Compostela*

María LÓPEZ SÁNDEZ  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Aníbal C. MALVAR

Vicente ARAGUAS

A mesa leva por título Territorio. Este concepto, moi enraizado na xeografía, fai referencia a un espazo xeográfico que é o resultado da acción individual ou colectiva dos seres humanos. Porén, no ámbito das disciplinas sociais e das humanidades, seu significado pode adquirir múltiples dimensións. De facto, nesta mesa redonda poderemos ver a riqueza que se deriva deste concepto rico en matices e olladas. Así, por exemplo, María López incorpora a idea de paisaxe que, como creación cultural, condiciona o xeito como nos relacionamos co territorio. A paisaxe, como interpretación cultural dun territorio, moitas veces vén condicionada pola ollada foránea, constrúese desde fóra e, frecuentemente, asumímola como propia. Neste sentido, Aníbal Malvar vai falar sobre o papel dos medios de comunicación e editorías (españolas e galegas) na transmisión dunha imaxe deteriorada, españolizante da cultura galega e das súas particularidades identitarias, o que, evidentemente, ten implicacións en como observamos e interpretamos o territorio e a xente que habita nel.

Finalmente, Vicente Araguas, logo de levar case 50 anos vivindo fóra de Galicia, achegará tamén unha perspectiva do noso país, do seu territorio e, evidentemente, da súa xente, enfocada e, seguramente condicionada, por quen habita boa parte do seu tempo alén das nosas fronteiras, mais que proxecta sobre Galicia o seu labor profesional como escritor e músico.

### Mesa redonda 3 (Xoves 13)

(UCM, Salón de actos, 12:45h)

### Mesa redonda | MEMORIA

Consello da Cultura Galega e AIEG (orgs.)

Dolores VILAVEDRA (COORD.)  
*Universidade de Santiago de Compostela*  
 Lourenzo FERNÁNDEZ PRIETO  
*Universidade de Santiago de Compostela*  
 Miguel-Anxo MURADO  
 Susana SÁNCHEZ ARÍNS

A mesa pretende ser un punto de integración de todas as posibles vías de análise da cuestión da memoria que se irán abrindo no Congreso. O obxectivo é logo afondar –dende diferentes perspectivas profesionais, metodolóxicas e mesmo persoais– na memoria como punto nodal dunha rede rizomática de vectores identitarios, algúns deles moi evidentes e que xa foron (e están a ser) obxecto de investigación no ámbito dos estudos galegos (historia, conflito, exilio...), mais tamén doutros parámetros (xénero, trauma, patrimonio inmaterial...) que só máis recentemente están a revelar a súa rendibilidade como articuladores e, ao tempo, cristalizadores de memoria(s) individuais e colectivas.

### Presentacións de libros

(UCM, D-02 e D-04)

### Luns 10, D-04, 18:15h

#### *Os estudos galegos en tempos de cambio e transformación: de Bos Aires a Galicia*

UCM, *Madrygal* nº 20 Especial, 2017  
<https://revistas.ucm.es/index.php/MADR>

Carmen MEJÍA RUIZ (dir.)  
 Ricardo PICHEL (ed.)

### Martes 11, D-02, 18:30h

#### *La letteratura galega. Autori e testi*

Carocci editore, 2018

Gemma ÁLVAREZ MANEIRO (ed.)  
 Giovanni BORRIERO (ed.)

A través deste proxecto queremos facer chegar ao público italiano a historia literaria galega para ser aprezada e agarimada como merece. Cada autor e autora está traballado cun esquema sistemático composto dunha Biografía cos datos máis salientábeis deles; dunha *Bibliografía* (fontes tradicionais e dixitais) precisa para o estudo e coñecemento de cada figura e dunha escolma de *Textos* –dos diversos xéneros– representativos en lingua orixinal e respectiva tradución á lingua italiana. A obra complétase cun *Prólogo* –na ilustre pluma de D. Xesús Alonso Montero–; de tres apéndice, o primeiro *Mapas* mostra mediante estes a evolución e asentamento do territorio galego; o segundo leva por título *Feitos históricos* –políticos, bélicos, culturais, etc.– acontecementos nacionais e internacionais necesarios para enmarcar cada autor (podemos falar dunha obra paralela das diversas fases polas que camiñou e camiña a lingua galega); un terceiro apéndice é o de *Publicacións periódicas*, a modo de hemeroteca están analizadas as cabeceiras que aparecen ao longo do volume. Amais o libro conta dun *Glosario*, obrigado en calquera obra de tradución, nel temos os termos galegos que pola súa complexidade á hora de seren traducidos ao italiano perden esencia, basta pensar na

palabra 'morriña'; remata o traballo cunha ampla e actual *Bibliografía*, punto final que pecha o proxecto. *La letteratura galega. Autori e testi* nace nos piares científicos e no estudo da lingua galega co obxectivo da ilustración, defensa e promoción do idioma galega. Con esta publicación procuramos ofrecer unha obra de referencia e utilidade para quen se acheguen ás letras galegas; abranguer o ámbito universitario e literario da Italia máis galega, da Galicia máis internacional.

### Mércores 12, D-02, 18:30h

#### *La lluvia en el mar. Una antología de poesía gallega contemporánea*

Pigmalión, 2018 (ed. bilingüe)

Vicente ARAGUAS (ed.)

Presenta: Manuel PEREIRA VALCÁRCEL

Exactamente, «una antología», así, con el artículo indeterminado, tan anglosajón, por otra parte, indicando que esta no es «la antología», pero tampoco «antología», así, sin determinante, «de la poesía gallega de hoy». Mi selección es tan mía que la defendería hasta la última gota del cáliz poético. En *La lluvia en el mar* el lector encontrará al lado de nombres muy familiares para quien sigue el devenir literario gallego, otros que raras veces aparecen en los florilegios «ad usum». Pero en mi opinión la poesía gallega, tan amplia, tan vigorosa, no puede –¡no debe!– caer en el sota, caballo y rey consabidos. Por eso mi estrategia como antólogo ha consistido, también, en echar mano de gente que raras veces aparece en las muestras con pretensiones canonizadoras, abundantes como las setas luego de la lluvia, que al caer en el mar prácticamente no resuena sino con esa estética silenciosa que podría tener mucho de ética. Sesenta años separan a Luz Pozo Garza, la «prima donna» de la

poesía gallega, y a Antía Otero, la más joven de nuestros antologados. Cuatro generaciones históricas, pero un concepto de la belleza similar. Un sentimiento radical que empieza a serlo desde la opción idiomática de las dos. Y es que escribir en gallego sigue siendo un paso más allá, con todo lo que ello implica. 26 poetas. Una cifra que ofrece un surtido amplio que ilustra y entretiene. Aquí hay acopio sentimental, poética de la experiencia, irracionalismo, culturalismo (con cultura, ojo), línea clara, dolor, ironía, sarcasmo incluso, vuelta de hoja y –también– un cierto sentido del humor que no le sienta mal a ese incierto oficio de vivir que llamamos poesía.

### Xoves 13, D-02, 18:30h

#### *Mala herencia la que nos ha tocado. Oralidad y narrativa en la literatura sobre la guerra civil y el franquismo*

USC Editora, 2018

Mariela SÁNCHEZ (autora)

Presenta: Dolores VILAVEDRA

Estas páxinas exploran a representación da oralidade na produción narrativa de ficción de diversos autores españois que, entre finais do século XX e comezos do XXI, abordaron a temática da Guerra Civil e as súas consecuencias con relación ao xurdimento de numerosos debates acerca do tratamento do conflito. Analizan o intercambio xeracional e a transmisión a partir de escenas dialóxicas tendentes a paliar, compenrar ou facer visibles limitacións e baleiros propios doutros soportes e discursos. Seleccionan propostas que xurdiron desde a literatura –con algún detemento nun texto filmico– para estudar un pasado traumático e as técnicas de transmisión empregadas na narración de aspectos longamente silenciados ou enmascarados pola historia oficial.

# SESIÓN

## 10 SETEMBRO



**Panel 1 | Lingua e identidade**

(D-02, 16h)

**Achega multidimensional ás dinámicas de mudanza recente no galego**Alba AGUETE CAJIAO (coord.)  
*Instituto da Lingua Galega (USC)*Vítor MÍGUEZ REGO  
*Instituto da Lingua Galega (USC)*María Beatriz DOMÍNGUEZ OROÑA  
*Instituto da Lingua Galega (USC)*

A sociedade galega viviu no último século unha serie de cambios políticos e sociais –a institucionalización e planificación do galego, a globalización ou a rápida desruralización, entre outros– que afectaron aos diferentes planos lingüísticos, favorecendo a variación e o cambio no galego. A través dun triplo enfoque (fonético, semántico e sintáctico), neste panel abordaranse tres escenarios de cambio recente no galego. Na dimensión fónica analizaremos os diferentes modelos de vocalismo existentes no galego a través de experimentos de produción e percepción con falantes universitarios. Na área sintáctico-semántica da modalidade epistémica, centrarémonos na profunda remodelación que sofre este subsistema lingüístico, asociado coa expresión de certeza, dúbida e probabilidade, a comezos do s. XX. Por último, no ámbito da sintaxe, achegarémonos á causativización de certos verbos anticausativos (*Xan aprende a ler > Pedro apréndelle a ler a Xan*), que se dá nalgunas variedades do galego actual.

Palabras chave: cambio lingüístico, galego actual, variación.

**I. O vocalismo da mocidade universitaria actual** (Alba Aguete Cagiao)

A oficialización do galego a finais do século pasado supuxo unha serie de retos para o idioma como o acceso a novos contextos de uso aos que antes estaba vetado. A falta de rexistros cultos de galego no panorama social daquel momento e o aumento de uso e de usuarios no espazo urbano levou aos

falantes e ás falantes a adoptar diferentes modelos de lingua para estes novos contextos. Isto propiciou a emerxencia dun novo galego urbano, máis próximo foneticamente ao castelán, que convive en diferente grao na actualidade con modelos de galego máis tradicionais. Esta comunicación tratará de explorar como son os diferentes modelos de vocalismo empregados por galegofalantes con diferentes perfís lingüísticos e diversas procedencias, e chegar os elementos básicos que nos permitan definir a variación no vocalismo galego actual.

**II. Modalidade epistémica e mudanza lingüística: os adverbios en *-mente* na historia da lingua** (Vítor Míguez Rego)

A marcaxe da modalidade epistémica en galego mostra interesantes particularidades de natureza gramatical, discursiva e pragmática e constitúe un importante índice das mudanzas internas e externas que experimentou a lingua durante os últimos séculos. Concretamente, obsérvase unha correlación entre a evolución e uso de certas formas lingüísticas e certos momentos de transformación social da lingua. Nesta presentación, tomarase como fío condutor os adverbios en *-mente* empregados para expresar certeza, os cales compiten con formas alternativas diferentes segundo o momento histórico. Estes adverbios son comúns nos textos medievais e raros na lingua moderna até finais do século XIX. O rápido incremento en frecuencia que experimentan estas formas durante o século XX convérteas nunha peza chave do sistema de marcaxe epistémica do galego actual. Aínda que condicionada pola peculiar historia da lingua galega, a expansión diacrónica dos adverbios en *-mente* debe ser entendida como un fenómeno intercultural que afecta a boa parte das linguas de Europa, produto dunha tradición discursiva compartida durante séculos.

**III. Variación sintáctica no galego actual: a causativización** (M<sup>a</sup> Beatriz Domínguez Oroña)

No galego empréganse varias estratexias para expresar causa, entre elas, os pares



léxicos, en que un membro do par expresa a causa (*Iria ensinalle a ler a Sara*) e o outro o efecto (*Sara aprende a ler*), de tal forma que o primeiro presenta unha construción causativa e o segundo unha anticausativa. Con todo, nalgunhas variedades do galego, o membro anticausativo de certos pares (*aprender, arder e quecer*) pode empregarse en construcións causativas, análogas ás do membro causativo do par (*Iria apréndelle a ler a Sara*). Nesta contribución pretendemos ofrecer unha panorámica sobre esta variación gramatical, a partir dalgúns resultados da análise de corpus e da análise dalgunhas das repostas dunha enquisa de aceptabilidade lingüística.

### Bibliografía

- Gugenberger, Eva, Henrique Monteagudo e Gabriel Rei Doval (eds.) (2013): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Labov, William (1994): *Principles of linguistic change*. Vol. 1: *Internal factors*. Oxford: WileyBlackwell.
- Labov, William (2001): *Principles of linguistic change*. Vol. 2: *Social factors*. Oxford: WileyBlackwell.
- Regueira, Xosé Luís e Elisa Fernández Rei (eds.) (2017): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

### Biodata

**María Beatriz Domínguez Oroña** é licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e investigadora predoutoral (FPU 2015) no Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela), onde desenvolve o seu proxecto de tese sobre a alternancia causativa no ámbito da sintaxe, do léxico e da variación dialectal. Ademais, participa en dous dos proxectos de investigación do Instituto da Lingua Galega, o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* e o proxecto de *Construcións verbais e sintaxe da oración* (ConVerSO).

**Vítor Míguez** é Graduado en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela e cursou o Mestrado en Lingüística Teórica e Aplicada da Universidade Pompeu Fabra. Foi Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia en 2014. Na actualidade, é beneficiario dunha axuda de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia, imparte docencia no departamento de Filoloxía Galega da USC e realiza a súa tese de doutoramento (*Modalidade epistémica: o sistema galego e a súa evolución*) baixo a dirección do profesor Francisco Cidrás. A súa actividade investigadora xira arredor da sintaxe, a semántica e a lingüística histórica.

**Alba Agnete Cajiao** é licenciada en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela e cursou o Máster en Fonética e Fonoloxía da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e o CSIC. Foi Premio Fin de Carreira do SUG en 2012 e forma parte do ILG dende o 2011. Actualmente está contratada dentro do programa de Axudas para a Formación do Profesorado Universitario (FPU 2013), e realiza a súa tese de doutoramento (Vocalismo galego. Motivacións fonolóxicas do cambio) baixo a dirección do profesor Manuel González González e da profesora Elisa Fernández Rei. A súa actividade investigadora céntrase no estudo da variación e o cambio na fonética e da fonoloxía do galego.

### Panel 2 | Memoria literaria

(D-04, 16h)

**Editando a ausencia de Avelino Díaz ou como investigar e dar conta do seu ostracismo**

Benigno FERNÁNDEZ SALGADO (coord.)  
*Universidade de Vigo*

Tina POETHE (coord.)  
*Editora 3d1t0r4*

Alicia SENTÍ JANSSEN  
*Universidade de Vigo*

Sofía MALVIDO  
*Universidade de Vigo*

Rocío VILLANUEVA GONZÁLEZ  
*Universidade de Vigo*

Os participantes neste panel estamos interesados en facetas moi diversas da investigación e divulgación da obra e figura de Avelino Díaz (1897-1971), un poeta, xornalista e activista cultural da nosa diáspora americana. Cando comezamos a investigalo no ano 2014 apenas se podía encontrar nada a este lado do Atlántico, nin nas bibliotecas nin nos arquivos das institucións, nin na bibliografía académica dos últimos 50 anos, sendo a excepción o traballo de presentación do poeta cunha escolma de 101 poemas de Marivel Freire. No panel presentaremos algúns dos avances feitos nas investigacións e nas tarefas de promoción e publicidade da súa obra. A idea é tripla: (1) dar a coñecer os libros impresos en que traballamos de maneira colaborativa, os *14 Poemas de 1936* en versión pentalingüe, e os dous volumes de *Non me deas diñeiro polo que che dou: 15 contribucións académicas en homenaxe a Avelino Díaz*, listos xa para mandar ó prelo a mediados de agosto deste ano: (2) dar conta do activismo mantido en torno ó seu nome a través de Internet e, en particular, das redes sociais tomando como referencia Twitter (@Avelino1897); e (3) discutir a axenda dos traballos en curso (reedición dos seus 4 poemarios, edición dos 7 libros inéditos custodiados no Consello da Cultura, establecemento dunha fundación, e organización dun simposio internacional).

Palabras chave: Avelino Díaz, diáspora, deseño editorial, márketing, Twitter.

## Bibliografía

- Camoira Veiga, César (2016): "Avelino Díaz y Díaz, un home ó servizo da causa galeguista. Algunhas pautas interpretativas", *Lucensia* 52, pp. 91-110.
- Fernández Salgado, Benigno (2015): "Rimando en galego en Bos Aires: Identidade na poesía de Avelino Díaz (1897-1971)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 18, pp. 81-93.
- Fernández Salgado, Benigno (2007): *Avelino Díaz. 14 Poemas. Edición crítica e traducións ó alemán, español, francés e inglés*. Santiago de Compostela: Editora 3d1t0r4.

Freire Freire, Marivel (1999): "Avelino Díaz e Castela", en X. L. Axeitos e Ch. Portela (eds.), *Sesenta anos despois. Os escritos do exilio republicano*. Sada: O Castro, pp. 339-359.

Freire Freire, Marivel (2002): *Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante*. Lugo: Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego.

## Biodata

**Benigno Fernández Salgado** é licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago (1985) e doutor en Filosofía e Letras (DPhil) pola Universidade de Oxford (1996). Dende o 2001 é profesor titular de Lingua Galega na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo. Foi asesor lingüístico da Televisión de Galicia (1985-88), lector de Español na Universidade de Birmingham (1989-91) e de Lingua e Literatura Galegas na de Oxford (1991-4). Organizou con John Rutherford o IV Congreso Internacional da AIEG e arranxou as actas deste congreso (OCGS, 1997). É autor de dúas monografías: *Os rudimentos da lingüística galega (1913-1936)* (USC, 2000) e *El Agricultor. Agrarismo solidario e rexionalismo lingüístico* (Xunta, 2007), e dunha trintena de artigos. No ámbito da lexicografía publicou o *Diccionario Inglés-Galego, Galego-Inglés* (Xerais, 1999) e o *Diccionario de Usos e Dificultades da Lingua Galega* (Galaxia, 2004). Coeditou estes cinco volumes: *SEHL. Estudios de historiografía lingüística* (Helmut Buske, 2002), *Estratexias de comunicación para novos públicos e novos espazos* (UVigo, 2015), *Investigacións en comunicación e cultura mediada* (UVigo, 2016) e *To the next station. Papers on culture and digital communication* (Peter Lang, 2018). É o editor literario de *Avelino Díaz. 14 Poemas*. (3D1T0R4, 2017).

**Tina Poethe** é deseñadora de interfaces e experiencias de usuario. Formouse na Heinrich-Heine-Universität Düsseldorf e na Humboldt-Universität de Berlín en Estudos de Comunicación e Estudos Culturais. Completou a súa carreira cun traballo sobre a epistemoloxía subxacente ó deseño arquitectónico

da Cidade da Cultura de Galicia. En 3D1T0R4 traballa como editora técnica creando libros e produtos dixitais en lingua galega.

**Alicia Sentí Janssen** é Diplomada en Maxis-terio de Educación Primaria (2011) e Graduada en Estudos de Galego e Español (2016) pola Universidade de Vigo, quen lle concedeu a distinción de Premio Extraordinario de Fin de Grao nesta última carreira. Posteriormente realizou o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (Uvigo, 2017) e, na actualidade, é doutoranda do programa de Estudos Lingüísticos da Universidade de Vigo, onde é beneficiaria dunha axuda pre-doutoral da Xunta de Galicia (2018).

**Sofía Malvido Cordeiro** (Cangas, 1994) é graduada en Estudos de Galego e Español (2016) pola Universidade de Vigo e realizou o Mestrado para o profesorado de Educación Secundaria (2017) nesta mesma institución. Actualmente é doutoranda no Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios da Universidade de Vigo, no cal desenvolve un proxecto de tese vencellado ás relacións interartísticas entre literatura e cinema e as súas estratexias para a representación do pensamento.

**Rocío Villanueva González** (Ourense, 1993) é graduada en Estudos de Galego e Español na Universidade de Vigo (2016). Posteriormente, nesta mesma universidade, realizou o Mestrado para o Profesorado de Educación Secundaria (2018) e, actualmente, cursa o Mestrado de Lingüística Aplicada, onde centra a súa liña investigadora na problemática da desgalguización.

### Panel 3 | Memoria e identidade

(D-201, 16h)

**Dor, memoria e música: Emilia Pardo Bazán, María Lado, e María Xosé Silvar “SES”**

Alba CONSTENLA TORRADO (COORD.)  
*University of California-Santa Barbara*  
 Sebastian STRATAN  
*University of California-Santa Barbara*  
 Pedro CRAVEIRO  
*University of California-Santa Barbara*

Este panel atende ás nocións de “redes” e “memoria” co propósito de avaliar as contribucións de tres autoras galegas ao postulado de “Novos horizontes para unha Galicia Global”. O noso punto de partida é a consideración da neurociencia –ancorada a procesos de redes e memoria– na avaliación da dor tal como se representa en Emilia Pardo Bazán no arco novelístico que se establece desde *Los pazos de Ulloa* (1886) a *Dulce dueño* (1911). Logo enfocaremos na dedicación coa que María Lado atende á función dos obxectos cotiáns na formulación dos recordos, trastocando a orde dos mesmos para que sexan os obxectos os que nos recorden e non viceversa. O noso panel conclúe cunha avaliación de varias cancións de María Xosé Silvar “SES” –“Non son fada”, “Tempestades de sal”, entre outras–, onde a cantautora celebra o feito de ser galega e muller. En todas as instancias veremos que se expanden os horizontes da identidade galega.

Palabras chave: redes, memoria, identidade galega, Galicia global.

**I. ¿Una paria social?: Dolor y neurociencia en Emilia Pardo Bazán: De *Los pazos de Ulloa* (1886) a *Dulce dueño* (1911)** (Sebastian Stratan)

El propósito de esta ponencia es reevaluar tres novelas de Emilia Pardo Bazán, *Los Pazos de Ulloa* (1886), *Insolación* (1889) y *Dulce Dueño* (1911) con particular enfoque en las protagonistas, a la luz de reflexiones recientes sobre el dolor físico y el dolor social tal como se formulan en la neurociencia. Para ello primero presentaré un breve resumen de lo que la crítica ha comentado hasta el momento sobre las novelas para luego detallar las aportaciones de la neurociencia al re-leer los textos mencionados en relación al momento actual.

**II. Un obxecto que nos recorde: memoria, transgresión e identidade na poesía de María Lado** (Pedro Craveiro)

A poesía de María Lado (1979) inviste fortemente en temas que buscan cousas diarias e cotiás. O obxecto –a cousa– funciona,

por unha banda, como un catalizador para a memoria, pero, por outro, como espazo de superación e transgresión desta memoria. Ou sexa, o obxecto supón un estímulo dun pasado, asociado coa caracterización das personaxes, da poeta e das letras que aparecen nos poemas, mais é tamén a afirmación e a abertura inevitábel dun novo espazo transgresor e dun territorio de identidade innovador. O meu relatorio propón, desta forma, abordar os varios obxectos mencionados, analizar as propostas da poesía de Lado ao intensificar o uso recorrente de obxectos e dar corpo á idea de obxecto como espazo de memoria, transgresivo, territorial e de nova identidade poética. O obxecto procura, en resumo, desafiar o pasado e o presente, o antigo e o moderno e a voz do home e da muller.

### III. Admirando a condición: identidade galega e feminismo na música de María Xosé Silver "SES" (Alba Constenla Torrado)

Nos últimos anos véñse establecendo con notable éxito no panorama musical galego a presenza de músicas e cantoras que entrelazan a identidade cultural galega con perspectivas feministas, como é o caso de Guadi Galego ou María Xosé Silver "SES". Como suxire o título do seu primeiro álbum, *Admirando a condición* (2011), boa parte da produción musical de SES (A Coruña, 1982) encárgase de celebrar o feito de ser galega e, ao mesmo tempo, muller. Deste xeito, o presente traballo pretende explorar como SES, co seu estilo musical ecléctico, leva a cabo a visibilización dunha identidade galega non normativa que contribúe á renovación do panorama audiovisual galego e sitúa a Galicia nun espazo global.

### Bibliografía

- Batailles, George, Rafael Conte e Lourdes Ortiz (1981): *La literatura y el mal : Emily Brontë, Baudelaire, Michelet, Blake, Sade, Proust, Kafka, Genet*. Madrid: Taurus.
- Bermúdez, Silvia e Jorge Pérez (2009): *Spanish Popular Music. Journal of Spanish Cultural Studies* 10 (Special Issue).
- Colmeiro, José (2017): *Peripheral Visions/*

- Global Sounds from Galicia to the World*. Liverpool: Liverpool University Press.
- Foucault, Michel (1997): *Vigilar y Castigar*. Madrid: Siglo XXI, 1997
- Hooper, Kirsty e Manuel Puga Moruxa (2011): *Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global*. New York: Modern Language Association of America.
- Kristeva, Julia (1980): *Poderes del Horror* (trad. N. Rosa). Madrid: Siglo XXI.
- Lado, María (1997): *A primeira visión*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, Col. Letras de Cal.
- Lado, María (2001): *Casa atlántica, casa cabaret*, Vigo: Xerais.
- Lado, María (2018<sup>2</sup> [2011]): *Amantes*. Malpica: Caldeirón.
- Lado, María (2015): *Oso, mamá, si?* Vigo: Xerais.
- Miguélez-Carballeira, Helena (ed.) (2014): *A Companion to Galician Culture*. Suffolk, UK / Rochester, New York: Tamesis.
- Pascual Soler, Nieves (ed.) (2005): *Witness to pain: essays on the translation of pain into art*. Bern / New York: Peter Lang
- Reimóndez, María (2014): "The Rural, Urban, and Global Spaces of Galician Culture", en H. Miguélez-Carballeira (ed.): *A Companion to Galician Culture*. Suffolk (England) / Rochester (New York): Tamesis, pp. 157-174.
- Scarry, Elaine (1987): *The body in pain: the making and unmaking of the world*. New York: Oxford University Press.
- Sontag, Susan (2017): *Regarding the pain of others*. New York: Farrar, Straus and Giroux.
- Vetlesen, Arne Johan (2010): *A philosophy of pain*. London : Reaktion Books.

### Biodata

**Pedro Craveiro** (Porto, 1990) licenciouse en portugués e estudos lusófonos e máis tarde obtivo un mestrado en estudos literarios, culturais e interartísticos na Universidade do Porto. Na actualidade traballa como *teaching assistant* na Universidade de California-Santa Bárbara, institución onde tamén é estudante de doutoramento no departamento de español e portugués.

**Sebastian Stratan** obtivo a súa licenciatura na universidade Alexandru Ioan Cruza de Rumanía, especializándose en filloxía inglesa e hispánica. Posteriormente cursou un mestrado en estudos literarios na Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade é estudante de doutoramento no departamento de español e portugués da Universidade de California-Santa Bárbara.

**Alba Constenla Torrado** é graduada en lingua e literatura inglesas pola Universidade de Santiago de Compostela (2014). Posteriormente estudou un mestrado en literatura española na Universidade de Kansas (2016) e actualmente é alumna de doutoramento no departamento de español e portugués da Universidade de California-Santa Bárbara.

## Sesión 1 | Patrimonio cultural e humanidades dixitais (D-04)

### Relatorio 1 (17:15h)

**Ferramentas para o estudo da produción escrita en galego na Idade Moderna. Aspectos metodolóxicos da edición e anotación dos textos en *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna***

Ernesto Xosé GONZÁLEZ SEOANE  
*Instituto da Lingua Galega (USC)*

Rosario Álvarez Blanco  
*Instituto da Lingua Galega (USC)*

*Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* é un proxecto posto en marcha en 2013 no ILG co obxectivo de reunir nun repositorio dixital toda a produción escrita en lingua galega ao longo dos ss. XVI, XVII e XVIII e de elaborar toda unha serie de ferramentas para a súa interpretación e estudo. O resultado é un corpus, consultable en liña desde este mesmo ano (<http://ilg.usc.gal/gondomar/>), que ofrece unha multiedición dos textos (que inclúe a súa reprodución facsimilar, a transcripción paleográfica e unha edición interpretativa de cada un deles), e diversas ferramentas para a explotación dos datos. Para iso, os textos están lematizados e conteñen anotación morfosintáctica. A nosa presentación pretende mostrar a metodoloxía empregada dentro do proceso de edición e de anotación dos textos e, ao tempo, ofrecer unha reflexión acerca das utilidades e vantaxes que esta metodoloxía supón para unha mellor interpretación da información lingüística que conteñen os textos.

Palabras chave: lingua galega, corpus lingüísticos, edición dixital, Idade Moderna.

### Bibliografía

Álvarez Blanco, Rosario e Ernesto Xosé González Seoane (2016): "Iluminar los Séculos Escuros: Gondomar, un corpus para el estudio del gallego en la Edad Moderna", en Johannes Kabatek (ed.), *Lingüística de corpus y lingüística histórica iberrománica*. Berlin: De Gruyter, pp. 115-136.

### Biodata

Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane son catedráticos de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela e investigadores do Instituto da Lingua Galega. Son codirectores de *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*.

Rosario Álvarez Blanco é membro do equipo do *Atlas Lingüístico Galego* (1973-), directora do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (2009-) e do proxecto transfronteirizo *O patrimonio léxico da Gallaecia* (2017-). É coautora de dúas gramáticas do galego (1986 e 2002) e coordinadora do equipo redactor da gramática da Real Academia Galega. Dirixe a revista *Estudos de Lingüística Galega*. É académica numeraria da RAG e a actual Presidenta do Consello da Cultura Galega.

Ernesto González Seoane é o actual Vicerreitor de profesorado da USC. É coautor ou coeditor dos volumes *A estandarización do léxico, A lexicografía galega moderna: recursos e perspectivas, Lexicografía de las lenguas románicas e Léxico dialectal y lexicografía en la Iberorromania*. Dirixiu o *Diccionario de diccionarios do galego medieval*.

### Relatorio 2 (Sesión 1, D-04, 17:45h)

#### As cantigas na Web: Universo Cantigas

Manuel FERREIRO  
*Universidade da Coruña*

A edición dixital das cantigas de amor galego-portuguesas (640 cantigas) é o obxectivo da primeira fase de *Universo Cantigas*, un proxecto de investigación apoiado polo Ministerio de Economía y Competitividad, que continúa o traballo feito para o *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (<http://glossa.gal>). No 17 de maio, Día das Letras Galegas, foi aberto o novo portal *Universo Cantigas* (<https://universocantigas.gal/>) que reúne textos (editados criticamente) e glosario e que agora é presentado no XII Congreso da AIEG, facendo fincapé, entre outras cuestións, nos problemas de

construción e de pesquisa, nas características e desenvolvemento etc.

Palabras chave: banco de datos, portal web, cantigas medievais, edición crítica dixital.

### Bibliografía

Arbor Aldea, Mariña (2018): "Universo Cantigas: el editor ante el espejo", en *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*. Roma (no prelo).

Arbor Aldea, Mariña e Manuel Ferreiro (2018): "Universo Cantigas: work in progress", en *Literatura Medieval (Hispanica): Nuevos enfoques metodológicos y críticos*. Catania (no prelo).

López Viñas, Xoán, "Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: o GLOSSA", en L. Eirín García e X. López Viñas (eds.), *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2014.

### Biodata

Manuel Ferreiro é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. A súa actividade investigadora abala entre a Lingüística Histórica e máis a Ecdótica e a Crítica Textual. En 2006 gañou o XVII Premio de Investigación "Losada Diéguez" 2006 pola edición d'*Os Eoas* pondalianos, e en 2014 foille concedido o IX Premio de Investigación "Concepción Arenal" de Humanidades 2014 polo proxecto *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (<http://glossa.gal>). Na actualidade dirixe o proxecto *Universo Cantigas*, que ten como obxectivo realizar a edición crítica dixital dos textos que integran a lírica profana galego-portuguesa (<http://universocantigas.gal>).

**Sesión 2 | Memoria histórica e literaria.  
Conflicto e trauma (D-201)**

**Relatorio 3 (17:15h)**

Procesos migratorios de ida e volta. Oralidade e transposición escrita nas memorias dun militante antifranquista: David Álvarez Carballido, de Galicia a Arxentina (e vice-versa)

Mariela SÁNCHEZ

*Universidad Nacional de La Plata*

A proposta consiste en expor diferentes aspectos e cuestións teóricas vencelladas a un proceso de edición feito sobre a base dunha serie de entrevistas orais realizadas nos anos 90 por Antón Santamarina, a selección publicada en homenaxe a Xesús Alonso Montero e a reunión, por Anahí Almasia no ano 2016, destas fontes que tiveron como protagonista a David Álvarez Carballido (A Fonsagrada, 1922-2017). O material obxecto de análise comprende a narración en lingua galega dunha historia persoal e familiar que involucra un marco referencial ilustrativo de avatares históricos e políticos fundamentais de Galicia e de Arxentina ao longo de gran parte do século XX, así como tamén aspectos de procesos migratorios e experiencias de represión e cárcere que se poden recoñecer noutras latitudes. Vou analizar as operacións de transposición en libro dos ditos soportes e as bases teóricas que tiven en conta particularmente no proceso de edición no que participei.

Palabras chave: migración, memoria, narrativas, oralidade, David Álvarez Carballido.

### Bibliografía

Barnet, Miguel (1991 [1971]): "La novela-testimonio: socioliteratura", en N. Klahn y W. Corral (comps.), *Los novelistas como críticos*. México: Fondo de Cultura Económica, pp. 503-524.

Kaempfer, Alvaro (2000): "Los prólogos testimoniales: paratextos, otredad y colonización textual", *Estudios Filológicos* 35, pp. 191-206.

Núñez Seixas, Xosé Manuel y Ruy Fariás (2010): "Las autobiografías de los inmigrantes gallegos en la Argentina (1860-2000): Testimonio, ficción y experiencia", *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la AEMIC* 11, pp. 57-80.

Santamarina, Antón (1999): "De como e con quen o profesor se meteu en política. Anacos das memorias de David Álvarez Carballido", en R. Álvarez Blanco y D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha*

*arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Inter-cambio Científico, pp. 153-171.

## Biodata

Doutora en Letras pola Universidad Nacional de La Plata (UNLP, Arxentina). Docente de Literatura Española II na Facultade de Humanidades e Ciencias da Educación da UNLP. Membro de *Olivar. Revista de Literatura y Cultura Españolas*. Fundou e dirixe a Cátedra Libre de Literatura e Cultura Galegas da UNLP. Foi vogal da AIEG e membro do comité organizador do XI Congreso en Bos Aires. Foi bolsreira de doutoramento da Agencia Nacional de Promoción Científica y Tecnológica, e bolsreira de doutoramento e posdoutoramento do CONICET (Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas). Na actualidade, integra os proxectos de investigación "Diálogos transatlánticos. España y Argentina: campo editorial, literatura, cultura, memoria (1940-2013)" (UNLP) e "Migraciones peninsulares italianas y españolas al Plata entre finales del siglo XIX y la contemporaneidad"(CONICET-CNR).

### Relatorio 4 (Sesión 2, D-201, 17:45h)

#### O relato histórico no mito: Enrique Lister e a batallas das palabras

José GALÁN ORTEGA  
*Universidad Complutense de Madrid*

A interacción das diversas memorias xeradas no século vinte en función da actividade política do PCE durante a guerra civil, o exilio e a transición amosan con claridade a natureza poliédrica do proceso de construción dunha memoria oficial hexemónica, un discurso social pretendidamente máis sólido e estruturado que o emanado do plano metafórico onde se configuran ou revelan a miúdo as controvertidas memorias colectivas. En particular, a linguaxe da autopercepción, dos textos autobiográficos escritos polo militar e dirixente comunista galego Enrique Lister

Forján sobre, por exemplo, o seu papel durante a segunda República, a guerra civil española (encabezou o *Quinto Regimien-to*; Machado e Hernández reforzaron o seu mito), a II guerra mundial –chegou a ser xeneral do exército roxo– e a diáspora comunista, expresa a dialéctica perfecta entre a axencia individual do suxeito que recorda e os diferentes discursos grupais artellados dende o aparato do partido. O obxecto desta comunicación non se acha, pois, na elucidación do contido da memoria dun ou varios actores históricos ben perfilados, senón no achegamento, dende o punto de vista da historia cultural, ao modo de ver, pensar e sentir o mundo alleo e propio que define individuos e grupos na relación co seu pasado.

Palabras chave: memoria individual e colectiva, guerra civil, exilio, Enrique Lister, Partido Comunista de España.

## Bibliografía

- Aguilar Fernández, Paloma (2008): *Memorias de la política. Políticas de la memoria*. Madrid: Alianza.
- Dwyer, Phillip (2015): "Historias de guerra: las narrativas de los veteranos franceses y la experiencia de guerra" en el siglo XX", *Revista Universitaria de Historia Militar* 4/7, pp. 108-132.
- Engel, Carlos (2005): *Historia de las brigadas mixtas del Ejército Popular de la República*. Madrid: Almena.
- Núñez Seixas, Xosé Manuel (2016): *Camrada invierno. Experiencia y memoria de la División Azul (1941-1945)*. Barcelona: Crítica.
- Sánchez León, Felipe y Jesús Izquierdo (2017): *La guerra que nos han contado y la que no. Memoria e historia de 1936 para el siglo XXI*. Madrid: Postmetrópolis.

## Biodata

José Galán Ortega é doutor en Historia Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid. Traballou como investigador no Archivo del Gobierno Republicano en el Exilio, conservado e xestionado pola Fundación Universitaria Española. É autor



de varias publicacións, entre as que salienta: *En el corazón de una República amenazada. Francisco Pérez Carballo, memoria y biografía* (Madrid, Biblioteca Nueva, 2016).

#### Relatorio 5 (Sesión 2, D-201, 19h)

### O cruzeiro galego de Comodoro Rivadavia (Argentina): Interpretacións sobre identidade, poder e territorio

Paulo Roberto Baqueiro BRANDÃO  
*Universidade Federal do Oeste da Bahia*

Neste estudo o que se pretende destacar sãon as estratégias de territorialización dos migrantes galegos na América Latina a partir do uso de un monumento representativo da súa cultura –o cruzeiro galego– como elemento de apropiación dos espazos da diáspora. Para tanto, lánchase un olhar sobre o caso dos migrantes establecidos em Comodoro Rivadavia, principal cidade da provincia de Chubut e um dos mais importantes centros de recepción de população oriunda do noroeste peninsular ibérico na Argentina. Neste sentido, o texto aborda os cruzeiros galegos e suas representacións, a dinámica migratória da cidade argentina em pauta e, por fim, as interpretacións sobre identidade, poder e territorio que emanam da fixación do cruzeiro galego na área central da urbe patagónica.

Palabras chave: diáspora galega, formas espaciais, territorio e territorialización, Comodoro Rivadavia (Argentina).

#### Bibliografía

- Brandão, Paulo Roberto Baqueiro (2005): *Geografías da presenza galega na cidade da Bahia*. Salvador: Editora da Universidade Federal da Bahia.
- Burgoa Fernández, Juan (1997): “De Ferrol a Compostela. Los cruceros del Camino Inglés”, en J. Libra López (dir.), *O camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela. Colección Aulas no Camiño*. Ferrol: Universidade da Coruña, pp. 263-292.
- Castelao, Alfonso R. (1950): *As cruces de pedra na Galiza*. Buenos Aires: Editorial Nós.

Castiñeira Castro, Víctor Manuel e Alfredo Martín García (1999): *Dun Finisterre a outro: a emigración galega á Patagonia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Corrêa, Roberto Lobato (2013): “Monumentos, política e espazo”, en Z. Rosendahl e R. L. Corrêa (orgs.), *Geografía Cultural: uma antologia. Volume II*. Rio de Janeiro: Editora da Universidade do Estado do Rio de Janeiro, pp. 73-89.

#### Biodata

Possui graduação em Geografia (Licenciatura) pela Universidade Federal da Bahia (concluída em 1997), especialização em Gerenciamento Ambiental pela Universidade Católica do Salvador (concluída em 1999), mestrado em Geografia pela Universidade Federal da Bahia (concluído em 2004) e doutorado em Geografia pela Universidade Federal de Pernambuco (concluído em 2013). Professor Adjunto I dos cursos de Geografia, Bacharelado Interdisciplinar em Humanidades e do Programa de Pós-graduação em Ciências Ambientais da Universidade Federal do Oeste da Bahia (UFOB), Campus Edgard Santos, em Barreiras (BA), atualmente ocupa o cargo de Pró-Reitor de Extensão e Cultura dessa Instituição Federal de Ensino Superior. Tem experiência na área de Geografia, com ênfase em Geografia Urbana, Geografia Histórica e Geografia do Turismo.

#### Relatorio 6 (Sesión 2, D-201, 19:30h)

### Consideracións sobre o corpus poético de José Rogelio Otero Espasandín

José Ángel GARCÍA LÓPEZ  
*Universitat d'Alacant*

A ineludible tarefa de recuperación da memoria do exilio e da emigración acrecéntase ano tras ano cos froitos do labor de moitos estudosos, amais de verse beneficiada en ocasións polo recoñecemento institucional outorgado polo Día das Letras Galegas, conmemoración que devolveu á actualidade as achegas de persoeiros como Eduardo

Blanco-Amor, Luís Seoane ou Lorenzo Varela á nosa cultura. Porén, un intelectual como José Rogelio Otero Espasandín (Cerdedo, Pontevedra, 9/11/1900-Bethesda, Maryland, 15/10/1987), a pesar de ser partícipe das ideas máis progresistas da Galicia do seu tempo, ademais de incansable promotor da súa dignificación, aínda non obtivo o recoñecemento axeitado. Sobre este esquecemento, cómpre sinalar que a obra poética bilingüe de Otero Espasandín, tanto polo número de colaboracións como polo número de publicacións que acolleron a súa sinatura, e mais a súa continua participación en actividades de difusión da lingua e da cultura galegas merecen a atención que faga xustiza á continuidade dunha obra desenvolta ao longo de case cincuenta anos entre Galicia e América. Fóra dalgúns referencias ao corpus literario deste autor espalladas por xornais e revistas ou de avaliacións aparecidas en escolmas, enciclopedias e traballos de conxunto (as cales, sen renunciaren ao rigor analítico, polo xeral teñen os seus alicerces en criterios parciais), a contribución de Otero Espasandín á cultura galega inda non foi debidamente xulgada. Por todo isto, coidamos que este relatorio pode contribuir a unha revisión da figura e da obra deste insigne poeta, xornalista e namorado das Ciencias, do cal a súa ampla produción forma parte do legado cultural que herdamos da Galicia exterior.

Palabras chave: comunidades no exterior, literatura galega, José Otero Espasandín.

## Bibliografía

- Fernández del Riego, Francisco (1974): "Otero Espasandín, José Rogelio", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón-Santiago de Compostela: Silverio Cañada Ed., t. XXIII, pp. 151-152.
- Ferreiro Fente, Xosé Gregorio (2007): "A mirada de Ulises. Xosé Otero Espasandín: literatura e exilio", En R. Villares Paz *et alii* (eds.), *Congreso Internacional O Exilio Galego (setembro de 2001, Santiago de Compostela)*. Actas publicadas en CD-Rom. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 708-725.

López, Teresa (2000): *Sementeira de ronseis. Cinco poetas de vangarda*. A Coruña, Edicións Espiral Maior.

Otero Espasandín, José Rogelio (2006): *Obra galega* (ed. M<sup>a</sup> Cuquejo Enríquez). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades / Xunta de Galicia.

Pelegrín, Ana (2000): "José Otero Espasandín en el exilio del 39. Literatura juvenil: libros documentales", *Puertas a la lectura* 3, pp. 134-140.

## Biodata

Doutor en Filoloxía Hispánica (Subsección Galego-Portugués) pola Universidade da Coruña. Actualmente é profesor da área de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade de Alacant. Gañador en diversas edicións do Premio de Investigación "17 de Maio" da Universidade de Santiago de Compostela, Premio de Ensaio da Universidade de Vigo, Premio de Creación Literaria e Ensaio da Universidade da Coruña, Premio de Investigación Xuvenil en Ciencias Sociais e Humanidades da Deputación de Pontevedra, I Certame Galego de Ensaio Xove da Xunta de Galicia, Premio de Artigos "José Fernando Filgueira Valverde" do Grupo Cultural Galicia en Madrid (GRUGAL-MA), Premio "Centro Ramón Piñeiro" de Ensaio Breve e Premio de Artigos Xornalísticos "Andoriña" da Xunta de Galicia. Autor de monografías sobre literatura galega na emigración e no exilio, ademais de colaborador con traballos sobre lingua e literatura galegas en revistas como *Dorna*, *A Trabe de Ouro*, *Madrygal*, *Encrucillada*, *Pontenorga*, *Galicia en Madrid*...

**Sesión 3 | Patrimonio inmaterial. Onomástica (D-02)**

**Relatorio 7 (17:15h)**

**Patrimonio inmaterial, comunidade e familia: antroponimia na Galicia interior no Antigo Réxime**

Tamara GONZÁLEZ LÓPEZ  
Universidade de Santiago de Compostela

O nome constituía unha posesión inmaterial que se recibía no bautismo e conformaba unha das principais pezas da identidade do neonato. A súa escolla respondía a uns parámetros que foron mudando conforme ao contexto, pero que, na práctica, mantiña o simbolismo que o vencellaba coa familia carnal e espiritual, así como coa propia comunidade na que a persoa se integraba. Non se trataba da simple asignación dun nome, senón que ese nome acostumaba a ser transmitido por unha persoa do seu entorno a modo de dádiva inmaterial e de demostración da relación existente. Analizar as vías de asignación ilustra a evolución que o repertorio onomástico do interior galego tivo ao longo do Antigo Réxime, amosando a forte relevancia que a familia e a comunidade tiveron. Contribúe, amais, a explicar as razóns que levaron á pronta incorporación de determinados nomes que non pertencían á onomástica tradicional galega, así como o rexeitamento a outros nomes.

Palabras chave: patrimonio inmaterial, onomástica, Lugo, familia, bautismo, apadriñamento.

## Bibliografía

- Ballesteros Díez, José Antonio (2004): "Onomástica y mentalidades en el siglo XVI", *Espacio, tiempo y forma. Serie IV, Historia moderna* 17, pp. 27-58.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "A escolla dos nomes en Galicia a finais do século XX", en L. Méndez, G. Navaza Blanco (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: AGON, Instituto da Lingua Galega, pp. 87-101.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2000): "Galician female names in the Middle Ages (from 13th to 15th)", en D. Kremer (ed.), *Onomastik. Akten des 18. Internationalen Kongresses für Namenforschung. Band II. Namensysteme in interkulturellen Vergleich*. Tübingen: Niemeyer, pp. 122-135.
- Dupâquier, Jacques, Alain Bideau e Marie-Élizabeth Ducreux (eds.) (1984): *Le Prénom: mode et histoire: entretiens de Malher 1980*. Paris: École de Hautes Études.
- Ferro Ruibal, Xesús (ed.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- González López, Tamara (2017): "A onomástica do bautismo no Arciprestado de Bollaño", *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación* 27/54, pp. 131-142.
- González López, Tamara (2017): "«Pusele por nombre a la bautizada»: antroponimia en San Estevo de Cartelos (s. XVIII-XIX)", *Alicerces. Revista de estudos do Miño medio* 3, pp. 199-221.
- González Lopo, Domingo L. (1992): "Onomástica y devoción: la difusión de nuevos cultos marianos en la Galicia meridional, durante los siglos XVIII y el XIX: el obispado de Tuy", *Obradoiro de Historia Moderna* 1, pp. 165-184.
- Rey Castelao, Ofelia, Barreiro Mallón, Baudilio (2014): "Apadrinar a un pobre en la diócesis de Santiago de Compostela, siglos XVII-XIX", en M<sup>a</sup> J. Pérez Álvarez, M<sup>a</sup> M. Lobo de Araújo (eds.), *La respuesta social a la pobreza en la Península Ibérica durante la Edad Moderna*. León: Servicio de Publicaciones de la Universidad de León, pp. 209-238.
- Salinero, Gregorio e Isabel Testón Núñez (eds.) (2010): *Un juego de engaños: movilidad, nombres y apellidos en los siglos XV a XVIII*. Madrid: Casa de Velázquez.
- Zabalza Seguin, Ana (2008): "Nombres viejos y nombres nuevos: sobre la onomástica moderna", *Memoria y civilización: anuario de historia* 11, pp. 105-134.

## Biodata

Graduada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, na que actualmente é doutoranda no programa de doutoramento de Xeografía, Historia e Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Boleira predoutoral (FPI) no Departamento de Historia da USC no marco do Proxecto de Investigación "El monte comunal en Galicia desde comienzos de la edad moderna a la actualidad: de soporte de un viejo complejo agrario a recurso medioambiental y patrimonio paisajístico", financiado polo MINECON (HAR2014-52667-R). As súas investigacións toman como eixo central a sociabilidade campesiña, cun especial

énfase no seu aspecto relixioso. Ten presentado as súas investigación en congresos nacionais e artigos en varias revistas.

### Relatorio 8 (Sesión 3, D-02, 17:45h)

#### Toponimia galega: símbolo da nosa memoria colectiva. O patrimonio cultural inmaterial vencellado ás TIC

Vicente FEIJOO ARES  
*Real Academia Galega*

A toponimia de Galicia representa un tesouro cultural excepcional, sen parangón a nivel mundial, pola súa densidade, variedade e antigüidade. Cada nome de lugar conta a historia local dos galegos e galegas que durante séculos traballaron, habitaron e viviron un espazo, individualizándoo, caracterizándoo e humanizándoo. Este patrimonio inmaterial, transmitido oralmente de xeración en xeración, reside basicamente na memoria da xente maior. Pero, nos últimos tempos, esta cadea estase rompendo, polo que cómpre que protexamos e difundamos con urxencia este caudal de información lingüística e histórica que esmorece. Aquí presentaremos as novas ferramentas informáticas deseñadas para salvagardar de forma colaborativa este patrimonio, para a súa normalización e divulgación. O obxectivo deste ambicioso proxecto é abrir unha ventá ao mundo para dar a coñecer a maior obra colectiva feita polo pobo galego e perpetuar no futuro esta herdanza cultural.

Palabras chave: toponimia de Galicia, patrimonio inmaterial, *app* colaborativa, normalización, divulgación.

#### Bibliografía

- Arroyo Llera, Fernando (2010): "Creciente interés geográfico por la toponimia", en *Estudios Geográficos* LXXI/268, pp. 299-309.
- Castro Castedo, Óscar e Vicente Feijoo Ares (2007): "Proxecto Toponimia de Galicia. Estudo lingüístico e toponímico", en VV.AA., *Estudo da microtoponimia das Mariñas lucenses e Ortegal*. Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, pp. 25-76.

Feijoo Ares, Vicente (2016): "Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega", en X. Ferro Ruibal (ed.), *Estudios de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación*. A Coruña: Real Academia Galega / Deputación de Pontevedra, pp. 203-297.

García Sánchez, Jairo Javier (2007): *Atlas toponímico de España*. Madrid: Arco Libros.

Santamarina Fernández, Antón (2005): "Viaxe pola Onomástica galega", *A Trabe de Ouro* 62, pp. 11-38.

#### Biodata

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1993-1998). Doutoramento no Departamento de Lingüística da Facultade de Filoloxía da USC (1999-2000). Obtiven o DEACo TIT *A fala do Riós. Contribución ó estudo da dialectoloxía galega*. Actualmente está en elaboración unha tese doutoral sobre *Os nomes dos penedos en Galicia. Motivacións, cultos, ritos e lendas*. Fun coordinador dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia (2000-2011), Xunta de Galicia. Actualmente son o responsable de Toponimia na Real Academia Galega (2012-2018). Fun profesor colaborador dos cursos CELGA e avaliador das súas probas. Hoxe nos cursos de verán para estranxeiros de Lingua e Cultura galegas da USC, así como de cursos específicos de Onomástica. Titor de cursos en liña da EGAP sobre redacción de documentos administrativos e de páxinas web en galego. Son membro da Comisión Especializada en Nombres Geográficos (CENG), do IGN, Ministerio de Fomento.

### Sesión 4 | Memoria e historia das mulleres (D-204)

#### Relatorio 9 (17:15h)

El matriarcado gallego, el matriarcado vasco: revisión del mito en *Matria* de Álvaro Gago y *Amama* de Asier Altuna en perspectiva comparada

Maria BOGUSZEWICZ  
*Uniwersytet Warszawski*  
 Magdalena Anna GAJEWSKA  
*Uniwersytet Warszawski*

En la comunicación se pretende investigar las reinterpretaciones del mito del matriarcado gallego y vasco en el cine actual. Vamos a analizar dos películas: *Matria*, del director gallego Álvaro Gago (2017), y una producción vasca, *Amama*, de Asier Altuna (2015), para reflexionar comparándolas sobre cómo se construye en ellas la imagen de la mujer, qué tipos de "feminidad" proponen y cuáles son las estrategias para revisar el concepto de matriarcado. Tomando como punto de partida la propuesta metodológica de Kuśmierczyk (2015), la investigación se basa en el "análisis antropológico-morfológico", que consiste en la búsqueda de los significados expresados por los medios de comunicación fílmica vinculados a los planos analíticos de interés.

Palabras clave: cine gallego, cine vasco, género, mito del matriarcado, nacionalismo.

### Bibliografía

- Kuśmierczyk, Seweryn (2016): *Antropologia postaci w dziele filmowym. Śródmieście* (Warszawa): Czuły Barbarzyńca Press.
- Pérez Lucas, Paula (2008): "Género, literatura e identidad nacional: discursos políticos y culturales del proto-nacionalismo gallego", *Arenal. Revista de historia de las mujeres* 15/2, pp. 325-343.
- Valle, Teresa del (1985): *Mujer vasca. Imagen y realidad*. Barcelona: Anthropos.

### Biodata

**Maria Boguszewicz** é Profesora adxunta no Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Varsovia. O seu traballo académico céntrase na historia e cultura de España desde unha perspectiva non hexemónica. É autora de numerosas publicacións sobre as culturas minorizadas da Península Ibérica, especialmente a galega. Actualmente, desenvolve o proxecto de investigación dedicado á obra de María Reimóndez.

**Magdalena Anna Gajewska** es doctoranda en la Universidad de Varsovia (Facultad de Lenguas Modernas). Grado en Etnología y Antropología Cultural (2010) y en Estudios Culturales, Iberística (TFG: *La construcción de la "vasquidad" en el cine contemporáneo vasco a través de las representaciones del cuerpo*, 2013), Máster en Filología Ibérica (TFM: *Las relaciones de género en el cine vasco contemporáneo*, 2015), ambos por la Universidad de Varsovia. Coorganizadora de varias ediciones de Festival Internacional de Cine Antropológico "Oczy i Obiektywy" (2011-2013, 2018) y participante como investigadora en dos ediciones del proyecto "Museo Social" (2013, 2014) enfocado en la cuestión de memoria y narración sobre el espacio.

### Relatorio 10 (Sesión 4, D-204, 17:45h)

#### Galicia a través de la mirada de Cristina García Rodero

Marta ROMERO López  
*Universidad Complutense de Madrid*

A partir de la Transición empezaron a resurgir en España celebraciones populares y rituales folklóricos. La emergencia de un fuerte deseo colectivo de experimentación fue el verdadero impulsor del universo simbólico y paródico de las manifestaciones festivas laicas de la cultura popular. Todo ello enmarcado en un proceso de búsqueda de nuevas formas de presencia pública y emoción colectiva compartida. Cristina García Rodero (Ciudad Real, 1949) es licenciada en Bellas Artes por la UCM y desde el 2009 es la única profesional española que pertenece a la reconocida agencia de fotografía Magnum. Es de las pocas mujeres fotógrafas conocidas en España y su obra se encuentra en muchas de las más prestigiosas colecciones de todo el mundo, como en el Museo Nacional de Arte Reina Sofía de Madrid o el Paul Getty Museum de California. En su obra, la fotógrafa manchega se ha preocupado por documentar las tradiciones populares españolas, especialmente en Galicia. La mayor parte de su trabajo se encuentra recogido en el libro de fotografía

*España Oculta* (1989), obra prologada por Julio Caro Baroja, en la que encontramos un total de 126 fotografías en blanco y negro, realizadas entre 1974 y 1989. Por otro lado, en *Transtempo* descubrimos la Galicia religiosa y pagana, a través de más de 100 fotografías que, en palabras de la autora, constituyen “un metarrelato que cumple un sueño, dar a Galicia lo que me ha dado”. Además, la autora afirma que no es “épica, sino de individualidades. Voy siempre a lugares de mucha gente para acabar haciendo medios planos o retratos. Nunca planos generales, porque no me emocionan. El ser humano es lo que me interesa, lo otro... lo otro es meramente descriptivo. La gente sencilla es la que construye un país”. Este reflejo de lo humano en lo colectivo, plasmado a través de las fotografías gallegas, de García Rodero, constituye la base de nuestra ponencia.

Palabras clave: fotografía documental, Cristina García Rodero, Galicia, celebraciones populares.

### Bibliografía

- García Rodero, Cristina y Julio Caro Baroja (1989): *España oculta*. Barcelona: Lunewerg.
- García Rodero, Cristina (2010): *Transtempo*. Madrid / Santiago de Compostela: La Fábrica / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo.

### Biodata

Marta Romero López (Madrid, 1996) es estudiante de último curso del Grado en Bellas Artes en la Universidad Complutense de Madrid. Ha realizado cursos de Gestión Integral del Mercado del Arte y Diseño de Exposiciones, además de haber colaborado en varias ferias de arte y galerías nacionales e internacionales. Su producción artística tiene una línea claramente fotográfica y sus líneas de investigación se centran en la conjunción de estudios de género y arte contemporáneo en la actualidad.

## Sesión 5 | Memoria, patrimonio e identidade (D-02)

### Relatorio 11 (19h)

**La revista *Corga* (2010-2016): análisis, trayectoria e influencia de una revista para promover la lengua gallega y el patrimonio material e inmaterial de O Corgo**

Montserrat DOUCET

*Universidad Complutense de Madrid*

En marzo de 2009 se constituye dentro del ámbito rural gallego el Centro de Estudios de Corgo como una asociación sin ánimo de lucro, que entre otros objetivos propone la defensa de la cultura y la lengua de Galicia así como diferentes estudios multidisciplinares del patrimonio natural, material e inmaterial del Concello de O Corgo. La revista anual *Corga* será uno de los instrumentos que posibilitará la consecución de dichos objetivos. Trataremos de analizar a lo largo de sus seis números como ha reflejado las inquietudes culturales de una parte del pueblo gallego y como ha influido en su entorno.

Palabras clave: gallego rural, Arumes, O Corgo, patrimonio material e inmaterial.

### Bibliografía

- Acta fundacional do Centro de Estudos do Corgo (2009). Arumes, O Corgo (Lugo).
- Outeiro Iglesias, María e María Beatriz Páramo Iglesias (2012): “A escola rural. O proxecto cultural-educativo *Arumes do Corgo*”, *Revista galega de educación* 53, pp. 88-91.

### Biodata

Poeta española. Doctora en Estudios Interculturales y Literarios y Licenciada en Filología Hispánica por la UCM. Consultora externa Ad Honorem del Instituto para la Consolidación de la Democracia y del Centro de Estudios y Competencias en Género (Universidad Latina de Panamá). Algunas publicaciones: “La intertextualidad Blanco Amor-Lorca en *A Esmorga* y *La Parranda*

(*Madrygal* 13, 2010, pp. 45-50), "A Esmorga y La Parranda de Eduardo Blanco Amor: dos lenguas, dos identidades, dos versiones de una novela" (*Identidade, alteridade e exilio na literatura galega*, *Madrygal* 18 Especial, 2015, pp. 191-200), "El Grupo Bilbao y El Grupo Aranjuez: dos movimientos literarios coetáneos en el Madrid del siglo XXI; coincidencias, diferencias y aportaciones" (*Revista de Linguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca* 21, 2016, pp. 181-191), "El Grupo Bilbao: de grupo ectópico y alógrafo a movimiento literario" (*Revista de Linguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca* 22, 2017, pp. 193-206).

### Relatorio 12 (Sesión 5, D-02, 19:30h)

**De teatro: revista de teatro e música (1922-1927): Noticias sobre cultura gallega en una publicación portuguesa de los años 20**

María Victoria NAVAS SÁNCHEZ-ÉLEZ  
Universidad Complutense de Madrid

En esta comunicación se ofrece un análisis a partir del vaciado de la revista *De teatro: revista de teatro e música* (1922-1927), publicación periódica de amplia naturaleza dramática (informativa, teórica, crítica, artística, creativa), impresa desde la capital lisboeta, que confirma la atención que la citada revista portuguesa muestra hacia el referente cultural gallego.

Palabras clave: relaciones culturales gallego-portuguesas, revista *De teatro: revista de teatro e música*.

### Biodata

Doctora en Filología Hispánica, profesora en la Universidad de Lisboa y en la Universidad Complutense de Madrid. Ha publicado múltiples trabajos en revistas especializadas y ha colaborado en capítulos de volúmenes de ámbito nacional e internacional. Ha sido secretaria de la *Revista de Filología Románica*; integra el Consejo de Redacción, además de en la citada publicación, en *Madrygal*. *Revista de Estudios Gallegos*, en Ángulo Recto. Revista de Estudios sobre la Ciudad como Espacio Plural y en *Revista de Linguas*

y *Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*. Su interés investigador se ha desarrollado, esencialmente, en las lenguas y literaturas peninsulares en contacto, pero también en la literatura de viajes. En la actualidad es directora de un estudio sobre un dialecto fronterizo, el barranqueño, en el Centro de Lingüística de la Universidad de Lisboa; y participa en los grupos de investigación "El cambio onomástico: la función del antropónimo en el proceso de la construcción de la identidad" (I+D FFI2008-04287/FILO) y "FRONTESPO: Frontera Hispano-Portuguesa: Documentación Lingüística y Bibliográfica" (I+D+I FFI2014-52156-R). Ha traducido, asimismo, al portugués, en colaboración, a diversos autores como a Mario Vargas Llosa o a Fernando del Paso. Selección de publicaciones: *Diferencias sociolingüísticas en el habla popular de Lisboa* (Madrid, 1985), *Pastoril Castelhana. Vicente* (en *Obras Completas de Gil Vicente*, Lisboa, Quimera, 1989), *Romancero y Cancionero de Los Navalmanzales* (Toledo) (Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, 2002), *El barranqueño: un modelo de lenguas en contacto* (Madrid/Lisboa, Universidad Complutense de Madrid/Centro de Lingüística de la Universidad de Lisboa, 2011), *O Barranquenho: Língua, Cultura, Tradição* (Lisboa, Colibri, 2017).

### Sesión 6 | Lingua e identidade. Sociolingüística (D-201)

#### Relatorio 13 (19h)

**O desprazamento lingüístico na xeración pos-milenarista galega: o papel da familia**

Lidia GÓMEZ MARTÍNEZ  
*Real Academia Galega*

Xaquín LOREDO GUTIÉRREZ  
*Real Academia Galega*

Os últimos resultados demolingüísticos indican que a lingua galega goza dunha elevada vitalidade demográfica. Con todo, estes mesmos resultados sinalan que malia a alta taxa de prácticas galegófonas son varios os indicadores que advirten da delicada situación na que se atopa o idioma: as enquisas sinalan que o número (e porcentaxe) de galegofalantes habituais non cesa de descender

ano tras ano. A diminución da presenza do galego é especialmente acusada nas xeracións máis novas residentes en poboacións urbanas e periurbanas, cohortes sobre as que están depositadas as expectativas de futuro da lingua. Ademais, na actualidade os procesos de transmisión interxeracional seguen erosionados, aínda que por razóns diferentes ás esgrimidas para as xeracións precedentes. Partindo desta sucinta análise da situación sociolingüística galega, este traballo centra os seus esforzos en estudar as cifras dos procesos de mantemento e desprazamento lingüístico da lingua familiar da xeración pos-milenista e en recoller as micropolíticas lingüísticas postas en marcha polas familias do contexto urbano e semiurbano de Galicia para fomentar os procesos de revitalización e mantemento do galego fóra da escola. O medio familiar segue a ser un contexto de gran importancia pola intensidade das súas relacións, así como a capacidade de configuración das interaccións posteriores. Porén, na actualidade a familia está inmersa nun proceso de remodelación de tipoloxías e funcións; esta reconfiguración xunto coa incorporación doutros axentes á socialización inicial dos nenos e nenas poden estar relacionados cunha maior vulnerabilidade aos procesos de desprazamento lingüístico na infancia.

Palabras chave: xeración pos-milenarista, transmisión interxeracional, política lingüística familiar, galego, desprazamento lingüístico.

## Bibliografía

- Nandi, Anik (2018): "Parents as stakeholders: Language management in urban Galician homes", *Multilingua* 37/2, pp. 201-223.
- Nandi, Anik (2016): "Estratexias familiares para a transmisión interxeracional do galego", *Grial. Revista Galega de Cultura* 211, pp. 127-135.
- Monteagudo, Henrique, Xaquín Loredó e Martín Vázquez (2018): *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega (<https://academia.gal/documents/10157/704901/Lingua+e+sociedade+1992-2016>).

Loredó Gutiérrez, Xaquín e Henrique Monteagudo Romero (2017): "La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán", *Treballs de Sociolingüística Catalana* 27, pp. 99-116 (<http://doi.org/10.2436/20.2504.01.127>).

Ramallo, Fernando (2012): "El gallego en la familia entre la producción y la reproducción", *Caplletra* 53, pp. 167-191.

## Biodata

Lidia Gómez é graduada en Lingua e Literatura Galegas e Lingua e Literatura Españolas pola Universidade de Santiago de Compostela, onde presentou os Traballos de Fin de Grao *Toponimia maior do Concello de Tordoia* e *La mujer en la obra de Ángeles Mastretta*. Actualmente está remando o seu Traballo de Fin de Máster titulado *Variación estilística e modelos discursivos: lingua oral en preadolescentes nas redes sociais* para o Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada. A súa relación coa Real Academia Galega comezou no ano 2016, cando realizou os índices do volume *De Roma ata Lixboa*, así como tarefas na organización da XXIX edición dos cursos de lingua e cultura galegas "Galego sen fronteiras", onde foi docente na XXX e XXXI edicións. Comezou a colaborar co Seminario de Sociolingüística no ano 2017 no marco do proxecto "O galego segundo a mocidade" e "Prácticas lingüísticas na infancia". É, ademais, autora da novela curta *Os pantalóns nunca foron cousa boa* (2014).

Xaquín Loredó Gutiérrez é secretario técnico do Seminario de Sociolingüística da RAG e Psicólogo de formación. Participou en proxectos relaciondos coa sociolingüística, dende a demolingüística ata o estudo do modelo lingüístico educativo, pasando pola análise das actitudes lingüísticas e a transmisión lingüística interxeracional. Algúns dos proxectos nos que participou son: "Análise da situación do ensino bilingüe na Comunidade Autónoma de Galicia", "Sociedade e idioma en Galicia (1992-2003)", "Situación do ensino da Lingua galega na Educación Secundaria Obrigatoria", "Avaliación da competencia do alumnado de 4º



da ESO nos idiomas galego e castelán”, “Revisión do Mapa Sociolingüístico de Galicia”, “O galego segundo a mocidade”, “Lingua e sociedade en Galicia (1992-2003)”. Na actualidade desenvolve dous proxectos sobre 1) a importancia dos novos contextos de socialización na infancia e a súa transcendencia para os fenómenos de mantemento e desprazamento lingüístico, e 2) a evolución das actitudes implícitas e explícitas na mocidade galega.

#### Relatorio 14 (Sesión 6, D-201, 19:30h)

### Algunhas observacións sobre a alternancia de código entre galego e castelán: problemas e desafíos

Marta PAWLIKOWSKA  
Uniwersytet Łódzki

A alternancia de códigos pode ser vista de maneira máis ampla posible, como o uso de dous códigos no mesmo turno de falar ou na mesma intervención dun falante. Pódese observar en particular nos estudos de *code-switching* nos casos das comunidades hispanas nos Estados Unidos cando falamos de dúas linguas bastante afastadas como o inglés e o español. Non obstante, a cuestión parece complicarse cando intentamos falar dos casos de alternancia de código entre galego e castelán. Na investigación que realicei para a tese de doutoramento, podíanse discernir unha serie de problemas e retos a superar motivados especialmente pola proximidade entre as dúas linguas e a influencia omnipresente do castelán na Galiza. A presentación versará sobre as cuestións espinosas na investigación da alternancia de códigos entre o galego e o castelán e posibles metodoloxías que poderían aplicarse para seguir estudando a cuestión.

Palabras chave: alternancia de códigos, galego e castelán, metodoloxía, retos.

### Bibliografía

Álvarez Cáccamo, Celso (1998): “From ‘switching code’ to ‘codeswitching’: Toward a reconceptualisation of communicative codes”, en P. Auer, *Code-Switching*

*in Conversation. Language, Interaction and Identity*. London: Routledge, pp. 27-48.

Álvarez Iglesias, Ana (2013): “‘Eu falo castro’ - Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudo piloto)”, en E. Gugenberger, H. Monteagudo e G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 169-190.

Blas Arroyo, José Luis (1999): *Lenguas en contacto: consecuencias lingüísticas del bilingüismo social en las comunidades de habla de este peninsular*. Frankfurt, Madrid: Iberoamericana.

Bröking, Adrian (2003): “El contacto lingüístico entre castellano y gallego: juicios metalingüísticos de un hablante bilingüe”, en *Comunidades e individuos bilingües: Actas do I Simposio Internacional sobre o bilingüismo*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de publicacións, pp. 973-982.

Dubert García, Francisco (2000): “¿Norma galega, sistema galego-portugués? Aplicación dos termos de Coseriu ó “galego” e ó “portugués””, *Cadernos de lingua* 22, 101-122.

### Biodata

Marta Pawlikowska é doutora pola Universidade de Łódź (Polonia) coa tese titulada “Cambio de código entre el gallego y el castellano: formas y motivaciones”, defendida en marzo de 2016. O seus intereses académicos abarcan cuestións relacionadas con pragmática, *folk linguistics*, lingüística perceptiva, sociolingüística e lingüística cognitiva. Para alén de intereses lingüísticos, tamén se ocupa de impartir clases de cultura e historia de España e de cuestións relacionadas coa cultura galega. Realizou cursos de cultura e lingua galegas na Universidade de Vigo (curso semestral, 2008), na Universidade da Coruña (curso de verán nivel B1-B2, 2012) e na Universidade de Santiago de Compostela (curso de verán, nivel superior, 2013).

## Sesión 7 | Novas tendencias literarias (D-04)

### Relatorio 15 (19h)

#### A “poesía do Prestige”. Unha aproximación desde a ecocrítica

María Xesús NOGUEIRA PEREIRA  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Neste relatorio analizarase a produción poética xurdida a raíz da catástrofe do Prestige (2002), tanto a que viu a luz no momento no que se estaban a producir as mobilizacións cívicas, nos volumes colectivos *Sempremar. Cultura contra a burla negra, Negra sombra. Intervención contra a marea negra, Alma de beiramar* e *Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent* (publicados todos eles en 2003), como a aparecida en libros individuais posteriores. O estudo, levado a cabo desde o marco teórico da ecocrítica, ten como obxectivos a análise dos textos na procura de modelos compositivos e trazos comúns, e o encadre deste corpus na cartografía da poesía galega contemporánea.

Palabras chave: poesía galega contemporánea, ecocrítica, Prestige, medio ambiente, mobilizacións cidadás.

#### Bibliografía

- Nogueira Pereira, María Xesús (2008): “Palabras de tierra para detener la marea. El paisaje en las poetas gallegas actuales”, en M. Palacios e H. González (eds.), *Palabras extremas. Escritoras gallegas e irlandesas actuales*. A Coruña: Netbiblo, pp. 3-13.
- Nogueira Pereira, María Xesús (2012): “Identidade, nación e compromiso na poesía galega do novo século”, en M. X. Lama e M. X. Nogueira (coords.), *Poesía galega. Perspectivas críticas e comparadas. Boletín Galego de Literatura* 45, pp. 107-120.
- Palacios González, Manuela (2005): “How green was my walley: The Critique of the Picturesque by Irish and Galician Women Poets”, *Feminismo/s* 5, pp. 157-175.
- Palacios González, Manuela e María Xesús Nogueira Pereira (2014): “Endangered

Landscapes: Poetic Interventions in Ireland and Galicia”, en C. Domínguez e M. O’Duibhir, *Contemporary Developments in Emergent Literatures an the New Europe*. Santiago de Compostela: USC Editora, pp. 185-205.

#### Biodata

María Xesús Nogueira Pereira é Doutora en Filoloxía Galega e Profesora Contratada Doutora de literatura galega na USC. A súa principal liña de investigación neste momento é a poesía galega das últimas décadas, con especial atención aos discursos de xénero. Na actualidade traballa no proxecto de investigación “Eco-fictions: Emergent Discourses on Woman and Nature in Galicia and Ireland”, dirixido pola Dra. Manuela Palacios González. Neste ámbito de investigación publicou *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2013), e coeditou *Creation, Publishing and Criticism. The advance of Women’s Writing* (2010) e *Poesía galega. Perspectivas críticas e comparadas* (2012). Desde hai máis de dúas décadas vén exercendo como crítica literaria en diferentes medios escritos e é colaboradora do programa Diario Cultural, da Radio Galega. Foi fundadora e presidenta da Asociación Galega da Crítica (AGC) e dirixe o Centro de Investigacións de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE), da USC.

### Relatorio 16 (Sesión 7, D-04, 19:30h)

#### *Algo raro pasa raro* e *Leccións de cousas*: a deconstrución dos discursos hexemónicos na poesía de Antón Reixa

Antía MONTEAGUDO ALONSO  
*Universidade de Vigo*

Esta comunicación explora de que forma o artista de oficio múltiplo Antón Reixa tenta reconfigurar o espazo político na súa obra, especialmente nas súas dúas últimas publicacións: *Algo raro pasa raro* e *Leccións de cousas*. Mostraranse algún exemplos de como o traballo de Reixa é unha continua denuncia das inxustizas sociais e unha maneira de pór en dúbida a idea dunha única verdade incontestable. Isto acontece a

través dunha reflexión sobre os roles de dominante e dominado, da deconstrución dos discursos hexemónicos e a través de darlle voz a todos os que perderan a súa capacidade para manifestarse politicamente.

Palabras chave: intermedialidade, política, poesía contemporánea, discursos hexemónicos, espazo político.

### Bibliografía

- Lyotard, Jean-Françoise (1987): *La condición posmoderna*. Madrid: Cátedra.
- Rajewsky, Irina (2005): "Intermediality, intertextuality and remediation: a literary perspective on intermediality", *Intermedialités* 6, pp. 43-64 ([http://cri.histart.umontreal.ca/cri/fr/intermedialites/p6/pdfs/p6\\_rajewsky\\_text.pdf](http://cri.histart.umontreal.ca/cri/fr/intermedialites/p6/pdfs/p6_rajewsky_text.pdf)).
- Rancièrre, Jacques (2005): *Sobre políticas estéticas*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona, Servei de Publicacions.
- Reixa, Antón (2012): *Leccións de cousas*. Madrid: Oficina de Arte y Ediciones.

Reixa, Antón (2015): *Algo raro pasa raro*. Madrid: La Oficina.

### Biodata

Antía Monteagudo Alonso (Vigo, 1993) é doutoranda contratada na Universidade de Vigo a través dunha bolsa da Xunta de Galicia. Na mesma universidade, graduouse en Estudos de Galego e de Español (2015) e finalizou o Mestrado para o Profesorado en Secundaria, Bacharelato e Escola Oficial de Idiomas en 2016. Durante a súa etapa formativa, foi bolseira na Área de Normalización Lingüística e no Departamento de Filoloxía Galega e Latina cun proxecto sobre poesía no espazo público. Alén diso, cursou o Mestrado em Estudos Literários, Culturais e Interartes na Universidade do Porto (2017-2018) e publicou algún artigo e críticas literarias en revistas como *Cumieira*, *Grial* ou *Tempos Novos*. É membro do Grupo de Investigación BiFeGa e do proxecto "Poesía Actual e Política".

# SESIÓN

# 11 SETEMBRO



**Panel 4 | Memoria e historia das mulleres**

(D-04, 16:30h)

**Santa e «pecadriz». Imaxes e modelos de muller na Galicia medieval e a súa contorna**

Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ (COORD.)  
*Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades*

Tania VÁZQUEZ GARCÍA  
*Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades*

Ana María LOUZÁN CASAIS  
*Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades*

No pensamento e cultura medievais resulta habitual atopar referencias á construción e plasmación dunha imaxe dicotómica sobre as mulleres, resultando ben coñecida a confrontación entre Eva e Ave. O obxectivo deste panel é afondar no estudo dos modos nos que se presenta esta visión da muller-santa (o modelo de conduta a seguir) fronte á muller pecadora (o modelo negativo a repudiar) e reflexionar até que punto é posible reducir (ou non) as imaxes e ideais de muller a estas dúas categorías na Galicia medieval e a súa contorna. Para iso, serán estudadas as cantigas profanas galego-portuguesas, as *Cantigas de Santa María* e, máis alá do ámbito literario, a documentación notarial.

Palabras chave: mulleres, documentación notarial, *Cantigas de Santa María*, lírica profana galego-portuguesa.

**I. Mulleres malas e pecadoras nas cantigas de escarnio: as soldadeiras** (Tania Vázquez García)

Na nosa comunicación prestaremos atención á representación que se realiza dun colectivo marxinado nas cantigas de escarnio e na arte románica: as soldadeiras, mulleres que acompañaban a xograres e trovadores na *performance*, xa fose con música, cantos e/ou bailes. Semella que a moral misóxina do momento confundiu as figuras que vendían a súa arte con aquelas

que vendían o seu corpo, quizais pola condición de vida irregular que levaban en ambos os dous casos, de aí que se ridiculicen nas cantigas de escarnio e se destaquen as súas calidades negativas. O noso obxectivo será poñer en valor as soldadeiras co fin de chegar a coñecelas máis de preto a partir da figuración que delas se nos ofrece nas cantigas de escarnio.

**II. Mulleres da realeza nas Cantigas de Santa María** (Ana María Louzán Casais)

As *Cantigas de Santa María* conforman un corpus singularmente amplo de cantigas de corte narrativo que reflicten moitos aspectos da sociedade da súa época, incluíndo a vida diaria de mulleres de distintas clases sociais. De entre estas destácanse aquí as cantigas que narran a lenda da emperatriz de Roma, un conto exemplarizante de aires haxiográficos, e o relato da enfermidade e cura da infanta Berengaria, filla de Beatriz de Suabia e irmá de Afonso X. Analizaranse as características que se destacan nestas mulleres e como ditas características conforman un prototipo de femineidade exemplar.

**III. Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega** (Miguel García-Fernández)

Ante o éxito dunha historia das mulleres centrada en analizar como era percibida e valorada a femineidade no imaxinario medieval a partir de textos literarios, xurídicos e teolóxicos ou grazas ás análises iconográficas, resulta necesario preguntarnos até que punto estas fontes reflicten e condicionan a realidade social; sobre todo, tendo en conta o seu androcentrismo e que mostran habitualmente uns modelos de muller limitados á manifestación dunha oposición extrema: santas ou pecadoras. Por iso, reivindicamos avanzar nunha historia social das mulleres que se centre en estudar as súas voces e actuacións de cara a clarificar, a partir de fontes diversas –pero moi especialmente a partir dos documentos de aplicación do dereito–, cal foi a posición real das mulleres na

sociedade medieval galega e até que punto a práctica social e o imaxinario son dúas caras coincidentes ou diverxentes dunha mesma realidade. Neste sentido, o presente traballo procurará achegarse á documentación notarial galega para tratar de dilucidar como se plasman nela os arquetipos femininos e a realidade cotiá das mulleres da Galicia dos séculos XII ao XV. Desa forma, abordaremos a presenza das mulleres nestas fontes notariais nunha tripla dimensión: trazos do imaxinario sobre as mulleres, voces femininas e actuacións cotiás das galegas.

### Bibliografía

- Corral, Esther (1999): *As mulleres nas cantigas medievais*. Sada: Edición do Castro.
- García-Fernández, Miguel (2017): "Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV", en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV)*. Estudios, biografías y documentos. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 71-239.
- Pallares Méndez, María del Carmen (2011): *Historia das mulleres en Galicia. Idade Media*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rodríguez, José Luís (1993): "A mulher nos cancioneros. Notas para um anti-retrato descortês", en A. Marco López (coord.), *Simpósio Internacional Muller e Cultura*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 43-67.

### Biodata

**Tania Vázquez García** é graduada en Linguas e Literaturas Modernas (maior en Filoloxía Románica) pola USC. Actualmente está realizando unha tese sobre "As mulleres marxinadas nas cantigas de escarnio galego-portuguesas" e é bolsreira do proxecto "Prosa Literaria Galega Medieval" no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

**Ana María Louzán Casais** licenciouse en Filoloxía Hispánica e é mestra en Estudo e Edición de Textos literarios Españois e latinoamericanos pola USC. Compaxinou a ensinanza do español en China cos seus estudos de doutoramento sobre Calderón. Actualmente é bolsreira do proxecto "Cantigas de Santa María" no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

**Miguel García-Fernández** é licenciado en Historia e magister en Estudos Medievais Europeos pola USC. Realiza a súa tese de doutoramento sobre "A posición das mulleres na sociedade medieval. Unha análise da práctica testamentaria na Galicia dos séculos XII ao XV" e actualmente é bolsreiro do "Corpus Documentale Latinum Gallaeciae" no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

### Panel 5 | Estudos lingüísticos. Sintaxe

(D-02, 16:30h)

#### Achegamentos formais á sintaxe galega

Timothy M. GUPTON (coord.)

*University of Georgia*

María MORADO VÁZQUEZ

*University of Georgia*

Brian M. GRAVELY

*University of Georgia*

As intervencións neste panel ofrecen investigacións recentes sobre a sintaxe galega realizadas no Departamento de Linguas Románicas da Universidade de Xeorxia (EUA). Aínda que se sitúan dentro do marco teórico do Programa Minimista de Noam Chomsky (1995 *et sequens*), céntranse en dados particulares da lingua galega que presentan distintos retos para o teoría minimista. Os datos investigados inspiran as propostas aquí presentadas, que pretenden non só captar mellor o modelo da gramática mental da lingua galega, senón tamén contribuír ó coñecemento máis xeral da linguaxe humana.

Palabras chave: lingua galega, sintaxe, nomes, pronomes, prosodia.

## I. *U-lo* copulativo nulo na sintaxe? (Brian M. Gravely)

Os varios estudos de copulativo nulo nas linguas naturais do mundo mostran perspectivas abondo distintas en canto ás teorías de como chegan este elementos a se interpretaren sen complicacións en cadansúas linguas. Nesta proposta analizo a expresión *U-lo* dende a perspectiva xenerativista segundo o Programa Minimista de Chomsky (1995). A base dos poucos datos filolóxicos que existen en canto á formación deste fenómeno, procuro colocar o adverbio interrogativo *U* na periferia da esquerda segundo a súa formación notada por Rizzi (1997, 2001). A miña proposta consiste en dúas facetas chave. A primeira é o feito de non existir ningunha proxección verbal activa, como nota Benmamoun (2000, 2008) na súa análise do copulativo nulo do árabe. A segunda trata da descolocación de *U* segundo Rizzi na súa análise da periferia da esquerda. De considerarmos que *U* non se deriva noutra posición da derivación como os elementos *cu* normais e que tampouco pode ser precedido por ningún elemento (i.e., sempre encabeza a oración) ten de estar na posición máis periférica á esquerda no modelo de Rizzi: o sintagma Forza (ForceP no inglés).

## II. Unha examinación do isomorfismo entre a sintaxe e a prosodia na lingua galega (Timothy M. Gupton)

A lingua galega, como moitas outras linguas románicas (p. ex. o castelán: Ordóñez 2000, Zubizarreta 1998; o catalán: Ordóñez 2000; o portugués europeo: Costa 2004), caracterízase por unha sintaxe relativamente flexible (1a, b).

- (1) a. Xoán comprou esa chaqueta. (SVO)
- b. Esa chaqueta comprouna Xoán. (OVS)

Segundo Gupton (2014) a orde SVO é preferible nunha variedade de contextos discursivos (tético, foco estreito informativo (remático) no obxecto, e con suxeitos ou obxectos temáticos). A orde OVS é preferible para indicar que o obxecto *esa chaqueta* é constituínte temático á vez que o suxeito

*Xoán* é información remática. Examinando dados como (2a, b), vese claramente que a Regra de Acentuación Nuclear para linguas románicas de Zubizarreta (1998, *Romance Nuclear Stress Rule*), non se aplica á lingua galega, xa que predí que as oracións contrastivas/correctivas só poden ter a forma de (2a) e non (2b).

- (2) a. ESA CHAQUETA comprou(na)Xoán  
(non esa gravata).
- b. Xoán comprou ESA CHAQUETA  
(non esa gravata).

O estudo experimental de Escourido (2005) reconece coma totalmente aceptables oracións con contraste *in situ* (2b), pero non examina a posibilidade de contraste *ex situ* (2a), unha permutación de moito interese en estudos sintácticos dentro do programa Cartográfico de Luigi Rizzi e colegas (p. ex. Rizzi 1997 *et sequens*), o cal representa certo reto para o Programa Minimista de Chomsky (1995 *et sequens*) por propoñer a inclusión de trazos discursivos na sintaxe. O estudo presente pretende encher o buraco empírico citado cunha investigación experimental examinando a interacción entre a estrutura informativa, a sintaxe e a entoación, examinando a curva entoativa para seis estruturas informativas aplicando o protocolo de análise melódica (Cantero 2002, Cantero e Font 2009) ás gravacións auditivas recollidas en Santiago de Compostela con participantes galego dominantes. Poño á proba a proposta cartográfica de Frascarelli e Hinterhölzl (2007) para o alemán e o italiano segundo a cal cada constituínte con certo estatuto informativo (i.e. temático, contrastivo, etc.) na periferia da esquerda sintáctica ten unha curva entoativa correspondente e única. Eses autores baséanse en correspondencias directas entre a entoación, a sintaxe e o valor informativo de constituíntes nos dados de corpus que examinaron. Os resultados do estudio presente suxiren que a posición sintáctica (beira esquerda v. dereita) inflúe máis na entoación que o valor informativo. O foco na beira esquerda caracterízase por subidas tónicas, mentres o foco na beira dereita se caracteriza por baixas tónicas. As conclusións son que 1) os

dados investigados militan contra o isomorfismo da sintaxe, a entoación e a estrutura informativa, e 2) tamén favorecen un modelo da periferia da esquerda máis simple (p. ex. Kempchinsky 2013).

### III. *A casa de meu*: Análise sintáctica comparativo do posesivo enfático do galego como sintagma determinante (María Morado Vázquez)

O posesivo enfático, tamén chamado de propiedade plena ou exclusiva de acordo con Barreiro (1993) e Álvarez *et al.* (1986), caracterízase por compoñerse da preposición *de* + os pronomes de posesivo inmovilizados no masculino (ex. *Teño casa de meu*). Esta estrutura pode ter tres usos diferentes: algo que forma parte da propia natureza (ex. É listo de seu), algo que sucede por si mesmo (ex. *Caeu de seu*) e de propiedade exclusiva enfatizada (ex. *Ten casa de seu*). Centraremos no estudo desta última debido á súa semellanza co inglés, para nun futuro analizar as anteriores. O obxectivo de este estudo é propor una análise sintáctica xenerativista baseada na proposta de Abney (1987) para o inglés, yupik e húngaro, análise moi estendida noutras moitas linguas. Este artigo trata de demostrar que esta estrutura do galego, descoñecida noutras linguas, pódese analizar como un DP (*determiner phrase* 'sintagma determinante') que funciona igual que o xenitivo saxón do inglés. Nesta proposta a preposición *de* considerárase un elemento de concordancia D (*determiner* 'determinante'), o obxecto posuído considerárase o DP especificador da estrutura, e o posesivo sería o complemento do elemento de concordancia D, a preposición *de*

### Bibliografía

- Abney, Steven (1987): *The English Noun Phrase in its Sentential Aspect*. Tese de doutoramento, MIT.
- Álvarez Blanco, Rosario, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Benmamoun, Elabbas (2000): *The feature structure of functional categories: A comparative study of Arabic dialects*. Oxford: Oxford University Press.
- Benmamoun, Elabbas (2008): "Clause Structure and the Syntax of Verbless Sentences", *Current Studies in Linguistics Series* 45, pp. 105-132.
- Cantero, Francisco José (2002): *Teoría y análisis de la entonación*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Cantero, Francisco José e Dolors Font (2009): "Protocolo para el análisis melódico del habla", *Estudios de Fonética Experimental* 18, pp. 17-32.
- Chomsky, Noam (1995): *The Minimalist Program*. Cambridge, MA: MIT Press.
- Costa, João (2004): *Subject Positions and Interfaces: The Case of European Portuguese*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.
- Escourido, Ana (2007): "Aproximación ao estudo da focalización no galego", en M. González, E. Fernández, B. González (eds), *III Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 261-277.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006<sup>2</sup>): *Gramática da Lingua Galega II: Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Frascarelli, Mara e Roland Hinterhölzl (2007): "Types of topics in German and Italian", en K. Schwabe e S. Winkler (eds.), *On information structure, meaning and form*. Amsterdam, Philadelphia: John Benjamins, pp. 87-116.
- Gupton, Timothy (2014): *The Syntax-Information Structure Interface Clausal Word Order and the Left Periphery in Galician*. Berlin / Boston: Mouton de Gruyter.
- Kempchinsky, Paula (2013): "CLLD as a window on the left periphery", en C. Howe, S. Blackwell e M. Lubbers Quesada (eds.), *Selected Proceedings of the 15th Hispanic Linguistics Symposium*. Somerville, MA: Cascadilla Proceedings Project, pp. 310-327.
- Ordóñez, Francisco (2000): *The clausal structure of Spanish: A comparative study*. New York: Garland.
- Rizzi, Luigi (1997): "The fine structure of the left periphery", en L. Haegeman (ed.), *Elements of grammar*. Dordrecht: Kluwer, pp. 281-337.



Rizzi, Luigi (2001): "On the position "Int(errogative)" in the left periphery of the clause", en G. Cinque e G. Salvi (eds.), *Current studies in Italian syntax: Essays offered to Lorenzo Renzi*. Amsterdam: Elsevier, pp. 287-296.

Silva Domínguez, Carme (2002): *Frases Nominais con Posesivo en Galego: Estructura e Valores Referenciais*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Silva-Villar, Luis (1996): *Enclisis in Northwestern Iberian Languages: A Diachronic Theory*. Tese de doutoramento, UCLA.

Silva-Villar, Luis (2001): "Verbless derivations in historical syntax: A case study of Northwestern Iberian languages", en J. Guitiérrez-Rexach e L. Silva-Villar (eds.), *Current Issues in Spanish Syntax and Semantics*. New York: Mouton de Gruyter, pp. 309-346.

Varela Barreiro, Xavier (1993): "Álvaro Cunqueiro, experimentador no dominios gramaticais", en R. Lorenzo, X. M. Salgado, D. Vilavedra (eds.), *Álvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 61-72.

Zubizarreta, María Luisa (1998): *Prosody, focus, and word order*. Cambridge: MIT press.

## Biodata

**María Morado Vázquez** (Guitiriz, Lugo) é estudante de Doutoramento en Lingüística Hispánica na University of Georgia (USA). Máster en Adquisición de Segundas Linguas pola West Virginia University. Licenciada en Tradución e Interpretación pola Universidad de Valladolid. Os seus intereses de investigación son a sintaxe e a adquisición de linguas.

**Brian M. Gravelly** é estudante de Doutoramento en Lingüística Hispánica na University of Georgia. Máster en Enseñanza de español como lingua estranxera pola Universidad de Salamanca. Máster en Linguas Románicas pola Appalachian State University. Licenciado en Filología Hispánica, Inglés como lingua estranxera pola Appalachian State University. Os seus intereses son a morfosintaxe, o cambio diacrónico e a gramaticalización. Publicación: "Unha mirada cara a *u* e *onde* nas *Cantigas de Santa Maria*: un traballo cuantitativo", *Revista de Filoloxía Galega* 18 (2017), pp. 69-78.

**Timothy M. Gupton** é Profesor Titular en Lingüística Hispánica na University of Georgia. Tese de doutoramento en Español (lingüística) pola University of Iowa. Máster en Lingüística Hispánica pola University of Illinois, Champaign-Urbana. Licenciado en Linguas Románicas pola University of Nevada, Las Vegas. Publicacións seleccionadas: "Early minority language acquirers of Spanish exhibit focus-related interface asymmetries: Word order alternation and optionality in Spanish-Catalan, Spanish-Galician, and Spanish-English bilinguals", en F. Lauchlan e M. C. Parafita-Couto (eds.), *Bilingualism and Minority Languages in Europe*. Newcastle Upon Tyne: Cambridge Scholars Press, 2017, pp. 214-241; *The syntax-information structure interface: clausal word order and the left periphery in Galician*. Berlin: Mouton de Gruyter, 2014; "Preverbal subjects in Galician: Experimental data in the A vs. A' debate", *Probus* 26/1 (2014), pp. 135-175; "Object clitics in Galician and complications for clausal analyses", en K. Geeslin e M. Díaz-Campos (eds.), *Selected Proceedings of the 14th Hispanic Linguistics Symposium*. Somerville, MA: Cascadilla, 2012, pp. 272-284.

## Sesión 8 | Tradución e interpretación (D-02)

### Relatorio 17 (9:30h)

**A dificultade de traducirse a unha mesma: experiencias de (auto)tradución en *Corpo/ Cuerpo de Antiochia***

Tamara ANDRÉS PADÍN  
*Universidade de Vigo*

A finais do ano 2017, Galaxia publicaba no marco da súa colección Dombate *Corpo de Antiochia* de Tamara Andrés. A mediados de 2018, a editorial Libros del Aire, dirixida polo poeta Carlos Alcorta, publicaba o poemario en tradución ao castelán da propia autora. Nesta intervención, a poeta-tradutora falará das dificultades xurdidas durante o proceso de tradución, de imposibilidades e de re-escrituras, das modificacións que afectan á mensaxe poética en función da lingua e do espazo.

Palabras chave: autotradución, tradución poética, poesía.

### Bibliografía

Gallén, Enric, Francisco Lafarga e Luis Pege-naute (eds.) (2010): *Traducción y autotraducción en las literaturas ibéricas*. Switzerland: Peter Lang.

### Biodata

Tamara Andrés (Combarro, 1992) é graduada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, titulada no Máster Universitario en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura pola Universidade de Santiago de Compostela e no Máster para o Profesorado pola Universidade de Vigo. Alén da docencia, a escritura e a tradución e a interpretación, na actualidade fórmase no Doutoramento en Tradución e Paratradución da Universidade de Vigo e prepara a súa tese sobre a relación entre tradución privada e poesía galega contemporánea de autoría feminina.

### Relatorio 18 (Sesión 8, D-02, 10h)

**Do suxeito da enunciación ao suxeito enunciador. Formas e funcións do heterolingüismo en Luz Pichel**

Rexina RODRÍGUEZ VEGA  
*Universidade de Vigo*

Moi raramente atopamos prácticas que se propoñan esgotar as opcións que o pluri-lingüismo, concibido como un verdadeiro motor de escritura, abre. Luz Pichel é, nese sentido, unha das, polo de agora, escasas voces no noso espazo cultural que elaboran unha poética sistemática e radical a partir do cruzamento de linguas, da mestura, da hibridade. Neste relatorio ímonos centrar en descubrir as formas e funcións do heterolingüismo que Luz Pichel desenvolve no Poema-prólogo "Al animal" de *Cativa en su lughar*. A elección deste único texto débese tanto ás nosas limitacións de espazo como a consideración do carácter emblemático deste poema en relación coa ideoloxía lingüística e o traballo experimental que achega o libro no seu conxunto.

Palabras chave: hibridismo, heterolingüismo, dobre diglosia, autotradución.

### Bibliografía

Pichel, Luz (2006): *Casa pechada*. Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán.

Pichel, Luz (2013): *Cativa en su lughar; Casa pechada* (findólogos de María Salgado). Madrid: Progresele.

### Biodata

Rexina Vega (Vigo 1966) é escritora e profesora universitaria. Como novelista, a súa primeira obra literaria, *Cardume*, obtivo o Premio Xerais de Novela 2007, en 2012 publicou *Dark butterfly* e en 2017 *Nadie duerme*. Exerceu a crítica teatral e literaria para, entre outras publicacións, *El Público* e *Quimera*. É Premio Sthendal pola tradución da obra de Georges Perec *El secuestro*. No eido da investigación especializouse no estudo de Álvaro Cunqueiro, autor sobre o que ten publicado numerosos traballos e

na análise das relacións entre bilingüismo e autotradución no contexto peninsular. Actualmente é docente no departamento de Lingua Española da Universidade de Vigo.

### Relatorio 19 (Sesión 8, D-02, 10:30h)

#### María Victoria Moreno, tradutora traducida

Sabela BARÁ LOURO  
Universidade de Vigo

María Victoria Moreno, figura protagonista das Letras Galegas 2018, produciu literatura infantil e xuvenil en lingua galega e as súas obras foron traducidas a outras linguas (tamén autotraducidas). Ademais, esta autora trasladou obra allea para o galego e castelán. Nesta comunicación propoñémosnos analizar a figura de María Victoria Moreno dende o punto de vista tradutolóxico. Para acadar os obxectivos propostos presentaremos algunhas das estratexias de tradución empregadas e procuraremos dar resposta a una serie de preguntas como son: Por que traduciu determinadas obras? Que relación existía coas autorías das mesmas? Quen e como se xestionaban os dereitos de autoría? Deste xeito podemos coñecer máis sobre a contribución desta autora aos diferentes sistemas literarios cos que estivo en contacto a través da tradución.

Palabras chave: literatura infantil e xuvenil, tradución, autotradución, exportación, importación.

#### Bibliografía

- Aleixandre, Marilar e Casalderrey, Fina (2018): *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais.
- Casalderrey, Fina (2006): "Na procura do tradutor ideal: intuicións", en *Tradución e Política de editorial de Literatura infantil e xuvenil*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, pp. 161-170.
- Gallén, Enric, Francisco Lafarga e Luis Pegenaute (eds.) (2010): *Traducción y autotraducción en las literaturas ibéricas*. Switzerland: Peter Lang.

Pena Presas, Montserrat (2018): *A voz in-surrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.

#### Biodata

Sabela Bará Louro é graduada en Tradución e Interpretación (Español-Inglés) pola Universidade de Vigo (2011-2015). Estadia Erasmus na University of Liverpool (2013). Mestrado en Formación para o Profesorado (2015-2016) e Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (2017-2018) pola Universidade de Vigo. Traxectoria laboral: bolsa de formación na Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, profesora de Lingua Galega e Literatura no Ensino Secundario. Na actualidade está a realizar unha tese de doutoramento sobre tradución e xénero no marco do programa de doutoramento da Universidade de Vigo en Tradución e Paratradución.

### Relatorio 20 (Sesión 8, D-02, 11:30h)

#### O modelo de lingua proposto nas primeiras traducións de textos dramáticos no marco do proxecto teatral das Irmandades da Fala

Carlos-Caetano BISCAIÑO-FERNANDES  
Universidade da Coruña

Os promotores do proxecto teatral das Irmandades da Fala eran conscientes de que, no propósito de fornecer un repertorio denso de elementos estruturantes da entidade cultural emerxente, deberían procurar un equilibrio entre tradición, creación e importación. Así, entenderon que a tradución debía xogar un papel importante, visto que servía para presentar modelos para a produción dramática galega –temáticas, personaxes, tratamentos ou criterios dramáticos. No proceso de definición do estándar ou padrón de lingua galega destas traducións presentábase igualmente como modelo para a súa sanción. A recente descuberta de moitas destas traducións permite presentar unha primeira achega derivada da análise da lingua que se pon en circulación, incluídos o grao concreto de autonomía concedido

ao galego respecto da lingua coa que disputaba o espazo social e a proficiencia dos tradutores na súa vontade de evidenciar as potencialidades do idioma para responder a todas as necesidades da vida moderna.

Palabras chave: tradución, teatro, Irmandades da Fala, Antón Vilar Ponte, Bernardino Varela do Campo.

### Bibliografía

- Ínsua, Emilio Xosé (2016): *A nosa terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía.
- Tato Fontaiña, Laura (1999): *Historia do teatro galego (das orixes a 1936)*. Vigo: A Nosa Terra.
- Vieites, Manuel F. (2016) "Traducción, campo literario y sistema teatral en Galicia. Un marco teórico e histórico", *Sendebor* 27, pp. 181-210.

### Biodata

Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes (A Coruña 1968), doutor en Filoloxía Galego-Portuguesa, exerce na actualidade como profesor na Universidade da Coruña. Actor, profesor e ensaísta especializado no sistema teatral galego. No ámbito actoral, seguiu estudos de Arte Dramática con Arkadi Nemirovski, Doina Fagadar, Liudmila Ukólova, Ángel Gutiérrez, Claude Buchvald e Jacques Nichet, e, para alén do seu traballo nos palcos, tense dedicado á formación de intérpretes, á crítica de espectáculos e á investigación do campo teatral galego, con especial atención ao papel da lingua como norma sistémica. É autor das monografías *Un país desde as táboas. 125 anos de teatro galego* (2008), *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral* (2007), *Conformando o brinquedo. Reflexións á volta da preparación do actor* (2004) e *Fernando Osorio do Campo. Unha vida sen treguas* (2017). Aliás, é coautor dos volumes *O ideario teatral das Irmandades da Fala. Estudio e antoloxía* (2002) e *Talía na Crónica de Nós. Dez anos de teatro galego, 1990-1999* (2000).

### Relatorio 21 (Sesión 8, D-02, 12h)

#### As traducións teatrais durante a Ditadura franquista e a Transición (1939-1980)

Laura TATO FONTAÍÑA  
Universidade da Coruña

Neste relatorio a autora, despois dun vaciado das publicacións periódicas da época (*Galicia Emigrante, Saudade, Aturuxo, Grial*, Colección Illa Nova da Editorial Galaxia, Colección Pico Sacro, *Cadernos da Escola Dramática Galega, Cadernos do Espectáculo, Don Saturio. Boletín informativo do teatro galego...*) realiza un estudo e análises dos textos e autores traducidos, publicados e/ou representados, así como dos ensaios e críticas que sobre esas obras foron publicadas e/ou chegaron até nós a través dos arquivos das Compañías de teatro.

Palabras chave: teatro galego, tradución, crítica literaria, historiografía dramática.

### Bibliografía

- Biblioteca da Tradución Galega: <http://bibliotraducion.uvigo.es/>.
- Biscainho-Fernandes, Carlos-Caetano (2007): *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- López Silva, Imma e Dolores Vilavedra (2002): *Un abreinte teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*. Vigo: Galaxia.
- Lourenzo, Manuel e Francisco Pillado Mayor (1979): *Teatro galego*. Sada: Edición do Castro.
- Riobó, Pedro P. (2000): *O teatro galego contemporáneo (1936-1996)*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor' da UDC.

### Biodata

Laura Tato Fontaiña é Profesora Titular do Departamento de Letras da Universidade da Coruña. É coordinadora do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) e da Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor'. Como especialista en teatro

galego é autora da *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936* (1999) e das monografias *Teatro y Nacionalismo* (1995), obra gañadora do Premio de Investigación Lingüística e Literaria ‘Ricardo Carvalho Calero’ en 1993; *Teatro galego 1915-1931* (1997), *Teatro galego de Luís Manteiga* (2003), *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro* (2013) e *Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guiños de Ramón Otero Pedrayo*, obra coa que gañou o Premio en Ciencias Sociais ‘Vicente Risco’ en 2013.

## Sesión 9 | Memoria, patrimonio e identidade (D-Multimedia)

### Relatório 22 (9:30h)

#### Um caso de comunicação intersistémica. As “Cartas da Galiza” de Manuel Lustre Rivas no Comercio do Porto (1933-1936)

Roberto SAMARTIM  
Universidade da Coruña

Rosario MASCATO REY  
Universidade de Santiago de Compostela

Esta comunicación desenha a trajetória do escritor e jornalista Manuel Lustre Rivas (Ribeira 1888, Redondela 1936), na sua vinculação com os campos jornalístico, político e cultural da Galiza do pré-guerra, para analisar depois, em relação com ela, as principais ideias e assuntos focados na seção “Cartas da Galiza” que este agrarista e galeguista manteve ativa nesta publicação portuguesa entre 9 de abril de 1933 e 21 de janeiro de 1936. Do levantamento exaustivo realizado da participação de Lustre Rivas no Comercio do Porto neste período deriva-se uma atenção destacada aos campos político, económico, cultural e literário da Galiza, assim como a atualização dos elementos centrais do corpus ideológico e do programa de ação promovido polo galeguismo da altura, tais como a defesa do carácter nacional da Galiza e do seu direito à autodeterminação, ou da identidade lingüística galego-portuguesa.

Palabras chave: relacionamento Galiza-Portugal, imprensa, intersistema galego-português, galeguismo.

## Bibliografía

- Calvo Sánchez, Montse (2007): “Manuel Lustre Rivas xornalista, sobre todo”, en R. Aneiros Díaz, X. López García, M. Pérez Pereiro, V. F. Freixanes (eds.), *Xornalistas con opinión. 20 biografías*. Vigo: Galaxia, pp. 239-251.
- Cunha, Norberto Ferreira da (2003): “A autonomía galega na imprensa periódica portuguesa (1931-1936)”, en M<sup>a</sup> X. Agra Romero e N. Rodríguez Rial (eds.), *Galiza e Portugal: identidades e fronteiras. Actas do IV Simposio Internacional Luso-Galaico de Filosofía (Santiago 28-29 novembro 2003)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións, pp. 231-303.
- Durán, José Antonio (1971-1986): *Crónicas*. Madrid: Akal.
- Cochón, Luis (coord.) (2016): *Arredor das Irmandades da Fala: pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Xerais.
- Lustre Rivas, Manuel (1931-1936): “Cartas da Galiza”, Comercio do Porto.

## Biodata

**Roberto Samartim** (Redondela, 1971) é professor no Departamento de Letras da Faculdade de Filologia da Universidade da Corunha e doutor em Filologia Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Integra a Rede Galabra (USC e UMinho) e o Grupo de Estudos Territoriais da UdC. Mais informação em: <https://redegalabra.org/membro/robertosamartim/>.

**Rosario Mascato Rey** (Ogrobe, 1974) é doutora em Filologia Hispânica e faz parte desde 1996 do Grupo de Investigación Valle-Inclán da USC. Foi professora das universidades de St. Andrews (Escócia), Clássica de Lisboa, Santiago de Compostela e Vigo. Ganhadora dos prémios de investigación Valle-Inclán (2008) e Concepción Arenal (2012), a sua trajetória científica está especializada no trabalho com a imprensa de inícios do século XX, e na sua importância para a análise dos processos de consagração e canonização no campo literário.

### Relatorio 23 (Sesión 9, D-Mult., 10h)

**O léxico afectivo nas *Cantigas Santa María*: preservación da memoria e construción da identidade galaico-portuguesa**

María Jesús BOTANA VILAR  
*Universidade do Algarve*

Partindo da idea da existencia dun léxico amoroso estereotipado e transversal á lírica medieval de ámbito románico, e botando man dunha metodoloxía filolóxica e multidisciplinar, analizamos a súa permeabilización e adaptación ao cancionero relixioso máis importante da Idade Media Occidental, unha *opera magna* caracterizada esencialmente pola súa tripla natureza (literaria, pictórica e musical) e polo seu hibridismo profano e teolóxico. A través da resemantización deses vocábulos, o rei Sabio crea un novo código estético e logra dar corpo a unha concepción diferente do amor e do sufrimento, de tal maneira que preserva a memoria colectiva de toda unha época e, á vez, constrúe unha identidade que nos particulariza literaria e culturalmente.

Palabras chave: léxico e memoria, léxico e identidade, literatura medieval, territorio e memoria.

### Bibliografía

- Botana Vilar, María Jesús (2003): *As cantigas de loor de Santa María (edición e comentario)*. E. Fidalgo Francisco (coord.). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Botana Vilar, María Jesús (2013): "El alma femenina en las Cantigas de Santa María", en Ph. Meunier e E. Samper (dir.), *Colloque International Le masque: une «inquiétante étrangeté» (29-30 septembre 2010)*. Saint Etienne: Université Jean Monnet.

### Biodata

Licenciada en Filoloxía Hispánica, Subsección de Galego-Portugués (USC). Licenciada en Filoloxía Románica (USC). Curso de

Doutoramento na área de Estudos Clásicos e Medievais (USC). T.I.T. "O léxico da afectividade nas Cantigas de Loor: aproximación ó seu estudio". Bolseira de investigación durante 3 anos no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, no proxecto "Galicia Medieval, edición das Cantigas de Loor, de Afonso X". Leitora da Xunta de Galicia, no Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve (2001-2007). Leitora do Ministerio de Asuntos Exteriores, na UAlg (2002-2005). Leitora contratada UAlg (2005-2009). Profesora Asistente UAlg (2009-2016). Tese doutoramento en Literatura (UAlg), dirixida polos Profesores Pedro Ferré da Ponte e José Luís Fernández: "O léxico da afectividade nas Cantigas de Santa María" (2016). Profesora Auxiliar UAlg (2016-actualidade).

### Relatorio 24 (Sesión 9, D-Mult., 10:30h)

**Impactos dos Caminhos na comunidade local de Santiago de Compostela. Balanço de resultados dum projeto de investigación em curso**

Roberto SAMARTIM  
*Universidade da Coruña*

Carlos PAZOS-JUSTO  
*Universidade do Minho*

Apresentamos un primeiro balanço do conxunto dos resultados vinculados ao projeto de investigación "Discursos, imáxens e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Caminhos" (FFI2012-35521), desenvolvido entre 2011 e 2017 por una equipa de investigación multidisciplinar e interuniversitaria vinculada à Rede Galabra (<https://rede.galabra.org/>). A investigación toma como base o conxunto de publicacións realizadas a partir das análises representativas dum corpus documental formado por libros, audiovisuais e sites, así como de inquéritos e entrevistas passados a habitantes da cidade, comerciantes e visitantes (procedentes da Galiza, Portugal, España e Brasil), e permite concluir, entre outras cuestións, a validez da aplicación de métodos e procedimentos referenciados no traballo por cuestionário ou no recurso ao

PLN; o impacto de Paulo Coelho nas prácticas de visitantes; ou, até, a construción duma imaxe da cidade/comunidade ligada à espiritualidade e o medievalismo.

Palabras chave: camiños de Santiago, comunidade local, Santiago de Compostela, territorio, projetos de investigación.

## Bibliografía

Torres Feijó, Elias J. (2011): “Discursos contemporáneos e prácticas culturais dominantes sobre Santiago e o Caminho: a invisibilidade da cultura como hipótese”, en A. A. Lourenço e O. M. Silvestre (coords.), *Literatura, espaço, cartografías*. Coimbra: CLP, pp. 93-151.

Torres Feijó, Elias J. (2015): “Comunidades, coesão, sustentabilidade e fator visitante: ferramentas conceituais e parámetros para a análise: o caso de Santiago de Compostela”, en C. Almeida Marques, *Planeamento Cultural Urbano em Áreas Metropolitanas. Revitalização do Espaço Pós-Suburbanos*. Lisboa: Caleidoscópio, pp. 121-142.

Fernández Rodríguez, M. Luisa (2016). *Discursos sobre Santiago de Compostela y el/los Camino(s) de Santiago en la novela española actual (2010) a través de técnicas analíticas digitales: Posibilidades y valor del conocimiento generado*. Tese de doutoramento orientada polos Doutores Elias J. Torres Feijó e Roberto Samartim. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filología.

## Biodata

**Roberto Samartim** (Redondela, 1971) é profesor no Departamento de Letras da Facultade de Filología da Universidade da Coruña e doutor em Filología Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Integra a Rede Galabra (USC e UMinho) e o Grupo de Estudos Territoriais da UdC. Actualmente faz parte da equipa do projeto “Narrativas, usos e consumos de visitantes como aliados ou ameazas para o bem-estar da

comunidade local: o caso de Santiago de Compostela”.

**Carlos Pazos-Justo** (Redondela, 1975) é Professor da Área de Estudos Espanhóis e Hispano-Americanos do Departamento de Estudos Românicos da Universidade do Minho, onde dirige o Mestrado em Espanhol Língua Segunda e Língua Estrangeira. É Doutor em Ciências da Cultura pela Universidade do Minho e integra a Linha de Ciências da Literatura do Centro de Estudos Humanísticos. Membro de Galabra-UMinho, faz parte da equipa do projeto “Narrativas, usos e consumos de visitantes como aliados ou ameazas para o bem-estar da comunidade local: o caso de Santiago de Compostela”.

## Sesión 10 | Novas tendencias literarias (D-04)

### Relatorio 25 (9:30h)

#### Achegas metaficcionalis e metaliterarias verbo de *Cara a Times Square*, de Camilo Gonsar

Pedro BASALO BEMBIBRE  
*Universidad de Salamanca*

*Cara a Times Square*, de Camilo Gonsar, é unha obra senlleira dentro da literatura galega. Se ben é certo que se trata dunha novela controvertida no que concirne á súa adscrición a unha determinada corrente literaria (a crítica divídese entre aqueles que a encadran na Nova Narrativa Galega fronte a outros que non comparten esa opinión), quedan fóra de toda dúbida o seu valor estético, a súa técnica e os seus contidos, elementos que contribuíron á renovación da prosa ficcional en galego. Así pois, co gallo de efectuar unha análise dende unha perspectiva aínda pouco explorada, o presente relatorio examinará algúns aspectos de *Cara a Times Square* á luz de noções relativas á metaliteratura e á metaficción para indagar nas implicacións e significados que os recursos deste tipo ofrecen na novela.

Palabras chave: *Cara a Times Square*, Camilo Gonsar, Camilo González Suárez-Llanos, metaficción, metaliteratura.

## Bibliografía

- Forcadela, Manuel (1993): *Manual e escolma da Nova Narrativa Galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Forcadela, Manuel (2015): "De Albert Camus a Camilo Gonsar. Cara a Times Square", *Grial* 205, pp. 40-43.
- Franco Grande, Xosé Luís (ed.) (1989): Introducción e estudo preliminar á edición de *Cara a Times Square*. Vigo: Xerais.
- Galiano Leis, Beatriz (2013): "Cara a Times Square ou o itinerario cara á negación da identidade", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 16, pp. 43-51.
- Juárez Morena, Pablo (2005): "Lectura(s) desde la literatura fantástica de *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 8, pp. 73-83.

## Biodata

Grao en Lingua e Literatura Españolas pola Universidade de Santiago de Compostela (2011-15). Máster Universitario en Literatura Española e Hispanoamericana, Teoría de la Literatura y Literatura Comparada da Universidad de Salamanca (2016-17). Estudos de doutoramento encadrados no programa "Español: investigación avanzada en Lengua y Literatura" no ámbito da literatura medieval española (2017-actualmente). Publicacións académicas: "Exemplum, argumentum y sentencia en el Libro de Buen Amor", Trabajo de Fin de Grao publicado no repositorio da USC Minerva (en liña: <http://hdl.handle.net/10347/13887>); relatorio na Universidade de Aveiro: "Tierras de promisión y tierras de condenación: itinerarios veterotestamentarios de Tiempo de silencio", no Congreso Internacional "Em busca da terra prometida: mitos de salvación" (do 20 ó 22 de setembro de 2017).

### Relatorio 26 (Sesión 10, D-04, 10h)

Instantes de "exposure" no cancionero contemporáneo de Erín Moure *O Cadoiro*

Harriet Cook  
King's College London

Erín Moure, unha poeta experimental de Canadá, estivo moitos anos soñando con ir a Lisboa para coñecer dous dos cancioneros máis importantes que conservan a lírica medieval galego-portuguesa. Non foi ata o ano 2004 cando tivo a oportunidade de estudar facsímiles do *Cancioneiro da Ajuda* e o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* na capital portuguesa. Moure anotou as súas reaccións e respostas ás distintas formas e voces destes cancioneros tanto como as súas reflexións sobre a paisaxe urbana de Lisboa. Estes encontros físicos e textuais formaron a base do seu cancionero contemporáneo *O Cadoiro*. No meu relatorio pretendo expoñer o acercamento tan orixinal á lírica medieval galego-portuguesa que ten Moure, fixándose non só no 'postface' que escribe para acompañar o seu libro senón tamén nas 'transluçines' que fai das cantigas de amor e o diálogo que establece con Derrida e as súas teorías sobre o 'mal d'archive'.

Palabras chave: cantigas, análise experimental, galego-portugués, Colocci, manuscrito.

## Bibliografía

- Derrida, Jacques (1996): *Archive Fever: A Freudian Impression* (trad. Eric Prenowitz). Chicago: University of Chicago Press.
- Moure, Erín (2004): *O Cadoiro*. Canada: House of Anansi Press.
- Moure, Erín (2007): *O Cadoiro postface*. En liña: [www.anansi.ca/ocadoiro/postface](http://www.anansi.ca/ocadoiro/postface).

## Biodata

Son estudante de doutoramento no King's College London onde estou traballando sobre a creatividade das cantigas de amor baixo a supervisión do profesor Julian Weiss. Fixen a miña carreira na University of Cambridge onde me licenciéi en linguas modernas e medievais cunha especialización en estudos franceses e hispánicos no ano 2013. Despois de pasar un ano na Universidade de Santiago de Compostela de estudante Erasmus, decidín voltar á mesma cidade para facer o máster de estudos medievais no ano 2014. Alén dos meus estudos sobre as cantigas de amor, dedícome



a compartir a cultura galega fóra de Galicia, traballando como secretaria para o Galician Film Forum e traducindo de vez en cando extractos de libros galegos ao inglés para a páxina web "Portico of Galician Literature" (<http://galicianliterature.gal/>).

### Relatorio 27 (Sesión 10, D-04, 10:30h)

#### A muller na novela criminal en Galicia

Alicia ROMERO LÓPEZ  
*Universidad Complutense de Madrid*

A novela criminal escrita por mulleres experimentou un gran auxe nos últimos anos en España, se ben no caso de Galicia contamos con poucas destas obras escritas en galego. A escritora Laura Caveiro é a autora da primeira novela criminal de autoría feminina en lingua galega, *Polas inmensas e alleas fortunas* (1995), mais non será ata o ano 2014 cando encontremos a novela *Sete Caveiras* de Elena Gallego Abad, protagonizada pola periodista Marta Vilas. No 2016 María López Sánchez dá vida á súa inspectora Elisa Neira na obra *O faro escuro*. Por outra banda, entre as novelas criminais escritas en castelán por autoras galegas cabe destacar a obra de Mercedes Castro, *Y punto* (2008), protagonizada pola inspectora Clara Deza, e a novela *Puerto escondido* (2015) de María Oruña, coa súa inspectora Valentina Redondo. Nesta comunicación analizaremos a evolución da novela criminal en Galicia escrita e protagonizada por mulleres, deténdonos en como as autoras constrúen as súas personaxes femininas, personaxes que polo feito de seren mulleres nun mundo de homes, como é o da investigación criminal, teñen que enfrontarse non só á resolución dun caso, senón a determinadas problemáticas de xénero.

Palabras chave: novela criminal, xénero, escritoras, Galicia.

#### Bibliografía

- Colmeiro, José F. (1994): *La novela policiaca española: teoría e historia crítica*. Barcelona: Anthropos.  
 Rutledge, Tracy (2006): *The Spanish Female*

*Detective: A study of Petra Delicado and the evolution of a professional sleuth*. Tese de doutoramento. Universidade de Texas Tech.

Losada Soler, Elena e Katarzyna Paszkiewicz (eds.) (2015): *Tras la pista. Narrativa criminal escrita por mujeres*. Barcelona: Icaria.

#### Biodata

Alicia Romero López (Madrid, 1988) é licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Alemá pola Universidade Complutense de Madrid. Tamén obtivo o título de Máster de Estudos Literarios na mesma universidade. Durante o curso 2014/2015 estivo traballando como profesora de lingua e literatura castelás na Universidade de Münster (Alemaña). Actualmente é beneficiaria dunha bolsa de doutoramento outorgada pola UCM. Realiza o seu doutoramento en Estudos Literarios sobre novela policiaca e estudos de xénero. Nos últimos anos colaborou con revistas como *Océanide*, *Tropelias* ou *SIGMA*. As súas liñas de investigación son os estudos de xénero, a novela policiaca, as escritoras do XIX-XXI e a literatura comparada.

### Sesión 11 | Patrimonio historiográfico medieval (D-01)

#### Relatorio 28 (9:30h)

#### O *Livro Velho de Linhagens* e a escrita genealóxica em Portugal nos sécs. XIII e XIV

José Carlos Ribeiro MIRANDA  
*Universidade do Porto, IF-SMELPS*

Inserindo-se no projecto "Da Memória Escrita à Leitura do Espaço: Pedro de Barcelos e a Identidade do Norte de Portugal" (MELE, POCI-01-0145-FEDER-032673), recentemente financiado pela FCT e por fondos europeos (ver comunicação de M. R. Ferreira), a edição do mais antigo dos livros de linhagens portugueses –o *Livro Velho de Linhagens*–, embora sem a complexidade do livro do Conde D. Pedro, traz algumas novidades sobre a natureza da escrita genealóxica no séc. XIII, sobretudo no que diz respeito à linhagem da Maia. Um novo manuscrito até agora não considerado; a necessidade de

compatibilizar velhas memórias de um passado mouro com uma mitificação cristã das origens; o *Liber Regum* e outros escritos vetustos como pano de fundo – são alguns dos ingredientes que tentaremos revelar na presente comunicação.

Palabras chave: linhagem da Maia, *Livro Velho de Linhagens*, *Liber Regum*, manuscrito da Ajuda, rei Ramiro, Monio de Bizcaia.

## Bibliografía

Miranda, José Carlos Ribeiro (2010): “Do *Liber Regum* ao *Livro Velho de Linhagens*”, em F. Bautista Pérez e J. Gamba Corradine (orgs.), *Estudios sobre Edad Media, el Renacimiento y la Temprana Modernidad*. San Millán de la Cogolla: Smyr / CiLengua, pp. 301-310.

Miranda, José Carlos Ribeiro (2010): “Do *Liber Regum* em Portugal antes de 1340”, e-*Spania. Revue interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales* 9 (<http://e-spainia.revues.org/19315>).

Miranda, José Carlos Ribeiro (2010): “Do rex Ranemirus ao rei Ramiro: emblemas da heráldica literária no Ocidente ibérico entre os finais do séc. XIII e os inícios do séc. XIV”, em J. M. Fradejas Rueda et al. (orgs.), *Actas del XIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. In Memoriam Alan Deyermond*. Valladolid: Ayuntamiento de Valladolid / Universidad de Valladolid, vol. 1, pp. 161-182.

Veiga, A. Botelho da Costa (1943): “Os Nossos Nobiliários Medievais (Alguns elementos para a cronologia da sua elaboração)”, *Separata dos Anais das Bibliotecas e Arquivos*. Lisboa.

## Biodata

José Carlos Ribeiro Miranda é Professor da Faculdade de Letras da Universidade do Porto e membro do Instituto de Filosofia da FLUP, onde é IP do RG *Reason, Politics and Society* e co-IP do projecto MELE (“Da Memória Escrita à Leitura do Espaço: Pedro de Barcelos e a Identidade do Norte de Portugal”). É autor de vários livros onde se

destaca a edição da *Estória do Santo Graal*, em colaboração com outros membros do SMELPS-IF-FCT (*Estória do Santo Graal. Livro Português de José de Arimateia. Manuscrito 643 do Arquivo Nacional da Torre do Tombo, Estratégias criativas*, 2016).

## Relatorio 29 (Sesión 11, D-01, 10h)

### O Livro de Linhagens do Conde D. Pedro e a sua problemática textual

Maria do Rosário FERREIRA  
Universidade de Coimbra, IF-SMELPS

O projecto “Da Memória Escrita à Leitura do Espaço: Pedro de Barcelos e a Identidade do Norte de Portugal” (MELE, POCI-01-0145-FEDER-032673), financiado pela FCT e por fundos europeus, propõe-se estudar a obra de Pedro Afonso, III<sup>o</sup> Conde de Barcelos, e o respectivo contexto de produção entendido numa perspectiva social mas também tendo em conta a geografia em que o autor se movia –o Norte de Portugal do séc. XIV, tendo como epicentro a cidade de Lamego. Nesse sentido, a reedição do *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, corrigindo e afinando a edição realizada em 1980 pelo Professor José Mattoso, segundo a vontade do seu anterior editor, irá ser colocada no centro deste projecto, propondo-se a presente comunicação enunciar alguns dos aspectos mais específicos da tradição textual desta obra.

Palabras chave: *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, tradição manuscrita, fragmento da Biblioteca da Ajuda, manuscrito do ANTT.

## Bibliografía

Ferreira, Maria do Rosário (2011): “A estratégia genealógica de D. Pedro, Conde de Barcelos, e as refundições do *Livro de Linhagens*”, e-*Spania. Revue interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales* 11 (<http://e-spainia.revues.org/20273>).

Ferreira, Maria do Rosário (2012): “Amor e amizade entre os nobres fidalgos da Espanha». Apontamentos sobre o prólogo do *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*”, *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 93-122.

Mattoso, José (1980): *Portugaliae Monumenta Historica. Nova Série. Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*. Lisboa: Academia de Ciências de Lisboa, 2 vols.

Miranda, José Carlos Ribeiro e Maria do Rosário Ferreira (2015): “O projeto de escrita de Pedro de Barcelos”, *Revista População e Sociedade*, 23, pp. 25-43 (<http://www.cepese.pt/portal/pt/publicacoes/obras/populacao-e-sociedade-n-o-23/o-proje-to-de-escrita-de-pedro-de-barcelos>).

### Biodata

Maria do Rosário Ferreira é Professora da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra e membro do Instituto de Filosofia, onde é directora do Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade (SMELPS) e Investigadora Principal do Projecto MELE (“Da Memória Escrita à Leitura do Espaço: Pedro de Barcelos e a Identidade do Norte de Portugal”). Conta no seu activo a publicação de artigos e livros, entre os quais se conta a edição da parte final inédita da *Crónica de 1344: De Afonso X a Afonso XI. Edição e estudo do texto castelhano dos reinados finais da 2ª redacção da Crónica de 1344* (2015, *Les Livres d'e-Spania* «Travaux en cours», 5: <https://e-spanialivres.revues.org/698>).

### Relatório 30 (Sesión 11, D-01, 10:30h)

**Crónicas universais a sul do Minho: a *Historia Scholastica* como alternativa à *General Estoria*?**

Mariana LEITE  
Universidade do Porto, IF-SMELPS

Esta apresentação centra-se na existência de dois projectos de tradução de histórias universais distintos num circuito cultural relativamente estrito como é o de Portugal no século XV. Com efeito, se, no caso galego, a presença da crónica universal em língua vulgar se faz notar sobretudo pela tradução quatrocentista de um rascunho da *General Estoria*, em Portugal coincidem a tradução da *General Estoria*, independente da versão galega, e a tradução da *Historia Scholastica*,

transmitida em dois testemunhos integrais. Considerando que a produção de histórias universais na Idade Média europeia insere-se, em grande medida, na reclamação ou refutação de identidades, justificações imperiais e invocações de direito histórico ao domínio sobre o território, visa-se compreender esta coexistência de projectos numa cronologia tão próxima e no círculo português.

Palavras chave: historiografia, crónicas universais, *Historia Scholastica*, *General Estoria*, traduções.

### Bibliografia

Afonso X (1963): *General Estoria. Versión Gallega del Siglo XIV* (ed. R. Martínez-López). Oviedo: Universidad de Oviedo, Facultad de Filosofía y Letras.

Castro, Joaquim Mendes de (1998): *Bíblia de Lamego. Estudo bíblico-literário*. Lamego (Ed. Autor).

Leite, Mariana (2012): *A General Estoria de Afonso X em Portugal: as múltiplas formas de recepção do texto alfonsino entre os séculos XIV e XVI*. Tese de doutoramento inédita. Porto: Universidade do Porto.

Leite, Mariana (2010): “Os testemunhos da tradução portuguesa da *Historia Scholastica* de Pedro Comestor: consequências ideológicas da selecção de fontes”, em *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 33, pp. 183-194.

S. Boaventura, Fortunato de (1929): “Histórias d'abreviado Testamento Velho”, em *Colecção de inéditos portugueses dos séculos XIV e XV*. Coimbra, Real Imprensa da Universidade (Facsimile: Porto, Edições Comemorativas dos Descobrimentos Portugueses, 1988).

### Biodata

Mariana Leite é investigadora em literaturas e culturas medievais ibéricas, especialmente Galego-portuguesa e Castelhana, dos séculos XII a XVI. Interessa-se pela historiografia universal na Idade Média e as suas manifestações em línguas vulgares, assunto de

pesquisa a que se tem dedicado nos últimos anos. Para o doutoramento, estudou as recepções da *General Estoria* de Afonso X em Portugal –desde as traduções fragmentárias às citações da obra castelhana em âmbito português. Actualmente, é bolsista de pós-doutoramento financiado pela FCT com um projecto sobre a *Historia Scholastica* de Pedro Comestor em Portugal. As suas publicações e comunicações revelam a abordagem interdisciplinar e compreensiva de cada um dos assuntos a que se dedica, nomeadamente pela consideração de fontes variadas e pela comparação entre contextos literários, culturais e linguísticos nem sempre avaliados em conjunto.

### Relatorio 31 (Sesión 11, D-01, 11:30h)

**O discurso historiográfico e a legitimação das identidades eclesiásticas na Galiza medieval: O rei Miro dos suevos e a diocese de Santiago de Compostela**

Joana GOMES  
Universidade do Porto, IF-SMELPS

A construção da identidade para manter ou atingir o poder é um procedimento habitual na Idade Média europeia e a produção textual e a apropriação de figuras régias do passado detinham um papel fundamental na prossecução deste objetivo. Esta comunicação pretende investigar como a escrita da história produzida por algumas instituições eclesiásticas medievais, se propõem a reinventar afiliações religiosas do passado por forma a apropriá-las e transformá-las em estratégias de legitimação dessas instituições. Propomo-nos a investigar as relações estabelecidas em crónicas e documentos entre a definição das fronteiras de dioceses do noroeste peninsular da diocese de Santiago de Compostela e uma figura régia da realeza sueva: o rei Teodomiro (570-582), considerado o responsável pela organização das dioceses do reino suevo no VI século, conhecida como *Divisio Theodomiro*. O trabalho terá como corpus o *Parrochiale Suevum* e crónicas e documentos da diocese de Santiago de Compostela (*Chronicon Iriense*, *Historia Compostellana* e

*Tumbo A*). O propósito é o de investigar de que forma estes textos abordam a história de Teodomiro com o objetivo de mostrar de que forma a reescrita do passado suevo está ligada à reinvenção da identidade religiosa da *Gallecia* por forma a conceder mais poder e autoridade aos conflitos que Santiago de Compostela mantinha naquele tempo com dioceses vizinhas.

Palavras chave: Theodomirus, Mirus, Santiago de Compostela, Braga, *Chronicon Iriense*, *Historia Compostellana*, *Tumbo A*, Galiza, século XII.

### Bibliografia

- David, Pierre (1947): *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIe siècle*. Lisboa / Paris: Portugália Editora / Societé d'Édition Les Belles Lettres.
- Díaz, Pablo (2013): *El reino suevo (411-585)*. Madrid: Akal.
- Falque, Emma (ed.) (1987): *Historia Compostellana. (Corpus Christianorum, Continuatio Medievalis, vol. LXX)*. Turnhout: Brepols
- García Álvarez, Manuel-Rubén (ed.) (1963): *El cronicon iriense. Estudio preliminar, edición crítica y notas históricas (Memorial histórico español, vol. L)*. Madrid: Maestre.
- López Alsina, Fernando (2015<sup>2</sup>): *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Universidade de Santiago de Compostela.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2014): "Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del Parroquial Suevo", *Hispania Sacra* 134, pp. 439-480.

### Biodata

Joana Gomes é investigadora do SMELPS (Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade), linha de investigação permanente do Instituto de Filosofia da Faculdade de Letras da Universidade do Porto. A sua investigação privilegia a área da historiografia medieval ibérica (séculos XI-XIV), onde tem

trabalhado sobre as representações de figuras régias e figuras femininas. Tem também trabalhos realizados sobre as relações entre a historiografia e documentação e sobre a tradução em contexto medieval, nomeadamente sobre a *Crónica do Mouro Rasis*. A sua tese de doutoramento (2017) versa sobre a representação da figura de Afonso VI na produção escrita do ocidente peninsular dos séculos XI e XII. Presentemente é bolsista do Projeto Georpad pela Universidade de Trás os Montes e alto Douro.

### Relatório 32 (Sesión 11, D-01, 12h)

#### A Galiza na historiografia e na literatura portuguesa dos séculos XV e XVI

Filipe Alves MOREIRA  
Universidade de Lisboa, CLEPUL  
Universidade do Porto, IF-SMELPS

Os séculos XV e XVI oferecem motivos de particular interesse para o estudo das imagens da Galiza e dos galegos em Portugal, tanto do ponto de vista histórico, como literário. Esta comunicação analisará, sistematizando-as, algumas dessas imagens, com base em textos genericamente classificáveis como historiográficos ou literários. Especial atenção será dada às crónicas, mas também a peças de teatro de ambiência não cortesã e a outros textos cuja produção e circulação não está, necessariamente, restrita às elites (como é o caso dos chamados «Livros de marinharia», produzidos por, e destinados a, marinheiros). Serão privilegiados os seguintes aspetos: o passado remoto da Galiza e de Portugal e a forma como esse passado é visto como argumento histórico para a criação de identidades próprias e diferenciadas; o papel estratégico da Galiza em momentos de confronto entre projetos políticos de aproximação, ou de separação, Portugal/Castela; características sociais ou psicológicas associadas aos galegos, incluindo o uso de expressões como «pariu aqui a galega!» (= «que confusão por aqui vai!»).

Palavras chave: literatura portuguesa do século XVI, historiografia portuguesa do século XVI, nacionalismo, iberismo.

#### Bibliografia

- Aseguinolaza, Fernando Cabo, Anxo Abuín Gonzalez e César Domínguez (coords.) (2010): *A comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula*. Amsterdam: John Benjamins B.V. / Association Internationale de Littérature Comparée, 2 vols.
- Canas, António (coord. da ed.) (2018): *Primeiros livros de marinharia e guerra marítima*. Col. «Obras pioneiras da Cultura Portuguesa». Lisboa: Círculo de Leitores.
- Fonseca, Luís Adão da (coord.) (2014): *Entre Portugal e a Galiza (sécs. XI-XVII). Um olhar peninsular sobre uma região histórica*. Porto: Fronteira do Caos.
- Moreira, Filipe Alves (2014): “Enquadramento da produção literária”, em L. Adão da Fonseca (coord.), *Entre Portugal e a Galiza (sécs. XI-XVII). Um olhar peninsular sobre uma região histórica*. Porto: Fronteira do Caos, pp. 405-412.
- Ramada Curto, Diogo (2007): *Cultura Escrita. Séculos XV a XVIII*. Lisboa: ICS.

#### Biodata

Doutorado em Literaturas e Culturas Românicas pela Faculdade de Letras da Universidade do Porto (2011), com uma tese sobre historiografia portuguesa dos séculos XV e XVI e respetivas fontes medievais. Foi responsável por um projeto de pós-doutoramento financiado pela FCT (2011-2017), sobre a tradição manuscrita das crónicas de Rui de Pina. É atualmente bolsista do CLEPUL, centro de investigação da Universidade de Lisboa, e colaborador do Instituto de Filosofia da Universidade do Porto e do Instituto de Estudos Medievais, da Universidade Nova de Lisboa. Os seus principais interesses de investigação são a historiografia portuguesa e castelhana dos séculos XIII-XVI, as representações do poder real e a crítica textual, áreas sobre as quais publicou já numerosos trabalhos (<https://up-pt.academia.edu/FilipeAlvesMoreira>). É, ou foi, membro de equipas de projetos de investigação, em Portugal e noutros países.

## Sesión 12 | Memoria histórica e literaria. Conflito e trauma (D-Multimedia)

### Relatorio 33 (11:30h)

**O manuscrito encontrado en Monfero: sobre o trobadorismo de X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez**

Giovanni BORRIERO

*Università degli Studi di Padova*

Aparecido en 1953, o *Cancioeiro de Monfero* constitúe unha hábil falsificación elaborada por X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. O poeta na introdución –construída sobre o tópico do manuscrito achado– declara que atopou un códice composto de 29 cantigas medievais (15 de amigo, 10 de escarnio e 4 de amor) transcritas no século XVII por Frei Ramón Pazos, atribuíbles a autores xa coñecidos (Pero Amigo, Fernand Esquíó) como tamén a rimadores descoñecidos no resto da tradición (Riandiño, Golparro): Álvarez Blázquez encárgase da edición de oito destas composicións. Forte da contextual experiencia acumulada como editor de textos medievais no primeiro volume dedicado á *Escolma de poesía galega* aparecido en 1953, o autor propón unha especie de homenaxe á dourada poesía medieval escrita en galego, homenaxe que non deixa de levar a engano a algún inadverto lector convencido da autenticidade da escolla. A operación ten seguramente un intento lúdico, mais é posible que a nova presentación da lírica medieval –na dupla declinación de preservación e ‘invención’ da memoria– esconda tamén nas pregaduras un discurso político: en pleno réxime franquista a publicación da *Escolma* e do *Cancioeiro* contribúen a repetir o centralismo histórico dun idioma que –contextualmente ás outras variedades lingüísticas de España– o franquismo provía damnificar e marxinar.

Palabras chave: X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, *Cancioeiro de Monfero*, neotrobadorismo, memoria literaria, réxime franquista.

### Bibliografía

Álvarez Blázquez, Xosé María (1952-1959): *Escolma de poesía galega*. Vigo: Galaxia

(Colección Pondal), 4 vols.: *I. Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)*. Edición, notas crítico-biográficas e glosario de X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. Limiar do prof. M. Rodrigues Lapa [1952]; *II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*. Ordeación, estudos e notas por X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez [1959]; *III. O Século XIX*. Edición, limiar e notas bibliográficas de F. Fernández del Riego [1957]; *IV. Os contemporáneos*. Edición, limiar e notas bio-bibliográficas de F. Fernández Del Riego [1955] (reprod. anast. dos vols. I-II: Vigo-[A Coruña], Galaxia-[Real Academia Galega], 2008; cf. tamén X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, *Escolma da poesía medieval* [1198-1354], Vigo, Castrelos, 1975 [«Pombal». Serie poética, 15]).

Álvarez Blázquez, Xosé María (1953): *Cancioeiro de Monfero (século XIII)*. Edición e limiar de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. Vigo: Edicións Monterrey.

Álvarez Blázquez, Xosé María (ed.) (1962): *Martin Codax: cantor del Mar de Vigo*. Vigo: [Asociación de la Prensa de Vigo] («Mar de Vigo», 2) [despois con Edición e fixación de textos de X. Ramón Pena, Vigo, Xerais / Concello de Vigo, 1998].

Real Academia Galega (2008): *Boletín de la Real Academia Galega* 369: I. Estudos e investigacións sobre Xosé María Álvarez Blázquez [...]; II Alocucións académicas sobre Xosé María Álvarez Blázquez no Día das Letras Galegas, pp. 5-245; 247-264 ([https://academia.gal/boletins-web/boletin.do?current\\_page=5&id=281](https://academia.gal/boletins-web/boletin.do?current_page=5&id=281)).

### Biodata

Giovanni Borriero é profesor asociado de Filoloxía e linguística romanza (Filoloxía e lingüística románica) (L-FIL-LET/09) pola Università degli Studi de Padova, onde ensina Filoloxía romanza e Filoloxía romanza 2. Director do Centro de Estudos Galegos, é codirector da serie “Finisterre” da colección «Lingue e letterature» (Linguas e literaturas) de Carocci e da revista *Francigena*; é ademais membro do consello científico de *Madrygal*. Licenciado en Letras (Filoloxía romanza) en 1993 e con doutoramento de investigación en Filoloxía románica e

italiana en 1997 na Università degli Studi de Padova e doutoramento de investigación en Langue et littérature médiévale no 2011 na Université de Poitiers en co-tutela coa Università degli Studi de Verona. Desenvolveu parte da súa formación no estranxeiro: en Francia (Paris 1991, Poitiers 1994, Paris 1998) e en España (Málaga 1993, Santiago de Compostela 2000 e 2001). Colaborou en proxectos de investigación nacionais e internacionais (TLlON, LIO, Transmédie, RIALFrI, CAO), resultando gañador da selección Progetti di Eccellenza (Proxectos de Excelencia) 2017 da Fondazione Cassa di Risparmio de Padova e Rovigo co proxecto "AtLiVe - Atlas of the Literature of Medieval Veneto". Foi relator en diversos convenios, congresos, seminarios de estudos en Italia (Bologna, Catania, L'Aquila, Padova, Pavia, Perugia, Pisa - Scuola Normale Superiore, Roma "La Sapienza", Venezia, Verona) e no estranxeiro (Genève, Greifswald, Helsinki, Lille, Poitiers, Vigo), organizando diversos eventos entre os que cómpre citar o I Seminario Internacional de Estudos Galegos (Padova 2012). Ensinou na Università degli Studi de Ferrara (Filologia romanza, 2005-2006), de Trieste (Filologia italiana, 2008-2009) e de Padova (Linguística romanza, 2001-2002; Lingua e literatura galegas, desde 2008-2009 ata 2015-2016; Filologia romanza 2, 2015-2016). Impartiu ciclos de seminarios, clases particulares en cursos universitarios e escolas de doutoramento en varias universidades (Padova, Perugia, Roma "La Sapienza", Verona). Ocupase –no ámbito medieval– da lírica (galego-portuguesa, occitana, italiana), do roman francés e de retórica, ademais da literatura galega contemporánea.

### Relatorio 34 (Sesión 12, D-Mult., 12h)

**Relatos de fuxida na literatura galega e portuguesa. Unha ollada comparada entre *Amigo Medo* e *Cinco días, Cinco noites***

María COLOM JIMÉNEZ  
*Universidad Complutense de Madrid*  
 Lidia LÓPEZ TEIXEIRO  
*Universidad Complutense de Madrid*

As fuxidas dun país a outro por motivos políticos e os periplos transfonteirizos teñen sido obxecto de representación literaria habitual. Dentro da literatura galega, autoras como Dolores Vilavedra teñen estudado estas producións no seu conxunto e os elementos que as adoitan caracterizar. Este traballo pretende analizar, desde a literatura comparada, as novelas curtas *Amigo Medo* de Xavier López Rodríguez e *Cinco días, Cinco Noites* de Manuel Tiago e a construción do espazo e o imaxinario galego-portugués nas mesmas, así como en relación a outras obras contemporáneas e os seus recursos narrativos.

Palabras chave: literatura comparada, fuxida, exilio, fronteira, Galicia, Portugal.

### Bibliografía

- Dotras Bravo, Alexia (2012): "Portugal como motivo temático e poético na literatura galega contemporánea", en O. Rodríguez-González, L. Carballo Piñeiro, B. Baltrusch (coords.), *Novas Achegas ao estudo da cultura galega II. Enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, pp. 137-150.
- Rocha, Clara Crabbé (2003): "A memória literaria da ditadura: autoridade, identidade, liberdade", *Ipotesi. Revista de Estudos Literários* (Universidade Federal Juiz de Fora, Programa de Pós-Graduação em Letras da UFJF), 7/2, pp. 29-39.
- Sapega, Ellen W. (1991): "O romance pos-revolucionário Português: propostas de uma nova construção do sujeito nacional", *Revista da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas* (Universidade Nova de Lisboa) 5, pp. 221-233.
- Vilavedra, Dolores (2011): "Guerra Civil y literatura gallega", *Revista Internacional de Estudios Vascos* 8, pp. 62-77.

### Biodata

María Colom Jiménez es Licenciada en Filología Inglesa (2009). Cursó el Master en Estudios Literarios en 2010 y es Doctora con Mención Europea y Premio Extraordinario

de Doctorado en Estudos Literarios (enero, 2016) por la Universidad Complutense de Madrid. Ha realizado estancias de investigación internacionais en la Universidad Libre de Bruselas, Universidad de Coimbra y en la Biblioteca Nacional de Portugal, donde realizou investigaciónes en el Espólio de Fernando Pessoa, facendo labores de transcripción y traducción de la obra juvenil de Pessoa escrita en lingua inglesa. Desde 2014 imparte docencia en el Minor de Portugués en el Grado de Linguas Modernas de la UCM y desde 2015 imparte también docencia en el Departamento de Inglés de ESNE (centro adscrito a la Universidad Camilo José Cela). Ha participado en proxectos investigación e innovación docente en la UCM y como ponente en numerosos congresos nacionais e internacionais. Como profesora invitada ha impartido talleres de escritura creativa en Coimbra, Lisboa y Madrid. Es editora de la asociación socio-cultural portuguesa A Atrévada y ha trabajado como traductora tanto a nivel académico como en empresas. Sus líneas de investigación principales son la Literatura comparada, Literatura anglo-americana, Literatura portuguesa, Modernismo, Eco-crítica, Escritura creativa y Traducción. En 2015 publicó el manual *Portugués para Torpes* (editorial Anaya) y ha publicado artículos de literatura comparada en las revistas *Miscelánea* y *Revista de Filología Románica*.

**Lidia López Teixeira** é Licenciada en Filoloxía galega e Filoloxía portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesora de ensino secundario, compatibiliza o seu traballo con docencia e actividades para persoas maiores. É membro do grupo ELLI (Educación Literaria y Literatura Infantil) da Universidade Complutense de Madrid. As súas áreas de interese son a educación literaria e as metodoloxías de ensino de linguas.

### Sesión 13 | Territorio. Espazos híbridos e non-lugares (D-04)

#### Relatorio 35 (11:30h)

#### A Illa de San Simón, do mito ao non-lugar

Carmen MEJÍA RUIZ  
Universidad Complutense de Madrid

Neste relatorio destacaremos a variedade de significacións da illa galega de San Simón, mitificada por Martín Codax como a illa do amor. A partir de asumir a illa como espazo-mítico faise unha revisión da presenza da illa na obra de diferentes autores como Julio Verne, Joaquín Dicenta e Vázquez Montalbán. Desenvolveremos a significación da illa da desmemoria coas obras de Manuel Rivas, Agustín Fernández Paz e Rexina Veiga, quen presentan un non-lugar, a illa-cárcere, que anula calquera signo identitario de liberdade individual e levan á significación da illa do pensamento, significado actual da Illa de San Simón.

Palabras chave: pluralidade semántica, Illa de San Simón, espazos híbridos, non-lugar.

#### Bibliografía

- Amoedo López, Gonzalo e Roberto Gil Moure (2007): *Episodios de terror durante a Guerra Civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón*. Vigo: Xerais.
- Auge, Marc (2009): *Los no lugares: espacios del anonimato: antropología de la modernidad*. Barcelona: Gedisa.
- Casado Fernández, Ana (2011): "El espacio urbano de La Habana como discurso: entre la historia y la memoria", *Ángulo Recto*. Revista de estudos sobre la ciudad como espacio plural 3/1, pp. 63-71.
- Gil Poisa, María (2013): "Los no-lugares de la memoria: Barcelona 1888-1929", *Ángulo Recto*. Revista de estudos sobre la ciudad como espacio plural 5/2, pp. 81-93.

#### Biodata

Carmen Mejía Ruiz é doutora en Filoloxía Románica e profesora titular de Filoloxía Románica da Universidade Complutense de Madrid. Dirixe o Centro de Estudos Galegos da Facultade de Filoloxía da UCM. Dirixe a Revista de *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* que edita a UCM co selo de calidade da FECYT desde xuño de 2016. É membro do Consello de redacción da *Revista de Filología Románica* (UCM), *Revista de*



*lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca* (UNED), *Ángulo Recto. Revista de estudios sobre la ciudad como espacio plural* (UCM) e *Revista de Investigaciones Feministas* (UCM), entre outras. Coordina o Programa de Doutoramento en “Estudios Feministas y de Género” do Instituto de Investigaciones Feministas da UCM. É Presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos desde abril de 2015. Destacan as seguintes monografías: *Transculturalidad e hibridismo en las literaturas ibéricas. Viajes, ciudades, poesía y exilios* (Florencia, Cesati, 2016), *Dos vidas y un exilio. Ramón de Valenzuela y M<sup>a</sup> Victoria Villaverde. Estudio y Antología* (Madrid, Editorial Complutense, 2011, dir.), *El oriente maravilloso y exótico. Dos relatos de viajes* (Bucarest, Cartea Universitara, 2007, coautora). É especialista no estudo da poesía galega comparada coa poesía peninsular, a literatura de viaxes, o exilio e a búsqueda de identidade, así como na literatura escrita por mulleres. Imparte docencia no Máster de Estudios Literarios da Facultade de Filoloxía da UCM sobre O exilio e a búsqueda de identidade e no Máster de Xénero do Instituto de Investigacións Feministas da UCM sobre Arte e literatura desde a perspectiva de xénero, así como no grao de Turismo sobre Literatura de viaxes. Premio “Pedrón de Honra” da *Fundación Pedrón de Ouro* (xuño 2016). Dama de Honor da Orde da Vieira (marzo 2018).

### Relatorio 36 (Sesión 13, D-04, 12h)

#### A memoria da cidade: Vigo na narrativa de Pedro Feijoo

Alba DIZ VILLANUEVA  
*Universidad Complutense de Madrid*

Nas novelas de trama policiaca de Pedro Feijoo ambientadas na cidade de Vigo, pódese apreciar un intento por subliñar, na escolla dos escenarios narrativos, o patrimonio arquitectónico da urbe e reivindicar o seu valor (histórico, cultural...). Por contra, hai unha clara vontade de denuncia das políticas urbanísticas levadas a cabo desde mediados do século XX, que supoñen,

cando non a destrución dese patrimonio, un atentado contra a estética urbana. No Vigo eminentemente hostil da súa narrativa, destacan certos lugares de memoria, vencellados a distintos acontecementos históricos da cidade, que resultan “rescatados” ao seren ficcionalizados. O obxectivo da comunicación é analizar o tratamento literario destes espazos, situados a medio camiño entre a ficción e unha historia que se tenta recuperar e actualizar mediante a escritura.

Palabras chave: cidade, memoria, patrimonio, Vigo, Feijoo.

#### Bibliografía

- Cunqueiro, Álvaro e Xosé María Álvarez Blázquez (coords.) (1979): *Vigo en su historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo.
- Feijoo, Pedro (2012): *Os fillos do mar*. Vigo: Xerais.
- Feijoo, Pedro (2017): *Os fillos do lume*. Vigo: Xerais.
- Feijoo, Pedro (2018): *Camiñar o Vigo vello. Un paseo pola historia da cidade*. Vigo: Xerais.
- Pereiro Alonso, José Luis (1981): *Desarrollo y deterioro urbano de la ciudad de Vigo*. Santiago de Compostela: Publicacións do COAG.

#### Biodata

Alba Diz Villanueva é licenciada en Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo. Realizou o Mestrado en Estudos Literarios na Universidad Complutense de Madrid, onde actualmente realiza a súa tese de doutoramento, titulada “El espacio urbano en la obra de Mircea Cărtărescu: historia y metáfora”, cun contrato de Formación do Profesorado Universitario do Ministerio de Educación. É membro do grupo de investigación complutense “La aventura de viajar y sus escrituras”, que estuda o espazo urbano na literatura e outras artes. Ten participado en congresos e seminarios de investigación nacionais e internacionais e publicado en volumes colectivos e revistas científicas.

## Sesión 14 | Memoria histórica. Conflicto e trauma (D-201)

### Relatorio 37 (D-201, 16:30h)

#### A invisibilización do trauma: o monumento "Las Dos Marías" en Compostela

John P. THOMPSON (coord.)  
Montana State University

"Las Dos Marías" é sen dúbida o monumento máis visitado en Santiago de Compostela. Nesta palestra argumentase que máis dun lugar de memoria, este monumento constitúe un lugar de desmemoria porque invisibiliza o trauma provocado polo fascismo que en Galiza triunfou en xullo de 1936. As Dúas Marías son Coralía e Maruxa, as irmás Fandiño. Represaliadas e perseguidas pola ditadura franquista, as décadas de humillacións e de penurias económicas afectáronlles, como sería de supor, aos seus comportamentos sociais. O monumento, elaborado por César Lombera, pretende "reivindicar a historia destas dúas irmás," mais como sucede en calquera representación de persoas no seu contexto histórico, existe unha posición ideolóxica que determina que elementos se lembran e que elementos se eliminan da representación. A historia que quer lembrar o monumento é o mito das Marías coquetonas cos rapaces dos institutos. No ronsel da construción da escultura aprecheron artigos xornalísticos e un documentario curto que mencionan as represalias que sufriron as mulleres, mais non existe aínda un estudo que expoña e examine a deturpación da memoria traumática que perpetúa o monumento. Esta distorsión provoca unha trivialización da causa republicana ao mesmo tempo que agocha os crimes cometidos polos fascistas.

Palabras chave: "Las Dos Marías", memoria histórica, lugares de memoria, trauma.

#### Bibliografía

Assmann, Aleida (2011): *Cultural Memory and Western Civilization: Functions, Media, Archives*. New York: Cambridge University Press.

Assman, Jan e John Czaplicka (1995): "Collective Memory and Cultural Identity", *New German Critique* 65, pp. 125-133.

Halbwachs, Maurice (1950): *La mémoire collective*. Paris: Presses universitaires de France.

Horowitz, Sara (2004): "Gender and Holocaust Representation", *Teaching Representation of the Holocaust*. Hirsch, Marianne y Irene Kacandes. New York: The Modern Language Association of America, pp. 110-122.

Lewintal, Celia (2012): "Un silencio a voces", en A. Miñarro e T. Morandi (eds.), *Trauma y transmisión: Efectos de la guerra del 36, la posguerra, la dictadura y la transición en la subjetividad de los ciudadanos*. Barcelona: Fundació CCSM / Xoroi Edicions, pp. 119-128.

McClintock, Anne (1990): "Imperial Ghosting and National Tragedy: Revenants from Hiroshima and Indian Country in the War on Terror", *PMLA* 129/4, pp. 819-829.

Nora, Pierre (1989): "Between Memory and History: Les Lieux de Mémoire", *Representations* 26 (edición especial titulada *Memory and Counter-Memory*), pp. 7-24.

Smith, Laurajane (2006): *Uses of Heritage*. New York: Routledge.

Valverde Gefaell, Clara (2014): *Desenterrar las palabras: Transmisión generacional del trauma de la violencia política del siglo XX en el Estado español*. Barcelona: Icaria editorial.

Vinyes, Ricard (ed.) (2009): "La memoria del Estado", en *El Estado y la memoria: gobiernos y ciudadanos frente a los traumas de la historia*. Barcelona: RBA Libros, pp. 23-66.

Winter, Ulrich (2005): "'Localizar a los muertos' y 'reconocer al otro': Lugares de memoria(s) en la cultura española contemporánea", en J. R. Resina e U. Winter (eds.), *Casa encantada. Lugares de memoria en la España constitucional (1978-2004)*. Frankfurt am Main: Iberoamericana Vervuert, pp. 17-39.

Young, James E. (1993): *The Texture of Memory: Holocaust Memorials and Meaning*. New Haven / London: Yale University Press.

## Biodata

John P. Thompson é profesor de Estudos Hispánicos da Universidade de Montana en EUA. Especialízase na memoria histórica. É autor do ensaio *As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galiza contemporánea* publicado en Galaxia en 2009. Pescuda desde entón sobre o patrimonio republicano; por unha banda, monumentos erixidos nos últimos vinte anos en homenaxe aos republicanos; por outra, lugares de represión como a praza de touros de Badaxoz que foron destruídos no posfranquismo. Pesquisa tamén sobre a arte activista como medio para envolver a mocidade na memoria histórica. Organizou co apoio do concello de Fene en xullo 2016 *Pinta Pasado, Crea Futuro* ([https://www.youtube.com/watch?v=iPhQe\\_fmgt4](https://www.youtube.com/watch?v=iPhQe_fmgt4)).

**Relatorio 38** (Sesión 14, D-201, 17h)

### A memoria da mina de Varilongo

Carmen BLANCO RAMOS

O obxectivo desta comunicación é a de salientar a importancia que tivo a memoria no traballo de investigación sobre o volframio en Varilongo. Ante a ausencia de fontes escritas, foi a memoria dos traballadores e traballadoras da roubeta e da Compañía Minera Celta, S.A, así como os que se dedicaban á compra e venda do volframio clandestino, os que encheron as distintas lagoas da época daquel universo mineiro. Cos seus relatorios recuperamos imaxes e palabras dignas dun estudo socio-histórico. Así soubemos das formas de vida da muller rural, da importancia que tiña traballar na mina para a economía familiar, das peculiaridades do traballo das mulleres na mina de Varilongo (nos lavadoiros...), da utilización dos nenos mineiros como man de obra barata, dos presos políticos camuflados e, sobre todo, do silencio. Ese silencio que non tivo cabida na memoria dos nosos e das nosas informantes.

Palabras chave: Memoria, Varilongo, universo mineiro, roubeta, volframio clandestino.

## Bibliografía

- Blanco Ramos, Carme (2016): *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963)*. Vigo: Xerais.
- Aróstegui, Julio (2004): *La historia vivida. Sobre la historia del presente*. Madrid: Alianza.
- Hayes, Carlton J. H. (1946): *Misión de guerra en España*. Madrid: Ediciones y publicaciones españolas, S.A.
- Hoare, Samuel (1977): *Embajador ante Franco en Misión Especial*. Madrid: Sedmay, S.A.
- Marco, Aurora (2011): *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Bertamiráns-Ames: Laiovento.

## Biodata

Carmen Blanco Ramos naceu en Vilar de Cértigos, Santa Comba (A Coruña), en 1957 e formouse académica e culturalmente en Madrid. Desde 2001 reside en Galicia. Publicou varios relatos e artigos de crítica literaria en *Madrygal*, *Revista de Estudios Gallegos* da facultade de Filoloxía na que cursou os seus estudos (Universidad Complutense de Madrid). Colaboracións da súa autoría foron publicadas nas revistas *A Freita*, *Grial*, *Ágora do Orellón* e *Andaina*. Participou nos libros colectivos *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa* (2000) e en *Extoto Corde. No oitenta aniversario de don Xesús Alonso Montero* (2009), así como na edición de *Pontevedra Literaria* (2007). De xeito individual publicou a novela *A golpe de dor* (2002). En 2016 publica *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963)*.

**Sesión 15 | Lingua, identidade e ensino**  
(D-204)

**Relatorio 39** (16:30h)

### Nas fontes da creación: tópicos culturais arredor da identidade galega

José Luis GARROSA GUDE  
IES José Hierro de Getafe (Madrid)

A fascinación da cultura popular galega por asuntos coma a bruxería ou o mundo do alén

e a presenza máis ou menos cotiá das prácticas máxicas naquela antiga sociedade tradicional acabaron constituindo un verdadeiro típico cultural, pois moitos consideraron (e consideran aínda) que este estereotipo é un trazo real que identifica a comunidade galega e que determina tamén as creacións dos seus naturais e mesmo dos seus descendentes. A partir desta idea, analizamos algúns dos xuízos emitidos sobre a obra de certos creadores (Gabriel García Márquez, Espido Freire, Nélica Piñón, Dolores Redondo, George A. Romero...), segundo os cales as súas características fundamentais veñen determinadas pola procedencia galega das súas familias de orixe. A miúdo esas supostas pegadas galegas teñen que ver co uso dunha imaxinación desbordante nas producións literarias ou cinematográficas, que é identificada como propia do pensamento dos oriúndos de Galicia e contraposta ao pretendido carácter realista da literatura e da cosmovisión hispánica, sobre todo a de raíces castelás. Algúns dos testemuños que imos analizar proceden de declaracións dos propios autores, que reivindicán (ou mesmo chegan a inventar) a súa liñaxe galega, pero moitos outros son máis ben froito de lugares comúns que se repiten nos xornais e que conforman e cuñan un típico de indubidable éxito popular.

Palabras chave: estereotipos, orixe galega, identidade, creación artística.

## Bibliografía

- González Couso, David (2011): *Os perfís galegos de Carmen Martín Gaité* (trad. Amelia Piñeiro). Noia: Toxosoutos.
- González Reigosa, Carlos (2013): *A Galicia máxica de García Márquez*. Xerais: Vigo.
- Herrero García, Miguel (1966): *Ideas de los españoles del siglo XVII*. Madrid: Gredos.

## Biodata

En 1997 licenciéime en Filoloxía Alemá na Universidad Complutense de Madrid e anos despois en Dereito pola UNED. Xa na Universidad de Alcalá, e en 2017, defendín a tese de doutoramento titulada *La literatura de*

*transmisión oral entre los jóvenes (autóctonos e inmigrantes) del sur de Madrid*, baixo a dirección do profesor José Manuel Pedrosa. Desde o curso 1999-2000 traballo como profesor de ensino secundario, da especialidade de Lingua Castelá e Literatura, na Comunidade de Madrid, tendo como destino definitivo desde o curso 2008-2009 o IES José Hierro de Getafe. Fóra do ámbito laboral, fun desenvolvendo unha actividade de investigación centrada en diferentes aspectos nos eidos da literatura comparada e da literatura de transmisión oral. Deste xeito, pronunciei conferencias en diversas universidades e institucións oficiais coma a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidad Complutense de Madrid, a Universidad de Alcalá, a Universidad Carlos III de Madrid, o Museo Etnográfico de Castilla y León de Zamora ou o Museo Provincial de Lugo. Á parte dos traballos que foron aparecendo en diferentes revistas españolas e estranxeiras, desde 2011 colaboro con artigos puntuais na revista diaria *Rinconete*, do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes. Finalmente, entre as miñas publicacións, podo salientar *La sirena de Alamares y otros cuentos populares portugueses*, unha antoloxía de relatos folclóricos de Portugal editados e traducidos por min, que foi publicada pola editorial Calambur en 2013.

## Relatorio 40 (Sesión 15, D-204, 17h)

**Aprendizaxe-Servizo: marco metodolóxico para unha proposta de creación de redes sociais dende a escola no Concello da Veiga (Ourense)**

Juan José CARRACEDO DOVAL  
*IES Miguel Catalán (Coslada, Madrid)*

Descríbese unha experiencia de éxito pedagóxico en Coslada (Madrid) baseada na metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo: alumnos de Cultura Clásica, Latín ou Grego da ESO ou Bacharelato fórmanse como guías do Museo Arqueolóxico Nacional para persoas maiores da localidade ou persoas con Alzheimer. A partir dos logros académicos e sociais deste tipo de experiencias, propoño posibles proxectos educativos que poden

axudar dende o colexio á creación ou consolidación de redes sociais no Concello da Veiga en Ourense, como paradigma de territorio despoboado, no que aproveitar os escasos recursos materiais e humanos convertérase nunha urxencia.

Palabras chave: Aprendizaxe-Servizo, educación, redes sociais, contacto interxeracional.

## Bibliografía

Carracedo Doval, Juan José (2017): "Convertir al alumnado en protagonista de un proyecto: visitas guiadas para mayores en el Museo Arqueológico Nacional", en C. González Vázquez e F. G. Hernández Muñoz, *Innovación docente en Clásicas en la Comunidad de Madrid: Enseñanza secundaria y Universidad: Actas del Congreso celebrado en la Universidad Complutense de Madrid (Facultad de Filología, 25 de enero de 2017)*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid, pp. 15-26 (<http://eprints.ucm.es/46107/>).

Red Española de Aprendizaje y Servicio: <https://aprendizajeservicio.net/>.

Uruñuela, Pedro (2018): *Metodología de Aprendizaje y Servicio, Aprender mejorando el mundo*. Madrid: Narcea.

Vicente Abad, Juan de, Juan José Carracedo Doval, María Jesús Luque Mendoza, Mar Cruz Mora e Elena Martín Ortega (2018): "Aprendizaje-servicio y personalización en el IES Miguel Catalán", en C. Coll (coord.), *La personalización del aprendizaje (Dosier Graó)*. Barcelona: Graó, pp. 64-67.

Zerbikas. Centro Promotor del Aprendizaje y Servicio Solidario en Euskadi: <http://www.zerbikas.es/>.

## Biodata

Licenciado en Filoloxía Clásica coa especialidade de Filoloxía Hebrea pola UCM e doutor no Programa de Doctorado de Estudos del Mundo Antigo da UCM e da UAM en 2017 cunha tese de Lingüística Indoeuropea. Colaborador dos primeiros números da revista *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* da UCM. De 1998 a 2006 investigador colaborador no Proxecto do profesor

Rodríguez Adrados *Diccionario Griego Español* do CSIC. Profesor de Secundaria dende 2002 na especialidade de Grego, no IES Miguel Catalán de Coslada dende 2012. Na actualidade, colaborador honorífico do Dpto. de Filología Griega y Lingüística Indoeuropea da UCM. Segundo premio Ulises de innovación educativa da SEEC Madrid en 2015 "Dido y Eneas: sombra de Virgilio en la ópera de Purcell" e primeiro premio Ulises de innovación educativa da SEEC Madrid en 2016 "Nuestros nietos de la ESO nos llevan al Museo Arqueológico Nacional". Membro do equipo "Generación-Inter" que gañou o primeiro premio 2016 da Red española de Aprendizaje y Servicio.

## Sesión 16 | Memoria e identidade. Influencias interculturais (D-04)

### Relatorio 41 (17:30h)

#### Sobre un tema ruso na poesía galega. Ramón Cabanillas e Nikolai Nekrasov

Elena ZERNOVA

*Sankt-Peterburgskiy gosudárstvenny univ.*

En 1924 Ramón Cabanillas publica no xornal *A Nosa Terra*, voceiro do movemento nacionalista galego, unha paráfrase do poema de Nikolai Nekrasov, unha das figuras máis emblemáticas da literatura clásica rusa, "A aldea esquecida", que máis tarde inclúe na segunda edición do libro *De terra asoballada*. Ao conservar o contido xeral e a idea principal do texto orixinal, o poeta galego cambia dun xeito substancial tanto a forma (número de estrofas, combinación de rimas, metro), como algúns detalles significativos de orde semántica do poema. Deste xeito, interpretando o texto de Nekrasov a través da súa propia visión artística e usando a forma poética que lle resulta familiar, Cabanillas en realidade crea unha obra diferente e nova, aínda que baseada na idea clave do orixinal. Neste relatorio preséntanse os resultados dunha análise filolóxica comparada dos textos ruso e galego do poema e invéstiganse as súas traducións a linguas francesa e española, que podían servir como fonte para a versión de Cabanillas.

Palabras clave: poesía galega, Cabanillas, Nekrasov, tradución.

## Biodata

Elena Zernova é doutora en Filoloxía española (1976) e profesora da Universidade Estatal de San Petersburgo desde 1976 até a actualidade. É autora de máis de oitenta publicacións científicas e ponente en máis de cincuenta congresos internacionais. Profesora visitante en varias universidades estranxeiras (España, Alemaña, México). Tamén é tradutora literaria do galego, español e catalán. Académica correspondente da Real Academia Galega, gañadora do Premio da Cultura Galega (2016), vicepresidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos (2015-2018), directora do Centro de Estudos Galegos da Universidade Estatal de San Petersburgo (que creou en 1993), editora da Antoloxía da Literatura Galega en ruso (vinte tomos publicados) e editora da Antoloxía da Literatura Catalá en ruso (dez tomos publicados). En 2014 foi condecorada con placa conmemorativa da Xunta de Galicia polo seu labor de tradutora e editora, e tamén con medalla de prata da Real Banda de Gaitas pola promoción da cultura galega.

### Relatorio 42 (Sesión 16, D-04, 18h)

## La presencia e influencia de Galicia en la obra de Carmen Martín Gaité

Mónica FUENTES DEL RÍO  
*Universidad Complutense de Madrid*

Esta comunicación analiza la presencia e influencia de Galicia y su cultura en la obra de Carmen Martín Gaité (1925-2000), en su teoría literaria o poética, expuesta en ensayos, críticas literarias, artículos periodísticos y cuadernos, y reflejada en su práctica ficcional, en especial, en su narrativa. La autora, perteneciente a la denominada generación del medio siglo, sentía una particular relación con Galicia y su cultura. De ascendencia gallega por parte materna, durante su infancia y primera juventud veraneaba con su familia en la aldea ourensana de San Lorenzo de Piñor.

Allí escribe sus primeros poemas y conoce las canciones gallegas, lo que influirá en su interés por los cancioneros galaico-portugueses para elaborar su tesis doctoral. En primer lugar, la influencia de Galicia y su cultura se refleja en su teoría literaria o poética. En concreto, en sus ideas sobre la concepción de la literatura, como las escasas fronteras entre el sueño y la realidad, la literatura y la vida, o el carácter mágico, maravilloso y fantástico del conjunto de su producción, que ella vinculaba a su ascendencia gallega y a su fascinación por Portugal y su literatura. En segundo lugar, Galicia, su literatura y su cultura son una de las influencias culturales de la autora, presente en sus distintas facetas creadoras. Martín Gaité fue ensayista, novelista, poeta, dramaturga, crítica literaria, traductora, investigadora histórica, guionista de series de televisión y cine, etc. En el conjunto de su producción están presentes numerosos escritores gallegos, en especial, Rosalía de Castro, Valle-Inclán, etc. Son algunas de sus influencias literarias, patentes en su literatura y también en su poética. Sobre ellos escribe en su obra ensayística y periodística, y los pone como ejemplo del arte de narrar en sus reflexiones sobre la escritura y la literatura. Por último, esta comunicación analizará la presencia de Galicia como material narrativo de sus cuentos y novelas, es decir, como motivo temático y como localización, con distinto grado de transformación literaria. En este sentido, la autora considera el lugar como uno de los puntos cardinales del arte de narrar, hasta el punto de configurar la narración y los diálogos.

Palabras clave: Carmen Martín Gaité, Galicia, literatura, poética, intertextualidad, cultura.

## Bibliografía

- González Couso, David (2009): "Carmen Martín Gaité y su geografía literaria", *Especulo. Revista de Estudios Literarios* 41 (<https://webs.ucm.es/info/especulo/numero41/cmgeoli.html>).
- González Couso, David (2014): "El tiempo de la incertidumbre. Notas para la lectura de *El pastel del diablo*, de Carmen

Martín Gaité", *Espéculo. Revista de Estudios Literarios* 52 ([http://webs.ucm.es/info/especulo/Carmen\\_Martin\\_Gaite\\_Especulo\\_52\\_2014\\_UCM.pdf](http://webs.ucm.es/info/especulo/Carmen_Martin_Gaite_Especulo_52_2014_UCM.pdf)).

Martín Gaité, Carmen (2002): "Galicia en mi literatura", *Pido la palabra*. Barcelona: Anagrama, pp. 122-137.

Martín Gaité, Carmen (2002): "Reflexiones sobre mi obra", *Pido la palabra*. Barcelona: Anagrama, pp. 247-265.

Martín Gaité, Carmen (2002): "Tiempo y lugar", *Pido la palabra*. Barcelona: Anagrama, pp. 386-403.

Martinell Gifre, Emma (1999): "Introducción", en C. Martín Gaité, *Cuéntame*. Madrid: Espasa Calpe, pp. 9-46.

## Biodata

Autora de la tesis doctoral "La concepción de la literatura en la obra de Carmen Martín Gaité: de la teoría literaria a la práctica ficcional. Un modelo comunicativo", inscrita en el departamento de Filología Española III, de la Facultad de Ciencias de la Información de la Universidad Complutense de Madrid, leída en 2016, con la obtención del título de Doctora y la calificación de sobresaliente *cum laude* (publicada en: <https://eprints.ucm.es/42366/>). Autora del estudio académico "El carácter lúdico de la literatura en la obra de Carmen Martín Gaité. El juego dialéctico entre lector y escritor", *Espéculo. Revista de Estudios Literarios*, núm. 57, 2016 ("Literatura y juego"), pp. 52-70 ([https://webs.ucm.es/info/especulo/Literatura\\_y\\_Juego\\_Especulo\\_57\\_UCM\\_2016.pdf](https://webs.ucm.es/info/especulo/Literatura_y_Juego_Especulo_57_UCM_2016.pdf)). Autora del libro *Aprender a escribir con Carmen Martín Gaité*, Madrid, Fragua 2018 (en fase de producción editorial). Profesora y editora especializada en recursos didácticos y formación on-line sobre innovación educativa para el profesorado de Educación Infantil, Primaria y Secundaria. Ha sido profesora de la Universidad Complutense de Madrid y ha impartido clase en diversos másteres e instituciones.

### Relatorio 43 (Sesión 16, D-04, 19h)

O legado cultural de Victorino Abente y Lago (1846-1935) no Paraguai: "el primer intérprete del sentimiento nacional"

Philip Duncan WEBB

Universidade de Santiago de Compostela

Esta contribución céntrase no patriarca dunha das máis distinguidas familias do Paraguai finisecular, e ademais unha figura imprescindible no desenvolvemento histórico das letras paraguaias: o emigrante galego Victorino Abente y Lago (1846-1935). Oriúndo de Muxía (A Coruña), Abente y Lago chegou inicialmente a Asunción como correspondente dun xornal bonaerense a finais da Guerra da Tripla Alianza (1864-1870). Como poeta e periodista, a súa obra posterior abarca diversos temas, como son a natureza, a política, a crítica de teatro, a relixión, a súa Galicia natal ou a propia nación paraguaiá. Esta presentación sinala a notable influencia que tivo Abente y Lago sobre a cultura e sociedade da súa patria adoptiva, ora como impulsor da corrente romántica que xurdiu na literatura paraguaiá da posguerra, ora como comentarista político e árbitro de gustos teatrais. Finalmente, analiza o lugar ocupado por Abente y Lago no panorama dos fluxos migratorios que experimentou o Paraguai a finais do século XIX.

Palabras chave: América, historia, cultura, emigración, poesía, Victorino Abente y Lago.

## Bibliografía

Abente y Lago, Victorino (1984): *Antología poética (1867-1926)*. Asunción: Litocolor.

Cardozo, Efraim (2007): *Apuntes de historia cultural del Paraguay*. Asunción: Servilibro.

Centurión, Carlos R. (1948): *Historia de las letras paraguayas*. Vol. II. Bos Aires: Asunción.

Pérez-Maricevich, Francisco, *et alii* (2010): *Historia cultural del Paraguay*. 2ª Parte. Asunción: El Lector.

Plá, Josefina (1985): *Españoles en la cultura del Paraguay*. Asunción: Araverá.

## Biodata

Licenciado en BA History and Hispanic Studies pola University of Birmingham (Reino Unido). No marco dun ano de intercambio

na Pontificia Universidad Católica Argentina, o investigador colaborou no arquivo histórico do Museo da Emigración Galega na Arxentina. Actualmente está preparando a súa tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela sobre a presenza de inmigrantes galegos no Paraguai a finais do século XIX e principios do XX. Relizou unha estada de investigación na Universidad Nacional de Asunción, coa axuda dunha bolsa 'Iberoamérica' do Banco Santander. É membro do grupo de investigación 'Histamérica' (GI-1661). Tamén traballa como docente de lingua inglesa na Coruña, e realiza tarefas de tradución.

#### Relatorio 44 (Sesión 16, D-04, 19:30h)

### ***Pinta Pasado, Crea Futuro: Un novo achegamento para recordar a Segunda República e o fascismo***

John P. THOMPSON  
*Montana State University*

O trauma que provocou o fascismo en España continúa a condicionar o país e a incentivar varias pescudas memorialistas a través da literatura, historiografía, historia oral, cinema e outros medios que facilitaron que moitos cidadáns atinxisen un entendemento obxectivo dos feitos históricos e unha conciencia verbo da influencia persistente do pasado sobre o presente. O activismo cívico progresista levado a cabo polas asociacións de memoria xogou un papel central na exhumación de foxas comúns e na divulgación dos feitos relacionados ás políticas de exterminación empregadas por Franco. As asociacións fixeron que a conmemoración entrase nas correntes principais da sociedade. Non obstante, a mocidade –a chamada cuarta xeración– aínda non demostrou que continuará os proxectos memorialistas agora levados a cabo pola terceira xeración. Os bisnetos da Guerra Civil envólense con moi pouca frecuencia nos actos conmemorativos, o cal produce unha situación que coloca a memoria republicana nunha encrucillada; ou os activistas da memoria toman medidas para envolveren a mocidade nas súas actividades ou os ideais

republicanos desaparecerán con bastante probabilidade na próxima xeración. A arte activista que emprega as premisas da pedagogía revolucionaria (crítica) pode fornecer un marco efectivo para atraer o interese da mocidade española na conmemoración da Segunda República e do trauma causado polo franquismo. En xullo 2016 coordinei o proxecto *Pinta Pasado, Crea Futuro*. Durante as primeiras dúas semanas os participantes, entre quince e dezaioito anos de idade, asistiron a conferencias interactivas dadas por unha variedade de individuos comprometidos coa causa republicana: testemuñas de primeira e segunda mao, socios de asociacións de memoria, profesores de instituto e escritores. Durante a segunda metade do proxecto os participantes pintaron un mural cuxas imaxes tiraron das conferencias e discusións. Este proxecto demostrou que a arte pode servir como unha actividade efectiva para incentivar a mocidade –tanto artística como non artística– a involucrarse no activismo memorialista. O proxecto final (o mural) é apenas importante na medida en que serve como símbolo republicano e como un recordo público da experiencia colaborativa que o xerou. Porén, o compoñente principal de *Pinta Pasado* foi o proceso de aprendizaxe, colaboración e creación. Utilizamos a arte como un pretexto, non como un fin en si propio. A experiencia abriu aos rapaces unha nova xanela para contemplar a Historia. O noso obxectivo era que eles se desen de conta de que o seu envolvimento na memoria histórica é de suma importancia e pode contribuír a crear unha sociedade máis democrática e máis xusta.

Palabras chave: memoria histórica, arte activista, pedagogía crítica, fascismo, franquismo.

#### **Bibliografía**

- Assmann, Aleida (2011): *Cultural Memory and Western Civilization: Functions, Media, Archives*. New York: Cambridge University Press.
- Assman, Jan e John Czaplicka (1995): "Collective Memory and Cultural Identity",



- New German Critique* 65, pp. 125-133.
- Felshin, Nina (1995): "Introduction", en *But Is It Art? The Spirit of Art as Activism*. Seattle: Bay Press, pp. 9-29.
- Freire, Paulo (2000): *Pedagogy of the Oppressed*. New York: Continuum.
- Helguera, Pedro (2011): *Education for Socially Engaged Art*. New York: Jorge Pinto Books.
- Horton, Miles (1998): *The Long Haul: An Autobiography*. New York: Teachers College Press.
- Gude, Olivia (1989): "An Aesthetics of Collaboration", *Art Journal Winter* 321-323.
- Lewintal, Celia (2012): "Un silencio a voces", en A. Miñarro e T. Morandi (eds.), *Trauma y transmisión: Efectos de la guerra del 36, la posguerra, la dictadura y la transición en la subjetividad de los ciudadanos*. Barcelona: Fundació CCSM / Xoroi Edicions, pp. 119-128.
- Shor, Ira e Paolo Freire (1987): *A Pedagogy of Liberation: Dialogues on Transforming Education*. South Hadley: Bergin & Garvey Publishers.
- Thompson, John P. (2016): "Pinta pasado e a memoria histórica", Radiofusión 28/07/2016 (<http://radiofusion.eu/manager.php?p=FichaNova&ID=19272>).
- Thompson, John P. (2017): *Pinta Pasado, Crea Futuro*. Editado por Colton Tash ([https://www.youtube.com/watch?v=iPhQe\\_fmgt4](https://www.youtube.com/watch?v=iPhQe_fmgt4)).
- Vinyes, Ricard (ed.) (2009): "La memoria del Estado", en *El Estado y la memoria: gobiernos y ciudadanos frente a los traumas de la historia*. Barcelona: RBA Libros, pp. 23-66.
- Winter, Ulrich (2005): "'Localizar a los muertos' y 'reconocer al otro': Lugares de memoria(s) en la cultura española contemporánea", en J. R. Resina e U. Winter (eds.), *Casa encantada. Lugares de memoria en la España constitucional (1978-2004)*. Frankfurt am Main: Iberoamericana-*na* Vervuert, pp. 17-39.

## Biodata

John P. Thompson é profesor de Estudos Hispánicos da Universidade de Montana en EUA. Especialízase na memoria histórica.

É autor do ensaio *As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galicia contemporánea* publicado en Galaxia en 2009. Pescuda desde entón sobre o patrimonio republicano; por unha banda, monumentos erixidos nos últimos vinte anos en homenaxe aos republicanos; por outra, lugares de represión como a praza de touros de Badaxoz que foron destruídos no posfranquismo. Pesquisa tamén sobre a arte activista como medio para envolver a mocidade na memoria histórica. Organizou co apoio do concello de Fene en xullo 2016 *Pinta Pasado, Crea Futuro*.

## Sesión 17 | Memoria histórica e identidade. Conflito e trauma (D-201)

### Relatorio 45 (D-201, 17:30h)

## A mímese da memoria na novela galega deste século

Diego RIVADULLA COSTA  
*Universidade da Coruña*

Desde comezos do século XXI e en diálogo co boom de memoria que se produce a nivel estatal, as novelas galegas que tematizan o pasado recente da guerra civil e o franquismo téñense multiplicado e especializado, constituindo o corpus da denominada "narrativa da memoria", un subxénero literario propio. É a nosa hipótese que un dos principais cambios que amosan os textos publicados a partir do 2000 –influidos polo debate público sobre a recuperación da memoria histórica– con respecto á produción memorialística anterior é que xa non só constitúen representacións máis ou menos realistas de acontecementos traumáticos relacionados co pasado franquista, senón que os propios procesos de rememoración –individual e colectiva– daqueles acontecementos xorden como un asunto central na propia diéxese narrativa. No presente traballo ocuparémonos de analizar esta tendencia da representación literaria da memoria ou "mímese da memoria" a través dunha serie de novelas galegas recentes.

Palabras chave: narrativa galega, memoria cultural, franquismo.

## Bibliografía

- Erl, Astrid (2011): *Memory in Culture*. Hampshire: Palgrave Macmillan.
- Hansen, Hans Lauge e Juan Carlos Cruz Suárez (2012): "Literatura y memoria cultural en España (2000-2010)", en H. Hansen e C. Suárez (eds.), *La memoria novelada. Vol. 1. Hibridación de géneros y metafiction en la novela española sobre la guerra civil y el franquismo (2000-2010)*. Berna: Peter Lang, pp. 21-42.
- Neumann, B. (2008): "The Literary Representation of Memory", en A. Erl e A. Nünning (eds.), *Cultural Memory Studies. An International and Interdisciplinary Handbook (Media and Cultural Memory 8)*. Berlín: Walter de Gruyter, pp. 333-343.
- Thompson, John (2009): *As novelas da memoria*. Vigo: Galaxia.
- Vilavedra, Dolores (2011): "Guerra Civil y literatura gallega", *Revista Internacional de Estudios Vascos 8*, pp. 62-77.

## Biodata

Diego Rivadulla Costa é Licenciado en Filoloxía Hispánica (2012) e Graduado en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios (2014) pola Universidade da Coruña, con premio extraordinario da UDC e da Comunidade Autónoma. Foi bolseiro de formación no Parlamento de Galicia e participou como investigador contratado no proxecto de investigación "Cronoloxía da literatura galega (1801-1900)" [FFI2012-37891]. Na actualidade é contratado predoctoral da Xunta de Galicia no Departamento de Letras da Universidade da Coruña, onde realiza a súa tese de doutoramento sobre a memoria do franquismo na narrativa galega actual. É membro do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) da UdC así como da Rede Internacional de Investigación e Aprendizaxe "Memoria y Narración".

### Relatorio 46 (Sesión 17, D-201, 18h)

**Tic-Tac de Suso de Toro: elementos para a representación artística da violencia na literatura galega contemporánea**

María Luisa BEL ORTEGA  
*Universidade de Vigo*

Partimos dunha análise da violencia como fenómeno estrutural, indirecto, exercido baixo a forma de desigualdade de carácter económico, político, social e cultural, nun modelo que aproxima as nocións de violencia e inxustiza. A análise do noso sistema literario cos seus condicionantes que o identifican e circunscriben, permiten construír unha posible fenomenoloxía de manifestacións literarias que contestan ao sentimento de aldraxe e maltrato percibido, recreando un camiño de resistencia cun imaxinario alegórico que vai do tradicional ámbito naturalista a un sentimento de perda propio dos tempos actuais que Suso de Toro recrea en *Tic Tac* por medio da idea de mutilación.

Palabras chave: literatura galega contemporánea, violencia estrutural, Suso de Toro, *Tic Tac*, mutilación.

## Bibliografía

- Arendt, Hannah (2005): *Sobre la violencia*. Madrid: Alianza editorial.
- Balibar, Étienne (2005 [1997]): *Violencias, Identidades y civilidad. Para una cultura global* (trad. L. Padilla). Barcelona: Gedisa.
- Beramendi, Justo G. (1997): "Sociedade, nación e política en Sarmiento e ilustrados galegos", en VV.AA. (eds.), *O padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, p. 388.
- Fletcher, Agnus (2002): *Alegoría. Teoría de un modo simbólico*. Madrid: Akal.
- Galtung, Johan (1971): "Violence, Peace and Peace Research", *Journal of Peace Research* 6/3, pp. 167-191.

## Biodata

Licenciada en Filoloxía Galega (Universidade da Coruña, 2005) e Filoloxía Hispánica (Universidade de Santiago de Compostela, 1988). Certificado de Aptitude Pedagóxica

(Universidade de Santiago, 1989). Diploma de Estudos Avanzados (Universidade da Coruña, 2010), Literatura e Construción da Identidade na Galiza. Experiencia profesional: 25 anos de docencia en ensinanza secundaria e formación para adultos: Iniciación e Perfeccionamento, Metodoloxía, Animación á lectura. Publicacións: crítica literaria de *Un millón de vacas*, en *El Ideal Gallego*, 16 de novembro de 1990. Curso: “Cadernos para a distancia”, INGABAD, curso 1993/94.

### Relatorio 47 (Sesión 17, D-201, 19h)

#### O estilo da memoria: corpo e trauma en Manuel Rivas e as súas traducións ao inglés

Laura LINARES FERNÁNDEZ  
*University College Cork*

Manuel Rivas é, sen dúbida, o autor galego máis representado no exterior. No mundo anglófono, conta con 7 do total de 32 libros en prosa (novelas, relatos e antoloxías) traducidos, polo que resulta unha figura clave na representación da literatura galega para os lectores nesta lingua. Este relatorio ten como obxectivo analizar tres das súas obras máis importantes no tratamento da memoria histórica: *O lapis do carpinteiro*, *Os libros arden mal* e *Que me queres amor?*, para entender como Rivas constrúe o seu mundo ficcional e a súa representación do trauma nas historias, como as obras están interconectadas estilisticamente e cal é o impacto da tradución na representación da memoria galega da Guerra Civil para os lectores anglófonos. Para isto, utilizarase unha metodoloxía baseada nos estudos de lingüística e estilística de corpus, que utiliza unha combinación de métodos cuantitativos e cualitativos para ofrecer novas perspectivas sobre os patróns de estilo de orixinais e traducións.

Palabras chave: memoria, trauma, tradución, estilística, corpus, Manuel Rivas.

#### Bibliografía

Mastropierro, Lorenzo e Michaela Mahlberg (2017): “Key words and translated cohesion in Lovecraft’s *At the Mountains of Madness* and one of its Italian transla-

tions”, *English Text Construction* 10/1, pp. 78-105.

Mastropierro, Lorenzo (2017): *Corpus Stylistics in Heart of Darkness and its Italian Translations*. London: Bloomsbury

Ribeiro de Menezes, Alison (2014): *Embodying Memory in Contemporary Spain*. New York: Palgrave Macmillan.

Romero, Eugenia (2009): “Popular literary lieux de mémoire and Galician identity in Manuel Rivas’s *En salvaxe compañía*”, *Bulletin of Hispanic Studies* 86, pp. 293-308.

Vilavedra, Dolores (2011): “La obra literaria de Manuel Rivas: Notas para una lectura Macrotectual”, *Romance Notes* 51/1, pp. 87-96.

#### Biodata

Laura Linares é estudante de doutoramento no Departamento de estudos españois, portugueses e latinoamericanos da Universidade de Cork. O seu proxecto céntrase na tradución e mediación da narrativa galega ao inglés e o impacto que ten a situación de asimetría entre ambas no proceso de tradución. Como investigadora, está interesada en tradución e ideoloxía, representación cultural, tradución en culturas periféricas e o papel da tradución na construción de identidades nun mundo global, ademais de na aplicación de metodoloxías de corpus ao estudo de traducións.

### Relatorio 48 (Sesión 17, D-201, 19:30h)

#### El teatro gallego y la censura franquista (1950-1970)

Óscar FERNÁNDEZ POZA  
*Universidad Complutense de Madrid*

En esta comunicación se presenta una propuesta de ordenación y lectura crítica de los documentos censores conservados en el Archivo de la Administración General (Alcalá de Henares, Madrid) sobre literatura dramática gallega entre las décadas de los cincuenta y sesenta, siendo los primeros testimonios que se conservan sobre las peticiones de representación en gallego. De los informes censores conservados en el

citado arquivo encontramos peticiones para representar a Rosalía de Castro, Eduardo Blanco Amor, Ricardo Carballo Calero, Alfonso Daniel R. Castelao o Álvaro Cunqueiro, así como también para subir a escena en gallego a autores de otras lenguas como Martí Mayol i Moragues o autores clásicos como Molière y Maccio Plauto Tito.

Palabras chave: teatro gallego contemporáneo, censura.

### Bibliografía

- Dasilva, Xosé Manuel (2013): "La traducción al gallego y la censura franquista", *Quædrens: Revista de traducción* 20, pp. 17-29.
- Dasilva, Xosé Manuel (2011): "Disparan contra a fala nosa... Álvaro Cunqueiro censurado polo franquís", *Grial* 192, pp. 32-41.
- Losada Castro, Basilio (1987): "Literatura gallega y censura franquista", *Diálogos hispánicos de Amsterdam* 5 (*Censura y literaturas peninsulares*), pp. 57-63.

### Biodata

Doctor en Filología Románica con la tesis doctoral sobre la obra dramática del autor catalán Avel·lí Artís i Balaguer, con el título "Avel·lí Artís i Balaguer (1881-1954), comediógrafo e impresor-editor. Entre la plenitud del cambio de siglo y el exilio". Es colaborador honorífico del Departamento de Estudios Románicos, Franceses, Italianos y Traducción de la Universidad Complutense de Madrid. En la actualidad es secretario de la *Revista de Filología Románica* de la UCM. Tiene como principales líneas de investigación: revistas literarias peninsulares, teatro catalán contemporáneo. Publicaciones: "Un primer acercamiento a la censura en el repertorio teatral catalán en el Archivo General de la Administración", *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca* 16 (2011), pp. 41-56; "Documentación censora del AGA sobre el teatro catalán (1940-1959)" (en prensa); "Posibles indicios del género de comedia ciudadana en *A man santiña* de Ramón Cabanillas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 18 (Núm. especial), pp. 201-209.

## Sesión 18 | Memoria, patrimonio e identidade (D-204)

### Relatorio 49 (17:30h)

#### Galiza vista por Archer Milton Huntington

María Teresa LÓPEZ FERNÁNDEZ

*Universidade da Coruña*

En 1898, Archer Milton Huntington publica *A Note-book in Northern Spain*, crónica de viaxes da que os capítulos iniciais están dedicados a Galiza e especialmente á Coruña e a Santiago de Compostela. Uns anos despois Huntington fundará a Hispanic Society of America, institución desde a que patrocinará a publicación de Georgiana Goddard King, *The way to Saint James* (1920) e as viaxes de Ruth Matilda Anderson a Galiza nos anos 20, primeiro co seu pai e logo en compañía de Frances Spalding. A imaxe de Galiza recollida no caderno de viaxes provén das impresións directas de Huntington mais tamén está filtrada pola lectura de referentes do rexionalismo, como Murguía, ou dos estudos xacobeos, como Fidel Fita e Aureliano Guerra. Esta imaxe de Galiza vai logo espellarse e completarse nalgúns dos poemas de Huntington recollidos en volumes como *Collected Verse* (1953). O obxectivo do relatorio é analizar os trazos da imaxe de Galiza de Huntington no marco do ollar dos viaxeiros/as anglosaxóns/as.

Palabras chave: literatura de viaxes, identidade galega, viaxeiros/as anglosaxóns/as, poesía norteamericana, Archer Milton Huntington.

### Bibliografía

- Codding, Mitchell A. (2000): "Archer Milton Huntington: Champion of Spain in the United States", en R. Kargan (ed.), *Spain in America: The Origins of Hispanism in the United States*. Urbana and Chicago: University of Illinois Press.
- García-Mazas, José (1962): *El poeta y la escultora: la España que Huntington conoció*. Madrid: Revista de Occidente.
- Huntington, Archer M. (1898): *A Notebook in Northern Spain*. New York / London: G.P. Putnam and Sons.

March, Kathleen N. (2011): "A Galiza dos séculos XIX e XX: a ollada anglosaxona", en C. Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros a na Galiza anterior a 1936*.

Proske, Beatrice Gilman (1965): *Archer Milton Huntington*. New York: Hispanic Society of America.

## Biodata

Profesora titular da área de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. O seu traballo de investigación está centrado na literatura galega contemporánea, especialmente no Rexurdimento, nas relacións entre a literatura medieval e a contemporánea e na poesía de vangarda no período 1916-1936. Entre as súas publicacións, destacan os volumes *Névoas de antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses na Galiza do século XIX* (1991), *O neotrobadorismo* (1997), *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda* (2000) e as edicións de *Rua 26. Diálogo limiar* (1996) de Álvaro Cunqueiro, *A costureira d'aldea* (2006) de Manuel Lugrís Freire e, en colaboración con Xoán López Viñas, *O frade das dúas almas* de Xosé Tobío Mayo (2010). Foi decana da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña (2007-2013) e na actualidade é directora do seu Departamento de Letras.

### Relatorio 50 (Sesión 18, D-204, 18h)

## De mapas e viaxes: un relato para debuxar a nación

Carme FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN  
Universidade da Coruña

Análizanse neste traballo varios exemplos do uso de mapas e de descrición de percursos polo territorio en textos literarios galegos do primeiro terzo do século XX (*Os camiños da vida, Arredor de si, Devalar...*), e pónense en relación con relatos de viaxes do mesmo período (*Pelerinaxes I*, artigos en publicacións periódicas...). Ao noso ver, a utilización daqueles motivos está intimamente relacionada co discurso ideolóxico que se presenta nos textos de carácter ensaístico que

se organizan a partir do tema da viaxe elaborados pola intelectualidade galega deste período, pois todos eles se articulan en torno á idea da construción / difusión do proxecto nacional.

Palabras chave: mapas, relatos de viaxe, identidade, construción nacional, literatura galega.

## Bibliografía

Allegue Leira, Alberto (2010): *As viaxes pola nosa terra e as razóns da súa escrita no primeiro terzo do século XX*. Tese de doutoramento. A Coruña: Universidade da Coruña.

Anderson, Benedict (1993 [1983]): *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*. México: Fondo de Cultura Económica.

Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2006): "A literatura de viaxes nos contextos de emerxencia literaria: o caso galego", en F. Salinas Portugal e M<sup>a</sup> A. T. Maleval (eds.), *Estudos Galego-Brasileiros 2*, pp. 365-388. A Coruña: Universidade da Coruña.

Kiberd, Declan (1996): *Inventing Ireland. The Literature of the Modern Nation*. London: Vintage.

Pratt, Mary Louise (1992): *Imperial Eyes. Travel Writing and Transculturation*. London / New York: Routledge.

## Biodata

Profesora titular na área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UdC. As súas liñas de investigación fundamentais céntranse no estudo da literatura galega e portuguesa dos séculos XIX e XX, así como das relacións entre os discursos literarios, culturais e políticos, nomeadamente entre identidade e construción nacional. Entre as súas publicacións pódense sinalar *A construción nacional no discurso narrativo de Ramón Otero Pedrayo* (Premio *Sempre en Galiza* de Ensaio 2002) e a edición crítica da peza *Figados de Tigre* de Francisco Gomes de Amorim. Dirixiu dous proxectos de investigación sobre a edición na Galiza durante o franquismo, un traballo aínda en marcha. Interesada nas posibilidades que as

novas tecnoloxías ofrecen para a difusión e produción cultural, outra liña de investigación en que traballa é a das Humanidades dixitais. O seu libro, *Bibliotecas Dixitais*, en colaboración con Angeles Saavedra, tamén se centra nesta temática.

### Relatorio 51 (Sesión 18, D-204, 19h)

#### Barriga Verde, a patrimonialización imposible do teatro popular de títeres

Comba CAMPOI GARCÍA  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Nos últimos anos, e seguindo tendencias similares noutros lugares de Europa, o personaxe galego de monifates ten sido albo de distintos esforzos para a súa preservación e recuperación patrimonial. As dificultades que o proceso presenta teñen que ver coa orixe marxinal desta expresión cultural, transmitida no seu momento por artistas ambulantes que percorrían as feiras do país, e que evitaron deixar pegada da súa autoría como forma de protexer o colectivo. O feito de constituír unha expresión cultural dos grupos subalternos dificulta inevitabelmente o rastrexo e a conseguinte recuperación. Por outra parte, cuestionárase a adecuación das estratexias habituais de patrimonialización, como a musealización e a catalogación, para este tipo de expresións da cultura popular. En definitiva, discutírase sobre a imposibilidade de patrimonializar a cultura popular, fronte á necesidade de reactivar expresións culturais coa apropiación polas novas xeracións como condición necesaria.

Palabras chave: cultura popular, resistencia simbólica, Barriga Verde, subalternidade, patrimonialización.

#### Bibliografía

- Bernardot, Marc (2011): "À la recherche des sans-trace: cultures, espaces et citoyennetés", en B. Galinon-Mélénec (dir), *L'Homme-trace. Perspectives anthropologiques des traces contemporaines*. Paris: CNRS Éditions, pp. 331-347.
- Davallon, Jean (2002): "Tradition, mémoire, patrimoine", en B. Schielle, *Patrimoines et*

*identités*. Québec: Multimonde, pp. 41-64.

Godinho, Paula (ed.) (2012): *Usos da memória e práticas do património*. Lisboa: Colibri.

Scott, James C. (1990): *Domination and the Arts of Resistance. Hidden transcripts*. New Haven / London: Yale University Press.

#### Biodata

Doutora en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela. Exerce a docencia na facultade de Humanidades da mesma universidade. Forma parte do grupo de investigación Cidadanía e Comunicación, co que participou en distintos proxectos relacionados coa comunicación e o desenvolvemento. As súas liñas de pesquisa teñen sido a comunicación das comunidades e dos grupos subalternos, o teatro como medio de comunicación e as culturas populares. Foi redactora da revista *Tempos Novos* e produciu, dirixiu e guionizou documentais de temática histórica, como *O novo Endem* (2007), *Memoria do Nacionalismo Galego* (2009) ou *Morreu o Demo, acabouse a peseta* (2011). En 2012 impulsou a creación da asociación Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego, que ten desenvolvido exposicións, publicacións ou mostras teatrais vinculadas á tradición europea de títeres.

### Relatorio 52 (Sesión 18, D-204, 19:30h)

#### O apoio galego a Unamuno cando foi desterrado a Fuerteventura

Raimundo GARCÍA PAZ

Nesta comunicación preténdese afondar nas amizades galegas de don Miguel de Unamuno nun período moi concreto. A Ditadura encabezada por Miguel Primo de Rivera desterrou a Miguel de Unamuno a Fuerteventura (Canarias) o 20 de febreiro de 1924. Obrigado a abandonar a súa familia, ademais da cátedra, decanato e vicerreitoría da Universidade de Salamanca, a situación do intelectual bilbaíno era certamente crítica aos seus 59 anos. Pese a iso, Unamuno foi recibido

con enorme hospitalidade en Canarias tres semanas despois. O seu anfitrión resultou ser Ramón Castañeyra Schamann, delegado insular en Fuerteventura do Goberno da Monarquía ata o ano anterior, pertencente a unha saga familiar orixinaria de Mondoñedo. A soberbia recepción dispensada a Unamuno foi premeditada, segundo o profesor Elías Rodríguez Rodríguez, falecido en xaneiro deste ano. Este investigador maiorero atribuíu ao médico que operou en Madrid a Victoria, irmá de Ramón Castañeyra, a solicitude de apoio para Unamuno neste transo. Rodríguez Rodríguez non desvelou a identidade do citado cirurxián. Pero sácanos de dúbidas unha carta a Unamuno datada en 1930, escrita polo Dr. Goyanes Capdevila, natural de Monforte de Lemos. Nela informa a Unamuno que Ramón Castañeyra Schamann reclamoulle xudicialmente miles de pesetas polos servizos prestados ao pensador do 98 en Fuerteventura. Ademais da común orixe galega, hai outra conexión probable entre os protagonistas desta historia. Trátase da proximidade á masonería, que foi moi activa en momentos de dificultade para Unamuno. Esta circunstancia, concomitante coa atención médica citada, podería explicar a excepcional benvinda prodigada ao egrexio escritor nas Illas Canarias en 1924.

Palabras chave: Fuerteventura, Galicia, Miguel de Unamuno y Jugo, José Goyanes Capdevila, Ramón Castañeyra Schamann.

## Bibliografía

- Castañeyra Schamann, Ramón (2003): *Cantares*. Fuerteventura: Cabildo Insular de Fuerteventura de Publicaciones.
- Entrevista a Elías Rodríguez Rodríguez (gravación) 01/11/2017, en *El rincón de Tamariche* (<https://elrincondetamariche.majore.ro.es/>)
- La Aurora. Semanario de intereses generales y de literatura*. Puerto de Cabras. (Fuerteventura). 1900-1906.
- Navarro Artilles, Servicio (1980): *Unamuno: artículos y discursos sobre Canarias*. Fuerteventura: Cabildo Insular de Fuerteventura de Publicaciones.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (ed.) (2000):

*Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Unamuno, Miguel de (1925): *De Fuerteventura a París: diario íntimo de confinamiento y destierro vertido en sonetos*. Manuscrito adquirido pola Biblioteca Nacional de España en 2009 (Ms. 23223), editado por primeira vez como libro por Excelisior en París en 1925 (<http://bdh.bne.es/bnsearch/detalle/bdh0000187080>).

## Biodata

Raimundo García Paz (Santiago de Compostela, 1954) estudou o Bacharelato no colexo Peleteiro da capital galega e no instituto Ramiro de Maeztu de Madrid. É licenciado en Dereito e Ciencias da Información (rama de Xornalismo) pola Universidade Complutense de Madrid. Director da revista *Autonomía Local* e xefe de prensa da Federación Española de Municipios y Provincias. Coordinador da revista *Economía Industrial* do Ministerio de Industria y Energía. Colaborador en *Antena Dominical, Blanco y Negro, Cuadernos para el Diálogo, El Socialista* e *Triunfo*, entre outras publicacións. Corresponsal de Economía de Radio Televisión Madrid, foi responsable desta sección nos Informativos de Telemadrid. Elixido presidente da Agrupación de Periodistas da UXT, foi nomeado conselleiro do "Bureau" da Federación Internacional de Periodistas e logo designado presidente da súa comisión para o Terceiro Mundo. Traballos de investigación: "Los colegios de periodistas en el mundo" (cadernos da Federación Internacional de Periodistas, Bruselas, vol. 35), "Borobó, biógrafo" (*Madrygal* 18 Vol. Especial, 2015).

**Sesión 19 | Memoria histórica, documentación e exilio (D-02)**

**Relatorio 53 (17:30h)**

**Artistas galegos exiliados e escritores descendentes de galegos na editorial Losada. Bos Aires, 1939-1948**

María Antonia PÉREZ RODRÍGUEZ  
*Universidade da Coruña*

A exposición centrase na participación de artistas exiliados de Galiza e de descendentes de emigrados dese país nos primeiros dez anos de Losada, unha editorial fundada e dirixida por outro galego que, ademais, era o seu propietario. Analizarase a contribución por parte dos nosos refuxiados ás publicacións desa editora no eido do deseño e ilustración dos libros que sacou do prelo (caso de Luís Seoane), no do ensaio e a plástica (Maruxa Mallo), no das relacións que mantiña coas revistas realizadas polos nosos desterrados (*De Mar a Mar*, *Correo Literario*) ou con outras nas que estes desempeñaban importantes funcións (*Cabalgata*), así como as concomitancias que podan existir entre o selo Losada e outros con coleccións fundadas ou dirixidas polos desterrados galegos. No que respecta aos descendentes dos nosos emigrados, estudarase a presenza nesa editora dos poetas Francisco Luís Bernárdez e González Carbalho nunha das súas prestixiosas coleccións adicadas á lírica, as relacións que a editorial Losada estableceu coa rede sociocultural da que formaban parte os nosos refuxiados en Bos Aires e tamén as que sostivo cos centros socio-asistenciais que eles fundaran desde décadas antes do comezo da guerra civil de 1936-39.

Palabras chave: refuxiados, editoriais, revistas do exilio, descendentes de emigrantes, Bos Aires, 1938-1948, Luís Seoane, Maruxa Mallo, Francisco Luís Bernárdez, González Carbalho.

### Bibliografía

- Diego, José Luis de (dir.) (2006): *Editores y políticas editoriales en Argentina (1890-2010)*. México: FCE.
- Editorial Losada (1948): *Catalogo*. Bos Aires.
- Gerhardt, Federico (2016): "Temas y autores y latinoamericanos en proyectos editoriales de los exiliados gallegos en Argentina durante la década de del cuarenta", *Kamchatka 7*, pp. 73-99.
- Gudino Kieffer, Eduardo (2002): *Editorial Losada. Una historia abierta*. Madrid: Losada.
- Gudino Kieffer, Eduardo (2004): *Losada. Gonzalo Losada, el editor que difundió el libro argentino en el mundo*. Bos Aires: Dunken.

### Biodata

María Antonia Pérez Rodríguez é profesora titular na facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña. A súa tese de doutoramento versou sobre Luís Seoane. Ten publicado diversos libros e artigos, asistido a congresos, simposios, e dirixido proxectos de investigación, etc. As súas liñas de investigación céntranse no estudo da pintura galega dos dous primeiros terzos do século XX e na recuperación e análise de textos icónicos e escritos editados en América polos exiliados galegos a raíz da guerra civil de 1936-39.

### Relatorio 54 (Sesión 19, D-02, 18h)

#### Estrategias del exilio de Maruja Mallo

Analía Álvarez González  
*Argentina*

Maruja Mallo vivió en Buenos Aires 25 años. Una red de relaciones del ámbito cultural y político y una sólida trayectoria artística y personal de exposiciones y amistades facilitaron su exilio. Dictó conferencias, escribió artículos y libros, ilustró, pintó cuadros, realizó exposiciones en diversas ciudades, fue escenógrafa y muralista. Sin embargo una de las obras artísticas por la que más se destacó fue el personaje que hizo crecer de ella misma, que no coincidía con el modelo femenino aceptado; hizo y dijo mas allá de lo permitido para las mujeres. Una persona libre, transgresora y creativa que participaba de las tertulias y reuniones de la alta sociedad porteña, mientras mantenía vínculos personales con exiliados y emigrantes republicanos. En Buenos Aires culminó su obra iniciada en Madrid antes del 37, que la definió como surrealista, desbordando el mundo de la pintura y haciendo arte y creación como una forma de vivir.

Palabras clave: Maruja Mallo, mujeres, exilio, arte, Buenos Aires.

### Bibliografía

- Álvarez González, Analía (2017): "Primeiras estratexias no exilio de Maruja Mallo",



*Cadernos de Estudos Xerais* 9/21. A. C. Ir-máns Suárez Picallo.

Diego, Estrella de (2008): *Maruja Mallo*. Madrid: Fundación Mapfre.

Meléndez, Amelia (2006): "Maruja Mallo entre artistas mujeres y arte femenino", en *VIII Jornadas Nacionales de Historia de las mujeres. III Congreso Iberoamericano de Estudios de Género. Universidad Nacional de Córdoba, Argentina, 25-28 de octubre de 2006*.

Ortuño, Bárbara (2010): *El exilio y la emigración española de posguerra en Buenos Aires, 1936-1956*. Alicante: Universidad de Alicante.

Pérez Rodríguez, María Antonia (2014): "Correspondencia Maruja Mallo-Alfonso Reyes (1938-1945). Edición anotada", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 17, pp. 81-98.

Ruido, María (2003): "Maruja Mallo. A construción dunha personaxe com práctica artística", en *Congreso sobre Maruja Mallo. Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Viveiro os días 24, 25 e 26 de outubro de 2002*, pp. 95-106.

## Biodata

Nacida en Buenos Aires de pais ourensáns. Licenciada en Bibliotecoloxía e Documentación pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires e Especialista en Xestión Cultural pola Universidade Nacional de San Martín. Participou da apertura da Biblioteca Galega de Bos Aires da Federación de Asociacións Galegas, da que foi a súa primeira bibliotecaria. Desempeñouse como Bibliotecaria e Xefa de Biblioteca en institucións educativas públicas e privadas. Participou da Comisión de Cultura do Centro Galicia de Bos Aires e doutras asociacións galegas.

**Sesión 20 | Patrimonio documental antigo e redes sociais (D-02)**

**Relatorio 55 (19h)**

**Estudo antroponímico da comunidade de Montederramo ao longo do século XV**

Paula BOUZAS

*Georg-August-Universität Göttingen*

Un dos importantes patrimonios da comunidade é a antroponimia, que reflicte a súa historia cultural e lingüística e que acaba constituíndo un elemento de identidade, individual e colectiva. Esta proposta consiste no estudo antroponímico da poboación que durante o século XV pertenceu ao couto de Montederramo (Ourense) e ten como obxectivo a descrición do sistema antroponímico que se proxecta na documentación. O estudo céntrase nos segundos e terceiros nomes, que serán descritos e clasificados tendo en conta a función que desempeñan na cadea onomástica, a súa etimoloxía e o seu valor semántico orixinal. Ademais de analizar os diferentes modelos combinatorios, veremos en qué medida estas formas manteñen aínda o seu carácter individualizador, se se percibe variación no sistema en función do xénero e se é posible detectar algunha evolución na estrutura das cadeas ao longo do século. Con este traballo espérase poder contribuir ao estudo do sistema antroponímico baixo-medieval galaico e achegar novos datos para entender a súa evolución.

Palabras chave: antroponimia, século XV, Montederramo.

## Bibliografía

Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 34, pp. 285-309.

Lorenzo, Ramón (2016): *Colección documental do mosteiro de Montederramo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

## Biodata

Titulada en Filoloxía Galega e doutorada en Lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela, é na actualidade docente no departamento de Lingüística Románica

na Universidade Georg-August de Göttingen (Alemaña). É autora da edición e estudo lingüístico dos documentos de Santo Estevo de Ribas de Sil pertencentes ao século XV, dos que está a preparar o correspondente estudo antroponímico.

### Relatorio 56 (Sesión 20, D-02, 19:30h)

#### O patrimonio documental de San Salvador de Chantada

Xosé MÉNDEZ PÉREZ  
*Chantada, Revista Alicerces*

Nesta comunicación preténdese mostrar o patrimonio documental do mosteiro de San Salvador de Chantada (Chantada, Lugo). Por unha parte, fálase da documentación máis antiga en pergameo recentemente editada, a súa caracterización e posibilidades de estudo: relacións co campesiñado, co Concello de Chantada, cos cabaleiros e escudeiros da contorna, nomeadamente coas liñaxes dos Temes, Taboada, Seixas, Conde de Monterroso e outras ramas menores como as de Ougea de Albán, Espinosa, Castenda, Varela, Forná, Moure ou Nogueira. Fálase tamén de como os recursos eclesiásticos irán alcanzando un indubidable protagonismo na época moderna, moitas veces entre as puxantes oligarquías urbanas, a xestión das igrexas de presentación e padroado, e outros particulares. Por outra parte, tamén se presentará a documentación en papel máis moderna, de suma importancia para coñecer a etapa posterior coa súa anexión a Valladolid, o Trienio Liberal e a desamortización mal chamada de Mendizábal.

Palabras chave: patrimonio documental, San Salvador de Chantada, relacións sociais.

#### Bibliografía

- Méndez Pérez, Xosé (2000): "El monasterio de San Salvador de Chantada en la ayuda de 'la guerra contra el turco'. La desmembración del coto de Brigos, dentro del proceso de expropiación, en tiempos de Felipe II", *Estudios Mindonienses* 16, pp. 293-371.
- Méndez Pérez, Xosé *et alii* (2016): *El monasterio de San Salvador de Chantada (Siglos XI- XVI). Historia y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento".
- Méndez Pérez, Xosé (2016): "Las últimas visitas del priorato de San Salvador de Chantada (Lugo) por los abades de Valladolid: edición y estudio", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, pp. 113-149.
- Méndez Pérez, Xosé (2017): "La familia de San Rosendo en la fundación del monasterio de Chantada", *Estudios Mindonienses* 23, pp. 125-182.

#### Biodata

Xosé Méndez (Lamela, Chantada, 1948) é licenciado en Teoloxía Pastoral pola Universidade Pontificia de Salamanca e licenciado en Ciencias Morais pola Universidade Pontificia de Comillas. Para alén da súa dilatada carreira como presbítero e de labor pastoral, é investigador consagrado, entre outros ámbitos, á historia xeral do mosteiro de San Salvador de Asma, do que é autor de numerosos traballos de investigación, entre os que destaca o recente monográfico titulado *El monasterio de San Salvador de Chantada (Siglos XI- XVI). Historia y documentos* (CSIC, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2016). Actualmente é director da revista *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio*.

# SESIÓN

## 12 SETEMBRO



## Panel 6 | Historia das mulleres. Feminismo

(D-201, 16:15h)

### Posturas pacifistas, propostas feministas e memoria histórica: As perspectivas de Mar Caldas, Sofía Casanova e Susana Sánchez Aríns

Silvia BERMÚDEZ (coord.)  
*University of California-Santa Barbara*

Asunción BERNÁRDEZ RODAL  
*Universidad Complutense de Madrid*

María Isabel GÓMEZ RODRÍGUEZ  
*Universidad Complutense de Madrid*

Este panel enfócase en tres creadoras galegas –que van desde Sofía Casanova a Susana Sánchez Aríns, pasando pola artista Mar Caldas– que cobren case un século de compromiso (1917-2015) con posturas éticas e políticas que buscan a solidariedade, o cuestionamento ás representacións fotográficas da muller e unha reflexión máis complexa da memoria histórica en Galicia e España. A memoria serve de eixo ás tres relatores, xa que en todos os casos atopámonos con reflexións que teñen en conta xa sexa a memoria xerada a partires de conflitos políticos ou sociais –a Primeira Guerra Mundial no caso de Sofía Casanova e da Guerra Civil e o franquismo no caso de Susana Sánchez Aríns– ou aquela que trata da utilización e creación do arquivo fotográfico que articula Mar Caldas.

Palabras chave: pacifismo, feminismo, memoria histórica, arquivo.

### I. Género e identidade en las fotografías de Mar Caldas (Silvia Bermúdez)

Esta ponencia evalúa la cuestión de la representación, con su poder de intervenir en las ideas, creencias y comportamientos de sociedades y sus sistemas legales, tal como se formula en las propuestas fotográficas de Mar Caldas (Vigo, 1964) de 1997 a 2008. El objetivo es resaltar la exploración y expansión que Caldas lleva a cabo de las intersecciones entre imagen e identidad de género.

### II. Sofía Casanova: Una reportera pacifista en la I Guerra Mundial (Asunción Bernárdez Rodal)

En esta ponencia argumento que Sofía Casanova fue lo que hoy podríamos denominar “pacifista”, porque se niega a considerar razonable cualquier postura que defienda la guerra como necesaria para el devenir humano. Para ella los conflictos bélicos son un producto de los hombres, de los gobiernos que permiten los “asesinatos colectivos legales” (1916: 36). Para ello me enfoco en las crónicas hechas desde Polonia y Rusia en los años iniciales de la I Guerra Mundial, y que fueron enseguida publicadas en un volumen recopilatorio, en 1916, bajo el título *De la guerra*.

### III. A literatura usurpadora: *Seique* e a memoria histórica (María Isabel Gómez Rodríguez)

*Seique*, a última obra de Susana Sánchez Aríns, supón un novidoso xeito de abordar o pasado común dos galegos e galegas cuxas familias viviron no período da Guerra Civil e do franquismo. Enfocando a escrita como un proceso de aceptación da historia familiar e o seu silencio, a autora sitúase nos ollos de parentes e veciños de diferentes bandos dende un texto que participa de varios xéneros literarios á vez, sen constituír unha novela ou poemario convencionais. *Seique* comparase con outras obras galegas e españolas que desenvolveron procedementos parellos de intercambio de punto de vista. É dicir, daqueles autores que faloron dende personaxes ideoloxicamente contrarios para intentar comprendelos. Identificáronse paralelismos e diferenzas narrativas nas producións destes escritores “usurpadores”, nome tomando da obra de Francisco Ayala *Los usurpadores*. O resultado contribuirá ao estudo das relacións entre a escrita literaria e a memoria histórica galega e española de forma conxunta.

### Bibliografía

Alonso Montero, Xesús e M. Villar (coords.) (2006): *Guerra Civil e literatura galega (1936-1939)*. Vigo: Xerais.

- Erell, Astrid (2011): *Memory in Culture* (trad. Sara B. Young). Houndmills, Basingstoke / New York: Palgrave Macmillan.
- Gadamer, Hans-Georg (1997): *Verdad y Método (I)*. Salamanca: Ed. Sigueme.
- Hirsch, Marianne (2012): *The Generation of Postmemory. Writing and Visual Culture After the Holocaust*. New York: Columbia University Press.
- Hooper, Kirsty (2011): *A Stranger in My Own Land: Sofía Casanova a Spanish Writer in the European Fin de Siecle*. Nashville: Vanderbilt University Press.
- Martínez Domínguez, Chus (2007): "Arte no Parque: ciclo de performance no CGAC", en *Chámalle X. III Jornadas de Arte de Acción da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo*. Santiago de Compostela: Centro Galego de Arte Contemporánea, pp. 131-156.
- Mondloch, Kate (2018): *A Capsule Aesthetic: Feminist Materialisms in New Media Art*. Minneapolis: University of Minnesota Press.
- Sánchez Aríns, Susana (2015): *Seique*. Santiago de Compostela: Através Editora (Col. Através das Letras 19).
- Arendt, Hannah (2008): *Eichmann en Jerusalén. Un estudio sobre la banalidad del mal*. Barcelona: Lumen.

## Biodata

**Silvia Bermúdez** es Catedrática en el Departamento de Español y Portugués de la Universidad de California-Santa Bárbara, donde imparte cursos y realiza trabajos de investigación en torno a los discursos de género en las literaturas ibéricas contemporáneas con especial énfasis en poetas galleg@s. También se enfoca en los estudios culturales, principalmente música popular española de los siglos XX y XXI. Bibliografía selecta: *Las dinámicas del deseo: subjetividad y lenguaje en la poesía española contemporánea* (1997), *From Stateless Nations to Post-national Spain/De Naciones sin estado a la España Postnacional* (2002, coed.), *La esfinge de la escritura: la poesía ética de Blanca Varela* (2005), *Spanish Popular Music Studies* (2009, *Journal of Spanish Cultural Studies* Núm. especial; coed.), *Mediterranean Matrix:*

*Memory, Migration, Movement* (2016, Núm. especial de *Journal of Mediterranean Studies*; coed.), *Rocking the Boat: Migration and Race in Contemporary Spanish Music* (2018).

**Asunción Bernárdez Rodal** es Doctora en Periodismo y Licenciada en Filología Hispánica. En la actualidad dirige el Instituto de Investigaciones Feministas en la Universidad Complutense de Madrid. En la misma institución es Profesora Titular de Comunicación y Género, Semiótica de los Medios de Masas y Teoría de la Información. Bibliografía selecta: "El viaje de Marina Abramovic y Lady Gaga a través de la hipermodernidad", *Investigaciones feministas: papeles de estudios de mujeres, feministas y de género 4* (2013), pp. 111-127; "Industrias culturales en España en los últimos diez años: estrategias de supervivencia de las mujeres profesionales en las artes escénicas en un período de crisis", *Anales de la Literatura Española Contemporánea 39/2* (2014), pp. 69-95; *Mujeres en medio(s): Propuestas para analizar la comunicación masiva con perspectiva de género* (2015, Madrid, Editorial Fundamentos); "Discursos y paradojas de la intermediación cultural: una práctica profesional entre la élite y la pobreza cultural", *Arteterapia. Papeles de arteterapia y educación artística para la inclusión social 10* (2015), pp. 247-268; "Los estudios universitarios feministas y con perspectiva de género en España (2010-2015)", *Revista de Comunicación de la SEECI 42* (2017), pp. 44-60. Más información: <https://www.ucm.es/asbernar/>.

**M<sup>a</sup> Isabel Gómez Rodríguez** (A Coruña, 1994) está graduada en Español: Lengua y Literatura por la Universidad Complutense de Madrid. Actualmente cursa el Máster de Estudios Literarios en la misma universidad y el grado de Estudios Ingleses: Lengua, Literatura y Cultura por la UNED. Forma parte de la asociación universitaria Mujeres Olvidadas desde el 2016 y del Centro de Estudios Galegos de la UCM desde 2014. Ha participado como ponente en la Universidad de Varsovia, en la Universidad Complutense y en la Universidad de Wrocław, y ha publicado distintas reseñas en *Madrygal. Revista de Estudos Galegos*.

## Panel 7 | Literatura infantil e xuvenil. Feminismo

(D-02, 16:15h)

### Pioneiras da Literatura infantil e xuvenil

Begoña REGUEIRO SALGADO (coord.)  
*Universidad Complutense de Madrid*

Alexia DOTRAS BRAVO  
*Instituto Politécnico de Bragança*

Marta NEIRA RODRÍGUEZ  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Montse PENA PRESAS  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Lidia LÓPEZ TEIXEIRO  
*Universidad Complutense de Madrid*

Desde os anos 40 até os 90 o contexto sociocultural e literario da LIX en galego e en feminino presenta, como todo o contexto sociocultural galego, unha serie de fitos en canais de expresión e situacións singulares. A análise destes fitos, especialmente desde os 70 coa apertura cultural e algúns apoios políticos, institucionais, divulgativos e dos medios, servirá como marco deste panel sobre pioneiras na LIX galega, no que se explorarán os vencellos que cinguiron feminismos e LIX no caso da literatura galega, e o xeito en que o feminismo influíu nos textos literarios infantoxuvenís. Así mesmo, dende esta perspectiva feminista, analizaráse a obra das mulleres pioneiras neste ámbito literario. En primeiro lugar, con especial atención ás entrevistas, a partir da análise de textos xornalísticos sobre mulleres escritoras con produción infantil e xuvenil en galego entre os anos 60 e 80, procurarase identificar a presenza de lugares comúns ou motivos recorrentes nestes traballos. A continuación estudarase a produción das autoras pioneiras, non só no caso das escritoras, senón tamén cunha aproximación ao labor das mulleres que comezaron a ilustrar obras en lingua galega para os máis novos, das tradutoras que verteron ao galego textos procedentes doutros sistemas literarios, e daquelas mulleres que exerceron a investigación e a crítica da Literatura infantil e xuvenil galega desde os seus inicios. Para

rematar, faremos unha análise minuciosa da obra infantil de Xohana Torres, unha das pioneiras mencionadas, que servirá para exemplificar o visto anteriormente.

Palabras chave: literatura infantil e xuvenil, pioneiras da LIX, LIX en feminino, feminismos, autoras, tradutoras, ilustradoras, investigadoras.

### I. Algunhas claves contextuais das circunstancias histórico-culturais das pioneiras na LIX (Alexia Dotras Bravo)

A literatura infantil e xuvenil galega desenvólvese no século XX e as mulleres autoras, como en todos os ámbitos do saber, destacan polo seu labor de resistencia, a contracorrente ou de actuación illada —e por iso destacada— na sociedade que lles tocou vivir. Desde a década dos 40 coas primeiras obras de Pura e Dora Vázquez, malia non ser todas en galego, até os anos 90, unha serie de autoras (as devanditas irmás, Xohana Torres, Úrsula Heinze, María Victoria Moreno, etc.) viviron nunha Galicia e nunha emigración que merece ser contextualizada desde a perspectiva teórica, sociocultural e literaria. Estes territorios transitados polas mulleres son marcados por posicións de resistencia á ditadura, como tantas outras manifestacións artísticas, polo simple feito de seren mulleres intelectuais e por dedicárense á literatura infantil e xuvenil en galego. Desde os setenta coa apertura cultural e os apoios políticos e institucionais, a LIX presenta, como todo o contexto sociocultural galego, unha serie de fitos en canais de expresión e situacións singulares que servirán como marco do panel sobre pioneiras na LIX galega.

### II. A pegada dos feminismos na LIX galega: das autoras pioneiras aos textos de hogaño (Montse Pena Presas)

O movemento feminista galego foi un dos primeiros ámbitos nos que a literatura infantil e xuvenil no idioma propio foi abordada de maneira crítica, xustamente porque a coeducación era unha das preocupacións principais das mulleres que integraban dito

movemento e os libros infantoxuvenís se entendían como interesantes instrumentos para acadar a igualdade nas aulas. Os obxectivos desta intervención son tentar explorar brevemente cales foron os vencellos que cinguiron feminismos e LIX, pescudar se as obras das autoras pioneiras influíron en obras literarias posteriores e, sobre todo, analizar como esta corrente social influíu nos textos literarios ao longo das catro etapas que teño enunciado noutros traballos (Pena 2014 e 2018): etapa inicial (1927-1980), etapa militante (1981-1989), etapa de xeralización de protagonistas nenas e mulleres (1990-2005) e etapa actual (2006-2010), a confluencia dos feminismos e outras subxectividade nas marxes. Cada un destes períodos será exemplificado cunha obra que se considere prototípica das pegadas que o movemento deixou nos textos, de maneira que se poida comprobar se o labor das autoras pioneiras –que serán abordadas polas outras compañeiras investigadoras neste panel– tamén calla nos textos posteriores.

### III. MinimizadAs. Autoras e discursos hexemónicos na LIX (Lidia López Teixeira)

A presenza e o tratamento desigual nos medios de comunicación das producións dos escritores e escritoras de LIX puido contribuir á invisibilización da obra feminina, a través de estratexias discursivas particulares. Con especial atención ás entrevistas, a partir da análise de textos xornalísticos sobre mulleres escritoras con produción infantil e xuvenil en galego entre os anos 60 e 80, procurarase identificar a presenza de lugares comúns ou motivos recorrentes nestes traballos, co fin de establecer, se for posible, comparación cos discursos sobre os seus homólogos masculinos e facer unha aproximación ás desigualdades entre un grupo e outro.

### IV. Autoras, ilustradoras, tradutoras e investigadoras pioneiras na LIX galega (Marta Neira Rodríguez)

Despois dun recordatorio breve do contexto no que se produciron os inicios da

Literatura infantil e xuvenil galega, esta achega detense na produción de autoras pioneiras non analizadas polo miúdo noutras intervencións deste panel. Así mesmo, aproximase ao labor das mulleres que comezaron a ilustrar obras en lingua galega para os máis novos e no das tradutoras que verteron ao galego textos procedentes doutros sistemas literarios. Finalmente, achégase ao papel daquelas mulleres que exerceron a investigación e a crítica da Literatura infantil e xuvenil galega desde os seus inicios.

### V. Do mar e as baleas. Unha achega a narrativa infantil de Xohana Torres (Begoña Regueiro Salgado)

A condición pioneira de Xohana Torres na literatura infantil e xuvenil non é algo novo e xa foi estudada por Montse Pena con anterioridade. Mesmo a temática da súa obra adulta foi minuciosamente analizada por Olga Novo. Porén, parece que a análise da súa obra infantil e xuvenil quedou por explorar, quizais por non ser considerado o mellor da súa produción. O que me propono neste traballo é facer unha análise minuciosa das dúas obras fundamentais da autora no campo da LIX, *Polo mar van as sardiñas* e *Pericles e a balea* tendo en conta o reflexo das súas preocupacións fundamentais e facendo especial fincapé no tratamento das figuras femininas.

### Bibliografía

- Blanco, Carmen (1991): *Literatura Galega da muller*. Vigo: Xerais.
- Neira Rodríguez, Marta, Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto López (2018): *As mulleres como axentes literarios na LIX do século XXI*. Vigo: Xerais.
- Pena Presas, Montse (2018): *Feminismo e Literatura Infantil en Galicia*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Pena Presas, Montse (2010): "A muller contra a marea. Xohana Torres, pioneira de literatura infantil galega" *Grial* 188/XLVIII, pp. 44-51.
- Queizán, María Xosé (coord.) (1988): *Festa da palabra silenciada*. Núm. 5. Nenas. Vigo.

Roig Rechou, Blanca-Ana. (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*. Vigo: Xerais.

Torres, Xohana (2004): *Polo mar van as sardiñas*.Vigo: Galaxia, Colección Árbore.

Torres, Xohana (1984): *Pericles e a balea*. Vigo: Galaxia, Colección A chalupa.

## Biodata

**Alexia Dotras Bravo** é licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galega, doutora en Literatura española pola Universidade de Vigo cunha tese sobre os conceptos de sanchificación e quixotización de Salvador de Madariaga. É máster en Literatura infantil e promoción da lectura pola Universidad de Castilla-La Mancha. Hai mais de seis anos que é profesora adxunta da Escola Superior de Educación de Bragança (Portugal). Publicou uns cincuenta traballos científicos en áreas da literatura española (cervantista e siglodorista), galega (especialmente comparada coa portuguesa), infantil (galega e castelá) e didáctica da literatura, canon escolar, clásicos para a infancia, etc.

**Montse Pena Presas** (Sada, 1981) é doutora e licenciada en Filoloxía Galega pola USC, onde imparte aulas na área de Didáctica da Lingua e da Literatura. Como investigadora está especializada en literatura infantil e xuvenil, educación literaria e estudos de xénero. Autora de diferentes materiais didácticos, dos ensaios divulgativos *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* (2013), *A voz insurrecta: María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* (2018) e de diferentes investigacións sobre Carlos Casares, Agustín Fernández Paz, Manuel María ou Xohana Torres, exerce tamén a crítica literaria en medios coma o *Faro de Vigo*, *Grial* ou a Radio Galega.

**Lidia López Teixeira** é licenciada en Filoloxía galega e Filoloxía portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesora de ensino secundario, compatibiliza o seu traballo con docencia e actividades para persoas maiores. É membro do grupo ELLI (Educación Literaria y Literatura Infantil) da Universidade Complutense de Madrid.

As súas áreas de interese son a educación literaria e as metodoloxías de ensino de linguas.

**Marta Neira Rodríguez** é licenciada en Filoloxía Galega e doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre Literatura infantil e xuvenil. Profesora na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e na Escola CEU de Maxisterio de Vigo-Universidade de Vigo. Secretaria da Rede Temática de Investigación “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI). Forma parte do persoal científico do ICE; é membro do Grupo de Investigación LITER21 (GI-1839) da USC e, ata 2012, tesoureira da Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil. ELOS, sección da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ). Participa nos proxectos “Bibliografía da Literatura Galega”, “Dicionarios de literatura”, “Informes de Literatura”, “Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil” e “Narrativa recuperada” do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, ademais doutros proxectos a nivel autonómico e estatal. Autora de monografías, artigos e recensións sobre Literatura e Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Entre estas publicacións atópase a súa participación na *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou.

**Begoña Regueiro Salgado** é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid coas especialidades de Literatura Española e Literatura Española do séc. XX, e co título de profundización en Lingua e Literatura Galegas. É doutora en Literatura Española, con mención de doutora europea, pola Universidade Complutense de Madrid, coa tese de doutoramento *La Poética del Segundo Romanticismo español*. Na actualidade é Profesora contratada doutora no departamento de Didáctica da Lingua e da Literatura da Facultade de Educación da Universidade Complutense de Madrid, onde imparte Literatura e Literatura Infantil, e dirixe o Grupo de Investigación



ELLI (Educación Literaria y Literatura Infantil). Ademais, é membro do Grupo Bilbao de poesía de expresión galega en Madrid. Publicou os poemarios *Alma soñada* (2010), *Diosas de barro* (2012) e *Versos de piel* (2016), e participou en antoloxías de poesía e relato breve en castelán e en galego como *Marés nos pousos de café* (2010), *Sonrisas del Sáhara* (2010), *Bilbao* (2012), *El crack de 2009* (2010) e *E Madrid foi unha praia de bañas entre néboas* (2011).

### Panel 8 | Novas tendencias literarias

(D-04, 16:15h)

#### Ecocrítica do movemento cultural arredor de Urbano Lugrís

Olivia RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (coord.)  
Universidade da Coruña

Ana ACUÑA TRABAZO  
Universidade de Vigo

Manuela PALACIOS GONZÁLEZ  
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras chave: ecocrítica, Urbano Lugrís, cultura popular, Galicia, mar, *In Nave Civitas*.

Examinarmos o vizoso fenómeno de cultura viva e popular que se está producindo nos últimos anos en relación coa obra dun pintor durante moito tempo esquecido, supón dar carta de natureza a un viveiro de creación e reflexión que conecta coas preocupacións da crítica actual. Desde o proxecto "Eco-ficcións: discursos emerxentes sobre muller e natureza en Galicia e Irlanda" (FEM2015-66937-P), propomos enfocar este fenómeno desde varios puntos: primeiro, a relación coa obra de literaria e pictórica de Urbano Lugrís González. En segundo lugar, o estudo ecocrítico do tema central no movemento como é a vivencia do mar polos homes e mulleres de Galicia: oficios mariñeiros, fontes populares e cultas para a historia da navegación marítima galega, motivos artísticos inspirados na fauna e flora dos mares galegos, etc. En terceiro lugar, presentaremos un mini-arquivo audiovisual do fenómeno cultural aínda en proceso de madurez e expansión.

#### Bibliografía

- AA.VV. (2017): *Lugrís. Paredes soñadas. Catálogo da Exposición* (comisario: Rubén Ventureira). A Coruña: A Fundación.
- Iglesias, Xosé (2014): *Transfusión oceánica*. Malpica: Caldeirón.
- Lugrís, Urbano (2008): *Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos*. Santiago de Compostela: Alvarellos (ed. Olivia Rodríguez)
- Lugrís, Urbano (2017): *El tesoro de Punta Herminia y otros textos sumergidos*. Santiago de Compostela: Alvarellos (ed. Olivia Rodríguez).
- Patiño, Antón (2007): *Urbano Lugrís (viaje ao corazón do océano)*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Puleo, Alicia H. (2013): *Ecofeminismo para otro mundo posible*. Madrid: Cátedra / Universitat de Valencia / Instituto de la Mujer.
- Rodríguez González, Olivia (2002): "A obra literaria de Urbano Lugrís", *Estudios Gallegos* (Univ. Barcelona) 21, pp. 1-10.
- Souto, Xurxo (2001): *Contos da Coruña*. Vigo: Xerais.
- Vakoch, Douglas A. (2014): *Feminist Ecocriticism. Environment, women and literature*. Lanham (Maryland): Lexington Books.

#### Biodata

**Olivia Rodríguez** é profesora titular de Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Universidade da Coruña. Doutora pola Universidade Complutense, é especialista en Vicente Risco, a cuxa obra narrativa dedicou a tese de doutoramento en 1993. Desde entón publicou dous libros, unha edición crítica de *O porco de pé*, máis unha vintena de traballos sobre este membro da Xeración Nós. Formou parte da directiva da ALEG (2003-09), editando xunto cos colegas dous libros a partir dos congresos internacionais de Salvador de Bahía e Galicia. Narratoloxía, Literatura comparada e Crítica literaria son liñas de investigación nas que produciu libros, capítulos de volumes colectivos e artigos en revistas como *Madrygal*, *1616*, *Anuario de Estudios Gallegos*, *Boletín da RAG*, *A Trabe de Ouro*, *La Tribuna*, *Quimera*, *Ínsula* etc.

**Ana Acuña** é Profesora Contratada Doutora no Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo. A maioría das súas investigacións (centradas no exilio e na emigración, na literatura popular de transmisión oral, no feito literario alofónico e nos escritores e escritoras vinculados á cidade de Pontevedra) encóntranse en publicacións periódicas e en volumes colectivos. Entre as súas obras destacan *Xoán Vidal. Voz e memoria* (2005), *Pontevedra literaria* (en coedición, 2007), *Os poetas galegos (1936): antoloxía consultada de Xosé Filgueira Valverde* (en coedición, 2008), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (ed. 2014) e *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)* (2014).

**Manuela Palacios** é Profesora Titular de Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu catro proxectos de investigación sobre as escritoras galegas e irlandesas actuais financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación e editou e coeditou varios libros sobre esta cuestión: *Pluriversos* (2003), *Palabras extremas* (2008), *Writing Bonds* (2009), *Creation, Publishing and Criticism* (2010), *To the Winds Our Sails* (2010), *Forked Tongues* (2012), *Six Galician Poets* (2016) e *Migrant Shores* (2017). Outras publicacións inclúen traducións de poesía e narrativa europea e árabe, monografías sobre as imaxes pictóricas na obra de Virginia Woolf, sobre Richard III de Shakespeare e artigos sobre ecocrítica.

## Sesión 21 | Patrimonio cultural: xestión e proxectos (D-01)

Relatorio 57 (11:30h)

### A xestión do patrimonio cultural en Galiza. Do *Códice Calixtino* ao Pazo de Meirás

Marta GONZÁLEZ SUÁREZ  
UNED / Art World Law

Neste relatorio presentamos unha aproximación á normativa implicada na xestión do patrimonio cultural en Galiza, tendo en conta o noso sistema de autonomías e a solapamento de disposicións que abranquen unha mesma realidade desde os distintos estamentos: estatal, autonómico e local. Neste sentido, o panorama normativo ofrece un campo abondo complexo que en ocasións require aclaracións, e aínda máis se temos en conta as recentes elaboracións conceptuais en materia de cultura no ámbito supranacional. A partir desta formulación xeral, descenderemos a tratar casos concretos que atinxen ao noso patrimonio e que afectan a distintos aspectos esenciais desde un punto de vista xurídico, tanto cuestións relativas á propiedade como asuntos referidos á protección, conservación e restitución dos nosos tesouros culturais. Nomeadamente, mencionaremos o caso do Pazo de Meirás e a recuperación do *Códice Calixtino* como exemplos prácticos para entendermos as regulacións existentes e o estado actual da cuestión.

Palabras chave: patrimonio cultural galego, normativa cultural, xestión do patrimonio cultural, cultura galega, Pazo de Meirás, *Códice Calixtino*.

### Bibliografía

- Babío Urkidi, Carlos e Manuel Pérez Lorenzo (2018<sup>2</sup>): *Meirás: un pazo, un caudillo, un espolio*. [Santiago de Compostela]: Fundación Galiza Sempre (2ª edición revisada).
- Prieto de Pedro, Jesús (1993): *Cultura, culturas y constitución*. Madrid: Congreso de los Diputados, Centro de Estudios Constitucionales.

García Fernández, Javier (1988): "Presupuestos jurídico-constitucionales de la legislación sobre Patrimonio Histórico", *Revista de Derecho Político* 27-28, pp. 181-212.

### Biodata

Marta González Suárez é avogada especializada en dereito cultural e xestora cultural. Actualmente traballa como Subdirectora da Feira de Arte Contemporánea *Art Madrid* ao tempo que desenvolve o seu doutoramento na UNED baixo o título "O negocio da arte e a protección dos bens culturais, unha achega desde o dereito internacional". Precisamente neste eido conta co libro *La diversidad cultural y el tráfico ilícito de bienes culturales* (UC3M, *Cuadernos de Derecho de la Cultura* 10, 2017) e con publicacións como "Restitution of Cultural Heritage in the European Directives: Towards and Enlargement of the Concept of 'Cultural Goods'" (*Art, Antiquities and Law XXIII/1*, 2018) ou "O panorama actual das industrias culturais galegas: as políticas públicas culturais" (*Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 18, 2015). Ademais dunha ampla experiencia en materia de xestión cultural con proxectos públicos e privados, destaca o seu labor como asesora xurídica nesta área a través da consultoría online Art World Law (<http://artworldlaw.com>), na que tamén mantén un blog (*AWL Bulletin*) sobre temas de actualidade relacionados co patrimonio.

Relatorio 58 (Sesión 21, D-01, 12h)

### Interreg III-Piloto 1. Lírica. Recuperando as esenciais: porque debemos e podemos presumir de país

Mariña ARBOR ALDEA  
Universidade de Santiago de Compostela

Desde que en 1823 Lord Ch. Stuart deu a coñecer o primeiro cancionero que copiaba parte do ata daquela descoñecido tesouro que é a lírica galego-portuguesa, os estudos sobre esta sucedéronse; non por acaso, a inxente bibliografía que hoxe está ó noso dispor comprende as sinaturas máis

excelsas dos ambientes académicos máis prestixiosos, desde a Roma de E. Monaci ata os vivísimos centros de investigación portugueses e galegos actuais, pasando pola Alemaña que viu nacer a C. Michaëlis ou a O. Nobiling, o Portugal no que escribiron J. J. Nunes ou M. Rodrigues Lapa, o Brasil de C. Ferreira da Cunha ou a América de H. H. Carter (Arbor Aldea 2013, 2017). Porén, fóra dos círculos académicos, a lírica galego-portuguesa é unha case total descoñecida. Con puntuais excepcións, nada sabe o gran público sobre os manuscritos que a copian, sobre as deleitosas *cantigas de amor*, *de amigo* e *de escarnio* que estes transmiten, e nada sabe, tampouco, dos seus autores, nin da sociedade que viu nacer e desenvolverse esta lírica, que xa se asentaba no solar galego máis de medio século antes de que a figura que constitúe o punto de referencia xeral para case todos, Afonso X, chegase ó trono (Monteagudo 2008, 2014; Souto Cabo 2012). *Cultura trobadoresca-Cistercium experientia (LÍRICA)*, Piloto I do macroproxeito *GEOARPAD - Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: Valoración e Innovación* nace, xustamente, para presentarlle á sociedade este inmenso e riquísimo legado, que debe situarse nun contexto político e nunhas coordenadas espazo-temporais moi concretos, e que debe vincularse a un patrimonio civil e relixioso dunha zona da Península Ibérica inmerecidamente deprimida, que comprende un amplo territorio que parte de Oseira e que chega ás terras de Melgaço. Queremos, así, volver ó berce da lírica que se desenvolveu no centro e occidente ibéricos entre os séculos XII e XIV e que estivo ó altísimo nivel da poesía que producían a galante Provenza, os selectos ambientes da doce Francia, a rexa Alemaña ou a requintada Italia.

Palabras chave: Interreg, Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Idade Media, Císter, lírica profana galego-portuguesa, política, sociedade, cultura, patrimonio.

## Bibliografía

- Arbor Aldea, Mariña (2013): “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I)”, *Revista Galega de Filoloxía* 14, pp. 11-41.
- Arbor Aldea, Mariña (2017): “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (II)”, *Revista Galega de Filoloxía* 18, pp. 11-47 (<https://doi.org/10.17979/rgf.2017.18.0.3178>).
- Arbor Aldea, Mariña e Carmen de Santiago Gómez (2018): “*LÍRICA* ou como (re)visitar a Idade Media: Poesía, Historia e Arte como experiencias turísticas”, comunicación presentada no *XII Colóquio da Secção Portuguesa da Associação Hispânica de Literatura Medieval O Medievalismo no século XXI (Santarém, 21-22 de junho de 2018)*.
- Monteagudo, Henrique (2008): *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Monteagudo, Henrique (2014): *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII. A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Sarmento. Os trobadores Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayán*. Noia: Toxosoutos.
- Souto Cabo, José António (2012): *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximación ás orixens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense.

## Biodata

Graduada en Filoloxía Hispánica, Licenciada e Doutora en Filoloxía Románica, Premio Extraordinario de Licenciatura, Premio Extraordinario de Doutoramento e Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica. Os seus traballos versan, fundamentalmente, sobre codicoloxía, crítica textual, métrica e literatura medieval, con particular atención á lírica profana galego-portuguesa. Entre as súas publicacións salientan as dedicadas ao Cancioneiro da Ajuda e ao Pergamiño Vindel, aquelas en que se editan autores ou textos particulares, as que, partindo da análise da *varia lectio*, extraen

principios teóricos que contribúen á fixación do texto crítico das cantigas ou á definición das súas características métricas, e as dedicadas aos estudos ecdóticos que toman a lírica medieval como obxecto e á difusión e recepción da literatura e á formación do canon. Estableceu unha sólida rede de relacións no exterior, que se plasmou en diversos proxectos de investigación, no seu ingreso na Xunta directiva da Asociación Convivio para el estudio de los Cancioneros, na Secretaría de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, no grupo de avaliadores de revistas do prestixio de *La Corónica*, no equipo que elabora PhiloBiblon ou no acceso á Secretaría-Tesourería da Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Máis información: <http://www.usc.es/filrom/staff/marina-arbor-aldea/>.

## Sesión 22 | Literatura infantil e xuvenil: memoria e tradución (D-Multimedia)

### Relatorio 59 (11:30h)

#### A censura e a literatura infantil e xuvenil galega: algunhas consideracións sobre os comportamentos censores

Montse PENA PRESAS

Universidade de Santiago de Compostela

Pouco se ten afondado, ata o momento, no tratamento que se lle deu ás obras de literatura infantil e xuvenil galega por parte dos censores. A análise dalgúns dos expedientes de censura destas permiten comprobar como as persoas encargadas de revisar estas obras interpretaron o seu contido, mais, sobre todo, como minusvaloraron este, deixando pasar textos, como *Memorias dun neno labrego* (1961, primeira en España de 1968) de Xosé Neira Vilas, *Os soños na gaiola* (1968) de Manuel María, *A galiña azul* (1968) e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973) de Carlos Casares, ou *Mar adiante* (1973) de María Victoria Moreno, con elementos certamente subversivos o para o momento sen ningún tipo de modificación. Así, a análise dos puntos máis incómodos para o Réxime destas obras e o contraste cos seus respectivos expedientes de censura

permitirán achegar algunhas claves da consideración que neste momento existía da LIX en España e, en concreto, do tratamento que tiñan os textos galegos por parte dos organismos censores.

Palabras chave: censura, Neira Vilas, Carlos Casares, María Victoria Moreno, Manuel María.

#### Bibliografía

Pena Presas, Montse (2018): *A voz insurrecta: María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.

Pena Presas, Montse (2018, no prelo): *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Pena Presas, Montse (2017): "Unha Galicia que vai no sentimento. Claves para unha nova lectura d'*Os soños na gaiola*", en M. M<sup>a</sup> Fernández Teixeira, *Os soños na gaiola* (edición facsimilar). A Coruña / Lugo: Casa Museo Manuel María, Deputación de Lugo / Deputación da Coruña.

Pena Presas, Montse (2017): "O mundo era unha laranxa: tolerancia, fantasía e humor n'*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*", C. Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Pena Presas, Montse (2016): "Movemento feminista e literatura infantil en Galicia: unha cartografía", *Abriu* 5, pp. 97-106.

#### Biodata

Montse Pena Presas (Sada, 1981) é doutora e licenciada en Filoloxía Galega pola USC, onde imparte aulas na área de Didáctica da Lingua e da Literatura. Como investigadora está especializada en literatura infantil e xuvenil, educación literaria e estudos de xénero. Autora de diferentes materiais didácticos, dos ensaios divulgativos *Un chapeu negro e un nariz de pallaço. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* (2013), *A voz insurrecta: María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* (2018) e de diferentes investigacións sobre Carlos Casares, Agustín Fernández Paz,

Manuel María ou Xohana Torres, exerce tamén a crítica literaria en medios coma o *Faro de Vigo*, *Grial* ou a Radio Galega.

### Relatorio 60 (Sesión 22, D-Mult., 12h)

#### O proxecto Kalandraka: importación e exportación de LIX

Sara BARÁ LOURO  
*Universidade de Vigo*

A editorial Kalandraka nace no ano 1998 para marcar un antes e un despois na edición de álbum ilustrado en Galiza. Xa dende os inicios se produce importación de autoría foránea e, a partir do ano 2000, a editora comeza a súa proxección cara ao exterior até a actualidade. Trátase, xa que logo, dun caso representativo da exportación e importación de literatura infantil e xuvenil en Galiza. Ademais de efectuar unha análise do impacto deste proxecto no marco do sistema literario galego mediante datos fiables, centrámonos no estudo do seu catálogo de obra traducida para dar a coñecer cal é o circuíto de importación-exportación dese proxecto cultural que xa conta con presenza relevante no mercado editorial internacional.

Palabras chave: literatura infantil e xuvenil, tradución, álbum ilustrado, exportación, importación.

#### Bibliografía

- Domínguez Pérez, Mónica (2008): "As primeiras traducións de literatura infantil e xuvenil ao galego: normas de tradución, difusión e recepción", *Boletín Galego de Literatura* 39/40, pp. 37-60 (<http://hdl.handle.net/10347/7587>).
- Galanés Santos, Iolanda, Ana Luna Alonso, Silvia Montero Küpper, Áurea Fernández Rodríguez (2016): *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Comares.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.) (2015): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Vigo: Xerais.
- Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel Soto López, Marta Neira Rodríguez (2011): *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)*. Vigo: Xerais.

#### Biodata

Graduada en Tradución e Interpretación (Español-Inglés) pola Universidade de Vigo (2011-15). Estadiá Erasmus na University of Liverpool (2013). Mestrado en Formación para o Profesorado pola Universidade de Vigo (2015-16). Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional pola Universidade de Vigo (2017-18). Traxectoria laboral: Bolseira de formación na Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, Profesora de Lingua Galega e Literatura no Ensino Secundario. Na actualidade está a realizar unha tese de doutoramento sobre tradución e xénero no marco do programa de doutoramento da Universidade de Vigo en Tradución e Paratradución.

### Sesión 23 | Historia das mulleres. Feminismo (D-02)

#### Relatorio 61 (11:30h)

*Heiche de tocar as cunchas ao son da miña gaitiña. A construción da imaxe feminina nas coplas da música tradicional galega*

Esther IGLESIAS TABOADA  
*Universidade de Santiago de Compostela*

A literatura popular galega, principalmente as coplas da música tradicional, presentan implícita e explicitamente un importante contido sexual desde o que se poden construír diversas imaxes. Esta proposta procura dar conta da creación dunha desas múltiples imaxes, a imaxe feminina tradicional. Cun enfoque teórico situado no marco da Análise do discurso, lévase a cabo unha análise pormenorizada das coplas da música popular galega con presenza da sexualidade, centrándose fundamentalmente na análise daquelas coplas onde esta sexualidade se mostre a través de metáforas. O corpus sobre o que versa a análise é o primeiro tomo do *Cancioneiro popular galego* de D. Schubarth e A. Santamarina (1984), do que se extraeron para analizar aquelas coplas que presentasen contido sexual (implícito ou explícito) co fin de acadar o obxectivo principal do traballo, aprender e comprender desde a sexualidade presente na música

popular galega como se construíu e como era a imaxe feminina tradicional.

Palabras chave: imaxe, muller, tradición, galega, discurso.

### Bibliografía

- Dijk, Teun Adrianus van e Elsa Ghio (2011): *Sociedad y Discurso: Cómo influyen los contextos sociales sobre el texto y la conversación*. Barcelona: Gedisa.
- Koller, Veronika (2011): "Analyzing metaphor and gender in discourse", *Cahiers du Centre d'Etudes Linguistiques* 3, pp. 125-158.
- Mariño Ferro, Xosé Ramón (1995): *O sexo na poesía popular*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Mills, Sara (2008): *Language and sexism*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Schubarth, Dorothe e Antón Santamarina (1984): *Cancioneiro Popular Galego* (Tomo 1, Volume 2). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

### Biodata

Graduada en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela (2013-17). Bolseira de colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela (curso 2016-17). Estudante do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Especialidade Linguas e Literaturas (curso 2017-18).

### Relatorio 62 (Sesión 23, D-02, 12h)

#### O Brasil como alegoría na obra de Daniel Asorey: o elo ficcional entre as mulleres galegas e sertanejas

Thayane Gaspar JORGE  
*Universidade Estadual do Rio de Janeiro*

A Galiza sempre tivo as súas fronteiras diluídas por conta dunha particularidade histórica sintomática do século XIX: a emigración. Con boa parte dos galegos e galegas

espallados polo mundo, na Galiza acabou por decartarse os seus territorios veciños ou os territorios do alén-mar como aliados, modelos ou como as súas "segundas casas". A Galiza non construíu o seu nacionalismo voltado para si, como a maioría das nacións, mais a partir dos ollos que espreitan o que hai do lado de fóra, a través da irmandade coas nacións célticas, principalmente a Irlanda. Esa postura de quen se expande como se o mar, elemento tan prezado para a cultura e para todo o imaxinario galego, tivese varandas o destino sería o Brasil, como dicían os versos rosalianos. E é exactamente este o destino de Mathilda, emigrante galega na novela *Nordeste*, do compostelano Daniel Asorey. Mathilda simboliza São Paulo, cidade brasileira que, ao lado das metrópoles do Rio de Janeiro e Salvador, compón a triade con maior número de galegos emigrados. Nesta novela, o Brasil non é o destino de galegos e galegas que necesitan cruzar o Atlántico en busca de mellores condicións, os estados da terra verde e amarela, São Paulo, Rio Grande do Norte e Bahia son colonias da república galega ficticia presidida por Castelao. O soño da república tórnase real grazas á resposta hipotética á pregunta feita polo autor: "E se os irmandiños tivesen gañado a guerra no século XV?". Asorey transforma as terras brasileiras en colonias do grande imperio galego e, ao facelo, transforma o Brasil nunha grande alegoría da propia Galiza. Como unha revolución, un novo nacionalismo para a Galiza, o autor recorre a un dos movementos máis importantes no movemento nacionalista literario brasileiro: o sertanismo. A idea do sertanismo crea paralelos entre galegos e sertanexos, desequilibrando ficcionalmente o par dicotómico entre opresor e oprimidos ao empoderar tres grandes mulleres capaces de loitaren contra o discurso falocrático: Mathilda, Maria Bonita e Carme de Candingas. Elas xogan como forzas repelentes e varren os homes da historia, reparando os erros do primeiro nacionalismo galego pautado no racismo, na misoxinia e no catolicismo. Revertendo a connotación negativa destinada ao tropo do sentimentalismo e da configuración feminina da terra galega, Asorey permítenos observar o retrato dunha Galiza *naí*

e *señora* presente no imaxinario colectivo, apoderándose desa idea e amosando a forza de mulleres que foran excluídas, vendidas ou destinadas ás sombras e ao silencio durante a historia. A fabulación ucrónica suscita a desconfianza de que o protagonismo desa historia non teña sido reservado apenas ás tres mulleres xa referidas, mais tamén a unha cuarta muller: a propia Galiza e toda a súa potencia feminina.

Palabras chave: nacionalismo, género, alegoría, literatura.

### Bibliografía

- Araújo, Antônio Amaury Corrêa de (2012): *Lampião: as mulheres do cangaço*. São Paulo: Traço Editora.
- Asorey, Daniel (2016): *Nordeste*. Vigo: Galaxia.
- Bosi, Alfredo (1985): *História Concisa da Literatura Brasileira*. São Paulo: Cultrix.
- González-Millán, Xoán (2000): *Resistencia cultural e diferenza histórica*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Júnior, Durval Muniz de Albuquerque (2017): *A invenção do Nordeste e outras artes*. São Paulo: Cortez Editora.

### Biodata

Graduada en Xornalismo pola Universidade Castelo Branco (2014), graduada en Letras pola Universidade do Estado do Rio de Janeiro (2017), alunma de Máster en Teoría da Literatura e Literatura Comparada coa investigación "Irlanda, Galicia e Portugal: celtismo, resistencia cultural e construción da identidade nacional em Yeats, Cabanillas e Pascoaes" na Universidade do Estado do Rio de Janeiro (actual). Asistiu ao curso de verán de lingua e cultura galegas nos niveis medio e superior nas edicións de 2015 e 2016. Autora dos romances *Princesa de Gelo* e *Mitral o esconderijo do mundo* publicados pola editora Modo Tradicional. Autora do artigo "O sol poente: suicidio, memoria e saudade na obra de Carlos Casares" publicado no libro *Suicidio entre o viver e o morrer* das edicións IFEN.

## Sesión 24 | Novas tendencias literarias (D-04)

### Relatorio 63 (11:30h)

#### Paisaxe e pensamento poético na obra de Eduardo Moreiras

Martín VEIGA  
University College Cork

Tanto na obra poética como na diversa produción en prosa de Eduardo Moreiras (1914-1991) desenvólvense as claves dunha relación estreita entre a paisaxe e o acto da creación, máis especificamente a creación literaria. Deste xeito, os espazos naturais non só actúan como meros escenarios nin como correspondencias externas dos estados ou dos procesos interiores, senón que se converten en axentes constitutivos do propio acto creativo. Este relatorio escucha na significación singular da paisaxe e o territorio na obra de Moreiras partindo da análise das reflexións que o propio autor leva a cabo arredor destas nocións en textos fundamentais da súa obra nos que, ademais, debulla os trazos definitorios do seu pensamento poético, como o diario *Follas de vagar* (1972) e *Poesía: coñecemento da realidade* (1978), o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

Palabras chave: Eduardo Moreiras, paisaxe, territorio, creación, pensamento poético.

### Bibliografía

- López Sánchez, María (2008): *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*. Vigo: Galaxia.
- Moreiras, Eduardo (1972): *Follas de vagar*. Vigo: Galaxia.
- Moreiras, Eduardo (1978): *Poesía: coñecemento da realidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Pérez Moreira, Roxelio e Francisco Javier López González (eds.) (2010): *Cultura e paisaxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.



## Biodata

Martín Veiga é profesor titular de Estudos Hispánicos na University College Cork (UCC, Irlanda). Ademais, é director do Centro Irlandés de Estudos Galegos nesta mesma universidade, codirixe a revista *Galicja 21: Journal of Contemporary Galician Studies* e é un dos coordinadores do clúster de investigación "Translation and Creative Practice" (CASiLaC, UCC). O seu labor como investigador céntrase principalmente na poesía contemporánea, a tradución literaria e a literatura de viaxes no ámbito ibérico. Dedicou especial atención crítica ao estudo da vida e obra de Antón Avilés de Taramancos, sobre quen publicou numerosos libros, entre os que destaca a monografía *Escribir na multitude: A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos* (2014). Como poeta, é autor de varias obras polas que obtivo prestixiosos premios. En 2017 recibiu o Premio Pedrón de Honra pola súa traxectoria na promoción e difusión da cultura galega no exterior, particularmente no ámbito anglófono.

### Relatorio 64 (Sesión 24, D-04, 12h)

**Onde vai a última poesía galega: antoloxías, crítica e redes sociais**

Marco PAONE

*Università degli Studi di Perugia*

A portabilidade e a brevidade na extensión material e no tempo de lectura son dúas das características que a poesía comparte en dous dos formatos nos que actualmente circula: internet e as máis "tradicionalis" antoloxías. A natureza metadiscursiva do arquitecno antolóxico crúzase coa hipertextualidade da rede amosando de forma máis evidente a afirmación das novas voces da poesía contemporánea, e un novo espazo dialéctico entre críticos, autores e lectores. A partir destas premisas, nesta contribución afondarase nas antoloxías de poesía galega publicadas dende 2010, dentro e fóra da Península Ibérica, para revisar as novas liñas poéticas e os grupos que se van constituíndo e reflexionar no papel historiográfico das redes sociais e dos blogs dedicados a este xénero.

Palabras chave: antoloxías, crítica literaria, poesía galega contemporánea, historiografía literaria, literatura e internet.

## Bibliografía

- Ly, Nadine (2010): "La pulsion anthologique. Anthologies de poésie espagnole: 1975-1996", en C. Geneviève C. e N. Ly (eds.), *La phénomène anthologique dans le monde ibérique contemporain*. Bordeaux: Maison des Pays Ibériques, pp. 36-55.
- Pautasso, Sergio, Paolo Giovannetti, Simone Giusti, Sara Re e Alessandro Terreni (eds.) (2004): *L'antologia forma letteraria del Novecento*. Lecce: Pensa MultiMedia.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2004): *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ruiz Casanova, José Francisco (2007): *Anthologos. Poética de la antología poética*. Madrid: Cátedra.
- VV.AA., Antoloxías: dende as antoloxías do Sentimentalismo de Xosé Manuel Valcárcel até a *No seu despregar* (Apiario, 2017).

## Biodata

Marco Paone cursou os seus estudos doutorais na Universidade de Santiago de Compostela. A súas investigación e publicacións afondan en diferentes aspectos da Literatura Comparada, prestando especial atención a cuestións de historiografía literaria, circulación, migración e tradución entre o contexto italiano e iberoamericano. Participou en diversos proxectos de investigación e traballou como investigador en formación na redacción de voces do *Diccionario de Términos Literarios* (DITERLI) no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. Neste momento, é docente de lingua española e tradución na Università degli Studi di Perugia, onde tamén se desempeña como codirector do Centro de Estudos Galegos (<http://www.pgalego.it/>).

## Sesión 25 | Memoria, patrimonio e identidade (D-02)

### Relatorio 65 (17:30h)

#### Luces e sombras da regueifa na prensa galega escrita no primeiro terzo do século XX

Henrique Salvador ESTÉVEZ HERNÁNDEZ  
*Universidade de Vigo*

Neste relatorio achegarémonos aos textos da prensa escrita galega de principios de século XX para analizarmos nas súas páxinas a presenza da improvisación oral en verso, máis coñecida por regueifa. Deste xeito, a través da referencias a esta arte en abondosos artigos, poderemos comprender as súas características esenciais, as súas implicacións socioculturais e as posibles causas e consecuencias da súa progresiva desaparición.

Palabras chave: regueifa, prensa escrita, oralidade, século XX.

#### Bibliografía

- Aristóteles (1974): *Poética* (ed. V. García Yebra). Madrid: Gredos.
- Díaz-Pimienta, Alexis (1998): *Teoría de la improvisación. Primeras páginas para el estudio del repentismo*. Oiartzun: Sendoa.
- Blanco, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia (1745-1885)*. Vigo: Xerais, 2 tomos.
- Foley, John Miles (1992): *The theory of oral composition: History and methodology*. Bloomington: Indiana University Press.
- Lisón Tolosana, Carmelo (1974): *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Madrid: Akal.
- López Coira, Miguel María (1997): "Do texto oral ó contexto cultural. Perspectiva antropolóxica da tradución oral galega", en Fco. Rodríguez Iglesias (ed.), *Galicia. Antropoloxía*. A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXVIII (*Imaxinario. Literatura popular*), pp. 86-127.

#### Biodata

Licenciado en Filoloxía Galega e con Mestre de Ensino Secundario, actualmente son profesor de linguas cooficiais (galego

e castelán), aínda que tamén estou habilitado para impartir lingua portuguesa. Por outra banda, imparto Obradoiros de improvisación oral en verso en centros de ensino do país para a Asociación ORAL de regueifeir@s de Galiza, da que formo parte como improvisador e investigador. Neste momento estou comezando tamén os meus estudos de doutoramento arredor do canto improvisado no territorio galego no século XX. No eido da regueifa, tamén colaboro co xornal mensual *A Nova Peneira*, onde escribo un artigo mensual sobre improvisación poética e dirixo, produzo e presento o programa de radio sobre o repente titulado "A Punta da Navalla" que emite en Radio Valadares (Vigo).

### Relatorio 66 (Sesión 25, D-02, 18h)

#### Entre mouros, cantares e terra nomeada: experiencias de traballo con concellos da provincia de Pontevedra

Anxo RODRÍGUEZ LEMOS  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Coñecer o territorio no que un vivía e se movía era apartado obrigatorio case que dende o tempo dos primeiros cazadores recolectores. Xunto ás primeiras palabras que un neno/a podía aprender en que se inclúe dende o nome dos seus parentes ata a denominación dos dedos da man: maimiño, seu sobriño, maior de todos, furabolos e escacha piollos; os topónimos ou nomes da terra ocupaban un lugar inherente entre os saberes á hora de orientarse e localizarse. Vinculados a eles aparecen explicacións populares, outeiros con mouros, tesouros soterrados, patrimonio, cantos de cego ou marcos divisorios entre un monte a cada pouco máis espeso e descoñecido polos máis novos. Os concellos de Vigo, Gondomar e Nigrán, na provincia de Pontevedra, levan algúns anos traballando, baixo convenio co Instituto de Estudos Miñoráns, na salvagarda dun patrimonio inmaterial que se esvaece cada vez que falece un home ou muller do noso rural. A experiencia que, como técnico de campo pode fornecer, coido é de gran interese para este eido.

Palabras chave: toponimia, lendas, patrimonio, historia, paisaxe.

### Bibliografía

Rodríguez Lemos, Anxo (2016): "Recollendo con comunidades de montes: Comesaña, Mañufe, Baíña e Santa Baia de Donas", en X. Ferro Ruibal (ed.), *Estudos de onomástica galega, Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e documentación. Xornada de estudo, Pontevedra, 17 de setembro de 2016* (limiar de X. Alonso Montero). A Coruña: Real Academia Galega, pp. 23-48.

Rodríguez Lemos, Anxo (2016): "Noticias inéditas da aldea de San Cosme", *Revista de estudos miñoráns* 14/15, pp. 77-84.

### Biodata

Nace no barrio de Fontes na parroquia de Santa Mariña de Baíña, Concello de Baiona, o 3 de outubro do 1994. Dende os 14 anos vén sendo o encargado da recollida de toponimia, como técnico de campo e colaborador no Proxecto Toponimia da Xunta de Galicia, de diferentes parroquias na comarca do Val de Miñor e Fragoso. É graduado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén cursou o Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Ten participado en congresos locais, rexionais, nacionais e internacionais sendo becario FPU da Facultade de Xeografía e Historia dende o curso 2017/2018, onde realiza a súa tese, dirixida pola Catedrática Ofelia Rey Castelao, arredor dos santuarios barrocos galegos xurdidos tardiamente na Idade Moderna. É membro do Instituto de Estudos Miñoráns, no seo do cal ten participado na organización das súas Xeiras, elaboración de artigos de divulgación e recollidas de toponimia para concellos e comunidades de montes do sur da provincia de Pontevedra. Da súa man está próximo a saír o libro *Toponimia de Comesaña*, editado pola Universidade de Vigo.

### Relatorio 67 (Sesión 25, D-02, 19h)

**Novas visións socioliterarias da saudade: dende a desmitificación á utilización sociopolítica**

Antía FERNÁNDEZ MARTÍNEZ  
*Universidad Complutense de Madrid*

El objetivo de la comunicación es comparar ciertas cartas dirigidas por Emilia Pardo Bazán a Benito Pérez Galdós (siguiendo la edición de Hora Antes: <https://www.horaantes.com/producto/cartas-de-amor-clandestino/>), por un lado, con las escritas por Rosalía de Castro a Manuel Murguía (según la edición en línea del Consello da Cultura Galega: <http://epistolarios.consellodacultura.gal/rosalia.php>), por otro; todas ellas escritas en castellano. Para ello, partiendo de la premisa de que la lengua escrita no está descontextualizada (Nystrand 1988), se utiliza la gramática funcional del discurso (Hengeveld y Mackenzie 2008) para analizar ciertos mecanismos exofóricos referidos a los interlocutores en la comunicación misiva (Alturo 2010a, 2010b), representados especialmente en las fórmulas de tratamiento y los vocativos (Sáez Rivera 2014a, 2014b). Así, se divide el trabajo en dos partes. En la primera, presentamos el marco teórico, que atiende a tres pilares esenciales: las premisas metodológicas, unas nociones sobre el corpus lingüístico seleccionado y el objeto de la lengua en que centraremos el estudio. En la segunda parte, se ofrece el análisis de los textos en el nivel interpersonal, en el nivel representacional y en el nivel morfosintáctico. La principal conclusión permite contemplar perfectamente la plasmación de las fórmulas de tratamiento en la manera en que se van configurando, igualmente, las relaciones entre los interlocutores.

Palabras chave: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, gramática funcional del discurso, mecanismos exofóricos, deixis personal.

### Bibliografía

Alturo, Núria (2010a): "La referència en la Gramàtica Funcional Discursiva", *Sintagma*

22, pp. 51-67 ([http://www.sintagma.udl.cat/export/sites/Sintagma/documents/articles\\_22/Alturo.pdf](http://www.sintagma.udl.cat/export/sites/Sintagma/documents/articles_22/Alturo.pdf)).

Alturo, Núria (2010b): "Coherencia discursiva: dimensiones contextual, conceptual y gramatical", *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 41, pp. 3-30.

Hengeveld, Kees y J. L. Mackenzie (2008): *Functional Discourse Grammar. A typologically-based theory of language structure*. Oxford: Oxford University Press.

Nystrand, Martin, Margaret Himley y Anne Doyle (1986). *The structure of written communication. Studies in Reciprocity between Writers and Readers*. Londres: Academic Press.

Sáez Rivera, Daniel Moisés (2014a): "Procesos de lexicalización/gramaticalización en la formación e historia de usía en español", en J. L. Girón Alconchel y D. M. Sáez Rivera (eds.), *Procesos de gramaticalización en la historia del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Veruert, pp. 159-188.

Sáez Rivera, Daniel Moisés (2014b): "The Interplay of Object Clitic Doubling and the Grammaticalization of Address Forms in the Genre of Collections of Letters in Spanish", en J. L. Girón Alconchel y D. M. Sáez Rivera (eds.), *Procesos de gramaticalización en la historia del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Veruert, pp. 321-360.

## Biodata

Antía Fernández Martínez, natural da vila do Rosal (Pontevedra), atópase actualmente vivindo e traballando en Kalamata, Grecia, onde realiza o seu Servizo de Voluntariado Europeo, programa da Unión Europea que se enmarca dentro de Erasmus+. É graduada en Humanidades pola Universidade Pablo de Olavide (2010-15). Posúe, ademais, o mestrado de Estudos Literarios pola Universidade Complutense de Madrid (2015-16). Entre os seus artigos publicados salientan os seguintes títulos: "La integración de Grecia en el Imperio romano (s. II d. C.)" (*Revista Itálica* 1/2, 2015, pp. 183-202), "T. S. Eliot y Yorgos Seferis: paralelismos e influencia" (*Journal of Artistic Creation and Literary*

*Research* 3/2, 2015, pp. 21-32), "Nacionalismo, saudade, mito e historia en Fernando Pessoa y Luís Seoane" (*Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, 2017, pp. 41-52).

## Relatorio 68 (Sesión 25, D-02, 19:30h)

**Las publicaciones periódicas de los exiliados gallegos en la Argentina: entre las entidades asociativas y las empresas privadas**

Federico GERHARDT

*Universidad Nacional de La Plata*

Al llegar a Buenos Aires, los gallegos exiliados de la Guerra Civil se encontraron, por un lado, con el auge de la industria editorial argentina, y, por otro, con la importancia de las entidades asociativas gallegas, cuyas iniciativas editoriales no sólo tuvieron un desarrollo paralelo al de los proyectos editoriales con fines comerciales, sino que se estableció entre ellos relaciones observables, por ejemplo, en el cotejo de los catálogos editoriales y de los grupos directivos y de colaboradores de las publicaciones periódicas. Tanto los periódicos y boletines de las asociaciones, como *Galicia y Mercado de las Artes y las Letras*, y las revistas culturales, como *De Mar a Mar*, *Correo Literario* y *Cabalgata*, participaron de estas relaciones. A través del análisis de estas publicaciones, el trabajo aborda las relaciones entre los dos circuitos de edición y distribución de impresos en que se desarrollan los proyectos editoriales dirigidos o promovidos por los exiliados gallegos en Argentina.

Palabras clave: historia de la edición, asociacionismo gallego en Buenos Aires, exilio, publicaciones periódicas.

## Bibliografía

Axeitos, Xosé Luís y Xavier Seoane (coords.) (1994): *Luis Seoane e o libro galego na Argentina: 1937-1978*. A Coruña: Deputación Provincial.

Díaz, Hernán M. (2012): "Instituciones de la colectividad gallega y redes culturales (1930-1960)", en F. Devoto y R. Villares (eds.), *Luis Seoane entre Galicia y la Argentina*. Buenos Aires: Biblos / Consello da Cultura Galega, pp. 121-132.

González Ledo, José (2008): *La peña gallega del Tortoni*. Buenos Aires: Alborada.

Pérez Rodríguez, María Antonia (2003): *Luis Seoane a través da prensa. 1929-1979*. A Coruña: Edicións do Castro.

Rodino Lalín, Hugo José (1989): "As editoriais galegas en Bos Aires", *Revista do Comisión Galega do Quinto Centenario* 1, pp. 49-71.

## Biodata

Federico Gerhardt es Doctor en Letras por la Universidad Nacional de La Plata (Argentina), con una tesis sobre la trayectoria editorial de Max Aub en su exilio mexicano. Profesor Adjunto de Literatura española II de la Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación (UNLP). Investigador Adjunto del Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas, con lugar de trabajo en el Instituto de Investigaciones en Humanidades y Ciencias Sociales (UNLP-CONICET), donde desarrolla un proyecto sobre revistas y editoriales de exiliados gallegos y catalanes en la Argentina. Es Director de la Sección Reseñas de *Olivar. Revista de Literatura y Cultura Españolas* (UNLP) y Coordinador de Producción Editorial de la Biblioteca Orbis Tertius (UNLP). Participa en proyectos de investigación sobre relaciones culturales entre España y América e historia de la edición, temas sobre los que ha publicado trabajos en congresos nacionales e internacionales, y en libros y en revistas especializadas argentinas y del extranjero.

**Sesión 26 | Lingua e identidade.  
Pragmática e gramática comunicativa  
(D-201)**

**Relatório 69 (17:30h)**

## Dativos interacionais galegos: uma abordagem pragmática

Cecília Farias de Souza  
Universidade de São Paulo

O objetivo principal deste trabalho é descrever os processos semântico-pragmáticos envolvidos no uso dos dativos interacionais galegos: o dativo interacional de interesse e

o dativo interacional de solidariedade. Ambos mapeiam a relação semântica do caso dativo para a esfera do ato de fala e se referem aos interlocutores da interação, mas de modos diferentes. Enquanto o dativo de interesse indica afetação direta ou avaliação sobre o evento narrado, o dativo de solidariedade age é empregado como um convite para que o destinatário se envolva com o conteúdo do enunciado. Veremos que falante e ouvinte constroem conjuntamente os significados linguísticos e extralinguísticos, e que os pronomes interacionais podem ser marcas linguísticas usadas para sincronizar as interações: ao usar os dativos interacionais, o falante estabelece uma relação entre um dos interlocutores e o evento narrado, selecionando um participante como um colaborador ou compartilhador de opinião, direcionando o desenvolvimento da conversação. Desse modo, pronomes dativos também podem ser considerados marcadores de (inter)subjetividade.

Palabras chave: dativo interacional, pragmática, linguística cognitiva, interação.

## Bibliografía

Álvarez Blanco, Rosario (1997): "O complemento de solidariedade: a complicidade entre os interlocutores", en *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Oxford: Oxford University, pp. 37-53.

Clark, Herbert H. (1996): *Using Language*. Cambridge: Cambridge University Press.

Haddad, Youssef A. (2013): "Pronouns and intersubjectivity in Lebanese Arabic gossip", *Journal of Pragmatics* 49, pp. 57-77.

Janda, Laura A. (1993): *A Geography of Case Semantics: the Czech dative and the Russian instrumental*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.

Lakoff, George (1987): *Women, Fire, and Dangerous Things: What categories reveal about the mind*. Chicago: University of Chicago Press.

## Biodata

Cecília Farias de Souza é Mestre em Linguística pela Universidade de São Paulo com o

trabalho “Éche o que hai! Um estudo sobre os dativos interacionais galegos”. Tem publicado estudos voltados às línguas românicas, em especial o galego, sob a ótica da lingüística cognitiva.

### Relatorio 70 (Sesión 26, D-201, 18h)

#### “Querés(me) facer o favor de calar?": para unha gramática comunicativa do galego

Ana Clotilde BRAVO GARCÍA

*Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades*

Nerea LÓPEZ IGLESIAS

*Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades*

O estudo das funcións comunicativas é esencial para a aprendizaxe de linguas. Nos últimos anos estase a desenvolver unha liña de traballo, notablemente fructífera, que ten como obxectivo a elaboración de gramáticas comunicativas e a súa aplicación didáctica. Malia isto, non existe unha obra de referencia destas características no ámbito do galego. Por esta razón, a intención principal deste traballo é a de achegar unha serie de parámetros fundamentais para a elaboración dunha obra deste tipo, a partir da descrición das funcións de petición e de mandato desde un punto de vista comunicativo. Teranse en conta, así mesmo, as posibles aplicacións didácticas que deben ter estas gramáticas, de maneira que poidan constituír unha ferramenta de maior utilidade tanto para o profesorado como para o alumnado.

Palabras chave: galego, gramática comunicativa, ensino de linguas, función comunicativa.

#### Bibliografía

- Álvarez Blanco, Rosario e Xosé Xove Ferreiro (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Austin, L. John (1962): *How to do things with words*. Oxford: Oxford University Press.
- Fernández López, Xemma (2009): “Interferencias pragmáticas: aproximación ás

estratexias de cortesía nas peticións en galego”, *Revista Galega de Filoloxía* 10, pp. 75-113.

Fernández Soneira, Ana M. (2006): “La enseñanza de la pragmática en un contexto de inmersión lingüística en una comunidad bilingüe”, en A. Álvarez et al. (eds.), *La competencia pragmática y la enseñanza del español como lengua extranjera: Actas del XVI Congreso Internacional de ASELE (Oviedo, 22-25 de septiembre de 2005)*. Oviedo: Universidad de Oviedo, pp. 261-267.

Matte Bon, Francisco (2000): *Gramática comunicativa del español. Vol. II: De la idea a la lengua* (nova ed. rev.). Madrid: Edelsa.

#### Biodata

**Ana Clotilde Bravo García** é graduada en Lingua e Literatura galegas. Cursou os estudos de Mestrado en Lingüística Aplicada e de Profesorado na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade combina a elaboración da súa tese de doutoramento con unha bolsa de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

**Nerea López Iglesias** é graduada en Lingua e Literatura inglesas. Cursou os estudos de Mestrado en Lingüística Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e de Mestrado de Profesorado na Universidade de Vigo. Na actualidade desenvolve o seu labor investigador no ámbito da lexicografía e cursa o Mestrado Europeo em Lexicografía na Universidade do Minho.

### Relatorio 71 (Sesión 26, D-201, 19h)

#### A práctica conversacional da leria nunha comunidade de prácticas rururbana

Jorge DIZ FERREIRA

*Universidade de Vigo*

A práctica da leria é unha actividade conversacional moi frecuente en certas comunidades rurais galegas. No *Diccionario da Real Academia Galega*, a leria defínese como unha “conversa amigable sobre cousas sen importancia”. Esta definición reduce

a práctica conversacional a unha conversa sobre temas de pouco interese, unha interacción va. Con todo, na cultura rural galega, a práctica da leiria, que se produce en diversos encontros chave entre veciños, actúa como mecanismo de cohesión e de reforzo da relación interpersoal. No presente traballo, desenvolveremos unha análise dende os postulados da sociolingüística interaccional da práctica da leiria nunha comunidade de prácticas rurba. Xa que logo, analizaremos 1) como os falantes non só se dedican a leir en encontros chave como as sobremesas, as visitas, etc. senón tamén como, dentro do espazo rurba, transfíren a práctica da leiria a outras situacións e encontros ocasionais, así como 2) os estilos que despregan en cada caso. Para a nosa investigación, na que seguimos unha metodoloxía etnográfica para a recollida de datos, empregaremos conversas gravadas en audio que serán transcritas conversacionalmente.

Palabras chave: práctica conversacional, leiria, estilos, encontros chave.

### Bibliografía

- Grosjean, François (1982): *Life with Two Languages. An Introduction to Bilingualism*. Cambridge / London: Harvard University Press.
- Gumperz, John J. (1982): *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gumperz, John J. e Dell Hymes (eds.) (1972): *Directions in Sociolinguistics. The Ethnography of communication*. Nova York: Holt, Rinehart and Winston.
- Prego Vázquez, Gabriela (2000): *Prácticas discursivas, redes sociais e identidades en Bergantiños (Galicia): la interacción comunicativa en una situación de cambio sociolingüístico*. Tese de doutoramento. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (1995): *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: As alternancias de lingua galego/castelán e a negociación da escola de lingua*. Tese de Doutoramento. A Coruña: Universidade da Coruña.

### Biodata

Son licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Vigo. Despois de cursar un Mestrado en Investigación en Lingua Española na Universidade Complutense de Madrid, comecei o Doutoramento en Estudos Lingüísticos (Universidade de Vigo / Universidade da Coruña) cunha tese que leva por título “Fala bilingüe e biculturalidade: prácticas discursivas e identidades rurbanas en familias emigradas do municipio de Gondomar á cidade de Vigo”. Na miña tese analizo como os falantes bilingües se desenvolven conversacionalmente nas súas prácticas cotiás, como estilizan o seu discurso en funcións dos seus fins e metas conversacionais dentro dunha comunidade rurba e bicultural. As miñas principais liñas de investigación son, por tanto, o bilingüismo e a sociolingüística interaccional e principalmente temas sobre os que teño escrito algúns artigos e capítulos de libro publicados en revistas tanto galegas como españolas.

### Relatorio 72 (Sesión 26, D-201, 19:30h)

**A linguaxe non sexista no CORGA: descrición e reflexión sobre as variantes empregadas**

María CAÍÑA HURTADO  
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

Eva María DOMÍNGUEZ NOYA  
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

María Sol LÓPEZ MARTÍNEZ  
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

Nas últimas décadas un sector da poboación entende que o masculino considérase termo non marcado da oposición xenérica por seren tradicionalmente os homes os que posuían o poder, e non sente que as diferentes identidades xenéricas estean representadas no masculino empregado como termo non marcado. Cómpre pois loitar para acadar a igualdade entre homes e mulleres tamén dende a lingua, facendo visible o xénero

feminino, mais tamén anulando a distinción xenérica como elemento clasificador dual. Como logralo? Entre as opcións que se propoñen destacan a duplicación dos termos (os alumnos e as alumnas), a escolla dun termo xenérico (o alumnado) e a introdución de grafías innovadoras: os/as alumnos/as, @s alumn@s, xs alumnxs. Aquí describiremos o uso destas formas no galego escrito actual a través dos datos recollidos no CORGA, e proporemos abrir un debate lingüístico sobre o establecemento dun novo valor na categoría gramatical xénero e a súa posible inclusión nas gramáticas descritivas.

Palabras chave: linguaxe non sexista, corpus, galego, xénero gramatical.

### Bibliografía

- Álvarez Blanco, Rosario e Xosé Xove Ferreiro (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Gutiérrez, Salvador (2018): "Sobre 'pilota', 'portavoza', 'miembra' y otros femininos", *El Mundo* (Sección Tribuna) 10/02/2018 (<http://www.elmundo.es/espana/2018/02/10/5a7df963ca474179478b4698.html>).
- Moure, Teresa (2012): *Queer-mos un mundo novo: Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*. Vigo: Galaxia.
- Márquez Guerrero, María (2013): *Género gramatical y discurso sexista*. Madrid: Síntesis.
- Bermúdez Blanco, Manuel e Alba Cid Fernández (2011): *Criterios de linguaxe non sexista*. Santiago de Compostela: Servizo de Normalización Lingüística / Oficina de Igualdade de Xénero, Universidade de Santiago de Compostela.

### Biodata

**María Caiña Hurtado** é graduada en Lingua e Literatura españolas. Coursou os estudos de mestrado en Lingüística Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e actualmente combina os seus estudos en Lingua e Literatura portuguesas cunha bolsa de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

**Eva María Domínguez Noya** é doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciada en Filoloxía galego-portuguesa. Experta en lingüística de corpus e lingüística computacional. Actualmente combina a coordinación lingüística do CORGA co asesoramento para a mellora da etiquetaxe automática de ESLORA (*Corpus para el estudio del español oral*).

**María Sol López Martínez** é profesora titular de Filoloxía galega no departamento de Filoloxía galega da Universidade de Santiago de Compostela e directora no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades do proxecto CORGA (*Corpus de Referencia do Galego Actual*). A súa investigación céntrase en estudos gramaticais e lingüística de corpus.

**Sesión 27 | Memoria histórica. Comunidades no exterior (D-204)**

**Relatorio 73 (17:30h)**

**Artistas, escritores y editores emigrados en Buenos Aires**

José César VILLARRUEL  
*Universidad de Buenos Aires*

Durante la Segunda Guerra, la comunidad de origen gallego que se afinsa en Argentina exploró diversas soluciones con las que se intentó definir una identidad y, al mismo tiempo, distinguir las diferencias entre las categorías con las que era posible definirse a sí mismos. Se advierte una tensión imposible de resolver, pues en pleno conflicto mundial domina la incertidumbre entre una probable estadía de corto plazo o, por el contrario, una residencia de largo período que exigía admitir que el regreso ya no era posible. Resolver estas cuestiones que afectaban a aquel tiempo presente posee el máximo interés pues definen perfiles personales y grupales, estrategias destinadas a resolver las urgencias y los problemas del mediano plazo; en suma, definir identidades transitorias. En México, José Gaos afirmaba que el proceso con el que se inició el éxodo tras la guerra civil era un pasaje



en el interior de la misma patria. Acuñó la noción “trasterrado” para rechazar los vocablos conterrado, desterrado o refugiado. En una u otra orilla, la dificultad para aceptarse como exiliado era admitir la extranjería.

Palabras chave: refugiado, desterrado, refugiado, exiliado, trasterrado.

### Bibliografía

Villarruel, José César (2015): *Nuevos rumbos del exilio republicano en el Río de la Plata. La revista Realidad (1947-1949)*. Olavarría: UNICEN, Facultad de Ciencias Sociales ([www.soc.unicen.edu.ar/images/editorial/ebooks/actas2015-1499-2292.pdf](http://www.soc.unicen.edu.ar/images/editorial/ebooks/actas2015-1499-2292.pdf)).

Villarruel, José César (2014): *Intersecciones literarias y políticas (Galicia, Euskadi y Cataluña) y el campo intelectual del Río de la Plata. 1936-1945. III Congreso Internacional de Literatura y Cultura Españolas Contemporáneas (8, 9 y 10 de octubre de 2014)*. En *Memoria Académica*, FAHCE-UNLP. La Plata, Argentina.

Villarruel, José César (2013): “Exilio, bilingüismo e integración. Ressorgiment y Catalunya”, en E. Sarmiento y R. Fariás (orgs.), *Novos olhares sobre a imigração ibérica em América Latina (séculos XIX e XX)*. Niterói: Universidade Salgado de Oliveira / Editora Universo, vol. 1, pp. 179-202 (<http://novosolhares2013.wix.com/volumes>).

Villarruel, José César (2013): “Prefacio”, en I. Villagra, *Teatro Abierto 1981. Dictadura y resistencia cultural. Estudio crítico de fuentes primarias y secundarias*. La Plata: Editorial Al Margen.

### Biodata

Investigador del Instituto de Investigaciones Gino Germani (Universidad de Buenos Aires). Profesor Titular Consulto (Universidad de Buenos Aires, 2009 hasta la fecha). Evaluador de Investigadores y de Proyectos de Investigación del sistema científico universitario de Argentina. Evaluador externo anónimo de publicaciones en formato papel y digital de Argentina y América Latina. Director del Departamento de Historia, Facultad de Filosofía

y Letras, de la Universidad de Buenos Aires (períodos 1990 y 2003-2005). Profesor Titular/Asociado por concurso en la Universidad de Buenos Aires según el siguiente orden: Historia Social Argentina, Facultad de Ciencias Sociales (1998-2009), Historia Económica y Social Argentina, Facultad de Ciencias Económicas (1990-2009), Historia Argentina III (1996-hasta la fecha), Facultad de Filosofía y Letras (1994-2009).

### Relatorio 74 (Sesión 27, D-204, 18h)

#### A difusión exterior da lingua galega e a diáspora galega

Takeshi KAKIHARA  
Kwansei Gakuin University

O obxectivo deste estudo é achegarnos á realidade da política de difusión exterior da lingua galega por parte da Xunta e aclarar o seu significado e as relacións cos galegos emigrados e os seus descendentes. A Xunta de Galicia realiza actividades de difusión como parte da política de Normalización Lingüística. Suponse que as seguintes dúas son as actividades principais de difusión deste idioma: (1) a promoción de galego para non galegofalantes e (2) o mantemento do galego dos emigrantes galegos. O autor deste estudo vai presentar que tipo de medidas toma cada parte involucrada analizando os datos obtidos da enquisa bibliográfica e entrevistas realizadas cos partes implicadas: a Secretaría Xeral da Política Lingüística, a Secretaría Xeral da Emigración, os Centros Galegos e o Instituto Cervantes. Nesta presentación serán analizados os casos de Arxentina, Brasil e Alemaña como exemplos da comunidade dos galegos emigrados. Tamén serán examinadas as actividades que realizan os Centros do Instituto Cervantes relacionadas coa difusión das linguas cooficiais de España.

Palabras chave: difusión exterior, lingua galega, diáspora galega, política lingüística.

### Bibliografía

Gugenberger, Eva e X. Soto Andión (2002): “Aspectos lingüísticos e sociolingüísticos

ticos do contacto entre galego e castelán en Bos Aires", *Estudios migratorios* 13-14, pp. 247-288.

- Sarmiento, Érica e Ruy Farías (2013) (orgs.): *Novos olhares sobre a imigração ibérica em América Latina (séculos XIX e XX)*. Niterói: Universidade Salgado de Oliveira / Editora Universo, vol. 2.
- Sixirei Paredes, Carlos (2001): *Asocianismo galego no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. 1.

## Biodata

Takeshi Kakihara foi asesor cultural da Embaixada de Xapón en España (abril de 2002 - marzo de 2004). PhD. pola Universidade de Osaka (marzo de 2006). Profesor Asociado da Universidade de Oita (abril de 2008 - marzo de 2012). Profesor Asociado da Universidade Nanzan (abril de 2012 - marzo de 2016). Profesor da Facultade da Universidade Kwansai Gakuin (abril de 2016-). Selección bibliográfica: "¿Qué impacto tendrá la enseñanza plurilingüe? Enseñanza de idiomas en la Comunidades de Madrid y Galicia" (*Lingüística Hispánica* 34, 2012, pp. 33-53), "El uso de lenguas y la actitud lingüística de los comerciantes de Santiago de Compostela" (*Lingüística Hispánica* 37, 2013, pp. 1-18), "O uso lingüístico no ámbito comercial reflectido na paisaxe lingüística no centro de Santiago", *Cadernos da Lingua* 35, 2014, pp. 39-66).

### Relatorio 75 (Sesión 27, D-204, 19h)

**Quen era o violinista Jesús Dopico, primeiro presidente do Patronato da Cultura Galega en México?**

Samuel Diz

O 29 de xuño de 1953 o Patronato da Cultura Galega en México elixía como presidente da súa primeira directiva o violinista Jesús Dopico, quen dedica un artigo a Concepción Arenal na publicación "Presencia de Galicia en México" de 1954. Moi poucos detalles coñecemos da súa biografía artística que agora reunimos e presentamos neste relatorio. Seguimos os seus pasos do seu Ferrol

natal ao México de adopción, país ao que chega a bordo do emblemático Ipanema o 7 de xullo de 1939. Pouco despois, o 2 de febreiro de 1940, presentábase ante o público da Cidade de México no prestixioso Palacio de Bellas Artes. A crítica chega a comparalo con José Iturbi ou Andrés Segovia. A poucos metros de Cantinflas, no Panteón Español, un frondoso arbusto sobre a súa tumba é o único testemuño vivo do seu ronsel.

Palabras chave: Jesús Dopico, exilio, México, Patronato da Cultura Galega, Ipanema.

## Biodata

Samuel Diz é un activo intérprete e investigador da música da Xeración do 27'. Os seus traballos discográficos *Guitarra clásica galega* (Ouvirmos 2012) e *Impresiones y paisajes, como el primer libro de Lorca* (Poliédrica 2015) recollen unha escolma do repertorio deste grupo de compositores no que atopamos as inéditas obras para guitarra de Juan José Mantecón e Jesús Bal y Gay. Samuel Diz ten presentado os seus traballos artísticos e de investigación nas universidades de Yale, Cork ou Boston, así como participado en dúas edicións do prestixioso Harare International Festival of the Arts de Zimbabwe. En España ten actuado en salas como a Fundación Juan March ou o Palau de la Música Catalana, onde recibiu o Premio da Crítica "O primeiro Palau". Máis información: [www.samueldiz.com](http://www.samueldiz.com).

### Relatorio 76 (Sesión 27, D-204, 19:30h)

**Tipoloxía dos novos perfís sociolingüísticos na diáspora galega**

Facundo REYNA MUNIAIN

*Christian Albrecht Universität zu Kiel  
Universität Bremen*

Na presente comunicación tratarase o caso dos falantes/usuarios da lingua galega como lingua patrimonial (Valdés 2001) no contexto de diáspora e (super) diversidade lingüística (Blommaert 2011) como presenta Bos Aires (Reyna Muniain 2018). Intentaremos afondar nos criterios relevantes para a formulación dunha tipoloxía

dos perfís sociolingüísticos (Ortega 2016). No contexto arxentino os falantes de galego presentan un *continuum* no que se poden distinguir cun rol especial os usuarios que aprenderon o galego fóra do ámbito familiar. Interéсанos poñer en relación os perfís dos neofalantes no territorio galego (O'Rourke e Ramallo 2013) cos falantes e estudantes de lingua galega na diáspora. A causa da desaparición dos falantes tradicionais resalta a importancia dos novos perfís e prácticas lingüísticas arredor da comunidade galega na capital arxentina (Reyna Muniain 2014).

Palabras chave: diáspora, diversidade lingüística, perfil sociolingüístico, neofalantes.

### Bibliografía

- Blommaert, Jan e Ben Rampton (2011): "Language and Superdiversity", *Diversities* 13/2, pp. 1-22.
- Ortega, Ane *et alii* (2016): *Nuevos hablantes de euskera: experiencias, actitudes e identidades*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- O'Rourke, Bernadette e Fernando Ramallo (2013): "Competing ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia", *Language in Society* 42/3, pp. 287-305.
- Reyna Muniain, Facundo (2015): "Lingua, cultura e identidade, estratexias de aculturización e reculturalización na colectividade galega de Buenos Aires", *Grial* 205, pp. 38-45.
- Reyna Muniain, Facundo (2018, no prelo): "Procesos de galeguización y regaleguización en Buenos Aires: Lengua, Identidad y Política lingüística familiar en la comunidad gallega de Buenos Aires", en C. Patzelt *et alii*, *Migrationsbedingte Sprachkontakte in der Romania des 21*. Berlin: Peter Lang.
- Valdés, Guadalupe (2001): "Heritage language students: Profiles and possibilities", en J. K. Peyton, D. A. Ranard e S. McGinnis (eds.), *Heritage languages in America: Preserving a national resource*. Washington DC / McHenry: Center for Applied Linguistics / Delta Systems, pp. 37-77.

### Biodata

Tras cursar a licenciatura en Letras na Universidade de Buenos Aires (UBA), licenciouse en Filoloxía Hispánica e fixo o Mestrado en Estudos da literatura e da cultura pola Universidade de Santiago de Compostela. De 2004 ata o presente é investigador do Departamento Lingua e investigación da Fundación Xeito Novo de Cultura Galega e dende 2012 investigador do equipo de sociolingüística galega do Instituto da Lingua Galega (USC), no que desenvolveu a súa investigación sobre a migración e diáspora galega en América. Actualmente é docente investigador no Seminario de Romanística da Universidade Christian Albrecht de Kiel e do Departamento de Lingüística románica da Universidade de Bremen, ambas as dúas en Alemaña. No presente ano esta a rematar o seu proxecto de doutoramento titulado "Lengua e identidade en contexto de diáspora, la lengua gallega en Buenos Aires", no que estuda as novas dinámicas que están tendo lugar na urbe arxentina en torno á lingua e cultura galegas.

**Sesión 28 | Patrimonio literario, xurídico e científico medieval (D-04)**

**Relatorio 77 (17:30h)**

### La familia de Alfonso X en las *Cantigas de Santa María*

Joseph T. SNOW

Alfonso X iniciou su repertorio marial poco después de su nominación en 1257 a la corona del Sacro Imperio Romano con una primera redacción de 100 cantigas (milagros y loores) hacia 1260. Iba aumentado el repertorio en redacciones de cien (200, 300, 400) a lo largo de los treinta y dos años de su reinado. Con la segunda redacción, actualmente en El Escorial, agregó para cada cantiga paneles de seis o doce miniaturas que siguieron el desarrollo del milagro. Lo interesante hoy es como en las últimas 200 cantigas, las narraciones y las líricas comienzan a ser más personales. He llamado a Alfonso "arquitecto" de sus *Cantigas de Santa María* (CSM) y, en otras ocasiones un

“segundo protagonista”. Hoy quiero abarcar a la inclusión de su familia en las CSM, desde algunos reyes ancestrales hasta sus padres, hermanos, esposa e hijos. En el loor 200, Alfonso (en primera persona) declara que ha loado, loa, y seguirá loando a la Virgen porque ella quería que él naciera de buena familia y quería que fuera rey. Quisiera poner énfasis hoy en esta presentación de los vv. 9-12 de CSM 200: “Ca a mi de bõa gente / fez viir dereitamente / e quis que mui chãamente / reinass’ e que fosse rei”.

Palabras clave: Alfonso X, *Cantigas de Santa Maria*, milagros en su familia.

### Bibliografía

- Snow, Joseph T. (1999): “Alfonso X y las *Cantigas*: documento personal y poesía colectiva”, en J. Montoya y A. Domínguez (eds.), *El scriptorium alfonsí: de los Libros de Astrología a las «Cantigas de Santa Maria»*. Madrid: Editorial Complutense (Serie Cursos de Verano de El Escorial), pp. 159-172.
- Snow, Joseph T. (2014): “Huellas sociopolíticas de la devoción mariana del rey Alfonso X en las *Cantigas de Santa Maria*”, en I. Beceiro Pita (dir.), R. Domínguez Hernanz (ed.), *Poder, piedad y devoción. Castilla y su entorno (siglos XII-XV)*. Madrid: Silex, pp. 53-73.
- Snow, Joseph T. (2016-17): “La utilización política de la devoción mariana en el reinado de Alfonso X (1252-1284)”, *Alcanate* 10, pp. 61-85.
- Snow, Joseph T. (2018, en prensa): “Alfonso X ofrece una íntima autobiografía en sus *Cantigas de Santa Maria*”, en *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérica. Actas de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Roma 2018)*.

### Biodata

Joseph T. Snow realizó sus estudios en las universidades de Iowa y Wisconsin, y más tarde enseñó en las universidades de Minnesota, Georgia y Michigan State. Ocupó varios puestos de profesor invitado en las universidades de Chicago, California-Davis

y la UNAM de México. En 1977 fundó la revista *Celestina* que dirigió durante 26 años. Sus áreas de especial interés han sido *La Celestina*, *El libro de buen amor* y las *Cantigas de Santa Maria* de Alfonso X. Ha servido en el ejecutivo de la Sociedad Internacional de Literatura Cortes, la Asociación Internacional de Hispanistas y la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Es miembro de honor de la Hispanic Society of America. Después de ser elegido Profesor Distinguido de la Michigan State University, se jubiló y se trasladó a vivir a Madrid, donde reside desde 2006. En 2012 apareció su bibliografía anotada de la poesía de Alfonso X. En 2016 le fue otorgado el Reconocimiento de la Escuela Nacional de Estudios Altos de la Universidad Nacional Autónoma de México, donde impartió clases y conferencias desde 1994.

### Relatorio 78 (Sesión 28, D-04, 18h)

**A recepción galega da obra xurídica de Afonso X. Dous novos testemuños da Quinta Partida**

Harvey L. SHARRER  
*University of California-Santa Barbara*

Ricardo PICHEL  
*Universidad de Alcalá*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Presentamos nesta comunicación dous novos testemuños da transmisión occidental das *Partidas* de Afonso X no ámbito galego-portugués, nomeadamente na Galiza do século XIV, das que hoxe conservamos unha ducia de testemuños das sete partes. Trátase de dous fragmentos independentes da *Quinta Partida*, da que até hai poucos anos só coñeciamos o fragmento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago editado en 1901 por Oviedo y Arce. Os novos testemuños proceden do Arquivo Histórico Nacional da Nobreza (AHNobr) e do Museo de Pontevedra (MP). No primeiro caso, trátase dun bifolio localizado –a través do portal *Pares*– en 2014 por Gemma Avenozza na Sección de Nobreza do AHN, que servía de capa para un libro de contas do séc. XVI e que foi identificado por Harvey

L. Sharrer como un fragmento do Título V (Leis 38-50) da *Quinta Partida* afonsina. O bifolio tamén inclúe dous interesantes índices dos quinze títulos da *Partida* e das leis dos catro primeiros títulos. O segundo fragmento, que transmite varias leis do Título XII, foi identificado no Museo de Pontevedra nos anos noventa por Martha E. Schaffer e Arthur L.F. Askins, mais estivo desaparecido desde 1999 até que foi localizado novamente nos depósitos da biblioteca en 2010 por María Jesús Fortes Alén, arquivaira do Museo. Así pois, nesta comunicación, para alén de ofrecermos unha introdución e estado da arte sobre a recepción na Galiza baixomedieval das *Partidas* do rei Sabio e doutras obras de carácter xurídico-legal, o relatorio centrarase na presentación das características externas destes dous fragmentos, da súa orixe e procedencia, do contido transmitido e das peculiaridades lingüísticas e textuais máis relevantes, tendo en conta a súa condición de tradución desde o castelán e a súa relación con outros testemuños galegos das *Partidas*.

Palabras chave: Afonso X, *Sete Partidas*, recepción galego-portuguesa, Galiza, séc. XIV.

## Bibliografía

- Askins, Arthur L-F., Gemma Avenoza, José Ignacio Pérez Pascual, Aida Fernandes Dias, Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos medievais galegos (s. XIV)", *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43.
- Askins, Arthur L-F., Aida Fernanda Dias e Harvey L. Sharrer (2002): *Fragmentos de Textos Medievais Portugueses da Torre do Tombo*. Lisboa: Instituto dos Arquivos Nacionais - Torre do Tombo.
- Avenoza, Gemma (1995): "Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*", *Romance Philology* 49, pp. 119-29.
- BITAGAP. *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses* (Manid. 6142 e Manid 1473).
- Craddock, Jerry R. (1986): *The Legislative Works of Alfonso X, el Sabio: a critical*

*bibliography* (Research Bibliographies & Checklists, 45). London: Grant & Cutler.

- Fortes Alén, María Jesús (2012): "Un pergamino de la traducción al gallego de las Partidas de Alfonso X el Sabio en el Museo de Pontevedra", en *Museo de Pontevedra. Noticias* 19/07/2012 ([http://www1.museo.depo.gal/FotosBifolioPartidas/Pergamino\\_Partidas.pdf](http://www1.museo.depo.gal/FotosBifolioPartidas/Pergamino_Partidas.pdf)).
- Fradejas Rueda, José Manuel (dir): *7PartidasDigital. Edición crítica digital de las Sete Partidas*. Valladolid: Universidad de Valladolid. Proxecto financiado polo MINECO (FFI2016-75014-P) (<https://7partidas.hypotheses.org/>).
- Oviedo y Arce, Eladio (1901): "Cuatro fragmentos de distintos códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio", en *Colección Diplomática de Galicia Histórica* 1, pp. 103-135.
- Sharrer, Harvey L. (2014): "The BITAGAP project since 1988 - Expansion of the corpus of texts and important discoveries", en L. Soriano, H. Rovira, G. Sabaté, X. Espluga (eds.), *Humanitats a la Xarxa: Món Medieval - Humanities on the Web: The Medieval World*. Bern: Peter Lang, pp. 169-183.

## Biodata

Harvey L. Sharrer é Emérito da Universidade de California-Santa Bárbara desde 2011, da que foi (sub)director do Departamento de Español e Portugués, así como asistente e profesor desde 1963, traballando puntualmente noutras universidades, como a de Los Ángeles (1965-67), Wisconsin-Madison (1975) ou Berkeley (1997). Foi director entre 1984 e 1986 do Barcelona Study Center (Univ. California Education Abroad Program and Univ. Illinois Program in Spain). É membro fundador e compilador (1988-) da *BITAGAP* (*Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*), integrada en *PhiloBiblon*. Foi ou é (co)editor de revistas como *Santa Barbara Portuguese Studies* (desde 2000) ou *La Coronica* (1973-75), así como membro de diferentes consellos editoriais como os de *Journal of Hispanic Philology* (Florida State Univ.), *Olifant* (NY Univ.),

*Romance Philology* (UC-Berkeley), *Filologia e Lingua Portuguesa* (Univ. São Paulo), *The Galician Review* (Univ. Birmingham), *Cadernos do CEIL* (UNL), *Medievalia* (UAB) ou *Madrygal* (UCM). Pertenceu ou pertence a varios consellos ou centros de investigación como o Hispanic Seminary of Medieval Studies (Univ. Wisconsin-Madison) ou a Fundação para a Ciência e Tecnologia de Portugal. Foi recoñecido con numerosos méritos e distincións, como o seu nomeamento *Doctor honoris causa* da Universidade Nova de Lisboa (2003), a bolsa do *National Endowment for the Humanities research tools* concedida en dúas ocasións (2007-10, 2014-15) ou a recente homenaxe con motivo do congreso "Rewriting Arthurian Matter" organizado pola Hispanic Branch of the International Arthurian Society (Universidade de Granada, 2015). As súas áreas de investigación principais son a literatura medieval ibérica (castelá e galego-portuguesa), a literatura comparada e a lingua e cultura catalás. Para alén de diversos estudos sobre a lírica galego-portuguesa, obras cronísticas, xurídicas ou haxiográficas, medievais e renacentistas, correspondencia rexia portuguesa etc., é un dos principais especialistas na literatura arturiana, tal como reflicten algunhas das súas publicacións monográficas, como *A Critical Bibliography of Hispanic Arthurian Material* (Londres, 1977), *The Legendary History of Britain in Lope García de Salazar's Libro de las bienandanzas e fortunas* (Philadelphia, 1979) ou a edición do *Lanzarote del Lago* xunto con A. Contreras Martín (Alcalá de Henares, 2006), para alén de múltiples artigos en revistas especializadas desde os anos 70 até a actualidade. Foi o descubridor das sete cantigas de amor do rei D. Dinis no arquivo lisboeta da Torre do Tombo, así como doutros fragmentos galego-portugueses, especialmente de índole xurídica (ex. *Partidas*) e historiográfica (ex. *Geral estoria*), xunto con outros colegas de PhiloBiblon.

Ricardo Pichel é Doutor en Filoloxía Galega (2013) pola Universidade de Santiago de Compostela, onde foi profesor entre 2006 e 2009. Foi lector de galego na Universidade

Complutense de Madrid entre 2011 e 2014. É investigador do Instituto da Lingua Galega (USC) desde 2003, onde participa ou (co) dirixe algúns proxectos, entre eles o *Corpus de Textos Antigos de Galiza*. Actualmente é profesor e investigador na Universidade de Alcalá (Juan de la Cierva), onde continúa traballando nas súas liñas de investigación principais: lingua e literatura medievais ibéricas, edición de textos e humanidades dixitais. É membro asociado da BITAGAP (PhiloBiblon). Traballou como persoal docente e investigador nalgunhas universidades e institucións estranxeiras, como a Georgetown University, a University of California-Santa Barbara, a Hispanic Society of America (NY), o King's College London ou a University of Birmingham. É secretario da AIEG (2015-18) e da revista complutense *Madrygal* desde 2011. Máis información: <https://ricardopichel.academia.edu/>.

### Relatorio 79 (Sesión 28, D-04, 19h)

#### Editando o *Tratado de Alveitaria* galego

Gerardo PÉREZ BARCALA

*Universidade de Santiago de Compostela*

A única obra científica coñecida do galego medieval, o *Tratado de Alveitaria*, foi transmitida por un só manuscrito do século XV. Dado que, citando a P. Beltrami, "nessun manoscritto è il testo", co fin de achegarse ó TEXTO daquela obra lévaronse a cabo empresas de diversos tipos que constitúen o que I. Castro e M. A. Ramos denominan "campo bibliográfico", isto é, a estrutura funcional formada polas edicións dunha obra. A nosa contribución quere ofrece-lo deseño desa realidade para o *Tratado de Alveitaria*, pasando revista ós traballos que contribuíron a dar a coñecelo, atendendo á relevancia destes para determina-lo lugar que aquel manuscrito ocupa na tradición do *Tratado* e, por extensión, proporcionando algunhas características do seu TEXTO.

Palabras chave: prosa galega medieval, *Tratado de Alveitaria*, edición crítica, Giordano Ruffo.

## Bibliografía

- Domínguez Fontela, Juan (1938-40): "*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XI/238, pp. 302-309; 239, pp. 345-352; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-458; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-550; XII/244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-115; 251, pp. 261-264.
- Molin, Girolamo (1818): *Jordani Ruffi calabriensis Hippiatria*. Padova: Tipografía del Seminario.
- Pensado Tomé, José Luis (2004): *Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé; revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.
- Pérez Barcala, Gerardo (2013): *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Ruffo*. [A Coruña]: Fundación Barrié.

## Biodata

Licenciado en Filoloxía Hispánica e Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela, Gerardo Pérez Barcala desenvolve a súa actividade investigadora no ámbito do estudo de diferentes manifestacións culturais da Idade Media. As principais liñas ás que atende no seu CV son as relacionadas coa análise de motivos poéticos e procedementos métricos da lírica trobadoresca (en particular a galego-portuguesa), así como coa recepción da lírica románica medieval entre os humanistas italianos do séc. XVI (sobre todo, Angelo Colocci). Outra parte importante da súa investigación céntrase nos problemas de edición das traducións de textos científicos medievais: mención especial merecen os seus traballos sobre a tradución galega de Giordano Ruffo, que editou en 2013 na Fundación Barrié e sobre a que publicou numerosos artigos en revistas como *Cultura Neolatina*, *Medioevo Romano*, *Pallas*, *Estudios Románicos* ou *Revista de Lexicografía*, entre outras.

## Relatorio 80 (Sesión 28, D-04, 19:30h)

### Hipóteses ¿certanas? e lírica galego-portuguesa: desfacer sinalefas para crear hiatos

Antonio FERNÁNDEZ GUIADANES  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Ante un verso hipómetro, semántica e sintacticamente correcto, non é infrecuente que algúns editores da lírica profana galego-portuguesa acaben desfecendo unha sinalefa, realizada graficamente nos manuscritos, e creando un hiato, isto é, unha dialefa. Malia que esta práctica editorial se considera adoito como unha das menos interventivas (e nalgúns casos éo realmente), tal emenda pode acabar ocasionando serios conflitos no sistema sinaléfico en que parecen manexarse os trobadores desta escola. Na comunicación estudaremos unha serie de casos en que consideramos que podería ser máis acertado intervir e emenda-los versos dun xeito distinto ó que acabamos de expoñer.

Palabras chave: sinalefa, hiato, edición crítica, lírica profana galego-portuguesa.

## Bibliografía

- Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa* (MedDB) [base de datos en liña]. Versión 3.4. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (<http://www.cirp.gal/meddb>).
- Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* (BiRMED) [base de datos en liña]. Versión 2.2.1. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (<http://www.cirp.es/birmed>).
- Brea, Mercedes (coord.); Antonio Fernández Guiadanes, Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María del Carmen Rodríguez Castaño, Xosé Xabier Ron Fernández (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Santiago de Compostela: Centro

- Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.
- Brea, Mercedes (coord.); Antonio Fernández Guiadanes, Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María Rodríguez Castaño, Xosé Xabier Ron Fernández, María del Carmen Vázquez Pacho (1998): *Cantigas do mar de Vigo: edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martín Codax*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.
- Fernández Guiadanes, Antonio e Gerardo Pérez Barcala (2009): "Notas sobre o texto e a copia dalgunhas cantigas galego-portuguesas: *una errata divisiones dei versi*", en M. Brea (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, pp. 189-223.
- Fernández Guiadanes, Antonio (2010): "Particularidades gráficas e de impaxinación do folio 79r do Cancioneiro da Ajuda: o seu copista é ¿un copista-corrector?", en A. Fernández Guiadanes e M. Arbor Aldea (coords.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións, pp. 163-194.
- Fernández Guiadanes, Antonio e Marina Meléndez Cabo (2011): "Apuntes para a investigación en lírica profana galego-portuguesa: a figura de Roi Gómez, o Freire, e as súas cantigas", *Revista galega de filoloxía* 12, pp. 37-72.
- Fernández Guiadanes, Antonio e M<sup>a</sup> Gimena del Río Riande (2011): "Hacia una emendatio legitima: la collatio intra e intertextual en la edición de la lírica profana galego-portuguesa", *Incipit* XXX, pp. 11-31.

### Biodata

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi bolseiro no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades no proxecto ArGaMed. Participou na publicación de *Lírica profana Galego-Portuguesa* (1996), obra de referencia que recolle o corpus completo desta tradición poética. Xunto co equipo de investigación do CRPIH publicou o libro *Cantigas do Mar de Vigo*, edición crítica dos xograres Martín Codax, Mendiño e Johan de Cangas, así como a primeira e segunda versión de MedDB. Desde 2003 é investigador contratado na Universidade de Santiago de Compostela, onde participa en proxectos de investigación centrados na edición de textos medievais, no marco dos cales publicou varios artigos.



# SESIÓN

## 13 SETEMBRO



## Panel 9 | Memoria histórica. Conflicto e trauma

(D-02, 16:15h)

### Memoria e materialidade do franquismo. Unha relación de amor e de odio

XURXO AYÁN VILA (COORD.)

*Fundación Castro de San Lourenzo*

CARLOS TEJERIZO-GARCÍA (COORD.)

*Instituto de Ciencias del Patrimonio*

REBECA BLANCO ROTEA

*Universidade de Santiago de Compostela*

JOSÉ MARÍA SEÑORÁN MARTÍN

*Arqueólogo independente*

RENÉ PACHECO

*Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica*

EQUIPO SPUTNIK LABREGO

A chamada Lei de Memoria Histórica supuxo un avance substancial nas reclamacións que distintas asociacións e familiares de vítimas do Franquismo viñan facendo desde había décadas. A partir de entón, púderonse poñer en marcha diversos proxectos de investigación e de patrimonialización relacionados coa memoria histórica en Galicia. A arqueoloxía, neste sentido, está xogando un papel cada vez máis relevante á hora de profundar nos aspectos fundamentais desta memoria histórica. Por exemplo, nos últimos anos puxéronse en marcha proxectos sobre a loita antifranquista dos maquis, os macroproxectos de infraestrutura do Franquismo, a exhumación de fosas ou a guerra de Wolfram. Neste panel presentáranse algúns destes proxectos, poñendo sobre a mesa os principais avances, debates e obstáculos en torno á arqueoloxía e a recuperación dunha memoria aínda moi conflitiva.

Palabras chave: arqueoloxía, exhumacións, Franquismo, loita antifranquista, electrofascismo.

**I. Reflexións sobre figuras de protección de patrimonio complexos.** A elaboración do expediente de declaración de BIC das Minas de Wolfram de Valdeorras de Casaio

(Carballeda de Valdeorras) (Rebeca Blanco Rotea)

As Minas de Wolfram de Valdeorras de Casaio (Ourense) tiveron a súa orixe en 1913, momento no que comeza o que o investigador Isidro García Tato denomina *fase belga* (1913-1929) deste complexo mineiro. En 1942 instálase no mesmo un Destacamento Penal ata 1944, polo que pasaron 463 presos. Tanto as minas como o destacamento deixaron a súa materialidade nunha paisaxe que hoxe vai esmorecendo coa perda da memoria. A *LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* contempla os bens de interese cultural (BIC) como a figura de máxima protección do patrimonio cultural e, no caso dos inmobles, "non se poden considerar como elementos illados senón que se entenden integrados nun contexto que é o seu territorio". Segundo a lei, terán a consideración de BIC "aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido nesta lei". Estes poden ser mobles, inmobles e inmateriais. En Casaio, coma noutros patrimonios incómodos, indesexados ou resultantes do conflito, estas tres naturezas danse a man, e non se entende o BIC senón é como resultado da materialidade e da inmaterialidade, da realidade e do significado. A súa declaración como BIC é fundamental para a conservación da nosa memoria recente, para a súa protección e valorización de cara ao futuro. Nesta intervención pretendemos reflexionar co público asistente e entre nós mesmas sobre como debemos declarar BIC este tipo de patrimonios, como debemos abordar a elaboración do expediente, como debemos valorizar aquilo que para moitos e moitas debería esquecerse.

**II. Arqueoloxía do electrofascismo na bacía do Sil (1936-1954)** (José M<sup>a</sup> Señorán Martín e Xurxo Ayán Vila)

A Arqueoloxía do Pasado Contemporáneo permítenos analizar como a arquitectura foi unha ferramenta de primeira orde na construción da realidade social tal como esta era concebida e pensada polo sistema de saber-poder imperante en cada contexto histórico. A arquitectura como medio de dominación e control socialponse de manifesto se analizamos, por exemplo, o período máis filofascista do réxime franquista no noroeste de España. Na década de 1940 toda a arquitectura xerada desde a ditadura presenta unha tremenda coherencia formal de acordo cos parámetros fascistas vixentes na España autárquica. O proxecto social totalitario xerou modelos urbanizadores que se aplicaron tanto no ámbito produtivo como represivo: campos de redención de penas (poboacións de Casaio e Fontao), vivendas obreiras asociadas a explotacións de volframio (Lousame), poboamentos de traballadores en obras hidroeléctricas, asentamentos de colonos potenciados polo Instituto Nacional de Colonización, asentamentos de nova planta para acoller os expulsados das súas terras pola construción de embalses etc. Todas estas escenografías arquitectónicas tiveron como obxectivo fundamental o adoutramento e reeducación da poboación rural e obreira consonte os valores do Réxime instalado tras a Guerra Civil.

### III. A exhumación de fosas en Galicia: Como o respecto á morte influíu na localización e inhumación das vítimas (René Pacheco)

Os galegos sempre teñen gardado un enorme respecto á morte e aos seus rituais, e esa idiosincrasia en relación ao resto do estado influíu no tratamento e localización das vítimas da Guerra Civil española, xa que na maioría dos casos os corpos sen vida que aparecían trasladábanse desde o lugar da morte até o cemiterio máis próximo, en moitos casos mesmo anotándose a inhumación nos libros de rexistros do cemiterio. Iso facilita a investigación histórica, mais as características dos camposantos galegos, pequenos e en constante reutilización dos espazos, complica a localización e recuperación dos corpos.

### IV. Materialidade da loita antifranquista en Galicia: o caso da Cidade da Selva no contexto do noroeste peninsular (Carlos Tejerizo-García, Equipo Sputnik Labrego)

O final da Guerra Civil en España (1936-39) desatou unha onda de represión por parte do réxime franquista que afectou á sociedade civil no seu conxunto a través de distintos mecanismos de violencia obxectiva e subxectiva. Como resposta á represión, desenvolvéronse distintos movementos de resistencia social organizada, entre os cales a guerrilla antifranquista (mal chamada maquis) foi un dos máis coñecidos e relevantes. Unha das áreas onde máis incidencia tivo este movemento foi precisamente no noroeste peninsular durante a primeira metade dos anos corenta. Neste contexto, a estreita articulación entre a guerrilla e as comunidades locais foi un dos elementos máis característicos da guerrilla. O impacto da guerrilla en termos materiais e de paisaxe foi moi significativo, deixando moitos restos susceptibles de ser analizados pola arqueoloxía. En concreto, centrarémonos no caso de “La Ciudad de la Selva”, un conxunto de campamentos da guerrilla situados nos montes de Casaio que supuxeron o intento do movemento guerrilleiro de dotarse dunha estrutura militar organizada. En termos patrimoniais, La Ciudad de la Selva sería un exemplo de “paisaxe obliterado”, onde memoria, trauma e a resistencia das comunidades locais se articulan de forma complexa. Nesta comunicación presentaremos os primeiros resultados do proxecto, facendo especial énfase na relación dos restos materiais e a memoria traumática das actuais comunidades locais.

### Bibliografía

- García Tato, Isidro (2016): *El destacamento penal de las minas de wolfram de Valbórras de Casaio (Carballeda de Valdeorras)*. Madrid: CSIC.
- González Ruibal, Alfredo (2016): *Volver a las trincheras. Una arqueología de la Guerra Civil española*. Madrid: Alianza Editorial.
- Ayán Vila, Xurxo (2008): “El paisaje ausente: por una arqueología de la guerrilla

antifranquista en Galicia", *Complutum* 19 /2, pp. 213-237.

Heine, Hartmut (1980): *A Guerrilla antifranquista en Galicia*. Vigo: Xerais.

Marco López, Aurora (2011): *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Santiago de Compostela: Laiovento: 2011.

## Biodata

**Rebeca Blanco Rotea** é Doutora en Arqueoloxía pola Universidade do País Vasco (2015) e actualmente é investigadora posdoutoral contratada pola Xunta de Galicia. É especialista no ámbito da Arqueoloxía da Arquitectura, así como na xestión do patrimonio material e inmaterial, que inclúe a participación en máis de 40 proxectos arqueolóxicos. Actualmente participa dentro do grupo de investigación Síncrisis (Universidade de Santiago de Compostela), así como do Plenario do Consello da Cultura Galega, sendo coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais.

**Xurxo Ayán Vila** é licenciado en Historia con Premio Extraordinario pola Universidade de Santiago de Compostela. Doutor pola mesma universidade cunha tese sobre a arquitectura doméstica dos castros, merecedora do premio da Deputación de Pontevedra á mellor tese en Humanidades (2012). Foi investigador predoutoral no INCIPIT (CSIC) e investigador posdoutoral Juan de la Cierva no GPAC da Universidade do País Vasco (2014-2017). Especializado en Arqueoloxía Pública e Arqueoloxía do Pasado Contemporáneo, ten publicado en revistas internacionais de impacto como *Archaeologies*, *World Archaeology* ou *Journal of Contemporary Archaeology*. Os seus últimos libros son *Herdeiros pola Forza* (2012, en coautoría con Manuel Gago) e *Altamira vista por los españoles* (2015). Actualmente dirixe o proxecto "Recuperación e posta en valor do castro de San Lourenzo" (A Pobra do Brollón, Lugo) (desde 2016) e codirixe os proxectos "International Brigades Project" (desde 2014) e "Arqueología de la guerra civil y socialización del patrimonio en el monte de San Pedro (Amurrio, Araba)" (desde 2016).

**José María Señorán Martín** é licenciado en Historia pola Universidade Complutense de Madrid. Doutor na mesma universidade cunha tese centrada na aparición do fenómeno megalítico na Alta Extremadura. Foi bolseiro predoutoral no Instituto de Ciencias do Patrimonio (CSIC), Santiago de Compostela, durante os anos 2010-2013. Realizou estadias de investigación no Institute of Archaeology del University College of London (2011) e no Department of Anthropology da University of Washington, Seattle (2012).

**René Pacheco** é arqueólogo da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (<http://memoriahistorica.org.es/>), dentro da cal ten participado en decenas de exhumacións relacionadas coa Guerra Civil e o Franquismo. Actualmente desenvolve o seu labor en torno á reivindicación da memoria en países como México ou Xeorxia.

**Carlos Tejerizo-García** é doutor en Historia Medieval pola Universidade do País Vasco (2015) e actualmente investigador posdoutoral adscrito ao Instituto de Ciencias do Patrimonio (CSIC). A súa liña de investigación principal céntrase na análise arqueolóxica das sociedades campesiñas tradicionais, especialmente de época medieval, mais tamén en momentos máis recentes. Actualmente forma parte do proxecto Sputnik Labrego, que dirixe.

**O proxecto Sputnik Labrego** (<http://sputniklabrego.com/>) naceu en 2016 co obxectivo de estudar as formas de resistencia e adaptación das sociedades campesiñas tradicionais. O proxecto está integrado por Carlos Tejerizo-García (Instituto de Ciencias del Patrimonio), Alejandro Rodríguez Gutiérrez (Universidade de Santiago de Compostela), Celtia Rodríguez González (Universidade de Santiago de Compostela), Mario Fernández Pereiro (Universidade de Santiago de Compostela), Olalla Álvarez Cobian (antropóloga independente) e Álvaro Carvajal Castro (Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea).

**Panel 10 | Redes e humanidades dixitais**

(D-204, 16:15h)

**As humanidades dixitais no foco da investigación do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (CRPIH)**

Manuel GONZÁLEZ GONZÁLEZ (coord.)  
CRPIH / Universidade de Santiago

Mercedes BREA LÓPEZ  
CRPIH / Universidade de Santiago

María Sol LÓPEZ MARTÍNEZ  
CRPIH / Universidade de Santiago

Blanca-Ana ROIG RECHOU  
CRPIH / Universidade de Santiago

O Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (CRPIH) presenta neste panel algúns dos proxectos que se desenvolven no Centro. En primeiro lugar, darase información sobre a posta en funcionamento de tres bases de datos de diferente natureza: terminolóxica (TERGAL), fraseolóxica (Tesouro fraseolóxico galego) e bibliográfica (BILEGA). En segundo lugar, daranse a coñecer os últimos desenvolvementos relativos a dous corpus lingüísticos: o *Corpus de referencia do galego actual* (CORGA) e o *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA). Pola súa parte, nunha terceira intervención farase referencia ao proxecto *Arquivo Galicia Medieval* (ARGAMED), que engloba tres subproxectos que atenden aos tres principais campos da literatura medievals galega: a *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, as *Cantigas de Santa María* e a *Prosa Literaria Galega Medieval*. Entre os obxectivos principais dos tres proxectos están a creación de edicións críticas dos textos e a creación de bases de datos con fins investigadores. Por último, presentarase a estrutura e principais contidos dos *Informes de Literatura*, publicación que pretende dar conta da produción literaria en lingua galega ao longo de cada ano e da súa repercusión.

Palabras chave: humanidades dixitais, bases de datos, corpus lingüísticos, arquivos dixitais.

**Biodata**

**Manuel González González** é Catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, membro numerario da Real Academia Galega e coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro. Forma parte do consello científico de prestixiosas revistas especializadas e a súa investigación oriéntase fundamentalmente aos ámbitos da dialectoloxía, lexicografía, sociolingüística, historia da lingua e fonética, nos que destacan os traballos de investigación científica e as constantes achegas á riqueza da nosa lingua propia. Foi dos iniciadores dos estudos de fonética acústica en Galicia e actualmente centra as súas investigacións nas tecnoloxías da fala.

**Mercedes Brea** é Catedrática de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Foi, nesta universidade, Directora do Servizo de Publicacións, Vicerreitora de Profesorado e Decana da Facultade de Filoloxía. Coordinou o Máster en Estudos medievais europeos: imaxes, textos, contextos, e o Programa de Doutoramento en Estudos Medievais. Na actualidade, dirixe a Escola de Doutoramento en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, e coordina o grupo de investigación GI-1350 da USC, ademais da Rede de estudos medievais interdisciplinares que subvenciona a Xunta de Galicia (<http://www.usc.es/estmedin/>). Dirixiu unha decena de proxectos de investigación do Plan Nacional, e varios de carácter autonómico, ademais do proxecto Lírica galego-portuguesa, que se desenvolve no CRPIH (codirixido desde hai varios anos pola Prof<sup>a</sup> Pilar Lorenzo) e do que o principal resultado é a base de datos Med-DB. Organizou varios congresos internacionais e dirixiu (ou codirixiu) máis de quince teses de doutoramento. As súas liñas de investigación máis destacadas son: (a) procedementos de formación de palabras, (b) morfosintaxe románica, (c) literatura románica medieval.

**María Sol López Martínez** é Profesora titular de Filoloxía galega no departamento de Filoloxía galega da Universidade de

Santiago de Compostela e directora no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades do proxecto CORGA (*Corpus de Referencia do Galego Actual*). A súa investigación céntrase en estudos gramaticais e lingüística de corpus.

**Blanca-Ana Roig Rechou** é Profesora titular no departamento de Filoloxía galega da Universidade de Santiago de Compostela. As súas liñas de investigación son a Literatura galega, a Literatura infantil e xuvenil e a Literatura de transmisión oral. É directora dos proxectos de investigación “Informes de Literatura” e “Investigar en Literatura Infantil e Xuvenil” e membro do proxecto “Dicionarios de Literatura”, realizados no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. Coordinadora da Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), financiada polo MINECO. Investigadora Principal dos proxectos “LITER21. Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (GPC)”, financiado pola Xunta de Galicia, e “Tematología y Métodos. Las guerras en la narrativa infantil y juvenil en el Marco Ibérico”, financiado polo MINECO. Foi Presidenta da Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil (ELOS) entre 2006 e 2012, en que pasou a ser vogal, e Presidenta da Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) dende o ano 2010.

### Panel 11 | Tradución e interpretación

(D-201, 16:15h)

#### As feiras internacionais do libro na actualidade

Iolanda GALANES SANTOS (coord.)  
*Universidade de Vigo*

M. Carmen VILLARINO PARDO  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Ana LUNA ALONSO  
*Universidade de Vigo*

Este panel insere-se no quadro de um projeto de pesquisa mais amplo (“Nuevas es-

trategias de promoción cultural. Las ferias internacionales del libro y la condición de invitado de honor”, FFI2017-85760-P) e pretende analizar as feiras internacionais do libro (FIL) como un evento literario, cultural, editorial e económico em que se consti-tuem redes e se visibilizam territorios –locais, nacionais e transnacionais. Partimos da hipótese de que existe uma diversidade de FIL, com modelos e dinâmicas diferentes e, através de várias análises de caso, procuramos conhecer como se projeta a Galiza em algumas dessas feiras.

Palabras chave: feiras internacionais do livro, século XXI, Convidado de Honra, traducción, fluxo cultural, Galiza.

#### I. As feiras internacionais do libro no século XXI: proposta de modelización (M. Carmen Villarino Pardo e Iolanda Galanes Santos)

As Feiras Internacionais do Livro (FIL) funcionan como espazos destacados para a legitimación e disputas entre mercados editoriais a nivel mundial. Nelas, é possível atender o papel de agentes individuais (tradutores, autores, agentes literários, etc.) ou de entidades coletivas (editoras, instituições etc.) que aí se apresentam. O projeto pretende melhorar o conhecimento sobre este tipo de eventos como instrumentos de promoção cultural e conhecer se a condición de “Convidado de Honra” permite um acúmulo estável e visível de capitais (especialmente de tipo simbólico, mas também econômico e cultural) no espaço transnacional das relações literárias, culturais e políticas. Este trabalho está diretamente ligado ao Projeto de pesquisa “Nuevas estrategias de promoción cultural. Las ferias internacionales del libro y la condición de invitado de honor”(FFI2017-85760-P) em que abordamos as FIL da perspectiva dos Estudos da Cultura, a Tradução literária e a Economía da Cultura.

#### II. Presenza galega nas feiras do libro. O caso de LIBER Madrid e Barcelona (Ana Luna Alonso)

As feiras do libro son espazos onde se xeran fluxos de intercambio cultural. LIBER Madrid

e Barcelona son dúas citas que se reparten a centralidade do sector editorial no marco das linguas e culturas de España, con diferentes modelos e dinámicas de actuación que resultan atractivas para os Estudos da Tradución como espazos que acumulan capital simbólico e cultural. Dende un enfoque tradutolóxico, interesa analizar o papel dos diferentes axentes que interveñen no desenvolvemento deses encontros estatais (e mesmo supraestatais), que implican poñer en valor culturas convidadas e promover produtos culturais dentro do mercado mundial da tradución. Na nosa proposta (vinculada ao proxecto FFI2017-85760-P) pretendemos presentar este fenómeno de maneira xeral (estrutura, cronoloxía, funcionamento etc.), para pasar a analizar a modo de estudo de caso cales foron as estratexias de promoción levadas a cabo para a presenza galega.

### III. Convidado de honra nas feiras internacionais do libro. O caso de Santiago de Compostela na FIL de Buenos Aires (2016) (M. Carmen Villarino Pardo)

Há consenso en reconhecere que as feiras internacionais do libro (FIL) cada vez son mais numerosas e com diferentes modelos de funcionamento num mundo globalizado. Assim, a de Frankfurt é considerada a mais relevante a nivel mundial para o mercado editorial; e para o ámbito de lingua española, as principais referencias são LIBER (Madrid/Barcelona), Guadalajara, Bogotá e Buenos Aires. Este traballo integra-se num projeto mais amplo (FFI2017-85760-P) e tem como objetivos centrar-se na FIL de Buenos Aires –considerada atualmente “o evento editorial en español mais importante de Latinoamérica”– e analizar que implica a condición de Cidade Convidada de Honra, inaugurada en 2013. Como estudo de caso seleccionamos a participación de Santiago de Compostela na edición de 2016. Analisaremos que implicou essa distinción para a capital galega, a partir de perspectivas teórico-metodolóxicas da sociología da literatura e da cultura.

### Bibliografía

- Casanova, Pascale (2004): “Consécration et accumulation de capital littéraire: La traduction comme échange inégal”, *Actes de la recherche en sciences sociales* 144 (*Traductions: les échanges littéraires internationaux*, eds. J. Heilbron e G. Sapir), pp. 7-20.
- Moeran, Brian (2011): “The book fair as a tournament of values”, em B. Moeran e Strandgaard Pedersen J. (eds.), *Negotiating values in the creative industries: fairs, festivals and competitive events*. Cambridge: Cambridge University Press, pp. 119-145.
- Sapiro, Gisèle (2003): “The literary field between the state and the market”, *Poetics* 31, pp. 441-464.
- Sapiro, Gisèle (2008): *Translatio. Le marché de la traduction en France à l'heure de la mondialisation*. Paris: CNRS Éditions.
- Sapiro, Gisèle (dir.) (2012): *Traduire la littérature et les sciences humaines. Conditions et obstacles*. Paris: La Documentation française.
- Thompson, John B. (2011): *Mercadores de cultura: o mercado editorial no século XXI* (trad. A. Allegro). São Paulo: Editora Unesp.
- Flood, John (2007): “‘Omnium totius orbis emporiorum compendium’: the Frankfurt fair in the early modern period”, em R. Myers et alii (eds.), *Fairs, Markets and the Itinerant Book Trade*. Delaware / London: Oak Knoll Press / British Library, pp. 1-42.
- Fouces González, Covadonga (2011): *La traducción literaria y la globalización de los mercados culturales*. Granada: Comares.
- Villarino Pardo, M. Carmen (2016): “Estrategias y procesos de internacionalización. Vender(se) y mostrar(se) en ferias internacionales del libro”, em I. Galanes Santos, A. Luna Alonso, S. Montero Küpper e Á. Fernández (eds.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Comares, pp. 73-92.
- Weidhaas, Peter (2011): *Una historia de la Feria de Fráncfort*. México: Fondo de Cultura Económica.

## Biodata

**Iolanda Galanes Santos** é Profesora titular na Universidade de Vigo e Doutora en Filoloxía galega pola Universidade de Santiago de Compostela, con estudos de posgrao na Universidade de Laval (Quebec). A súa investigación orientáase á Terminoloxía na Tradución especializada e á Tradución literaria. A esta última liña pertence o *Catálogo Virtual da Tradución Galega*, alén de varias publicacións sobre as relacións do sistema literario galego con outras literaturas a través da tradución, como *La traducción literaria. Nuevas investigaciones* (2016).

**Ana Luna Alonso** é Profesora titular no Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, onde imparte docencia de grao, mestrado e doutoramento. Dirixiu varias teses de doutoramento, coordinou cursos e xornadas, e organizou varios simposios e congresos internacionais sobre tradución e políticas de tradución. É investigadora do grupo BITRAGA (*A Biblioteca da Tradución Galega*) e participa no proxecto da Universitat de Barcelona sobre *La traducción literaria en España* (Repertorio informatizado crítico-bibliográfico das traducións publicadas en España dende 1940). Entre as súas actividades dedicadas aos Estudos de Tradución, hai que incluír os estudos socio-culturais do contexto no que se desenvolve a tradución, dende e cara ás linguas minorizadas, a historia da tradución e das persoas que traducen, o estudo dos fluxos de tradución e as políticas de tradución editorial.

**M. Carmen Villarino Pardo** é Profesora titular na Universidade de Santiago de Compostela e membro dos grupos de pesquisa Galabra (USC) e Grupo de Estudos de Literatura Brasileira Contemporânea (Brasil). Traballa, fundamentalmente, sobre as dinámicas dos campos literario e cultural no Brasil, os procesos atuais de internacionalización da literatura e da cultura brasileiras e sobre agentes e dinámicas de (inter)mediação cultural, em que tem diferentes publicações. Coordena o projeto de pesquisa "Nuevas estrategias de promoción cultural. Las ferias

internacionales del libro y la condición de invitado de honor" (FFI2017-85760-P), Ministerio de Economía y Competitividad-Fondos FEDER (2018-2020).

## Panel 12 | Redes e coñecemento

(D-04, 16:15h)

**O proxecto *Editores y Editoriales Iberoamericanos*. EDI-RED: un modelo de rede de coñecemento para o estudo da cultura galega dos séculos XIX-XXI**

Pura FERNÁNDEZ (coord.)  
*Consejo Superior de Investigaciones Científicas*  
Dolores VILAVEDRA (coord.)  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Nestas ponencias exporanse a metodoloxía, obxectivos e resultados parciais do proxecto virtual *Editores y Editoriales Iberoamericanos* (siglos XIX-XXI). EDI-RED ([http://bvmc.pre.cervantesvirtual.com/portales/editores\\_editoriales\\_iberamericanos/](http://bvmc.pre.cervantesvirtual.com/portales/editores_editoriales_iberamericanos/)), que está a ser desenvolvido por un equipo de máis de 200 investigadores. O portal preséntase como a vía para explorar o novo paradigma que as Humanidades dixitais ofrecen para a historiografía do campo editorial internacional, as modernas industrias culturais, a preservación do patrimonio documental relacionado coa edición e a transferencia de coñecemento. Deste xeito preténdese trazar a cartografía internacional da República das Letras nas linguas peninsulares a partir dun proxecto colaborativo interdisciplinar e multimedia, que explora todas as posibilidades que as Humanidades dixitais ofrecen neste ámbito de investigación. Na ponencia exporase tamén, a modo de exemplo, o caso galego, analizando a súa singularidade dende a perspectiva das peculiaridades que presenta o estudo do mundo editorial no contexto dunha lingua e unha cultura historicamente sometidas a tensións xeográficas, políticas, sociais, económicas e mesmo demográficas.

Palabras clave: Humanidades dixitais, edición literaria galega, proxectos colaborativos.



## Bibliografía

- Axeitos, Xosé Luís e Xavier Seoane (1974): *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1979)*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Barreiro, Xosé Ramón (1991): "O libro na cultura galega", en *Historia contemporánea. Ensino e cultura*. Tomo VI de Galicia. *Historia*. A Coruña: Hércules, pp. 241-298.
- Barreiro, Xosé Ramón e Antonio Odriozola (1992): *Historia de la imprenta en Galicia*. A Coruña: Biblioteca Gallega.
- Bragado, Manuel (2010): "O difícil camiño do libro dixital en galego", *Grial* 187, pp. 12-19.
- Cabrera, María Dolores e Víctor F. Freixanes (1996): "El libro en lengua gallega", en H. Escolar (dir.), *Historia ilustrada del libro español. La edición moderna. Siglos XIX y XX*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 443-471.
- Cabrera, María Dolores e Víctor F. Freixanes (2003): "Datos para a entrada no milenio. Algunhas reflexións arredor do libro galego", *Grial* 160, pp. 136-143.
- Freixanes, Víctor F. (2010): "A industria editorial", en V. F. Freixanes e A. Meixide (dirs.), *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*. A Coruña: Fundación Caixagalicia, pp. 81-185.
- Vázquez Souza, Ernesto (2003): *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada: Edicións do Castro.
- Verdugo Matés, Rosa María (1998): *A industria editorial em Galiza (1973-1989)*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Vilariño Pintos, Daría, Isabel Alvarez García, Federación de Libreiros de Galicia (2004): *O libro galego, onte e hoxe: do século XIII ao século XX* (CD). Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia.
- Vilavedra, Dolores (s.d.): "La edición en Galicia", en *Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes*, Sección: *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI)*. EDI-RED > La edición iberoamericana > España: [http://bvmc.pre.cervantesvirtual.com/portales/editores\\_editoriales\\_iberamericanos/edicion\\_en\\_gallego/](http://bvmc.pre.cervantesvirtual.com/portales/editores_editoriales_iberamericanos/edicion_en_gallego/).

## Biodata

**Pura Fernández** é Profesora de investigación do Centro de Ciencias Humanas y Sociales do CSIC. Dirixiu 8 proxectos de I+D e un hispano-francés centrados na historia da literatura, da edición e da lectura no ámbito hispánico. Dirixe o portal académico *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX y XXI)*. EDI-RED e é autora e editora de trece libros. Ten publicado arredor de 100 estudos en numerosos volumes colectivos e en revistas académicas de impacto nacionais e internacionais. Máis información en: <http://cchs.csic.es/es/personal/pura.fernandez>.

**Dolores Vilavedra** é Profesora titular de literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en narrativa galega contemporánea, exerce habitualmente a crítica literaria en medios especializados e divulgativos. Membro do consello de redacción da revista *Grial* e directora do *Anuario de estudos literarios galegos* entre 2002 e 2007. Coordinou a elaboración do *Diccionario da literatura galega* en 4 tomos, e entre as súas publicacións salientan *Historia da literatura galega* (1999), *Sobre narrativa galega contemporánea* (2000), *A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica* (2010), así como a edición de varios epistolarios de escritores e intelectuais galegos (Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero). Foi membro da Sección de Igualdade do Consello da cultura Galega, e na actualidade é secretaria da Comisión Executiva e do Plenario desta institución, ademais de coordinar a Sección de artes escénicas e musicais.

## Sesión 29 | Memoria e identidade. Sexualidade e LGTBIQ+ (D-01)

### Relatorio 81 (9:30h)

#### Galiza arde: resistindo a metronormatividade da literatura e cultura cuir

Danny BARRETO  
Colgate University

J. Halberstam critica os estudos e movementos LGTB pola súa 'metronormatividade', o seu enfoque nos espazos urbanos e o seu desprezo polas sexualidades, xéneros e identidades non metropolitanos. Esta tendencia é aínda máis problemática para as comunidades cuir no rural galego, onde esas poboacións teñen que loitar contra a súa alteridade nacional e sexual. Neste relatorio quero analizar as estratexias deses artistas e activistas que intentan artellar unha identidade e cultura que sexan rurais, nacionais e cuir ao mesmo tempo. Ao longo dos últimos anos, vimos aparecer moitas organizacións e obras de literatura que procuran visibilizar as culturas non heteronormativas nos espazos rurais.

Palabras chave: sexualidade, literatura, LGTBI, rural, activismo.

#### Bibliografía

- Gray, Mary L., Colin R. Johnson e Brian J. Gilley (eds.) (2016): *Queering the countryside: new frontiers in rural queer studies*. New York / London: New York University Press.
- Halberstam, Judith (2005): *In a queer time and place: transgender bodies, subcultural lives*. New York / London: New York University Press.
- Mejuto, Eva (2017): *22 segundos*. Vigo: Xerais.
- Queipo, Xavier (2017). *Os kowa*. Vigo: Galaxia.
- Reimóndez, María (2012): *En vías de extinción*. Vigo: Xerais.

#### Biodata

Danny Barreto é profesor e investigador dos estudos LGTBI en Colgate University (Nova York). No ensino, dedícase principalmente

ás teorías e literaturas feministas e cuir, e tamén a sexualidade e o xénero en nacións migrantes e sen estado como Galiza e Porto Rico. Ten publicado varios estudos sobre a narrativa do Rexurdimento e a produción literaria e fílmica dos séculos XX e XXI en Galiza. Os seus artigos aparecen en revistas como *Galicia 21*, *Abriu*, *Journal of Spanish Cultural Studies* e *Bulletin of Hispanic Studies*, ademais dos volumes *Rerouting Galician Studies: Multidisciplinary Interventions* (2018) e *Queering Iberia: Iberian Masculinities at the Margins* (2012). A súa investigación actual céntrase en cuestións de espazo, identidade e memoria na produción cultural cuir de Galiza. Forma parte do comité executivo do Foro de Lingua, Literatura e Cultura Galegas dentro da MLA (Asociación de Linguas Modernas) e é representante dos estudos galegos na asemblea xeral da mesma asociación.

### Relatorio 82 (Sesión 29, D-01, 10h)

#### A (de)construción identitaria homosexual na conversa: implicacións socioculturais do discurso gay galego

Daniel AMARELO MONTERO  
Universidade de Santiago de Compostela

Nesta comunicación presentaremos un corpus de interaccións orais entre individuos situados á marxe da heteronormatividade, para desta maneira esclarecer as posibilidades da palabra falada como ferramenta de intervención na sociedade e no territorio, nun proceso que vai desde a investigación lingüística até á tolerancia no conxunto da cidadanía. Mediante a gravación de conversas entre tres falantes, trataremos de analizar aqueles aspectos discursivos que conforman a identidade sexual, ben para apontoala ou delineaala, ben para deconstruíla. Os tres rapaces, cuxas interaccións foron recollidas en dous exercicios de aproximadamente vinte minutos cada un, dialogan sobre a súa identidade non heterosexual a través de narrativas persoais de diversa índole, o que nos permite estudar a mediación lingüística existente entre a condición sexual e a identidade persoal e/

ou grupal. Un dos elementos de relevancia nesta comunicación é a “saída do armario”, enfocada como un evento comunicativo relevante no seo dunha sociedade, quer de matriz urbana, quer de matriz rural. A performatividade inherente aos actos de fala máis próximos ou máis afastados de cuestións sexuais —e o antes mencionado *outing* lingüístico é só un exemplo diso— determinan interesantes respostas conversacionais e, xeralmente, ideas estereotipadas sobre os suxeitos falantes de sexualidades diversas ou disidentes. Tales ideas son postas en causa no discurso, que nos ensina, a través desta pequena mostra de conversas, que a ferida lingüística da homofobia e da incompreensión pode ser combatida. Aliás, co engadido de o galego ser unha lingua desprestixiada e minorizada nun territorio aínda bastante rural: será que podemos falar dunha “agrossexualidade galega”? Non obstante, como acabamos de ver, os problemas que envolven estes temas son numerosos e complexos, e polo tanto resulta imprescindible o comentario dalgúns eventuais horizontes metodolóxicos. Como seleccionar e guiar os informantes neste traballo sen unha influencia excesiva do investigador, como valorar a representatividade dos datos obtidos ou como colocar as cuestións que dean pé a unha efectiva e satisfactoria interacción com base no interese temático do noso estudo son algunhas das suxestivas dificultades desta pesquisa.

Palabras chave: linguaxe e sexualidade, identidade, performatividade, análise do discurso, LGTBQ+

### Bibliografía

- Butler, Judith (1997): *Excitable speech: a politics of the performative*. New York: Routledge.
- Bucholtz, Mary e Kira Hall (2005): “Identity and interaction: a sociocultural linguistic approach”, *Discourse Studies* 7/4-5, pp. 585-614.
- Cameron, Deborah e Don Kulick (2003): *Language and sexuality*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Ehrlich, Susan, Miriam Meyerhoff e Janet

Holmes (eds.) (2017): *The Handbook of Language, Gender and Sexuality*. Londres: Wiley Blackwell.

Joseph, John E. (2004): *Language and Identity*. New York: Palgrave Macmillan.

### Biodata

Daniel Amarelo (Ferrol) é estudante de Filoloxías Galega e Portuguesa, con mención Minor en Lingüística Xeral, na Universidade de Santiago de Compostela. Obtivo a bolsa de colaboración do Ministerio de Educación co Departamento de Filoloxía Galega da USC e actualmente traballa, por esta razón, no seo do proxecto CORILGA (“Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega”), no Instituto da Lingua Galega. Baixo a dirección do profesor Xosé Luís Regueira, realiza gravacións e estuda e sistematiza a lingua oral, un dos seus centros de interese académico. Actualmente investiga a relación entre discurso e sexualidade con atención aos procesos lingüísticos de construción identitaria, mediante a gravación de conversas entre falantes novos, de maneira a conformar un corpus representativo de ditas interaccións.

### Relatorio 83 (Sesión 29, D-01, 10:30h)

#### As adulteracións heterosexistas nas edicións do trobadorismo galego

Carlos Manuel CALLÓN TORRES  
Universidade de Santiago de Compostela  
Instituto Espanhol de Lisboa

Unha constante dos grupos marxinaos é a reiteración, ao longo do tempo, de comezar de cero; a perda da memoria do que os antecedeu, debido á carencia de resortes institucionais que a sosteñan. Un magnífico exemplo encontrámolo no apagado da existencia de persoas ou subculturas homosexuais ao longo da Historia, pola deliberada eliminación ou distorsión das fontes que contradín o relato heterosexista. Analizaremos os exemplos de modificación editorial contemporánea dos manuscritos poéticos medievais en galego-portugués, que se produciu tanto en cantigas satíricas como amatorias. Os primeiros en leren eses

textos como homosexuais (acertadamente ou non) foron os editores que os transformaron.

Palabras chave: memoria LGTB, trobadorismo, homosexualidade, crítica textual, lírica medieval.

### Bibliografía

- Boswell, John (1981): *Christianity, Social Tolerance, and Homosexuality. Gay People in Western Europe from the Beginning of the Christian Era to the Fourteenth Century*. Chicago / London: University of Chicago Press.
- Callón, Carlos (2011): *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Callón, Carlos (2017): *As relacións sexoafectivas intermasculinas e interfemininas no trobadorismo galego*. Tese de doutoramento. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Sedgwick, Eve Kosofsky (1990): *Epistemology of the closet*. Berkeley: University of California Press.

### Biodata

Doutor en Estudos Lingüísticos e Literarios pola Universidade da Coruña. Autor de varios libros, entre os que salientan o poemario *Atravesar o fantasma* e os ensaios *Galegocalantes e galegofalantes, Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* e *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media* (premios Vicente Risco e Fervenzas Literarias). Presidiu durante doce anos A Mesa pola Normalización Lingüística.

**Sesión 30 | Tradución e interpretación**  
(D-02)

**Relatorio 84** (9:30h)

**En terra de lobos ouvear coma todos. Achega paremiolóxica á tradución inédita do Quijote de Juan Beceiro Amado**

Joan FONTANA I TOUS  
Universitat de Barcelona

Este relatorio pretende amosar cales foron as estratexias tradutolóxicas empregadas polo ferrolán Juan Beceiro Amado (1903-1990) na tradución dos refráns do *Quijote*. O feito de que esta tradución sexa a primeira en galego (1970-72), e que aínda estea inédita (manuscrita en catro volumes) no Arquivo da RAG, singulariza este estudo, máxime tendo en conta que os resultados desta primeira versión se poden comparar cos da tradución coral dirixida por Valentín Arias, publicada en 1992 (por Xuntanza Editorial) e reeditada en 2005 (na Editorial Galaxia). As versións galegas das paremias do *Quijote* analizaranse seguindo as estratexias tradutolóxicas postuladas por Fontana (2017), que, a grandes liñas, divide as traducións paremiolóxicas segundo dous grupos: equivalencias (cando o tradutor é quen de atopar unha paremia equivalente en galego, a lingua de chegada) e anosamentos (cando, ante a imposibilidade de atopar un refrán equivalente en galego, empréganse outras estratexias).

Palabras chave: *Quijote*, galego, Juan Beceiro Amado, paremioloxía, estratexias tradutolóxicas.

### Bibliografía

- Cantera Ortiz de Urbina, Jesús, Julia Sevilla, Manuel Sevilla Muñoz e Wolfgang Mieder (2005): *Refranes, otras paremias y fraseologismos en Don Quijote* de la Mancha. Burlington, Vermont: Proverbium in cooperation with the Department of German and Russian, University of Vermont.
- Cervantes, Miguel de (1972): *O enxeñoso fidalgo Don Quijote d'a Mancha* (trad. de J. Beceiro Amado). Manuscrito inédito conservado no Arquivo da Real Academia Galega, 4 vols.
- Cervantes, Miguel de (2005 [1992]): *O enxeñoso fidalgo Don Quixote da Mancha* (trad. de V. Arias López, X. Arias Castaño, M<sup>a</sup> X. Senín Fernández, M<sup>a</sup> X. S. Fernández, X. A. Palacio Sánchez, X. Senín). A Coruña: *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2 vols.
- Fontana i Tous, Joan (2017): "Algo va de Stan a Pedro. Paremias populares en las traducciones rumanas integrales del *Quijote*", *Paremia* 26, pp. 63-73.

## Biodata

Licenciouse en Filoloxía Clásica con mención complementaria en Filoloxía Románica na Universitat de Barcelona (2001), onde obtivo o grado de Doutor en Filoloxía Románica (2014). Dende o curso 2004-2005 é profesor asociado na citada UB, onde impartiu as materias Lengua romanesa, Literatura romanesa, El "dor" romanès: entre l'enyor i el desig; así como tamén cursos de Literatura xeral e Lingüística Románica. Fai parte do Grupo de Innovación *Docente InterRomânia. Multilingüisme i intercomprensio en les llengües romàniques*. Tamén participou nos proxectos BADARE (*Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*), Ampliación de BADARE e PremioRom (*Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio*), en cuxo marco colaborou na organización de diversos congresos de ámbito internacional. Como tradutor do romanés ao catalán, ocupouse de Mircea Eliade (2011) ou Emil Cioran (2017).

### Relatorio 85 (Sesión 30, D-02, 10h)

#### Entre dous existencialismos: Wisława Szymborska en galego

María FILIPOWICZ-RUDEK  
*Uniwersytet Jagielloński*

O relatorio ofrece unha análise traductolóxica da escolma bilingüe de poesía da premio Nobel polaca Wisława Szymborska seleccionada e traducida ao galego por Lucía Caeiro (Positivas, 2011), que abarca diversos planos textuais e metatextuais do orixinal polaco e a súa versión galega. A escolma presentada consitúe o primeiro encontro serio entre as dúas literaturas, confrontando dúas sensibilidades lingüísticas, literarias e existenciais. Esta confrontación, no entanto, deixa sacar interesantes conclusións sobre todo con respecto ao diálogo entre as dúas culturas tanto no nivel dos valores semánticos (referencias universais e locais) como no nivel da calidade da linguaxe poética (musicalidade, imaxes, concisión). Unha lectura profunda, contrastada ás veces con diferentes versións dos poemas de Szymborska

en outras linguas permite formular a tese de que a versión galega da poeta polonesa crea unha nova calidade poética entre una ampla serie de traducións de Szymborska ás linguas ibéricas.

Palabras chave: crítica de tradución, diálogo intercultural, Wisława Szymborska, poesía polaca, poesía galega.

## Bibliografía

- Barańczak, Stanisława (1992): *Ocalone w tłumaczeniu*. Poznań: Wydawnictwo a5.
- Berman, Antoine (2009): "Przekład jako doświadczenie obcego", en P. Bukowski e M. Heydel, *Współczesne teorie przekładu, Antologia*. Kraków: Znak.
- Heydel, Magdalena (2013): *Gorliwość tłumacza. Przekład poetycki w twórczości Czesława Miłosza*. Kraków: Wydawnictwo Uniwersytetu Jagiellońskiego.
- Szymborska, Wisława (2011): *Versos escollidos*. Edición bilingüe, Tradución e Limiar de Lucía Caeiro. Santiago de Compostela: Positivas.

## Biodata

Maria Filipowicz-Rudek, licenciada en Filoloxía hispánica e doutora en estudos de tradución e literatura, na actualidade é Profesora adxunta no Instituto de Filoloxía Románica na Universidade Iaguelónica de Cracovia. Dende o ano 2000 exerce de coordinadora do Centro de Estudos Galegos na mesma universidade. Publicou dous números da revista de promoción da cultura e literatura galegas *Almanach Galicyjski* (2003, 2007) máis un número da revista *Policromía* (2007) dedicada aos estudos minoritarios ibéricos en Polonia. Foi tamén coeditora da revista de traducción polaca *Między oryginałem a przekładem* (nº II-XVI), así como coautora do manual da lingua galega para estudantes polacos *A gaita galega* (2011). Como tradutora publicou versións polacas de varios autores casteláns e galegos, entre outros de Álvaro Cunqueiro (*Moje Plemię*, 2009) e Manuel Rivas (*Ołówek stolarza*, 2002).

### Relatorio 86 (Sesión 30, D-02, 10:30h)

"Captar los conflictos más sutiles del alma" en el proceso de traducción. La poesía de Wisława Szymborska en gallego y español

Aleksandra JACKIEWICZ  
*Uniwersytet Warszawski*

El propósito de esta comunicación será el de señalar las posibles dificultades de traducción con las que tropiezan los traductores al recrear las imágenes relativas a la realidad representada en la poesía de Wisława Szymborska, ganadora del Premio Nobel de Literatura en 1996. Nos proponemos realizar un análisis contrastivo entre los versos de partida y sus versiones gallegas y españolas para averiguar si la organización estilístico-formal de las obras en las que trasluce «una vibración emocional e intelectual muy peculiar, debido a una mezcla de observaciones muy concretas y de un tono lírico sobrio, siempre atenuado por la ironía» (Krystyna Rodowska) se ha conservado en los textos de llegada. La base de nuestro estudio la constituirán las traducciones publicadas, entre otras, en dos antologías: *Versos escollidos* (2011, trad. de Lucía Caeiro) y *Antología poética* (2015, trad. de Elżbieta Bortkiewicz). El estudio nos permitirá verificar hasta qué punto las soluciones adoptadas por los traductores le han propiciado al receptor experimentar las cualidades de la realidad de partida, así como en qué medida han alterado la identidad de las representaciones originales. Para ir más allá de las concepciones evaluativas, intentaremos también esbozar la recepción gallega de la poesía de Szymborska y la medida en la que su intencionalidad estética puede funcionar en el contexto poético meta.

Palabras clave: traducción, poesía, traducción poética, Wisława Szymborska, pensamiento lateral.

### Bibliografía

Beltrán, Gerardo e Abel M. Soriano (1998): "Mała antologia problemów przekładu poezji polskiej na hiszpański", *Między Oryginałem a Przekładem* IV, pp. 167-181.

Neubert, Albrecht (2009): "Względnosc translatoryczna", en P. Bukowski y M. Heydel (eds.), *Współczesne teorie przekładu. Antologia*. Kraków: Wydawnictwo Znaki, pp. 123-142.

Szymborska, Wisława (2011): *Versos escollidos*. Edición bilingüe, Traducción e Limiar de Lucía Caeiro. Santiago de Compostela: Positivas.

Szymborska, Wisława (2015): *Antología poética*. Traducción de Elżbieta Bortkiewicz. Madrid: Visor Libros.

Szymborska, Wisława (2016): *Wybór poezji*. Edición de Wojciech Ligęza. Wrocław: Wydawnictwo Ossolineum.

### Biodata

Soy Doctora en Letras por la Universidad de Varsovia. Mi investigación se centra en la traducción poética, especialmente en la poesía polaca de la primera mitad del siglo XX y sus traducciones al español. Asimismo, mis estudios conciernen a los problemas que plantea la traducción de la poesía polaca al gallego, así como a su posterior recepción en el ámbito de la lengua y cultura gallegas. Soy autora de varios artículos dedicados a la literatura comparada y traducción en la pareja polaco-español. He expuesto los resultados de mi investigación en numerosos congresos internacionales relativos a la literatura y traducción en el ámbito hispánico. Actualmente trabajo en el Departamento de Estudios Ibéricos e Iberoamericanos en la Universidad de Varsovia (Área de Teoría y Práctica de la Traducción e Interpretación) impartiendo clases de historia y crítica de la traducción, teoría de la traducción, traducción literaria y de textos especializados. Además, soy traductora de la poesía española contemporánea más reciente.

### Relatorio 87 (Sesión 30, D-02, 11:30h)

Reflexión sobre a tradución e a autotradución literarias do galego ao castelán no século XXI

Diego MUÑOZ CARROBLES  
*Universidad Autónoma de Madrid*

Neste relatorio queremos lanzar algunhas ideas acerca dos procesos de tradución e de autotradución de narrativa e de poesía que se están a producir na literatura galega. Interéсанos reflexionar sobre os motivos que levan os autores e autoras a tomar a decisión de facer eles mesmos o traslado do seu propio texto dende o galego ao castelán: falaremos de unicidade e multiplicidade de textos e voces, de fidelidade ao orixinal, de supostos intraducíbeis, das actitudes lingüísticas dalgúns autores e máis de bilingüismo e diglosia aplicados á tradución literaria con testemuños e exemplos tirados de autores como Manuel Rivas, Yolanda Castaño ou Chus Pato.

Palabras chave: tradución, autotradución, actitudes, bilingüismo, diglosia.

### Bibliografía

- Dasilva, Xosé Manuel (2013): *Estudios sobre la autotraducción en el espacio ibérico*. Berna: Peter Lang.
- Dasilva Xosé Manuel e Helena Tanqueiro (2011): *Aproximaciones a la autotraducción*. Vigo: Academia del Hispanismo.
- Polizzi, Assunta (2013): "La voz del yo en *Las voces bajas* de Manuel Rivas", *Siglo XXI: Literatura y cultura españolas* 11, pp. 115-131.
- Recuenco Peñalver, María (2011): "Más allá de la traducción: la autotraducción", *Trans. Revista de Traductología* 15, pp. 193-208.

### Biodata

Diego Muñoz Carrobles fixo o seu doutoramento na Universidade Complutense de Madrid, na área de Filoloxía Románica (2012). É profesor na área de galego no Máster en Literaturas Hispánicas da UNED e profesor asociado na Facultade de Educación da Universidade Autónoma de Madrid. Participou en grupos de investigación sobre estudos urbanos e entre as súas liñas de investigación destacan a interculturalidade, as linguas en contacto e a sociolingüística urbana.

### Relatorio 88 (Sesión 30, D-02, 12h)

**El cuento literario y la traducción en el (macro)polisistema ibérico (2000-2015): focalización en la producción y recepción gallegas**

César GONZÁLEZ ÁLVARO  
Universidad Complutense de Madrid

Esta propuesta forma parte de un proyecto que gira en torno al cuento literario y las traducciones de cronología reciente (2000-15) entre volúmenes de cuentos con origen en las literaturas castellana, catalana, gallega, portuguesa y vasca. En esta comunicación se focalizará en la producción y recepción gallegas en el marco temporal señalado en el título. Se valorará el espacio peninsular e insular como una «comunidad interliteraria» y se atenderá, por tanto, a la terminología de la Escuela de Bratislava así como a la Escuela de Tel Aviv en cuanto a la noción de «polisistema». Se mostrarán los resultados obtenidos en las distintas bases de datos consultadas, sobre las que se vertebrarán también algunos comentarios respecto a su funcionamiento. Desde la perspectiva de las obras traducidas, pues, se destacarán algunos puntos principales de las relaciones entre el polisistema literario gallego y los polisistemas literarios vecinos.

Palabras chave: polisistema, comunidad interliteraria, traducción, cuento, polisistema literario gallego.

### Bibliografía

- Casas, Arturo (2004): "Catro modelos para a nova historia literaria comparada: unha aproximación epistemolóxica", en A. Abuín y A. Tarrío (eds.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 45-71.
- Hooft, Andreu van (2004): "¿Un espacio literario intercultural en España? El polisistema interliterario en el estado español a partir de las traducciones de las obras pertenecientes a los sistemas literarios

- vasco, gallego, catalán y español (1999-2003)", en A. Abuín y A. Tarrío (eds.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 313-334.
- Pérez Isasi, Santiago (2014): "Literaturas nacionales, literaturas supranacionales: el lugar de los Estudios Ibéricos", *Interliteraria* 19/1, pp. 22-32.
- Resina, Joan Ramon (2009): *Del hispanismo a los estudios ibéricos. Una propuesta federativa para el ámbito cultural*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Ribera Llopis, Juan Miguel (2014): "Las letras catalanas y el entramado peninsular contemporáneo: modos y tópicos interliterariamente conectores", en 1616: *Anuario de Literatura Comparada* 4, pp. 59-76.

## Biodata

Doctorando en el programa de Estudios Literarios de la Universidad Complutense de Madrid. Licenciado en Teoría de la Literatura y Literatura Comparada (UCM). Licenciado en Economía (UC3M). Autor del volumen de relatos *El tiempo de los espantapájaros* (Premio Tiflos 2014, Edhasa-Castalia). Publicaciones académicas: "Aproximaciones al viaje místico: Ramon Llull y San Juan de la Cruz" (*Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca* 21, 2016), "El *Llibre d'amic e amat* y el *Llibre de les bèsties* de Ramon Llull: una propuesta de lectura comparada" (*Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca* 22, 2017); "Quim Monzó y Sergi Pàmies: hostilidad en espacios fantásticos interiores y espacios-marco" (en *Representaciones del espacio hostil en la literatura y las artes*, Andavira, 2017).

**Sesión 31 | Lingua e territorio. Léxico e dialectoloxía (D-04)**

**Relatorio 89 (9:30h)**

**Afixario: antecedentes, presentación e desenvolvemento dun dicionario de afixos do galego medieval**

Xoán LÓPEZ VIÑAS  
Universidade da Coruña

*Afixario* ten como punto de partida o *Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval* (López Viñas 2015), no cal se establecía o primeiro repertorio de afixos do ámbito galego-portugués con base nunha serie de obras representativas do galego literario medieval –xunto cunha mostra da produción notarial– e limitado aos vocábulos afixados de formación exclusivamente romance –e non latina. No entanto, *Afixario* pretende ser un dicionario en liña de todos os afixos e terminacións existentes no galego medieval, en que se inclúan de todas as palabras de formación tanto latina como romance e no cal se englobe a totalidade de obras da sincronía medieval. Así pois, este relatorio ten por obxectivo, alén da presentación do portal web, a descrición do proceso de elaboración deste proxecto, a fase de implementación en que se encontra, os resultados previstos e as sinerxías que establece –ou pode establecer– con outros proxectos do ámbito galego-portugués, como é o actual GLOSSA (*Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*).

Palabras chave: afixación, formación de palabras, galego medieval, dicionario, historia da lingua.

## Bibliografía

- Caetano, Maria do Céu (2003): *A Formação de Palavras em Gramáticas Históricas do Português. Análise de algumas correlações sufixais*. Tese de doutoramento inédita. Lisboa: Universidade Nova de Lisboa.
- Ferreiro, Manuel (2001 [1997]): *Gramática histórica da lingua galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- López Viñas, Xoán (2012): *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*. Tese de doutoramento inédita. A Coruña: Universidade da Coruña.
- López Viñas, Xoán (2015): *Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval*. Monografía 8 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC.



## Biodata

Xoán López Viñas é profesor na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, na cal se doutorou en 2012. A súa actividade investigadora céntrase fundamentalmente na Lingüística histórica e na Gramática sincrónica, ademais da Ecdótica e a Crítica textual. Para alén da publicación de diversos contributos e artigos especializados en revistas e libros colectivos, entre as súas publicacións destacan o *Diccionario de afijos do galego medieval* (2015), resultado dunha parte da súa tese doutoral sobre *A formación de palabras no galego medieval: afixación; a Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión* (2010, 1ª ed.; 2011, 2ª ed.), en coautoría con Cilha Lourenço e Maria Moreda e merecente do Premio Xosefa Iglesias Vilarelle ao mellor libro educativo do ano 2010; e as edicións críticas da *Memoria crítico-bibliográfica del Teatro Regional Gallego* (2006), de Uxío Carré Aldao, e de *O frade das dúas almas* (2009, en colaboración con Teresa López), de Xosé Tobío Mayo.

### Relatorio 90 (Sesión 31, D-04, 10h)

#### **Nocello, noelo, tornecelo... Variación léxica e mudanza no galego contemporáneo**

Marta NEGRO ROMERO  
Universidade de Santiago de Compostela

Os atlas lingüísticos constitúen unha excelente fonte para a realización de estudos que permitan coñecer a variación lingüística nos distintos niveis de análise, unha vez que rexistran nas súas cartas as variantes recorrentes en determinada área asociadas a unha mesma variable. Para o territorio galego contamos cos datos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* (1934) e do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* (1974). Estes dous atlas ofrecen numerosa información organizada onomasioloxicamente, entre a que distan corenta anos, o que posibilita a realización de estudos sobre variación e cambio lingüístico. O noso obxectivo é analizar as denominacións existentes para *nocello* 'parte sainte dos ósos que forma a

articulación da perna co pé' no territorio galego a partir dos datos do *ALPI* e do *ALGa*, que complementamos con datos extraídos doutros atlas rexionais, así como de corpus lexicográficos. A análise das distintas variantes realizarase tendo en conta, por un lado, a distribución xeográfica en ambos os atlas, o que nos permitirá observar a existencia de procesos de cambio lingüístico e, polo outro, as motivacións semánticas, principalmente metafóricas, que dan lugar á variedade de formas.

Palabras chave: variación, mudanza, léxico, atlas lingüísticos, galego.

## Bibliografía

- ALGa = Constantino García e Antón Santamarina (dirs.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. V. Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALPI = Tomás Navarro Tomás (dir.) (1931-54): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* [cuadernos inéditos].
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2014): "(Des-) continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa", en X. C. Sousa, M. Negro Romero e R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 173-200.
- Juliá Luna, Carolina (2007): *Léxico y variación: las denominaciones de las partes del ojo*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona.
- Negro Romero, Marta (2015): "O Tesouro do léxico patrimonial galego-portugués no marco do espazo lingüístico galego-portugués (PE e PB)", en O. Castro e M. Liñeira (eds.), *Trama e urda. Contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 77-97.
- Negro Romero, Marta (2012): "Names for the uvula in the west of the Iberian Peninsula: a geolinguistic approach", *Dialectologia. Revista Electrónica*, Special Issue III, pp. 111-128.
- Sousa, Xulio e Marta Negro Romero (no prelo): "Áreas léxicas e dominios lingüísticos

no noroeste peninsular”, en E. Louredo e R. Álvarez (eds.), *Estudios portugueses y brasileños*, 17.

## Biodata

Marta Negro Romero é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Está vinculada ao Instituto da Lingua Galega desta universidade desde o ano 2002, onde integrou diversos proxectos de investigación no ámbito da variación e da xeografía lingüística. Na actualidade é investigadora neste centro no proxecto galego-portugués *Patrimonio léxico da Gallaecia* e membro do equipo do *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, no que colaboran centros e universidades de Galicia, Portugal e Brasil. Foi docente do Departamento de Linguística Geral e Románica e colaboradora da Cátedra de Estudos Galegos da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa (2004-08) e exerceu tamén a docencia no Departamento de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2010-12). A súa actividade investigadora está ligada á variación dialectal e cambio lingüístico, á xeografía lingüística e á lexicografía.

### Relatorio 91 (Sesión 31, D-04, 10:30h)

#### O sistema verbal na Fala do Río das Ellas

Andrés José POCIÑA LÓPEZ  
Universidade de Extremadura

Tentaremos neste estudo pescudar a especificidade e características principais do sistema verbal da Fala do Río das Ellas (Cáceres), falar fronterizo de tipo e orixe galega (ou polo menos galaico-portuguesa). Este sistema verbal procede do sistema do galego-portugués medieval, tendo sufrido unha evolución, ao mesmo tempo, paralela e diverxente da sufrida polo portugués e polo galego da Galiza e das Estremas leonesa, zamorana e asturiana. No caso da fala, será importante observar as influencias recibidas do astur-leonés e do castellano (ou español) oficial, tentando descubrir, na medida do posible, como esas influencias estruturan, polo

menos en parte, o sistema verbal “valego”, e como poden terse ido misturando, ao longo dos séculos, co sistema inicial, herdado do antigo galaico-portugués.

Palabras chave: A Fala, galego, dialectoloxía, galego exterior, verbos.

## Bibliografía

- Costas González, Xosé Henrique (1996): “O galego de Extremadura: As falas do Val do Río Ellas”, en J. M. Carrasco González e A. Viudas Camarasa (coords.), *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*. Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. I, pp. 357-376.
- Costas González, Xosé Henrique (2000): “Tipoloxía das falas do Val do Río Ellas”, en *Actas do XV Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Faro: Universidade de Faro, pp. 98-111.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho do Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Suplemento IV da *Revista Portuguesa de Filologia*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- Riobó Sanluís, Benxamín e Miguel Anxo Sartal Lorenzo (coords.) (2004): *Fala e Cultura d’Os Tres Lugaris. Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello* (Cáceres). Noia: Toxosoutos.
- Salvador Plans, Antonio, María Dolores Oliva e Juan M<sup>o</sup> Carrasco González (coords.) (2000): *Actas del I Congreso sobre A Fala*. Mérida: Editora Regional de Extremadura.

## Biodata

Andrés José Pociña López (Salamanca, 1971) é Profesor titular no Departamento de Linguas Modernas e Literaturas Comparadas da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Extremadura (Cáceres), Área de Filoloxías Galega e Portuguesa. Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Granada (1997), após a defensa da Tese de Doutoramento subordinada ao tema *La Cultura Espiritual en la Obra de Gil Vicente*.

**Relatorio 92** (Sesión 31, D-04, 11:30h)**A gama cromática do galego**

Paula TEIXEIRA MOLÁNS  
University College Cork

A gama cromática converteuse, especialmente a partir dos anos 70, no campo de batalla por excelencia onde se librou o confronto académico entre o universalismo e o relativismo lingüístico. Dado que nin o xa canónico *Basic Color Terms* (1969) de Berlin e Kay nin a ampliación posterior en 2009 incluía a análise da lingua galega –nin sequeira a do portugués–, o meu traballo de fin de mestrado en Lingüística Aplicada (2014) consistiu nunha achega a este campo a través de 25 informantes da Costa da Morte. Obtivéronse resultados abraiantes. Este relatorio basearase nos resultados desta investigación para contrastar o repertorio de termos de cores básicas da xeración nova (ata os 30 anos) coa dos máis vellos (máis de 60); variacións que non consisten simplemente nun cambio de etiquetas senón que afectan á extensión semántica dos propios conceptos. Veremos tamén que esta mudanza substancial en só dúas xeracións se aplica máis aló das cores básicas e alcanza campos como a cor do cabelo, os ollos ou os animais. A intervención concluirá apuntando á introdución do castelán e o inglés no ensino e noutros ámbitos da sociedade galega, como axente definitivo de asimilación lingüística.

Palabras chave: cores, relativismo lingüístico, universalismo, galego.

**Bibliografía**

- Berlin, Brent e Paul Kay (1991): *Basic color terms. Their universality and evolution*. Berkeley / Los Angeles / Oxford: University of California Press.
- Biggam, Carole Patricia (2012): *The Semantics of Colour: A Historical Approach*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Deutscher, Guy (2011): *El prisma del lenguaje: cómo las palabras colorean el mundo*. Barcelona: Ariel.

Moure, Teresa (2011): *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

Wierzbicka, Anna (2006): "The Semantics of Colour: A New Paradigm", en N. J. Pitchford e C. P. Biggam (eds.), *Progress in Colour Studies. Vol. I. Language and Culture*. Philadelphia: John Benjamins.

**Biodata**

Paula Teixeira Moláns (Bueu, 1987), diplomada en Maxisterio pola Universidade de Vigo en 2011, obtivo o Grao en Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago de Compostela en 2013, ao que seguiu o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada en 2014. Actualmente é lectora no Centro de Estudos Galegos da University College Cork (Irlanda) mentres perfila a súa tese doutoramento no eido do relativismo lingüístico aplicado á lingua galega.

**Relatorio 93** (Sesión 31, D-04, 12h)**Mentres esteemos vivos, a fala estará aquí. Sobre o cambio léxico na comunidade de Os Tres Lugares (Cáceres)**

Bartosz DONDELEWSKI  
Uniwersytet Pedagogiczny w Krakowie

No relatorio preséntanse os resultados do traballo de campo realizado polo autor en 2017 na comunidade de Os Tres Lugares (Cáceres), onde se emprega a lingua minorizada de fala. Usada na fronteira luso-española desde o século XII, a fala goza dun alto nivel de transmisión interxeracional e de uso (Ramallo 2011). Porén, Costas González, Gargallo Gil, etc. mencionan indicios dun cambio lingüístico producido nos últimos anos, probablemente debido á influencia do castelán. Realizáronse entrevistas con escolares (14-16 anos) da localidade de San Martín de Trevejo co uso dun formulario *matched-guise* modificado. O autor analizou a aceptabilidade de 55 lexemas apuntados na súa forma tradicional na literatura (Manso Flores, Martín Galindo, Rey Yelmo, Román Domínguez) e os seus hipotéticos ou xa comprobados homólogos castelanizados. Os resultados demostran

unha notable aceleración da castellanización do idioma na xeración nova e unha incapacidade xeneralizada de distinción entre as formas vernáculas y alleas.

Palabras chave: a fala, Os Tres Lugares, léxico, cambio lingüístico.

### Bibliografía

- Costas González, Xosé-Henrique (2013): *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Extremadura)*. Vigo: Xerais.
- Gargallo Gil, José Enrique (1996): "La "Fala de Xálima" entre los más jóvenes un par de sondeos escolares (de 1991 y 1992)", en J. M. Carrasco González e A. Viudas Camarasa (coords.), *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*. Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. I, pp. 333-356.
- Ramallo, Fernando (2011): "O enclave lingüístico de Xálima: unha análise sociolingüística", *Estudos de lingüística galega* 3, pp. 111-135.
- Rey Yelmo, Jesús Claudio (1997): *Hablas fronterizas extremeñas: el mañegu*. Tese de doutoramento. Cáceres: Universidad de Extremadura, 2 vols.
- Román Domínguez, Arantxa (2008): *Contribución ao léxico do Galego Exterior - O Val do Río Ellas (Cáceres)*. Tese de doutoramento. Vigo: Universidade de Vigo.

### Biodata

Estudante de doutoramento no Instituto de Filoloxía Románica, Universidade Iaguelónica de Cracovia, profesor de lingüística e tradución especializada na Universidade Pedagóxica de Cracovia, tradutor e intérprete de castelán, galego e portugués. Entre os seus intereses científicos encóntranse a dialectoloxía e a sociolingüística de Galicia e da fronteira luso-española, a lingüística sociocultural enfocada na construción discursiva da identidade e a documentación e revitalización de linguas minorizadas. Está traballando nunha tese de doutoramento sobre a identidade e o cambio léxico na fala d'Os Tres Lugares (Cáceres, España).

## Sesión 32 | Redes. Ensino e aprendizaxe (D-Multimedia)

### Relatorio 94 (9:30h)

## Ensino e aprendizaxe do galego como segunda lingua. A cortesía

Laura CASTRO LORENZO

*Universidade de Santiago de Compostela*

Esta comunicación ten por obxectivo analizar as características que o discurso de cortesía pragmática adquire nos procesos de ensino e aprendizaxe do galego como segunda lingua, a través dos manuais e da práctica comunicativa na aula. Para isto, partirei dun corpus extraído de materiais escritos e orais en relación á EOI de Santiago de Compostela. O enfoque comunicativo que impera na didáctica actual das Escolas de Idiomas fai énfase no nivel pragmático da lingua, categoría na que se inclúe a cortesía verbal. A cortesía é un fenómeno lingüístico vinculado ao comportamento social dos individuos, cuxa finalidade se relaciona coa necesidade que teñen as falantes de manter a salvo a súa imaxe social e a allea. Por outra parte, as estratexias de cortesía despregadas no curso da interacción humana están estereotipadas, é dicir, consisten nun conxunto de actos de fala que se repiten en situacións sociais de características semellantes. Así, parece conveniente analizar como se constrúe a *model speaker* na teoría (manuais e libros de texto) e na práctica (na aula), atendendo ás súas características sociopragmáticas e pragmalingüísticas.

Palabras chave: cortesía, pragmática, ensino de segundas linguas, *model speaker*, Escola Oficial de Idiomas (EOI)

### Bibliografía

- Bardovi-Harlig, Kathleen (2014): "Pragmatics in second language acquisition", en S. M. Gass e A. Mackey (eds.), *The Routledge Handbook of Second Language Acquisition*. London: Routledge, pp. 147-162.
- Brown, Penelope e S. C. Levinson (1978): *Politeness: Some Universals in Language Usage*. Cambridge: Cambridge Univ. Press.

Dijk, Teun A. van (1980): *Estructuras y funciones del discurso: una introducción interdisciplinaria a la lingüística del texto y a los estudios del discurso*. México: Siglo XXI Editores.

Goffman, Erving (1967): *Interaction Ritual: Essays in Face to Face Behavior*. Chicago: Aldine Publishing.

Searle, John R. (1980): *Actos de habla: ensayo de filosofía del lenguaje*. Madrid: Cátedra.

## Biodata

Laura Castro Lorenzo é graduada en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela (2017) e actualmente cursa o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

### Relatorio 95 (Sesión 32, D-Mult, 10h)

## Socialización bilingüe infantil en Galicia: secuencias conversacionais de chamada de atención nunha aula de Educación infantil

Marta DÍAZ FERRO  
Universidade de Vigo

Esta comunicación nace da miña tese doutoral en curso sobre a socialización bilingüe infantil nunha aula de Educación Infantil na cidade de Vigo, zona maioritariamente castelán-falante; os nenos, un total de vinte cinco, reciben nesta clase un gran *input* en lingua galega, código base empregado pola mestra, con alternancias en castelán. Neste traballo en concreto, centrarémonos nun grupo de secuencias conversacionais que teñen lugar durante unha das rutinas máis importantes da xornada escolar, coñecida como Tempo de Asemblea; é neste tempo no que realizan importantes tarefas de alfabetización e organizan o resto da xornada. Concretamente analizaremos as secuencias conversacionais correspondentes ás chamadas de atención por parte da mestra e cara aos nenos durante esta rutina escolar, nos cursos de 4 e 5 anos, co obxectivo de observar as variacións nas formas

empregadas pola mestra e a frecuencia de chamada de atención a medida que avanzan os dous cursos escolares. Para isto atenderemos a un total de 53 secuencias, 35 pertencentes ao curso escolar de 4 anos (2015-2016) e 18 pertencentes ao curso de 5 anos (2016-2017).

Palabras chave: socialización, bilingüismo infantil, escola, chamadas de atención, etnografía interaccional.

## Bibliografía

Baquedano-López, Patricia (2006): "Literacy practices across learning contexts", en A. Duranti (ed.), *A Companion to linguistic anthropology*. Malden, MA: Blackwell, pp. 245-268.

Berko Gleason, Jean e Sandra Weintraub (1976): "The acquisition of routines in child language", *Language in Society* 5/2, pp. 129-136.

Cook-Gumperz, Jenny (1988): *La Construcción social de la alfabetización*. Cambridge: CUP.

Duranti, Alessandro, Elinor Ochs, Bambi B Schieffelin (eds.) (2014). *The Handbook of Language Socialization*. Malden, MA: Blackwell.

Gumperz, John Joseph (1982): *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.

## Biodata

Marta Díaz Ferro é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo (2007-13). Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, especialidade Linguas e Literaturas. Linguas e Literaturas Oficiais: Castelán e Galego, Universidade de Vigo (2013-14). Doutoranda no programa de Estudos Lingüísticos, Universidade de Vigo (2014-actualidade). Participou en tres edicións do Congreso Internacional AESLA (2016, Alicante; 2017, Jaén; 2018, Cádiz), en dúas edicións do Congreso Internacional de Jóvenes Lingüistas (2016, Vigo; 2017, Sevilla), no International Symposium on Bilingualism (2017,

Limerick) e no XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral (Vigo, 2018).

### Relatorio 96 (Sesión 32, D-Mult., 10:30h)

#### O galego no ensino non universitario

Elisardo LÓPEZ VARELA  
*Xunta de Galicia*

Nesta comunicación analizarase primeiramente a normativa existente sobre a lingua galega nas diferentes etapas do ensino non universitario (Educación infantil, Educación primaria, Educación secundaria obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional, Adultos, Ensinanzas especiais). Farase referencia, por tanto, ao Estatuto de autonomía, á Lei da normalización lingüística e ao Decreto do plurilingüismo. Por outra parte, avaliarase e valorarase a aplicación práctica desta normativa coas correspondentes fortalezas e debilidades.

Palabras chave: ensino non universitario, galego, normativa lexislativa.

#### Bibliografía

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1997): *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010): *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG, 14/07/1983).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG, 25/05/2010).

#### Biodata

Doutor en Filoloxía pola Universidade da Coruña e licenciado en Filoloxía Románica, subsección español e en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesor asociado na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña e de secundaria en diferentes centros da comunidade. Exerceu o cargo de director no IES de Cee e no IES Eusebio da Guarda da Coruña, durante 14 anos. Autor dos libros *Unha casa para a lingua. A RAG baixo*

*a presidencia de Manuel Murguía e A poesía galega de Manuel Curros Enríquez, estudo, edición, notas e apéndices* (dous volumes), e de diversos artigos espallados en diferentes publicacións do país. Actualmente é inspector da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con destino no Servizo de Inspección Educativa da Coruña.

### Relatorio 97 (Sesión 32, D-Mult., 11:30h)

#### A narración oral galega e a linguaxe nas redes

Silvia BARDELÁS ÁLVAREZ  
*Univ. Nacional de Educación a Distancia*

As redes sociais, internet en xeral, compoñen unha plataforma con grandes posibilidades de chegar a moita xente variada a través de vídeos, audios e todo tipo de artefactos de comunicación que superan as barreras do espazo. A miña experiencia como profesora de escritura creativa na UNED foi fundamental para ver as enormes posibilidades do ensino en liña. E como editora e fundadora da editorial De Conatus, onde a web está pensada para aumentar a potencia da lectura a través de complementos transmedia, teño a obriga de atopar unha linguaxe que se adapte a este novo transporte de contido. As redes non son quen de xerar contido, non son máis ca un medio. Se pensamos na tradición oral galega de "botar un conto", podemos ver que temos unha linguaxe moi apropiada para ese transporte de contido. A ironía, deixar algo sen contar, dicir pero non dicir, deixar ver pero non nomear son recursos narrativos da oralidade galega que obrigan a estar ó axexo, base fundamental no desenvolvemento das redes.

Palabras chave: redes, narración oral galega, comunicación, ensino en liña.

#### Bibliografía

- Bardelás Álvarez, Silvia (2015): *Teoría de la novela*. Tese de doutoramento (Premio extraordinario). UNED, Departamento de Filosofía moral e política.
- Casares, Carlos (1998): *Un país de palabras*. Vigo: Galaxia.

D'Haen, Theo, César Domínguez e Mads Rosendahl Thomsen (eds.) (2013): *World Literature Reader*. New York / London: Routledge.

Wallace, David Foster (1993): "E Unibus Pluram: Television and U.S. Fiction", *Review of Contemporary Fiction* 13/2, pp. 151-194.

## Biodata

Silvia Bardelás (Vigo, 1967) estudou Filosofía na Universidade de Navarra e Creación literaria na Escola de Letras. Traballou como profesora de escritura creativa en distintos centros artísticos e como asesora editorial. Recibiu o Premio Extraordinario pola súa tese *Teoría de la Novela* no departamento de Estética da UNED (2016). Publicou as novelas *As Médulas* (Barbantesa, 2010), traducida ao castelán como *Las Médulas* (Pulp Books, 2013) e *Unha troita de pé* (Barbantesa, 2011). Actualmente é fundadora e directora de publicacións da editorial De Conatus. Está interesada na investigación literaria desde a Filosofía partindo da experiencia narrativa. Publicacións académicas: "La novela como experiencia de comunidade" (*Res pública*, 2013), "Unha literatura de patria sen nación" (*Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 2014) e "¿Tiene la novela una función comunitaria?" (*1616: Anuario de Literatura comparada*, 2018).

### Relatorio 98 (Sesión 32, D-Mult., 12h)

#### A educación literaria: unha proposta lectora

Paula COUSILLAS PENA  
Universidad Complutense de Madrid

A "educación literaria" é un dos bloques nos que se estrutura o currículo de educación secundaria da materia de Lingua Galega. Neste, non só se contempla como obxectivo o achegamento á historia da literatura galega, senón que tamén asume o fin de acadar lectores competentes. Así, as programacións didácticas deben asumir o compromiso de traballar nesta dirección, na que non só se desenvolva un ensino da literatura enfocado no tradicional historicismo,

consistente na memorización sistemática de conceptos. Pola contra, estas deberan incorporar contidos que permitan o desenvolvemento dunha actitude positiva cara á lectura e que posibilite a formación de alumnado-lector. Non obstante, e en vistas de que as programacións continúan a perpetuar a lectura desde unha perspectiva tradicional, o obxectivo do presente relatorio consistirá na elaboración dunha proposta lectora, de carácter transversal, para 2º da ESO, co propósito de responder ás necesidades dunha debida formación literaria.

Palabras chave: educación literaria, proposta lectora, competencia lecto-literaria, intertexto lector, lector competente.

## Bibliografía

Cerrillo, Pedro C. (2007): *Literatura infantil y juvenil y educación literaria. Hacia una nueva enseñanza de la literatura*. Barcelona: Octaedro.

Colomer Martínez, Teresa (1991): "De la enseñanza de la literatura a la educación literaria", *Comunicación, lenguaje y educación* 9, pp. 21-32.

Mendoza Fillola, Antonio (1994): "Literatura comparada e intertextualidad. Perspectivas para el tratamiento didáctico de la literatura", en P. Guerrero Ruiz e A. López Valero (eds.), *Actas III Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la lengua y la literatura*. Murcia: Compubell, pp. 691-702.

Mendoza Fillola, Antonio (2004): *La educación literaria. Bases para la formación de la competencia lecto-literaria*. Málaga: Aljibe.

Jover, Guadalupe (coord.), Ángeles Bengoechea, Avelino Bernárdez, Milagros García, Rosa Linares, Flora Rueda, Francisco Javier Sánchez, Isabel Solís, M<sup>a</sup> Mar Vázquez (2009): *Constelaciones literarias. Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia (Libro abierto*. Bibliotecas Escolares de la provincia de Málaga. Boletín de información y apoyo 35). Málaga: Junta de Andalucía, Consejería de Educación.

## Biodata

Paula Cousillas Pena é graduada en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela. cursou o Mestrado de Profesorado na mesma universidade e actualmente é a lectora de galego na Universidade Complutense de Madrid. Entre as tarefas docentes e de dinamización da lingua e a cultura galegas na UCM, destaca a exposición fotográfica "Un ollar por Madrid", que levou a cabo como actividade de aula e na que participou tanto o alumnado de galego como o de portugués, ou a coordinación do acto do Día das Letras Galegas 2018. Ademais da súa participación na revista *Madrygal*, colaborou activamente como invitada no proxecto de innovación docente "Intervención por la igualdad de género en contextos escolares. Una experiencia de Aprendizaje y Servicio", coordinado por Carmen Mejía Ruiz e pertencente ao Instituto de Investigaciones Feministas da UCM, no curso 2017-18. Os seus intereses principais son a Sociolingüística, a Historia da lingua e da literatura galegas, a Dialectoloxía perceptiva e a Planificación lingüística.

**Sesión 33 | Lingua e identidade. Confluencia normativa (D-01)**

**Relatorio 99 (11:30h)**

### É possível umha política binormativista na Galiza?

Eduardo SANCHES MARAGOTO  
*Associação Galega da Língua*

Desde 1981 na Galiza são defendidos dois modelos gráficos diferentes para o galego. Como é comum noutros territórios em que se dá o convívio de várias grafias, um deles é só local e outro é compartilhado com um Estado vizinho. Dito por outras palavras, na Galiza concorrem um modelo gráfico independente e outro convergente com o português, mas, como noutros territórios em que se dá este fenómeno, estes modelos não se encontram em paridade legal. No caso galego, é a norma local (galego) que é oficial, sendo a norma convergente com o Estado vizinho (português) considerada língua estrangeira

pela Administração pública. Noutros territórios, como a Alsácia francesa, é a norma local que não goza de reconhecimento por parte dos organismos públicos, sendo apenas usada a nível literário ou familiar, em convívio com a norma considerada culta, que é a que conta com verdadeiro reconhecimento no próprio território e também é a oficial no Estado vizinho. Porém, nuns poucos casos o convívio dos dous modelos gráficos (recolhidos em diferentes "normas" ortográficas) pode dar-se em paridade legal. Seria o caso do norueguês, que conta com duas "formas", chamadas *nynorsk* e *bokmål*, ambas oficiais e ensinadas nas escolas. Algumas pessoas e coletivos propõem uma política linguística semelhante para a Galiza que deram a conhecer com o nome de "binormativismo". Na nossa comunicação analisaremos se o paralelismo galaico-norueguês se justifica, que passos seria preciso dar para a implementação de uma política binormativista e os efeitos benéficos que poderia trazer ao conjunto da sociedade. A intercompreensão entre os utentes das duas normas e as fortes ligações socioeconómicas com o norte de Portugal são um bom ponto de partida para estudar o cenário de uma eventual aplicação do binormativismo.

Palabras chave: binormativismo, galego, português, política linguística, modelos gráficos.

### Bibliografía

- Vikør, Lars S. (2015): "O norueguês: Bokmål vs. Nynorsk", em R. N. Baxter (coord.), *Quem fala a minha língua*. Santiago de Compostela: Através Editora, vol. 2, pp. 121-150.
- Huck, Dominique (2015): "O alsaciano: alguns apontamentos sobre a sua escrita e a relação com o alemão padrão", em R. N. Baxter (coord.), *Quem fala a minha língua*. Santiago de Compostela: Através Editora, vol. 2, pp. 41-61.
- Gamallo, Paulo (2016): "Dous padrões para a mesma língua: Noruega e Galiza", *Portal Galego da Língua* 08/09/2016 (<http://pgl.gal/dous-padroes-mesma-lingua-noruega-galiza/>).



Hanto, Kristian (2016): "Language policies in Norway and Galicia: comparing the impact of diglossic situations on policy strategies in two European communities", *Brüner Beiträge zur Germanistik und Nordistik* 30, pp. 131-150 ([https://digilib.phil.muni.cz/bitstream/handle/11222.digilib/135979/1\\_BrunnerBeitratgeGermanistikNordistik\\_30-2016-1\\_13.pdf](https://digilib.phil.muni.cz/bitstream/handle/11222.digilib/135979/1_BrunnerBeitratgeGermanistikNordistik_30-2016-1_13.pdf)).

## Biodata

Eduardo Maragoto trabalha em Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) desde 2000, sendo professor de língua portuguesa na EOI de Santiago de Compostela desde 2006. Tem licenciatura em Filologia Portuguesa e mestrado em Estudos Medievais Europeus: Imagens, Textos e Contextos pela Universidade de Santiago de Compostela. Desde 2006 até 2010 pertenceu ao Conselho de Redacção do jornal *Novas da Galiza*, jornal onde coordenou os trabalhos de correção linguística até 2012, bem como a seção Além Minho. Na atualidade é presidente da AGAL. Autor do manual de língua *Como Ser Reintegracionista sem que a Família Saiba* e coautor dos livros *Manual Galego de Língua e Estilo*, *Ortografía Galega Moderna (Confluente com o Português no Mundo)*, *Quês e Porquês do Reintegracionismo* e dos documentários *Entre Línguas*, *Em Companhia da Morte e A Fronteira Será Escrita*. Também é coautor da proposta "Critérios para orientar a escrita da língua do Vale de Xálima".

### Relatorio 100 (Sesión 33, D-01, 12h)

## Ferramentas informáticas na confluência normativa

VÍTOR GARABANA BARRO  
*Associação Galega da Língua*

A confluência normativa proposta pola AGAL para a língua galega nom envolve apenas as questons ortográficas, mas também aspectos morfológicos: nomeadamente as conjuções verbais. Considera-se útil o desenvolvemento de ferramentas informáticas de apoio, fornecendo o seu uso gratuito e público na Internet.

Palabras chave: reintegracionismo, confluência normativa, informática para as conjuções verbais.

## Bibliografía

Associação Galega da Língua (AGAL): *Ortografía Galega Moderna confluente com o Português no mundo* ([http://agal-gz.org/faq/doku.php?id=pt\\_agal:normas:norma\\_da\\_agal](http://agal-gz.org/faq/doku.php?id=pt_agal:normas:norma_da_agal)).

Estraviz, Isaac Alonso (dir.): *Dicionário Estraviz*. Versão 3.0 (<http://estraviz.org>).

## Biodata

Vítor Garabana Barro é Engenheiro de Automática Industrial pola Universidade de Vigo. Desempenhou diversos cargos na indústria das comunicações e a informática, no sector privado. É sócio e colaborador na área informática da Associação Galega da Língua. Tem-se interessado também noutros âmbitos de estudo, como o património onomástico galego, nomeadamente a toponímia ("Os talasónimos da Costa Ártabra. Colleitas de nomes mediante entrevistas a xentes do mar", *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 17, 2014, pp. 163-171).

### Sesión 34 | Memoria e territorio. Historia sociopolítica e ordenación territorial (D-02)

#### Relatorio 101 (17:30h)

## Transformación sociopolítica da fidalguía galega no Oitocentos. As faccións de notábeis

SILVIA ROSENDE GONZÁLEZ  
*Universidade de Santiago de Compostela*

A fidalguía galega viviu unha fonda transformación social durante o século XIX. Entre a reacción e a revolución, fixeron por conservar a súa riqueza, o seu estatus e poder. Entendemos, logo, que un sector da fidalguía optase por secundar o bando liberal, xa que, a pesares das fracturas socioeconómicas, percibiron oportunidades para a súa continuidade. Un desafío histórico apaixonante que se vertebrou territorialmente a

través dunha elite de notábeis. Durante o réxime isabelino, observamos a implementación dun sistema restrinxido organizado en faccións políticas. O fenómeno clientelar está en marcha, pero é máis inestábel e autónomo do que atopamos despois, coas oligarquías fortemente centralizadas da Restauración. É a hora dos notábeis, grupos de amigos políticos que procuran preservar os intereses propios e da comarca de orixe, nun senso patrimonial e comunitario. O estudo de caso que presentamos retrata este novo marco de relacións na provincia de Pontevedra.

Palabras chave: fidalgos, notábeis, eleccións, clientelismo, Liberalismo.

### Bibliografía

- Forcadell Álvarez, Carlos e María Cruz Romeo Mateo (eds.) (2006): *Provincia y nación. Los territorios del liberalismo*. Zaragoza: Diputación de Zaragoza, Institución Fernando el Católico.
- Guionnet, Christine (1997): *L'apprentissage de la politique moderne. Les élections municipales sous la monarchie de Juillet*. Paris: Éditions L'Harmattan.
- Mayer, Arno J. (1986): *La persistencia del Antiguo Régimen. Europa hasta la Gran Guerra*. Madrid: Alianza Editorial.
- Taboada Moure, Pablo (1987): *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra (1836-1923)*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Villares Paz, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Madrid: Siglo XXI.

### Biodata

Silvia Rosende González (Londres, 1978), licenciada en Ciencias Políticas, ten participado en proxectos de investigación universitarios e municipais, cunha perspectiva interdisciplinaria que combina referencias á Socioloxía, Filosofía, Antropoloxía e Historia. Distintos cursos universitarios avalan a súa actividade nestes campos das Ciencias Sociais e Humanidades. Profesionalmente, colaborou en estudos de planeamento urbanístico, participación social, sustentabilidade, filosofía da

historia e memoria histórica. Tamén desempeñou funcións de xestión administrativa e dinamización social. Na actualidade, redacta unha tese sobre a fidalguía galega no século XIX, baixo a dirección de Ramón Villares. Sempre perseguiu o mesmo obxecto último de estudo: o cambio social e histórico.

### Relatorio 102 (Sesión 34, D-02, 18h)

#### Fortalezas de la Ribeira Sacra en el entorno de San Esteban de Ribas de Sil

María del Rosario VALDÉS BLANCO-RAJO  
*Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento*

Se toma como objeto de estudio un área geográfica de la actual provincia de Ourense, sobre la margen izquierda del río Miño en su confluencia con el Sil, que permite acercarse al fenómeno de la fortificación del paisaje en el transcurso de la Edad Media. De este modo, contrastando la documentación escrita con el registro arqueológico, se abordan determinadas cuestiones que atañen a la evolución morfológica de los asentamientos fortificados, al papel que estos pudieron jugar con relación a la ordenación territorial y también a la forma en que debieron interactuar ciertas fortalezas coevas, cuyos enclaves se encontraban muy próximos entre sí.

Palabras clave: Galicia, Edad Media, territorio, fortalezas, relaciones estratégicas.

### Bibliografía

- Andrade Cernadas, José Miguel (ed.) (1995): *O Tombo de Celanova: Estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2 vols.
- Duro Peña, Emilio (ed.) (1972): *El monasterio de San Pedro de Rocas*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- Duro Peña, Emilio (ed.) (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- González Vázquez, Marta (1996): *El arzobispo de Santiago, una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*. Sada: Edición do Castro.

Gutiérrez González, José Avelino (1995): *Fortificaciones y feudalismo en el origen y formación del reino leonés (siglos IX-XIII)*. Valladolid: Universidad de Valladolid.

### Biodata

María del Rosario Valdés Blanco-Rajoy es licenciada en Geografía e Historia por la Universidad de Santiago de Compostela. Especializada en arqueología, ha dirigido numerosas campañas de excavación y prospección en el medio terrestre y subacuático. Desde el 2007 desarrolla su labor como funcionaria de carrera del CSIC con destino en el Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, donde ha trabajado en temas de historia, patrimonio e identidad, especialmente sobre fortalezas medievales gallegas, el Camino de Santiago y las peregrinaciones. Ha estado integrada en proyectos de investigación de ámbito autonómico, nacional y europeo, participando en la organización de congresos y coloquios y presentado diversas comunicaciones y ponencias. Así mismo, ha publicado sus trabajos en revistas científicas de alto impacto como son *Anuario de Historia de la Iglesia*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* y *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*.

**Sesión 35 | Lingua e humanidades dixitais (D-04)**

**Relatorio 103 (17:30h)**

### Datos abertos conectados e o enriquecemento de corpóra lingüísticos

Helena BERMÚDEZ SABEL  
*Laboratorio de Innovación de Humanidades Digitales (UNED)*

Na actualidade, a existencia de numerosos corpóra *online* no ámbito galego-portugués (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, *O corpus do Português*, entre outros) xunto con recursos lingüísticos adicionais (de maneira especial, os de carácter lexicográfico) posibilitan a formulación de preguntas (e a obtención de respostas) que non se poderían materializar de maneira analóxica. Porén, estes recursos lingüísticos

están publicados dunha maneira fechada no que se denomina Web de Documentos en oposición a outro tipo de web semántica, a Web de Datos. Un dos fundamentos da Web de Datos é a priorización das URLs, o que permite conectar os datos (a través da ligazón de diferentes conxuntos de datos que á súa vez se relacionan con outros conxuntos de datos). O ecosistema dos datos abertos conectados consiste, pois, nunha gran base de datos mundial na que o acceso a múltiples datos estruturados e interoperábeis fai posíbel que aplicacións informáticas (máquinas) poidan facer inferencias dunha maneira moi eficaz. Grazas aos esforzos do grupo de investigación Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (<http://talga.webs.uvigo.gal/>) da Universidade de Vigo, o galego conta con recursos léxicos na Web de Datos (véxanse proxectos como a *DBpedia do galego*: <http://gl.dbpedia.org/wiki/> e *Gal-Net*: [http://gl.dbpedia.org/wiki/galnet\\_RDF.html](http://gl.dbpedia.org/wiki/galnet_RDF.html)). Este é un eficiente punto de partida para establecer interoperabilidade entre os corpóra xa existentes, o que permitiría poder consultar simultaneamente todos os conxuntos de datos accesíbeis na Web de Documentos e facer pesquisas de carácter semántico (superando, así, os resultados baseados na coincidencia de caracteres). Nesta comunicación exploráranse maneiras en que podemos enriquecer as edicións de textos con información lingüística publicada na Web de Datos abrindo, por tanto, os nosos corpóra ao ecosistema dos datos abertos conectados.

Palabras chave: edición dixital, web semántica, lingüística de corpus, interoperabilidade.

### Bibliografía

Bermúdez-Sabel, Helena, Mariana Curado Malta e Elena Gonzalez-Blanco (2017): "Towards Interoperability in the European Poetry Community: The Standardization of Philological Concepts", en J. Gracia, F. Bond, J. McCrae, P. Buitelaar, C. Chiarcos, e S. Hellmann (eds.), *Language, Data, and Knowledge. LDK 2017* (Lecture Notes in Computer Science, vol. 10318). Springer: Cham, pp. 156-165 (<https://link>).

[springer.com/chapter/10.1007/978-3-319-59888-8\\_14](http://springer.com/chapter/10.1007/978-3-319-59888-8_14)).

Heath, Tom e Christian Bizer (2011): *Linked Data: Evolving the Web into a Global Data Space* (Synthesis Lectures on the Semantic Web: Theory and Technology 1/1, pp. 1-136). Morgan & Claypool.

McCrae, John, Dennis Spohr e Philipp Cimiano (2011): "Linking lexical resources and ontologies on the semantic web with lemon", en G. Antoniou *et alii* (eds.), *Proceedings of the 8th Extended Semantic Web Conference on The Semantic Web: Research and Applications*, V (Part I). Berlin: Springer-Verlag, pp. 245-259 (<https://pub.uni-bielefeld.de/download/2278403/2526034>).

Ruiz Fabo, Pablo, Helena Bermúdez Sabel, Clara Martínez Cantón, Elena González-Blanco e Borja Navarro Colorado (2018): "The Diachronic Spanish Sonnet Corpus (DISCO): TEI and Linked Open Data Encoding, Data Distribution and Metrical Findings", en J. Girón Palau e I. Galina Russell (eds.), *Digital Humanities 2018: Book of Abstracts / Libro de resúmenes*. Red de Humanidades Digitales A. C. (<https://dh2018.adho.org/the-diachronic-spanish-sonnet-corpus-disco-tei-and-linked-open-data-encoding-data-distribution-and-metrical-findings/>).

Tittel, Sabine, Helena Bermúdez-Sabel e Christian Chiarcos (2018): "Using RDFa to Link Text and Dictionary Data for Medieval French", en J. McCrae, C. Chiarcos, T. Declerck, J. Gracia, B. Klimek (eds.), *Proceedings of the LREC 2018 Workshop "6th Workshop on Linked Data in Linguistic (LDL-2018)"*. Paris: European Language Resources Association ([http://lrec-conf.org/workshops/lrec2018/W23/pdf/10\\_W23.pdf](http://lrec-conf.org/workshops/lrec2018/W23/pdf/10_W23.pdf)).

## Biodata

Medievalista de formación, Helena Bermúdez Sabel traballa sobre edición dixital e o uso de tecnoloxías XML para a investigación en lingüística, especialmente no que respecta á lingüística histórica galego-portuguesa. Na actualidade traballa como modeladora de datos e editora dixital no proxecto ERC

*Poetry Standardization and Linked Open Data (POSTDATA)* no Laboratorio de Innovación en Humanidades Digitales (LINHD-UNED). Ademais de leccionar varios cursos nesta institución, tamén impartiu docencia na Universidade de Santiago de Compostela, así como na University of Pittsburgh. É doutoranda do Programa de Doutoramento en Estudos Medievais da Universidade de Santiago de Compostela.

## Relatorio 104 (Sesión 35, D-04, 18h)

### Diálogos arraianos: galego(s) e portugués(es) na fronteira

Xosé Afonso Álvarez Pérez  
*Universidad de Alcalá*

O proxecto FRONTESPO: *Frontera hispano-portuguesa: documentación lingüística y bibliográfica* da Universidade de Alcalá recolleu nos últimos anos un extenso corpus oral ó longo da fronteira entre España e Portugal. Entrevistáronse falantes de varias faixas de idade e tratáronse diversos temas de interese lingüístico e cultural. Esta comunicación dará noticia deste repositorio dixital que documenta o patrimonio cultural da Raia e, atendendo á diversidade temática proposta para este encontro, presentará unha escolma de testemuños sobre contacto de linguas e de persoas desde diferentes ópticas. En particular, tratarase a cuestión dos xuízos dos informantes sobre as súas actitudes lingüísticas no diálogo con xente do outro estado (acomodación, cambio ou mantemento do código) e a memoria individual e colectiva sobre a mobilidade transfronteiriza: a inmigración ilegal, o contrabando, cambios na intensidade da relación nas últimas décadas, etc.

Palabras chave: fronteira hispano-portuguesa, documentación lingüística, corpus oral, actitudes lingüísticas, mobilidade.

## Bibliografía

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (dir.) (2017-): *Frontera hispano-portuguesa: documentación lingüística y bibliográfica* (<http://www.frontespo.org>).

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2017): "Intangible cultural heritage of the Portugal-Spain border: a contribution from language documentation", *MEMORIAMEDIA. Revista do e-Museu do Património Cultural Imaterial* 1 ([http://memoriamedia.net/pdfarticles/EN\\_MEMORIAMEDIAREVIEW\\_PortugalSpain.pdf](http://memoriamedia.net/pdfarticles/EN_MEMORIAMEDIAREVIEW_PortugalSpain.pdf)).

Brisso, Fernando (2017): "Documentação lingüística das zonas raianas de Portugal e Espanha: o projeto FRONTESPO, com análise do caso da Beira Baixa / Extremadura espanhola", *Revista da Associação Portuguesa de Linguística* 3, pp. 21-49.

## Biodata

Xosé Afonso Álvarez Pérez é investigador Ramón y Cajal na Universidade de Alcalá desde 2015. É licenciado en Filoloxía Románica (2003) e Filoloxía Galega (2006) pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén obtivo un doutoramento en Lingüística (2008). Entre xaneiro de 2009 e marzo de 2015 foi investigador posdoutoral na Universidade de Lisboa. As súas principais liñas de traballo son a dialectoloxía e xeolingüística románicas, o léxico das linguas peninsulares, e o multilingüismo e a ecoloxía lingüística. Máis información: [www.geolingüística.org/cv](http://www.geolingüística.org/cv).

**Sesión 36 | Estudos poscoloniais e posnacionais (D-201)**

**Relatorio 105 (17:30h)**

**Modernos e belixerantes: cultura de masas e educación popular no exilio galego a Bos Aires**

Pablo GARCÍA MARTÍNEZ  
*The City University of New York*

Nesta comunicación localizarei nas coordenadas que debuxaban os anos 50 o proxecto da "xente de Galicia Emigrante", un grupo de intelectuais artellados á volta de Luís Seoane a través de plataformas como a propia revista *Galicia Emigrante*, a Asociación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas (AGUEA) ou a editorial Citánia.

Palabras chave: Galicia Emigrante, cultura de masas, memoria do futuro, educación popular, Luís Seoane.

## Bibliografía

Bourdieu, Pierre (1992): *Language and symbolic power*. Cambridge: Polity.

Traverso, Enzo (2017): *Left-wing melancholia: Marxism, history, and memory*. New York: Columbia University Press.

Williams, Raymond (2007 [1989]): *Politics of Modernism*. London: Verso.

González-Millán, Xoán (2002): "El exilio gallego y el discurso de la restauración nacional", *Arizona Journal of Hispanic Cultural Studies* 6, pp. 7-23.

Figueroa, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.

## Biodata

Pablo García Martínez é estudante de doutoramento da City University of New York (CUNY), onde está a rematar unha tese sobre a cultura galega —e tamén catalana— exiliada a Bos Aires durante as dúas décadas posteriores á Guerra Civil. Ten publicado artigos en revistas como a *Revista Hispánica Moderna* ou o *Journal of Spanish Cultural Studies*, ademais dun capítulo no recente volume *Rerouting Galician Studies* (New York, Palgrave, 2016).

**Relatorio 106 (Sesión 36, D-201, 18h)**

**Entre o épico e o paródico: a negociación da galeguidade en *La saga/fuga de J. B.* de Gonzalo Torrente Ballester**

Pablo PESADO RODRÍGUEZ  
*Universidade de Santiago de Compostela*

É xa un lugar común crítico que a obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester está dedicada a pescudar pola construción de mitos históricos e o seu uso interesado por todo tipo de entidades políticas. Segundo esta liña interpretativa, Torrente Ballester encarna unha determinada forma de posmodernidade literaria, aquela que, após ter comprendido o carácter fundamentalmente

discursivo do coñecemento histórico, sómteo á constante proba da crítica. O noso propósito é estudarmos a partir dun lugar que achamos privilexiado, *La saga/ fuga de J.B.*, mais tendo presente toda a súa produción de corte «fantástico», como este ollar histórico serve para fins políticos alleos á simple denuncia do poder en tanto que poder: neste caso, a delimitación, avaliación e negociación da galeguidade no contexto da fin da ditadura franquista e o principio da «Transición», isto é, no advir do «Estado das Autonomías». Dito doutro xeito, como a crítica do discurso histórico pode, aparentemente destruír, alicerzar.

Palabras chave: cultura da transición, posmodernidade, colonialidade, nacionalismo, historiografía.

### Bibliografía

- Bhabha, Homi K. (1995): *The Location of Culture*. New York: Routledge.
- Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.
- González-Millán, Xoán (2000): *Resistencia cultural e diferenza histórica*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Hutcheon, Linda (1995): *The Politics of the Postmodernism*. New York: Routledge.
- Miguélez-Carballeira, Helena (2014): *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego* (trad. F. Vasquez). Santiago de Compostela: Através.

### Biodata

Pablo Pesado Rodríguez (Ferrol, 1992) cursou estudos de grao en Lingua e Literatura Españolas na Universidade de Santiago de Compostela e de máster en Estudos Comparatius en Literatura, Art i Pensament na Universidade Pompeu Fabra. Actualmente está a levar a cabo unha tese de doutoramento sobre os conceptos de historia e nación na novelística de Gonzalo Torrente Ballester e Xosé Luís Méndez Ferrín.

## Sesión 37 | Data, tecnoloxía e competitividade (D-204)

### Relatorio 107 (17:30h)

#### Galicia and the whole world

Adrao FERNÁNDEZ EIROS  
 Editora 3d1t0r4

Os novos protocolos que se están desenvolvendo rompen moitas das regras que a web tradicional acata. Esta comunicación revela o carácter revolucionario do movemento descentralizador da Nova Internet e como lle pode axudar a Galicia a encontrar o seu lugar no ciberespazo.

Palabras chave: cibernética, protocolos, descentralización, movementos sociais, *networks*, p2p, *New Internet*.

### Bibliografía

- Baumann, Zygmunt (2007): *Modernidad Líquida*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.
- Han, Byung-Chul (2017): *In the Swarm. Digital Prospects*. Cambridge, MA: MIT.
- Graeber, David (2016): *The Utopia of Rules. On Technology, Stupidity and the Secret Joys of Bureaucracy*. Londres: Melville House.
- Mayer-Schönberger, Viktor (2009): *Delete. The Virtue of Forgetting in the Digital Age*. Princeton, NJ: Princeton University Press.
- Pentland, Alex (2015): *Social Physics*. New York: Penguin.
- Hayase, Nozomi (2017): "Wikileaks, Bitcoin, and the Revolutionary Movement of Peacemakers", en *Antiwars.com* 26/10/2017 ([https://original.antiwar.com/nozomi\\_hayase/2017/10/25/wikileaks-bitcoin-revolutionary-movement-peacemakers/](https://original.antiwar.com/nozomi_hayase/2017/10/25/wikileaks-bitcoin-revolutionary-movement-peacemakers/)).

### Biodata

Licenciado en Psicoloxía na Universidade de Santiago de Compostela. Por vocación acabou administrando redes e sistemas. É autor de "Dicionauta" e, na actualidade, iniciador e editor xefe de Editora 3D1T0R4. Dende o 2010 reside entre Santiago e Berlín.

**Relatorio 108** (Sesión 37, D-204, 18h)**O novo ecosistema económico como oportunidade para os territorios periféricos**

Marcelino L. FERNÁNDEZ MALLO  
 IFFE Business School

A revolución en torno á industria 4.0, a intelixencia dixital e o *big data* vai supoñer un novo cambio de paradigma económico. O paradigma dominante sobre a competitividade dos territorios viña sendo a teoría de Michael Porter e o seu famoso diamante (provedores, consumidores, barreras entrada, produtos substitutivos, nivel rivalidade). Esta teoría foi seriamente cuestionada pola globalización e a preeminencia do factor custo por enriba de case calquera outro elemento. A revolución tecnolóxico-industrial en marcha está a provocar unha nova re-situación dos factores de competencia que pasan a ser, en esencia, a capacidade de colaboración (socios próximos ou a 5.000 quilómetros!) e a eficiencia no uso da tecnoloxía. Todo isto supón que o concepto de “ecosistema competitivo baseado na centralidade” vai entrar en decadencia a favor dun novo “ecosistema disperso sen centralidade”, o que supón unha oportunidade extraordinaria para os territorios periféricos (así se considera Galicia habitualmente) que levan décadas sufrindo a forte capacidade de atracción de investimento e riqueza dos grandes polos económicos.

Palabras chave: paradigma económico, competitividade, tecnoloxía.

**Bibliografía**

- Fernández Mallo, Marcelino L. e Encarnación Martínez Paz (1998): *De la peseta al euro*. Madrid: Pirámide.
- Fernández Mallo, Marcelino L. (2013): “Na busca dun modelo”, en Ciclo de debates “Galicia en clave económica” da Deputación de Lugo. Lugo, 19/6/2013.

Fernández Mallo, Marcelino L. (2015): “Un sector lácteo próspero”, *Revista Galegas* 22, p. 56.

Fernández Mallo, Marcelino L. (2018): “Dinahosting como exemplo”, *Economía Digital* 24/02/2018 ([https://ideas.economiadigital.es/galicia/dinahosting-como-exemplo\\_539678\\_102.html](https://ideas.economiadigital.es/galicia/dinahosting-como-exemplo_539678_102.html)).

**Biodata**

Licenciado en Ciencias Económicas y Empresariales pola UNED e MBA pola Escuela de Negocios IMD Internacional de Lausana, Suiza. Ampla traxectoria no sector financeiro, onde desenvolveu habilidades nas áreas de Estratexia, Planificación e Análise Económica, entre outras. Actualmente é Consultor independente e Director Académico do MBA de IFFE Business School. O seu maior éxito no sector financeiro foi a constitución da marca virtual On Caixa Galicia que captou e xestionou máis de 1.100 millóns de euros de negocio, e conseguiu facer da Internet unha canle rendible para a entidade. Como consultor, entre os seus proxectos de maior interese salientan a súa participación na creación e desenvolvemento da empresa Realtime Forex (Xenebra), a análise para a implantación de UBS en Europa do Leste (Zurich, Praga), a implantación das bases de Planificación Estratéxica para o IDSC (O Cairo) ou a definición da Estratexia Dixital para Roberto Verino (Ourense). Escribiu centos de artigos de materia económica, empresarial e política en medios moi diversos (véxase, por exemplo, en *Mundiario*: <https://www.mundiario.com/author/marcelinomallo>) e ten impartido arredor de setenta charlas, conferencias ou ponencias en diversas institucións e universidades españolas. Mantén, por último, unha intermitente carreira literaria, tendo publicado seis títulos de ficción, catro en lingua galega –o libro de relatos *Cabilia* e as novelas *A trenza*, *Clásicos* e *Pallarega*– e dúas novelas en castelán –*El Danubio no pasa por Buenos Aires* e *El émulo de Reginald Perrin*.

# SESIÓN

## 14 SETEMBRO





### Panel 13 | Lingua e identidade

(D-01, 13:15h)

#### Lingua e identidade: a negociación das identidades en interacción na Galicia actual

Elisa FERNÁNDEZ REI (coord.)

Universidade de Santiago de Compostela

Xosé LUÍS REGUEIRA FERNÁNDEZ (coord.)

Universidade de Santiago de Compostela

Gabriela PREGO VÁZQUEZ

Universidade de Santiago de Compostela

Luz ZAS VARELA

Universidade de Santiago de Compostela

Noemi BASANTA LLANES

Universidade do Minho

Na visión máis tradicional, a identidade forma parte da esencia do individuo. Pola contra, na liña dos estudos levados a cabo nas últimas décadas, enténdese que non só vén dada pola natureza biolóxica das persoas, senón que son elas as que constrúen e negocian identidades múltiples e parciais durante interaccións comunicativas. Deste xeito, a lingua non é unha manifestación da pertenza a un determinado lugar ou a unha determinada clase social, por exemplo. A lingua é tamén unha ferramenta da que dispoñen as persoas para construír e negociar identidades diversas fronte aos demais. Neste panel preséntanse tres achegamentos diferentes á construción identitaria en interacción: a súa negociación nun grupo de adolescentes a partir de repertorios multilingües, a creación de identidades sociais a partir de novos usos lingüísticos en realidades sociais emerxentes (os neofalantes) e a interacción entre masculinidades, etnicidade e etapa vital en discursos sobre o ligue heterosexual.

Palabras chave: multilingüismo, neofalantes, masculinidade, Etnografía Crítica da Comunicación, Sociolingüística Interaccional, Análise do Discurso.

**I. Neofalantes e paleofalantes: a emerxencia de novas identidades sociolingüísticas** (Elisa Fernández e Xosé Luís Regueira)

Os *neofalantes* son definidos tradicionalmente como falantes que teñen como lingua familiar o castelán, pero que comezan a falar o galego de maneira case exclusiva en todas as súas interaccións. Normalmente, as súas motivacións son ideolóxicas ou políticas e son considerados un grupo moi activo socialmente. A consideración das persoas que cambiaron de lingua como un grupo homoxéneo (*neofalantes*) presenta considerables problemas. Mais a denominación *neofalante*, que nun principio era exóxena e de intención derogatoria, é agora utilizada de maneira reivindicativa, nunha loita pola lexitimidade, que os falantes “nativos” (a quen os *neofalantes* denominan agora *paleofalantes*) se atribuían de maneira exclusiva. A través dunha análise cualitativa, achegáronos ás estratexias utilizadas por un e outro grupo para construír as súas identidades, para lexitimalas, para negociarlas e para confrontalas, analizando os procesos de autopercepción e de heteropercepción de ambos os dous grupos a partir de conversacións en que interactúan.

**II. De que non es? Transformismo sociolingüístico de adolescentes nos espazos multilingües conectados coa migración en Galicia** (Gabriela Prego e Luz Zas Varela)

O obxectivo deste traballo é amosar como os adolescentes galegos autóctonos e de orixe migrante renegocian as súas identidades nos novos espazos multilingües conectados coa migración en Galicia. Os datos inclúen interaccións espontáneas, intercambios comunicativos na aula, entrevistas semi-dirixidas e mostras da Paisaxe Lingüística de zonas periurbanas nas que se asentaron nas últimas décadas migrantes de diversas orixes. Metodoloxicamente, a análise cualitativa enmárcase na Etnografía Sociolingüística Crítica (Blommaert 2010, Heller 2002). Os resultados da análise amosarán como o transformismo sociolingüístico (Prego Vázquez 2000, Prego Vázquez 2004; Ramp-ton 2009, Zas Varela 2011) constitúe unha práctica simbólica de reconstrución identitaria ligada ao novo repertorio comunicativo multilingüe emerxente (Prego Vázquez e Zas Varela 2015).

### III. *Nunca dixen mocear. Na Coruña é mazitar*: A negociación discursiva da masculinidade hexemónica desde unha perspectiva de clase (Noemi Basanta Llanes)

Esta comunicación ten por finalidade definir os procesos de construción de masculinidade e clase que manifesta un grupo de tres rapaces no contexto dunha conversa espontánea sobre a temática de ligar. Asíntase nos modelos teóricos do construcionismo social (Cameron 1998) que argumentan que as identidades son un produto discursivo que xorde da intersección entre ideoloxías sociais e historias persoais. Este enfoque torna necesaria a aplicación dunha metodoloxía cualitativa que, no noso caso, se vincula coa Sociolingüística Interaccional (Gumperz 1982) e a Análise Crítica do Discurso (Fairclough 2003). Aplicando unha perspectiva interseccional, veremos como, a través das críticas a unha particular maneira de entender a masculinidade hexemónica (Connell 1995), o grupo conversacional constrúe idade, clase, masculinidade e modernidade. Analizaremos as ideoloxías que subxacen ás súas opinións e a construción identitaria de quen manifesta non se axustar a tal hexemonía e se adscribe a unha modernidade aperturista que vai parella á urbanidade e á formación universitaria. Para explicarmos todo isto, servíremonos de discursos sociais que prescriben o rol de homes e mulleres durante o ligue heterosexual e/ou a manifestación pública do desexo (Bucholtz e Hall 2004).

#### Bibliografía

- Blommaert, Jan (2010): *The Sociolinguistics of Globalization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Bucholtz, Mary e Kira Hall (2004): "Theorizing identity in language and sexuality research", *Language in Society* 33, pp. 469 -515.
- Cameron, Deborah (1998): "Performing gender identity: young men's talk and the construction of heterosexual masculinity", en J. Coates (ed.), *Language and Gender: A Reader*. Oxford: Blackwell, pp. 270-284.
- Connell, Raewyn W. (1995): *Masculinities*. London: Polity.
- Fairclough, N. (2003): *Analysing Discourse*.

- Textual Analysis for Social Research*. London: Routledge.
- Gumperz, John J. (ed.) (1982): *Language and social identity*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Heller, Monica (2002): *Éléments d'une Sociolinguistique Critique*. Paris: Didier.
- O'Rourke, Bernadette e Fernando Ramallo (2018): "Identities and New Speakers of Minority Languages: A Focus on Galician", en C. Smith-Christmas et al. (eds.), *New Speakers of Minority Languages* ([https://link.springer.com/chapter/10.1057%2F978-1-137-57558-6\\_5](https://link.springer.com/chapter/10.1057%2F978-1-137-57558-6_5)).
- Prego Vázquez, Gabriela (2000): *Prácticas discursivas, redes sociales e identidades en Bergantiños (Galicia): La interacción comunicativa en una situación de cambio sociolingüístico*. Tese de Doutoramento. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Prego Vázquez, Gabriela (2004): "Alternancia lingüística e construción dunha nova clase social na Galicia rururbana", *Actas do II Second University of Vigo International Symposium of Bilingualism*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 1579-1592.
- Prego Vázquez, Gabriela e Luz Zas Varela (2015): "Identidades en los márgenes de la superdiversidad: prácticas comunicativas y escalas sociolingüísticas en los nuevos espacios educativos multilingües en Galicia", *Discurso y Sociedad* 9/1-2, pp. 165-196.
- Rampton, Ben (2009): *Language in late modernity*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Zas Varela, Luz (2011): *Contextos multilingües y conciencia metalingüística. Ideoloxías y representaciones de las lenguas en el aula*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

#### Biodata

**Elisa Fernández Rei** é Doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesora Contratada Doutora na mesma universidade. Asemade, é investigadora do Instituto da Lingua Galega e coordina o comité galego do proxecto AMPER desde o ano 2003. As súas liñas principais de

investigación son a prosodia, a entoación, o contacto e o cambio lingüístico.

**Xosé Luís Regueira** é Catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela e actual Director do Instituto da Lingua Galega. A súa investigación céntrase na fonética e na variación lingüística, aínda que ten publicado traballos sobre outros temas de sociolingüística, gramática e historiografía.

**Gabriela Prego Vázquez** é Profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela. As súas áreas de interese inclúen a etnografía sociolingüística crítica, o multilingüismo e a educación lingüística. Investigou a negociación de identidades e ideoloxías lingüísticas locais en contextos de cambio sociolingüístico e a dimensión sociopragmática da fala infantil.

**Luz Zas Varela** é Profesora contratada doutora da Universidade de Santiago de Compostela. As súas publicacións céntranse na análise das ideoloxías lingüísticas nos contextos educativos multilingües e a conciencia metalingüística e metapragmática. É especialista en educación lingüística crítica.

**Noemi Basanta Llanes** é Licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela; obtivo o grao de licenciatura coa memoria titulada "Lingua e xénero na conversación". Foi persoal contratado no Instituto da Lingua Galega dentro do proxecto CORILGA e o *Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega*. Na actualidade, é Lectora de galego na Universidade do Minho e realiza a súa tese de doutoramento sobre a construción discursiva das identidades de xénero e sexualidade en conversas espontáneas.

#### Panel 14 | Redes académicas e difusión

(D-02, 13:15h)

#### A Rede de Lexicografía (RELEX)

María Dolores SÁNCHEZ PALOMINO (coord.)  
*Universidade da Coruña*

Xosé María GÓMEZ CLEMENTE  
*Universidade de Vigo*

María Teresa SANMARCO BANDE  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Carlos VALCÁRCEL RIVEIRO  
*Universidade de Vigo*

A Rede de Lexicografía (RELEX) vén acadando financiamento da Xunta de Galicia, nas súas convocatorias de consolidación de unidades competitivas de investigación, de maneira ininterrompida desde 2012 (2012-2013, CN2012/290; 2013-2014, R2014/042; 2016-2018, ED431D R2016-046). Composta por dezaseis grupos de investigación do SUG, do resto do Estado e do estranxeiro, o seu obxectivo é a promoción da lexicografía en todos os ámbitos: docencia, investigación, formación, divulgación e transferencia. A través de varias intervencións, neste panel darase información sobre diferentes aspectos da rede: presentación xeral, proxectos, publicacións, organización de eventos científicos e outras actividades.

Palabras chave: redes de coñecemento, lexicografía, ámbito internacional.

#### I. RELEX, historia e actualidade da rede (M<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino)

Nesta primeira intervención farase un percorrido pola historia da Rede de Lexicografía desde a súa constitución en 2011 ata a composición actual, incidindo no seu financiamento e nos obxectivos que persegue, con especial atención á docencia e á formación.

#### II. RELEX como organizadora e promotora de eventos científicos (Xosé M<sup>a</sup> Gómez Clemente)

A Rede de Lexicografía ten un longo historial de organización e patrocinio de eventos científicos de todo tipo, entre os que destacan os seus congresos internacionais bienais. Nesta segunda intervención darase breve conta deles.

#### III. RELEX como promotora de investigacións de excelencia e participación en proxectos (M<sup>a</sup> Teresa Sanmarco Bande)

Nesta intervención atenderase á actividade de Rede de Lexicografía no ámbito da

investigación, prestando especial atención á promoción de volumes publicados por prestixiosas editoriais, así como ao liderado de proxectos ou á participación en proxectos e redes.

#### IV. A divulgación e a transferencia como obxectivos de RELEX (Carlos Varcárcel Riveiro)

As actividades de divulgación e transferencia constitúen outro obxectivo fundamental da Rede de Lexicografía, que serán obxecto de atención nesta sección do panel. Ademais das vías tradicionais empregadas con esta finalidade, RELEX sérvese das TIC e das redes sociais.

#### Bibliografía

- Domínguez Vázquez, María José, Ulrich Engele Gemma Paredes Suárez (eds.) (2017): *Neue Wege zur Verbvalenz I. Theoretische und methodologische Grundlagen. II. Deutschspanisches Valenzlexikon*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- Domínguez Vázquez, María José e María Teresa Sanmarco Bande (eds.) (2017): *Lexicografía y didáctica. Diccionarios y otros recursos lexicográficos en el aula*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- Domínguez Vázquez, María José, Xavier Gómez Guinovart e Carlos Varcárcel Riveiro (eds.); María Dolores Sánchez Palomino e María José Domínguez Vázquez (coords.) (2014-15): *Lexicografía de las lenguas románicas. Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva*. Berlín: De Gruyter, 2 vols.
- González González, Manuel, María Dolores Sánchez Palomino e Inés Veiga Mateos (eds.): *Terminoloxía: a necesidade da colaboración*. Madrid / Frankfurt: Vervuert / Iberoamericana.
- López Meirama, Belén e María Álvarez de la Granja (eds.) (2014): *Léxico dispoñible en galego (Verba 71)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións.
- Valcárcel Rivero, Carlos e Terencia Silva (eds.) (2016): *Escritos sobre lexicografía plurilingüe especializada*. Granada: Comares.

#### Biodata

**María Dolores Sánchez Palomino** é a coordinadora de RELEX, Doutora en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesora titular na Universidade da Coruña. No ámbito da lexicografía publicou numerosos artigos e libros e foi coautora dos dicionarios monolingües da Real Academia Galega. Forma parte dos Seminarios de Lexicografía e Terminoloxía desta institución, onde na actualidade dirixe o dicionario bilingüe castelán-galego. É coordinadora igualmente do Grupo de Estudos Románicos e Comparados (ROMANYCOM).

**Xosé María Gómez Clemente** é Profesor titular no Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo. É Investigador principal, xunto con Xavier Gómez Guinovart, do grupo TALG (Tecnoloxías e aplicacións da lingua galega) da Universidade de Vigo. As súas principais liñas de investigación son os recursos de tecnoloxía lingüística, a lexicografía gallega, a terminoloxía, a neoloxía e a fraseoloxía. Participou, entre outros, no proxecto "Adquisición de escenarios de coñecemento a través da lectura de textos: Desenvolvemento e aplicación de recursos para o procesamiento lingüístico do galego" (2012-15).

**María Teresa Sanmarco Bande** é Profesora titular de Filoloxía italiana da Universidade de Santiago de Compostela. As súas liñas de investigación principais son a lingüística aplicada, a lexicografía práctica e a metalexicografía. É autora ou coautora, entre outras publicacións, do *Diccionario Italiano-Galego* (2000), da *Gramática Italiana I* (2002), e do *Vocabulario Galego-Italiano. Hostalería* (2010). Participou, entre outros, nos proxectos de investigación "Le marche nella lessicografia bilingue spagnolo-italiano, italiano-spagnolo: studio di una tradizione e della sua influenza sulla norma linguistica e culturale" (2009-11) e "Portal lexicográfico: Diccionario online modular multilingüe y corpus informatizado anotado de la frase nominal. PORTLEX" (2013-16).

**Carlos Varcárcel Riveiro** é Profesor contratado doutor no Departamento de Filoloxía

Inglesa, Francesa e Alemá da Universidade de Vigo. As súas principais liñas de investigación son a lexicografía francesa, o léxico de dominios específicos e a relación entre dicionarios e usuarios. Comezou a súa carreira académica cunha tese sobre xeolingüística. Traballa, entre outros, no proxecto “MultiGenera: xeración multilingüe de estruturas argumentais do substantivo e automatización de extracción de datos sintáctico-semánticos”. É membro activo das redes RELEX (lexicografía) e GRAC (ensino gramatical).

### Panel 15 | Memoria histórica. Conflito e trauma

(D-04, 13:15h)

#### Exiliados y emigrantes gallegos de posguerra: recuperación histórica de su memoria

Silvia FACAL SANTIAGO (coord.)

*Universidad Católica del Uruguay*

*Universidad de la Empresa (Uruguay)*

Ruy FARÍAS

*Universidad de San Martín (Argentina)*

Rosa María LÓPEZ GONZÁLEZ

*Universidade de Santiago de Compostela*

Emilia GARCÍA LÓPEZ

*Consello da Cultura Galega*

Los movimientos migratorios, como el producido a raíz de la Guerra Civil española, transforman la vida de las personas y pueden llegar a producir importantes traumas y dejar una impronta, a manera de profundas cicatrices en quienes lo vivieron en primera persona, forzados a tomar el camino del exilio o a emigrar para subsistir. A partir de fines de la década de 1990 se acentuó la recuperación de la memoria histórica de la Guerra Civil y sus efectos. En ese marco retrotraeremos del olvido la memoria de los exiliados y emigrantes gallegos que debieron dejar su tierra de origen –ya sea por su simpatía por el bando republicano o por los efectos devastadores de la guerra un su sustento diario– y buscar nuevos destinos en los cuales pudieran vivir lejos del trauma producido por la violencia bélica como Francia y el Río de la Plata, teniendo en

cuenta la variable género. Analizaremos los pormenores de la emigración en sus vidas y su impronta en los destinos citados.

Palabras clave: exilio y emigración gallega, Guerra Civil, Francia y Río de la Plata.

#### I. Republicanos gallegos en Montevideo (Silvia Facal Santiago)

La Guerra Civil española es el conflicto fratricida que más repercusiones ha tenido en Uruguay por el fuerte involucramiento, a favor del bando republicano, de buena parte de la población del país. Si bien, al principio el gobierno de turno fue reticente a la entrada de los exiliados republicanos españoles, la población uruguaya le brindó su ayuda a quienes fueron llegando a estas costas del Río de la Plata y a quienes aún se encontraban luchando en España. La mayor parte de los exiliados republicanos españoles arribados a Uruguay durante el conflicto y en los años posteriores procedían de regiones como Cataluña, Euskadi, las dos Castillas, Asturias, Andalucía y Galicia; y entre ellos destacaba la presencia de intelectuales, científicos, escritores, artistas y profesionales de todo tipo además de jornaleros agrícolas, comerciantes, camareros, etc. A lo largo de esta ponencia hablaremos de la experiencia migratoria, en concreto, de los exiliados gallegos republicanos en Montevideo. Haremos especial hincapié en el papel que estos exiliados jugaron en el panorama cultural local del momento.

#### II. Una aproximación a la experiencia laboral de las mujeres gallegas en un área fabril de la Argentina (1890-1960) (Ruy Farías)

Nuestro conocimiento de la presencia gallega en Argentina conoció notables avances en las últimas décadas. Sin embargo, y a pesar del progresivo incremento de la presencia femenina dentro de los flujos migratorios entre Galicia y Argentina (que en la segunda posguerra mundial alcanzaría proporciones superiores al 50% del total), continúa siendo poco lo que sabemos acerca de la problemática de las mujeres en el país, particularmente en lo que hace a su

integración económica. Ciertamente, tanto las fuentes oficiales argentinas (recuentos estadísticos, planillas originales de los censos de población, actas de matrimonio, etc.), como las generadas por las mismas asociaciones de migrantes galaicos, presentan importantes limitaciones a la hora de indagar la integración femenina en su faceta laboral. La propia idiosincrasia de los estudios migratorios muchas veces ha invisibilizado los procesos y dinámicas de aquellos sujetos sociales, sobre los que pareciera no existir interés por no ser consideradas “parte activa” o “productiva”. No obstante, en última instancia ese silencio obedece a una cuestión cultural. El “discurso de la domesticidad” santificó al hogar como un espacio en el que la familia se hallaba libre de las perversiones mundanas, donde la mujer desenvolvía su misión de responsable de la reproducción física y moral de aquella, en tanto al hombre correspondía su representación social. De allí, en buena medida, el subregistro y la falta de percepción del fenómeno del trabajo femenino. Con todo, en los últimos años se han producido en el seno de la Historiografía argentina notables avances, que demuestran de manera categórica cómo las mujeres (nativas o extranjeras) han participado siempre y de manera significativa en la vida económica del país. En la presente ponencia, a partir de la información consignada en tres fuentes nominativas (actas matrimoniales, Registro del Consultado General de España en Buenos Aires y fichas del personal del frigorífico “La Negra”) y de los testimonios recogidos a partir de entrevistas a emigrantes gallegas o a sus familiares, analizamos la inserción socioprofesional de aquellas en los municipios bonaerenses de Avellaneda y Lanús, entre 1890 y 1960, demostrando que, lejos de los tópicos que las representan como personas dedicadas exclusivamente al trabajo doméstico o económicamente dependientes de los varones del grupo, jugaron un rol económicamente activo y con una importante integración en el sector secundario.

### III. Exilio o muerte: la generación perdida (Rosa María López González)

La Guerra Civil española (1936-39) provocó la migración forzosa de miles de personas durante y tras la contienda. Hombres, mujeres y niños trataron de poner a salvo sus vidas más allá de nuestras fronteras. La mayoría de los exiliados fueron confinados en campos de refugiados franceses. Los más afortunados lograron emprender un nuevo camino hacia otros países, principalmente latinoamericanos, donde empezaron de nuevo. Otros no tuvieron más remedio que regresar a España y algunos (caso de los niños de la guerra evacuados a la antigua URSS) permanecieron en el olvido sin poder regresar a su país. A través de las memorias de vida de algunos de estos niños, hombres y mujeres gallegos exiliados reconstruiremos esta etapa de sus vidas que les llevó a formar parte del contingente de exiliados españoles.

### IV. A pervivencia da identidade cultural galega nas sociedades de emigrantes (Emilia García López)

A cultura forma parte esencial da actividade das Comunidades Galegas formadas no exterior desde hai séculos e, de forma máis directa, da construción da identidade cultural da Galicia contemporánea. Por esta razón, é necesario revisar o papel que debe desempeñar a cultura na súa acción presente e futura, sen esquecer a relevancia que conseguiu en tempos pasados. En primeiro lugar propónse avaliar a importancia da cultura galega no exterior como fundamento dun patrimonio cultural de gran valor e como referente básico para a construción de Galicia como unha nación-cultura. Nun segundo apartado analizarase o valor que ten a cultura para a configuración dunha imaxe ou marca-país e a necesidade de inserir a acción das organizacións dos galegos no exterior no proceso de construción desa marca, de acordo coas correntes máis actuais de definición da diplomacia blanda (*soft diplomacy*) ou da paradiplomacia como un dos piares básicos das relacións internacionais e de participación nun mundo globalizado.

## Bibliografía

- Cagiao Vila, Pilar (2010): "A experiencia arxentina das mulleres galegas", en R. Farías (coord.), *Bos Aires galega*. Noia, Txosoutos, pp. 201-215.
- Cagiao Vila, Pilar (1997): *Muller e emigración*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Farías, Ruy (2016): "La presencia gallega en la Argentina: temas, desafíos teórico-metodológicos y fuentes disponibles", *Rivista dell'Istituto di Storia dell'Europa Mediterranea* 17/1, pp. 5-33 ([http://www.isem.cnr.it/RiMe/RiMe\\_17-1\\_2016.pdf](http://www.isem.cnr.it/RiMe/RiMe_17-1_2016.pdf)).
- Feijóo, María del Carmen (1990): "Las trabajadoras porteñas a comienzos del siglo", en D. Armus (comp.), *Mundo urbano y cultura popular. Estudios de Historia Social Argentina*. Buenos Aires: Sudamericana, pp. 281-311.
- Liñares Giraut, X. Amancio (coord.) (2009): *El protagonismo de la mujer en las corrientes migratorias españolas*. Vigo: Grupo España Exterior.
- Lobato, Mirta Zaida (2007): *Historia de las trabajadoras en la Argentina (1860-1960)*. Buenos Aires: Edhasa.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2007): "Galicia e Arxentina, Galicia na Arxentina", en P. Cagiao Vila e X. M. Núñez Seixas, *Os galegos de ultramar. II. Galicia e o Río da Prata*. A Coruña: Arrecife Edicións Galegas, pp. 11-152.
- Rodríguez Galdo, María Xosé (2008): "Xénero e migracións: Unha lectura dende a historia da mobilidade da poboación en Galicia", en X. M. Cid Fernández, X. C. Domínguez Alberte e R. Soutelo Vázquez (coords.), *Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 193-209.
- Vázquez González, Alexandre (2011): "Algunhas precisións cuantitativas sobre a última vaga emigratoria galego-arxentina", en N. de Cristóforis (coord.), *Baixo o signo do franquismo: emigrantes e exiliados galegos na Arxentina*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, pp. 29-55.
- Wainerman, Catalina (2007): "Mujeres que trabajan. Hechos e ideas", en S. Torrado

(comp.), *Población y bienestar en la Argentina del primero al segundo Centenario*. Buenos Aires: Edhasa, vol. 2, pp. 325-352.

## Biodata

**Silvia Facal Santiago** es Doctora en Historia por la Universidade de Santiago de Compostela. Premio extraordinario de mejor tesis doctoral. Máster en Inmigración por la Universidad Pontificia Comillas de Madrid. Ha realizado estadias de investigación en Alemania y España. Colaboró como investigadora en el *Arquivo da Emigración Galega*. Publicó varios libros y artículos científicos sobre los refugiados alemanes y los exiliados gallegos en Uruguay. Finalista del Premio Bartolomé Hidalgo y Mención Honorífica en los Premios de Literatura del MEC. Investigadora del Sistema Nacional de Investigadores de la ANII. Se desempeña también como profesora de Metodología de la Investigación en la Universidad de la Empresa de Uruguay, de Historia Contemporánea y Social en la Universidad de Montevideo y de Historia de los países afro-asiáticos en la Universidad Católica del Uruguay. Tiene a su cargo la línea de investigación de "movimientos migratorios de ida y vuelta en Uruguay".

**Ruy Farías** es Doctor en Historia por la Universidad de Santiago de Compostela. Se desempeña como Investigador y docente en el Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas (Argentina), la Universidad Nacional de General Sarmiento y el Museo de la Emigración Gallega. Su labor científica se centra en el estudio de la inmigración gallega en Argentina y la represión franquista en Galicia durante y después de la Guerra Civil española, y el exilio gallego a la República austral. Ha publicado varios libros y artículos sobre dicha temática.

**Rosa María López González** es Licenciada en Historia por la Universidade de Santiago de Compostela. Colaboró como investigadora en el proyecto Historia (La Historia Oral de la Guerra Civil española y la Euro-Emigración Galega, 1960-1985) y en el

*Arquivo da Emigración Galega*. Se desempeñó también como reportera y documentalista de temas migratorios en la Televisión de Galicia y en la Fundación Luís Tilve como documentalista e investigadora histórica. Ha realizado varias investigaciones y publicaciones sobre exiliados gallegos en Francia y en Europa. Actualmente continúa investigando sobre dicha temática y ejerce de profesora de Historia. Recibió dos premios de investigación histórica por dos trabajos en los que destaca como fuente principal las memorias de vida: Primer Premio de Investigación Arquivo da Emigración Galega (1998) convocado por el Consello da Cultura Galega por el trabajo *Lembranzas dos*

*emigrantes retornados*; Premio Investigación e Divulgación Histórica Luís Tilve 2009 por el trabajo *Los desheredados de la Guerra Civil Española. Las Memorias Olvidadas*.

**Emilia García López** es Licenciada en Historia por la Universidade de Santiago de Compostela, en donde también realizó sus estudios de doctorado. Ha participado en varios proyectos de investigación en el Departamento de Historia Contemporánea de la Universidade de Santiago de Compostela sobre la República Española y los movimientos de exiliados y emigrantes gallegos. Actualmente es la responsable de Acción Exterior del Consello da Cultura Galega.



## Sesión 38 | Redes académicas e de difusión (D-Multimedia)

### Relatorio 109 (9:30h)

#### Vinte anos do CEG na Universidade do Minho (1997-2017). Balance e perspectivas de futuro

Pedro DONO LÓPEZ  
*Universidade do Minho*

Fernando GROBA BOUZA  
*Universidade do Minho*

Noemi BASANTA LLANES  
*Universidade do Minho*

Desde o ano da súa creación, en 1997, por medio dun convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade do Minho, o Centro de Estudos Galegos ten experimentado un proceso de inserción e consolidación progresiva non só no contexto académico da universidade bracarense, senón tamén en diferentes ámbitos da sociedade miñota, particularmente nos sectores vinculados á acción cultural. O labor desenvolvido polos diferentes lectores e lectoras do Centro contribuíu (e contribúe) non só para aproximar a realidade lingüística e cultural galega ao contexto do norte de Portugal, onde paradoxalmente é/era bastante descoñecida, senón tamén para favorecer a interacción entre axentes culturais de ambas as bandas do Miño/Minho. No plano curricular, a lingua e cultura galegas comezaron por marcar presenza nas actividades de extensión universitaria, integrando os chamados "Cursos Livres" da escola de línguas BabeliUM, inserida no Instituto de Letras e Ciéncias Humanas (ILCH) da Universidade, para co tempo acabar aparecendo nos planos de estudo da oferta académica de primeiro ciclo en forma de materia optativa: primeiro, a disciplina de Literatura e Cultura Galegas, que pode ser cursada polo alumnado dos diferentes graos do referido ILCH; máis recentemente, a opción de Língua e Cultura Galegas, que forma parte da oferta dun amplísimo repertorio de licenciaturas das diferentes facultades que compoñen a Universidade. Outra das dimensións que atende o CEG, a da divulgación da lingua

e cultura galegas, ten experimentado, nos últimos tempos, un desenvolvemento moi destacable, principalmente na organización de eventos en articulación con diferentes axentes culturais da cidade de Braga: o programa de radio Galiza Mais Perto (Rádio Universitária do Minho), a Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza, o Día da Galiza en Braga ou o Encontro Minho-Galiza son bo exemplo diso. Eventos como os citados envolveron especialistas e produtores culturais das máis diferentes vertentes (Antón Reixa, Chus Pato, Miro Villar, Ignacio Vilar, Uxía, Roi Casal, Ses, Xabier Díaz). Unha das pólas ás que quizais se teña prestado menor atención, a da investigación, deberá asumir un maior protagonismo en anos vindeiros, pois tamén se advirte a necesidade de estreitar vínculos no ámbito científico.

Palabras chave: lingua e cultura galegas no exterior, Centro de Estudos Galegos, Universidade do Minho.

#### Bibliografía

Groba Bouza, Fernando e Pedro Dono López (coords.) (2017): *Galegos no Minho. 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho*. Braga: Húmus.

#### Biodata

**Pedro Dono López** é actualmente Profesor auxiliar da Área de Estudos Espanhóis e Hispano-Americanos da Universidade do Minho. Foi lector do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho entre 1997 e 2002. Dedicase, principalmente, á edición e estudo de documentación notarial medieval galega.

**Fernando Groba Bouza** foi lector de galego na Universidade do Minho (2014-17). Ten investigado, sobre todo, en lexicoloxía e fraseoloxía. Na lexicoloxía, destacan o seu libro *Vocabulario galego-castelán de carpintería de madeira* e a súa tese de doutoramento (en elaboración), que xira á volta do léxico da hipoloxía no galego oral. E, en fraseoloxía, ten publicados varios traballos na revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

**Noemi Basanta Llanes** é Licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela; obtivo o grao de licenciatura coa memoria titulada “Lingua e xénero na conversación”. Foi persoal contratado no Instituto da Lingua Galega dentro do proxecto CORILGA e o *Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega*. Na actualidade, é Lectora de galego na Universidade do Minho e realiza a súa tese de doutoramento sobre a construción discursiva das identidades de xénero e sexualidade en conversas espontáneas.

### Relatorio 110 (Sesión 38, D-Mult., 10h)

#### Activismo, ideoloxías lingüísticas e identidade cultural da diáspora galega en Londres na contemporaneidade

Alejandro DAYÁN-FERNÁNDEZ  
Heriot-Watt University

Preséntase neste relatorio un proxecto de doutoramento consistente nunha etnografía sociolingüística crítica, focalizado na diáspora galega de Londres como estudo de caso, que tenta, primeiramente, explorar como a “governamentalidade” (Foucault 1991) dos espazos institucionais diaspóricos ten forxado un entendemento tradicional da lingua, cultura e identidade galegas que desencaixa coas novas xeracións de migrantes e as motivacións destas para estableceren iniciativas de base que (re)constrúen o imaxinario social da diáspora galega. Por outra parte, analízanse as ideoloxías da autenticidade e anonimato (Woolard 2005) e a lingua como poder simbólico (Bourdieu 1991) para investigar a comunicación interxeracional entre migrantes, a súa mobilización de recursos e repertorios lingüísticos así como tamén determinar a valorización que o galego ten adquirido no contexto diaspórico. Finalmente, estúdanse as mudas lingüísticas (Pujolar e Puigdevall 2015) que desencadean o afloramento de neofalantes na diáspora, a relación destas mudas cun rexurdir identitario e o rol que este neofalantismo (O’Rourke e Ramallo 2015) xoga no activismo lingüístico e cultural galego de Londres.

Palabras chave: ideoloxías lingüísticas, identidade cultural, neofalantes, diáspora galega, etnografía sociolingüística crítica.

#### Bibliografía

- Bourdieu, Pierre (1991): *Language and symbolic power*. USA: Harvard University Press.
- Foucault, Michel (1991): “Governmentality”, en G. Burchell, C. Gordon e P. Miller (eds.), *Studies in Governmentality*. Chicago: University of Chicago Press, pp. 87-104.
- O’Rourke, Bernadette e Fernando Ramallo Fernández (2015): “Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician”, *International Journal of the Sociology of Language* 231, pp. 147-165.
- Pujolar Cos, Joan e Maite Puigdevall i Serralvo (2015): “Linguistic ‘Mudes’: How to Become a New Speaker in Catalonia”, *International Journal of the Sociology of Language* 231, pp. 167-187.
- Woolard, Kathryn A. (2008): “Language and identity choice in Catalonia: The interplay of contrasting ideologies of linguistic authority”, en K. Süselbeck, U. Mühlischlegel e P. Masson (coords.), *Lengua, nación e identidade: la regulación del plurilingüismo en España y América Latina*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, pp. 303-323.

#### Biodata

Alejandro Dayán-Fernández Estudou Ciencia Política, Tradución e Comunicación Intercultural en varias universidades europeas e traballou como xestor de proxectos lingüísticos na industria da comunicación intercultural durante varios anos. Despois de obter unha bolsa de investigación na Universidade Heriot-Watt de Edimburgo en 2017, combina a asistencia na docencia da Tradución, Sociolingüística e Comunicación Intercultural co seu labor de investigador cun proxecto de doutoramento baixo a dirección da Catedrática Bernadette O’Rourke. O proxecto vén a encher un baleiro no estudo de comunidades con linguas, culturas e identidades minorizadas e un legado histórico de

emigración que se asentán en países hexemónicos por razóns económicas e establécen certas dinámicas lingüísticas, culturais e identitarias –o caso da diáspora galega en Londres conforma o foco deste estudo. Alén diso, ten especial interese na situación sociolingüística e sociopolítica doutras nacións sen Estado da Europa como a Cataluña, o País Basco ou a Escocia, onde reside.

### Relatorio 111 (Sesión 38, D-Mult., 10:30h)

#### A cultura galega no Rio de Janeiro

Lucía SANDE SIABA

*Universidade Estadual do Rio de Janeiro*

No ano 1998 asinouse o convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade do Estado do Rio de Janeiro para a creación dun lectorado de galego. Fanse agora 20 anos da creación dese convenio e consideramos interesante facer un repaso sobre as actividades e as melloras levadas a cabo neste tempo. Alén diso, realizaremos un pequeno estudo que nos permita coñecer a situación actual da cultura galega no Rio de Janeiro. Para isto, entrevistaremos a emigrantes e descendentes de galegos que nos ofrecerán a súa visión sobre o mantemento da súa cultura nesta cidade. Tamén realizaremos enquisas aos estudantes de galego, o que nos permitirá coñecer cales son os coñecementos previos sobre a nosa cultura e os intereses que esperta neles. Coñecer estes datos permitiranos facer un diagnóstico da situación actual para mellorar as nosas accións no futuro.

Palabras chave: cultura galega, emigración, lusofonía, comunidades no exterior.

#### Bibliografía

- Freixeiro Mato, X. Ramón (2009): "Consideracións sobre as orixes galegas da lingua do Brasil", *Estudos galego-brasileiros 3: lingua, literatura, identidade*, pp. 217-244.
- Lagares, Xoán Carlos, "O galego e a lusofonía: a "nosa lingua" e "os da banda d'alá", en H. Monteagudo (ed.), *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar*.

Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 563-580.

Sarmiento da Silva, Erica (2006): *O outro Río, a emigración galega a Río de Janeiro*. Santa Comba: Colección Nós.

Sarmiento da Silva, Erica (2008): "Os galegos no Rio de Xaneiro", *Estudos Migratorios. Revista galega de análise das migracións* 1/2, pp. 7-29.

#### Biodata

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade da Coruña (2008-12). Mestrado en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos pola Universidade de Santiago de Compostela (2012-13). Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, formación profesional en Ensino de Idiomas na Universidade de Santiago de Compostela (2014-15). Desde 2016 exerce como Lectora de galego na Universidade Estadual do Rio de Janeiro.

### Sesión 39 | Cartografías lingüísticas. Léxico e dialectoloxía (D-04)

#### Relatorio 112 (9:30h)

#### O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental

Concepción Álvarez Pousa

*Universidade de Santiago de Compostela*

O vianés é a variedade oral da Terra de Viana do Bolo (Ourense), que se encadra na área oriental-central do bloque oriental. Pola súa parte, a área zamorana, tamén pertencente ao devandito bloque, comprende as variedades faladas na Mezquita (Ourense) e mais nas Portelas (Zamora), onde se distinguen dúas subáreas, a de Porto e a da Mezquita-Lubián. Pola súa proximidade, a variedade vianesa comparte trazos lingüísticos coa área zamorana, particularidades algunhas que son xerais ao bloque oriental, pero tamén outras específicas destas variedades. Para detallarmos estes feitos primeiro faremos unha caracterización xeral do vianés e posteriormente analizaremos os trazos que posúe en común coas

variedades pertencentes á área zamorana. Deste xeito, poremos de relevo aspectos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos como a alternancia no uso dos ditongos *oi / ou*, solución *-ai / -á* nos nomes en -TATEM ou o uso do teísmo. A caracterización lingüística acompañarase de mostras orais.

Palabras chave: dialectoloxía, galego oriental, vianés, área zamorana, portelao.

## Bibliografía

Álvarez Pousa, Concepción (2017): "A variación lingüística nos textos orais do Concello de Viana do Bolo", en M. Negro Romero, R. Álvarez e E. Moscoso Mato (eds.): *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 803-823 (<http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.46>).

Álvarez Pousa, Concepción (2017): "As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués", *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* 11/2, pp. 79-109.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Krüger, Fritz (1925): "Mezcla de dialectos", en *Homenaje ofrecido a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*. Madrid: Hernando, vol. 2, pp. 121-166.

Taboada Cid, Manuel (1971): *Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita*. Memoria de licenciatura (parcialmente publicada). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

## Biodata

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo e Máster Universitario en Comunicación e Industrias Creativas pola Universidade de Santiago de Compostela. Doutoranda no programa de Doutoramento en Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela na liña de variación coa tese *A lingua da Terra de Viana do Bolo. Descrición dialectal e análise do cambio lin-*

*güístico*. Participou en diferentes encontros con contribucións centradas no estudo dialectal da variedade vianesa. É membro do Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e realizou unha estadía de doutoramento no Arquivo Dialectal do Centro de Lingüística da Facultade de Letras da Universidade do Porto (CLUP). Entre as súas publicacións destacan o libro *Escolma de poesía berciana en lingua galega* (en coautoría, 2002). Profesora de Lingua e literatura galega no ensino secundario e colaboradora do Xornal *O Sil*.

### Relatorio 113 (Sesión 39, D-04, 10h)

**Presentación del atlas lingüístico ETLEN, sobre la frontera entre el gallegoportugués y el asturleonés en Asturias**

Ramón d'ANDRÉS DÍAZ  
*Universidad de Oviedo*

En esta comunicación se presentará la reciente publicación del *Estudiu de la Transición Llingüística na Zona Eo-Navia, Asturias (ETLEN)*. *Atlas dialectográfico - horiométrica - dialectométricu*, elaborado por Ramón d'Andrés, Fernando Álvarez-Balbuena, Xosé Miguel Suárez y Miguel R. Monteavaro, de la Universidad de Oviedo. Es fruto de una investigación emprendida en el año 2000 y financiada por la Universidad de Oviedo, el Gobierno de Asturias y el Ministerio de Cultura. Es la obra más completa sobre la geolingüística de la zona Eo-Navia, en la frontera entre los dominios gallegoportugués y asturleonés. Presenta 643 mapas. De ellos, 531 son dialectográficos y los 112 restantes de estadística geolingüística, según dos novedosos procedimientos: la «horio-metría», ideada por el equipo de Oviedo, y la «dialectometría», según el método de la Universidad de Salzburgo. Cada mapa va acompañado de una completa información lingüística. Se expondrán las características del atlas y la metodología de estudio de la frontera lingüística.

Palabras clave: dialectología, frontera lingüística, gallegoportugués, asturleonés.

## Bibliografía

Andrés Díaz, Ramón d' (dir.); Fernando Álvarez-Balbuena García, Xosé Miguel Suárez Fernández e Miguel Rodríguez Monteavaro (2017): *Estudiu de la transición llingüística na zona Eo-Navia, Asturias (ETLEN). Atlas llingüístico dialectográfico - horiométricu - dialectométricu*. Uviéu: Trabe / Universidá d'Uviéu.

Andrés Díaz, Ramón d' (2011): "Fronteras lingüísticas y geotipos, con atención a la zona Eo-Navia", en R. d'Andrés Díaz (coord.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Ediciones Trabe / Universidá d'Uviéu (Seminariu de Filoloxía Asturiana), pp. 121-152.

Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.

Goebl, Hans (2011): "Áreas, fronteras, similitudes y distancias: lección breve de geolingüística cuantitativa", en R. d'Andrés Díaz (coord.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Ediciones Trabe / Universidá d'Uviéu (Seminariu de Filoloxía Asturiana), pp. 11-34.

## Biodata

Profesor titular de Filología Española y Asturiana en la Universidad de Oviedo. Investigador en gramática, léxico, normativa, sociolingüística, toponimia y dialectología del asturiano. Corredactor de las *Normas Ortográficas*, del *Diccionariu de la Llingua Asturiana* y de la *Gramática de la Llingua Asturiana*, de la Academia de la Llingua Asturiana. Miembro numerario de la misma y correspondiente del Real Instituto de Estudios Asturianos. Coordina el grupo de investigación «Seminariu de Filoloxía Asturiana». Director de la *Revista de Filoloxía Asturiana* y miembro de la Junta Asesora de Toponimia del Principado de Asturias. Obras principales: *Encuesta sociolingüística nuna parroquia asturiana (Deva-Xixón)* (1993), *Gramática práctica de asturiano* (1997), *Diccionario toponímico del concejo de Gijón* (2008), *Lengua, ciencia y fronteras* (coord., 2011), *Gramática comparada de las*

*lenguas ibéricas* (2013). Coautor del atlas *Estudiu de la Transición Llingüística na Zona Eo-Navia, Asturias* (ETLEN) (2017).

### Relatorio 114 (Sesión 39, D-04, 10:30h)

## Os estranxeirismos no DRAG

María Dolores SÁNCHEZ PALOMINO  
Universidade da Coruña

É sabido que os estranxeirismos presentan unha especial dificultade na súa integración en calquera lingua. Neste relatorio analizaremos o tratamento que reciben estas voces no *Diccionario da Lingua Galega*, da Real Academia Galega, posto en liña en 2012 (<https://academia.gal/diccionario>). Por unha banda, a través do repertorio académico, teranse en conta os distintos xeitos en que os estranxeirismos poden pasar á lingua galega (sen adaptación, con adaptación parcial, con adaptación plena), así como tamén os casos de creacións léxicas e calcos semánticos. Por outra parte, xa desde unha perspectiva puramente lexicográfica, estudarase a maneira en que se tratan estas voces en dito repertorio.

Palabras chave: lexicografía, Real Academia Galega, estranxeirismos.

## Bibliografía

Real Academia Galega (2012): *Diccionario da lingua galega* (<https://academia.gal/diccionario>).

Fernández Bernárdez, Cristina (2016): "Os estranxeirismos crudos no DRAE (2014)", *Revista de lexicografía* 22, pp. 123-134.

Sánchez Palomino, María Dolores (2019, no prelo): "Lexicography", en E. González Seoane e Xulio C. Sousa (eds.), *Manual of Galician Linguistics*. Berlin: De Gruyter.

## Biodata

Doutora en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesora titular na Universidade da Coruña. No ámbito da lexicografía publicou numerosos artigos e libros e foi coautora dos dicionarios monolingües da Real Academia Galega.

Forma parte dos Seminarios de Lexicografía e Terminoloxía desta institución, onde na actualidade dirixe o dicionario bilingüe castelán-galego. É coordinadora do Grupo de Estudos Románicos e Comparados (ROMANYCOM) e da Rede de Lexicografía (RELEX), de carácter internacional, da que promoveu a creación en 2012.

### Sesión 40 | Novas tendencias literarias (D-02)

#### Relatorio 115 (9:30h)

#### (In)visibilidade e discurso na obra de Xohana Torres. O macro texto da ausencia

Ana GARRIDO GONZÁLEZ  
*Universytet Warszawski*

Analizaremos como un macrotexto as obras teatrais de Xohana Torres escritas na década de 1960 e o seu único texto narrativo *Adiós María* (1971), xa que repiten unha mesma situación: un eu feminino que sofre por algún tipo de ausencia é a un tempo centro e marxe dentro do seu pequeno mundo pechado e ten que decidir como afrontar a realidade en tránsito que a rodea. Ademais, nelas entrecrúzanse discursos irreconciliables e/ou incapaces de dialogar (o ecoloxista, o do desenvolvemento, o das penurias do agro, as arengas utópicas dalgúns exiliados, os tópicos conciliadores dos claudicadores, o da novela rosa, o da resignación cristiá...), que sintomatizan un período de crise e tránsito persoal e social. Todo isto, xunto a usurpación da linguaxe do poder, pon de manifesto o grotesca que é a situación de invisibilidade na que viven as protagonistas que, ao decidir por si mesmas, afrontan a estrutura patriarcal e a marxinalidade á que tanto os discursos emerxentes como os saíntes as condenan.

Palabras chave: Xohana Torres, discurso, emigración-exilio, transición, marxinalidade.

#### Bibliografía

Garrido González, Ana (2015): "Las chicas raras no tienen voz: una interpretación de *Adiós María* de Xohana Torres", *Itinerarios*

21, pp. 183-198 (<http://revistes.ub.edu/index.php/lectora/article/view/7177>).

Gómez-Moriana, Antonio (2009): "Diastrotía: valor operacional de un concepto", *Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos* 10, pp. 95-118.

González Fernández, Helena (2012): "La ausencia y la espera de la mujer sola como afirmación en Rosalía de Castro y Xohana Torres", en A. Peral Crespo e J. L. Arráez Llobregat (coords.), *Del instante a la eternidad. Exégesis sobre "la espera" en la escritura de mujer*. Alicante: Universidad de Alicante, pp. 93-110.

Ogando González, Iolanda (2010): "Proxectar a matria: Centros e marxes no teatro de Xohana Torres", *Grial* 188, pp. 36-43.

Pérez Durán, Gabriel (2005): "A perpetuidade do xogo da ourela. Unha achega ao teatro de Xohana Torres", *Anuario de estudos literarios galegos*, pp. 102-119.

#### Biodata

Licenciada en Filoloxía galega pola Universidade de Santiago de Compostela. En 2010 solicitou praza como lectora de galego na Universidade de Varsovia, onde continua hoxe en día contratada e impartindo, entre outras, as materias Culturas ibéricas e Un país entre fronteras: emigración y exilio en España. A súa tese explora a representación da ausencia a través das viúvas de vivo, en textos de autores exiliados e en Xohana Torres. Os seus proxectos e áreas de investigación xiran entorno á mobilidade e o exilio, a memoria, a identidade e o xénero. Forma parte del grupo de investigación GENIA (Xénero, identidade e discurso en España e América latina). Foi co-Presidenta do comité organizador de dous congresos internacionais. Entre as súas publicacións máis recentes destacan numerosos artigos en revistas de investigación (*Itinerarios, Madrygal, Sociocriticism* etc.), varios capítulos en obras colectivas e a co-redacción de dous monografías sobre hispanismo e un número sobre galicianismo. Máis información: <https://www.iberystyka.uw.edu.pl/pl/content/>.

### Relatorio 116 (Sesión 40, D-02, 10h)

#### María Reimóndez: a “pirata” do sistema literario e social galego

María BOGUSZEWICZ  
*Uniwersytet Warszawski*

María Reimóndez é actualmente unha das escritoras máis premiadas de Galicia. Ao mesmo tempo, é unha das autoras máis fecundas do panorama literario actual galego. Por tanto, non falta a cobertura crítica da súa obra. Porén, o curioso é que no ámbito académico a creación de Reimóndez é practicamente ausente. Contamos só cunha análise de Helena González de *Pirata* e cos tres textos de Ánxela Lema dedicados principalmente á esa mesma novela. Resulta pois interesante indagar sobre a pouca atención que reciben os textos de Reimóndez na investigación así como sobre o motivo de escoller precisamente *Pirata* como o obxecto de estudo nas poucas análises literarias que se fixeron. Unha novela, recordemos, que non é nada recente. A hipótese de partida é que María Reimóndez rompe coas estruturas ben asentadas e pouco cuestionadas nas sociedades occidentais actuais e que *Pirata* é a obra máis representativa desta filosofía “reimondesiana”.

Palabras chave: María Reimóndez, *Pirata*, feminismo, literatura, sociedade.

#### Bibliografía

Boguszewicz, Maria (2017): “Centrum i periferia w perspektywie feministycznej: eseistyka Marii Xosé Queizán, Teresy Moure i Marii Reimóndez” (“Centro e periferia na perspectiva feminista: a ensaística de María Xosé Queizán, Teresa Moure e María Reimóndez”), en M. Loba, B. Łuczak e A. Gregori (eds.), “*Literatury mniejsze*” *Europy Romańskiej: Pośród literatur świata*. Poznań: Wydawnictwo Naukowe UAM.

González Fernández, Helena (2015): “Presas y piratas. Memoria, nostalgia, fascinación y política de archivo”, en A. Calderón Puerta, K. Kumor e K. Moszczyńska-Dürst

(eds.), *¿La voz dormida? Memoria y género en las literaturas hispánicas*. Warszawa: Uniwersytet Warszawski.

Lema París, Ánxela (2013): *Outras lentas para lermos a literatura galega contemporánea. A ruptura do canon desde unha crítica da heteronormatividade como modelo de recepción*. TFG. Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios. A Coruña: Universidade da Coruña.

Reimóndez, María (2009): *Pirata*. Vigo: Xerais.

Reimóndez, María (2014): “Pasados diversos, futuros prometedores”, *Itinerarios* 20, pp. 13-24.

#### Biodata

María Boguszewicz é Profesora adxunta no Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Varsovia. O seu traballo académico céntrase na historia e cultura de España desde unha perspectiva non hexemónica. É autora de numerosas publicacións sobre as culturas minorizadas da Península Ibérica, especialmente a galega. Actualmente, desenvolve o proxecto de investigación dedicado á obra de María Reimóndez.

### Relatorio 117 (Sesión 40, D-02, 10:30h)

#### A traxectoria narrativa de Diego Ameixeiras: dende *Baixo mínimos* até *A noite enriba*

Javier RIVERO GRANDOSO  
*Universidad de La Laguna*

A novela criminal é na actualidade o xénero que experimenta unha maior expansión en todo o mundo. Nas listaxes de libros máis vendidos as novelas criminais adoitan aparecer nos primeiros postos, feito que se traduce tamén na súa adaptación cinematográfica. Na literatura galega, o xénero criminal tamén tivo un incremento considerábel no século XXI, coa aparición de novos e destacados escritores, como Domingo Villar ou Diego Ameixeiras, cuxas obras foron ben recibidas pola crítica e o público e son traducidas a distintas linguas. Diego Ameixeiras,

escritor ourensán, é un bo exemplo do éxito da novela criminal galega, pois a súa obra recibiu, entre outros premios, o Xerais de novela (2006), o Premio do Director da Semana Negra de Gijón (2011) ou o Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* (2011). Nesta comunicación estudaremos as principais características da obra de Ameixeiras. Como a súa produción, a pesar da súa mocidade, é bastante longa, a nosa intervención basearase fundamentalmente no estudo comparativo da súa primeira e da súa penúltima novela: *Baixo mínimos* (2004) e *A noite enriba* (2015). Moi recentemente, neste ano 2018, publicouse *A crueldade de abril*. A partir do contraste destas dúas novelas, analizaremos a evolución da escritura e das técnicas narrativas na obra de Diego Ameixeiras. Para iso, tamén faremos referencias ao resto da súa produción, o que nos permitirá situar a súa obra dentro do campo literario galego.

Palabras chave: novela criminal, novela negra, Diego Ameixeiras.

## Bibliografía

- Colmeiro, José (1996): "Decolonizing Detection: Spanish Subaltern Studies", *Trans-culture: Interpretations and Applications of Cultural Studies in the Languages* 1/1, pp. 91-108.
- Colmeiro, José (2001): "The Spanish Detective as Cultural Other", en E. Christian (ed.), *The Post-Colonial Detective*. Nova York / Basingstoke: Palgrave, pp. 176-192.
- King, Stewart (2007): "Peripheral Detectives and Detectives on the Periphery: Crime Fiction in the *Nacionalidades Históricas*", *Antípodas: Journal of Hispanic and Galician Studies* XVIII, pp. 265-285.
- March, Kathleen N. (1987): "Galician Crime Literature", *Monographic Review/Revista Monográfica* 3/1-2, pp. 202-211.
- Mejía Ruiz, Carmen (2015): "Ciudades transgresoras, ciudades sin límite", en E. Po-peanga Chelaru (coord.), *La ciudad hostil: imágenes en la literatura*. Madrid: Síntesis, pp. 59-71.

## Biodata

Javier Rivero Grandoso é Profesor axudante doutor da área de Literatura Española do Departamento de Filoloxía Española da Universidade da Laguna. É licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade da Laguna, e Máster en Estudos Literarios e Doutor en Estudos Literarios pola Universidade Complutense de Madrid, cunha tese sobre a representación do espazo urbano na novela criminal das literaturas de España. Ten participado en diversos seminarios e congresos internacionais en prestixiosas universidades. Editou un monográfico sobre a novela criminal na revista *La Páxina*, os volumes *Ciudades mito* e *Reflejos de la ciudad* na editorial Peter Lang, o libro *La ciudad hostil* na editorial Síntesis e a obra poética do autor canario Julián Herraiz baixo o título *La mentira del agua y Alfabeto celoso (Obra completa)*. É director do Seminario Tenerife Noir de Investigación no Xénero Negro, que se celebra en marzo na Universidade da Laguna.

**Sesión 41 | Patrimonio literario medieval. Ciclos literarios e mecenado cultural (D-01)**

**Relatorio 118 (9:30h)**

### Sobre un trobador "menor": Nuno Treez

Leticia EIRÍN  
*Universidade da Coruña*

De Nuno Treez –probabelmente un xogador de orixe galega–, a tradición manuscrita transmitiunos unicamente catro composicións pertencentes ao xénero de amigo, todas elas ambientadas en San Clemenço do Mar, que fai referencia á ermida desta advocación situada na Illa do Santo do Mar na costa de Marín. É a nosa intención realizar neste relatorio certas consideracións a respecto da fixación textual destas cantigas, así como un achegamento ao estudo das súas principais singularidades: a actitude da amiga, a abundante presenza de léxico concreto ou, entre outras, a eventual lectura dos textos como un ciclo ou secuencia narrativa.



Palabras chave: Nuno Treez, poesía medieaval galego-portuguesa, cantiga de romaría.

### Bibliografía

- Correia, Ângela (1993): "Sobre a especificidade da cantiga de romaría", *Revista da Biblioteca Nacional* (série 2) 8/2, pp. 7-22.
- Couceiro, Xosé Luís (1993): "Nuno Treez", en G. Lanciani e G. Tavani (orgs. e coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 484-485.
- Ferrari, Anna, Elsa Gonçalves e Maria Ana Ramos (1982): "Geografía da lírica galego-portuguesa", en D. Kremer e R. Lorenzo (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 191-201.

### Biodata

Leticia Eirín (A Coruña, 1981), licenciouse en Filoloxía Galega na Universidade da Coruña e doutorouse nesta mesma universidade no ano 2012. O seu traballo de investigación está centrado na literatura medieaval galego-portuguesa. De entre as súas publicacións destaca a edición da obra teatral *Auto chamado dos Enfatriões*, de Luís de Camões (Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 2008), *O cancionero de Pero Mafaldo. Edición crítica* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2014), en colaboración con Manuel Ferreiro, ou *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* (Edicións Laiovento, 2015). Na actualidade é Profesora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.

#### Relatorio 119 (Sesión 41, D-01, 10h)

**A corte do conde de Barcelos: o ciclo dos privados**

Raquel JABARES FERNÁNDEZ  
Universidade da Coruña

O relatorio a presentar propón a existencia dunha corte político-literaria ao redor do

Conde de Barcelos. O conflito sucesorio entre don Pedro e o rei Alfonso IV fixo que os trovadores partidarios do primoxénito tomasen partido publicamente, poñendo no centro das súas sátiras as personaxes máis próximas ao rei Alfonso IV: os seus privados. Un destes homes de confianza, Miguel Vivas, constitúe ao noso xuízo un auténtico ciclo lírico coordinado entre João de Gaia, Estevão da Guarda e o propio Conde de Barcelos. O corpus en estudo para este ciclo está composto por seis cantigas: tres de Estevão da Guarda (*Diss'hoj'el-rei: - Pois Dom Foão mais val, O caparom de marvi e Bispo, senhor, eu dou a Deus bom grado*), unha de João de Gaia (*Eu convidei um prelado a jantar, se bem me venha*) e dúas do propio Conde de Barcelos (*Os privados, que d'el-rei ham e Vós que soedes em corte morar*), mediante as que propoñemos a existencia de unha corte propia do primoxénito de Dom Dinis.

Palabras chave: corte, Barcelos, Dom Dinis, Estevão da Guarda, escarnho.

### Bibliografía

- Lopes, Graça Videira, Manuel Pedro Ferreira et alii (2011-): *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas* [base de datos en liña]. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH / NOVA (<http://cantigas.fch.unl.pt>).
- Pagani, Walter (1971): "Il canzoniere di Estevan da Guarda", *Studi mediolatini e volgari* 19, pp. 53-179.
- Resende de Oliveira, António (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhidas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa. Colibri.
- Rodrigues Lapa, Manuel (1995): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneros medievais galego-portugueses*. Lisboa. Edições João de Sá da Costa.
- Simões, Manuel (1991): *Il canzonieri di D. Pedro, Conte de Barcelos*. Roma: Japadre Editore.

### Biodata

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade da Coruña. Mestrado en formación

do profesorado, UCAM. Mestrado en Literatura Cultura e Diversidades pola Universidade da Coruña, realizando o TFM *De Dom Dinis a Villansandino, unha nova práctica retórica*. Doutoranda da Universidade da Coruña, coa elaboración da tese: *A obra de Estêvão da Guarda no seu contexto histórico e literario. Edición crítica do seu cancionero* (dir. Gema Vallín). Membro do grupo de investigación ROMANYCOM da UDC. Colabora no *Boletín Bibliográfico* da Asociación Hispánica de Literatura Medieval.

### Relatorio 120 (Sesión 41, D-01, 10:30h)

#### O mecenado señorial da prosa literaria e historiográfica na Galiza baixomedieval

Ramón MARIÑO PAZ

*Universidade de Santiago de Compostela*

Ricardo PICHEL

*Universidad de Alcalá*

*Universidade de Santiago de Compostela*

Tradicionalmente o estudo da produción e difusión da literatura galega medieval fíxose atendendo primeiramente á diversidade dos xéneros cultivados (poesía profana e mariana, prosa literaria, historiográfica, xurídica, científica etc.). Porén, a perspectiva histórica e social, nomeadamente o estudo dos mecenados culturais, non sempre foi atendida debidamente no que respecta, especialmente, aos xéneros prosísticos, e só agora comeza a callar de maneira decisiva nas nosas investigacións unha vez imos comprendendo os procesos internos de compilación, tradución e difusión dos poucos testemuños que chegaron até nós e a súa interconexión coas áreas culturais próximas (véxanse, por exemplo, os traballos de Lorenzo 1985 e 2002, López Martínez-Morás 2007, Miranda 2012, Pichel 2014, Souto Cabo 2014 e 2016, García-Fernández e Otero Piñeyro Maseda 2016, Pichel e Varela Barreiro 2017 e 2018, Mariño Paz 2018, Pichel 2018). O obxectivo principal deste relatorio é ofrecer un estado da arte no que respecta ás últimas investigacións dos mecenados culturais que contribuíron á produción e difusión da prosa medieval galega en romance desde finais do séc. XIII até ben entrado o séc. XV. Deste modo, partindo

dunha breve contextualización do patrocinio rexio e señorial da poesía lírica, centraremos a exposición nos diferentes mecenados señoriais da prosa literaria e historiográfica, facendo especial fincapé na recepción no espazo cultural galego-portugués dos ciclos literarios troiano (*Historia troiana* e *Cronica troiana*) e artúrico (*Livro de Tristam*), e das obras historiográficas de tradición (pos)afon-sina (as traducións e compilacións da *General estoria*, da *Estoria de España* e da *Cronica de Castilla*, ou a refundición galega da *Cronica de 1404*). Finalmente, completaremos esta recapitulación coa referencia aos ambientes culturais que dinamizaron a confección de obras cun carácter principalmente relixioso como os *Miragres de Santiago*, a *Cronica de Iria* ou a *Cronica dos Fraires Menores*.

Palabras chave: literatura medieval, mecenado cultural, prosa literaria e historiográfica.

#### Bibliografía

- García-Fernández, Miguel e Pablo Otero Piñeyro Maseda (2016): "El origen gallego del *Livro de Tristan*: hipótesis sobre su procedencia e itinerario", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 43, pp. 385-403.
- López Martínez-Morás, Santiago (2007): "Aparición e florecemento da prosa medieval galega", en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *"Na nosa lyngoage galega" A existencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 447-472.
- Lorenzo, Ramón (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Lorenzo, Ramón (2002): "La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios", *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123.
- Mariño Paz, Ramón (2018, no prelo): "Literatura en galego e mecenado na Idade Media", en A. Rodríguez Guerra e B. Arias Freixedo (eds.), *O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval / The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of the*

- Medieval Galician Poetry*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company.
- Miranda, José Carlos Ribeiro (2012): "A primitiva conclusión da versión galego-portuguesa da *Crónica de Castela* (A2d)", *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 123-140.
- Pena, Xosé Ramón (2013): *Historia da literatura galega. I. Das orixes a 1853*. Vigo: Xerais.
- Pichel, Ricardo (2014): "Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués", *Madrygal. Revista de estudos gallegos* 17, pp. 99-113.
- Pichel, Ricardo (2018): "Os Enríquez de Lemos e a produción historiográfica galega do primeiro terzo do séc. XV", *Coloquio Internacional de la AHLM «Libros, lecturas y reescrituras»* (Zaragoza, 24-26 de octubre de 2018). En preparación.
- Pichel, Ricardo e Xavier Varela Barreiro (2017): "O fragmento galego-portugués do Livro de Tristam. Nova proposta cronolóxica e diatópica", *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20, pp. 159-214.
- Pichel, Ricardo e Xavier Varela Barreiro (2017): "Dos Lima aos Mendoza. Patrimonio e itinerario (pos)medieval do *Livro de Tristam*", en J. C. R. Miranda (org.), *Estudos sobre o romance arturiano no ocidente ibérico. Homenagem a Harvey L. Sharrer*. Porto: Estratégias Criativas, en preparación.
- Souto Cabo, José Antón (2014): "Rui Vazques e a *Crónica de Íria*", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 41, pp. 303-335.
- Souto Cabo, José Antón (2016): "A *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores* (BN 94 IL) e o seu antigo galego", en A. Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía. Coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, pp. 273-298.
- postela, investigador do Instituto da Lingua Galega e codirector da revista *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Os seus primeiros pasos no mundo da investigación deunos no campo da lexicografía, mais desde os tempos da elaboración da súa tese de doutoramento as súas pescudas orientáronse principalmente cara á historia social da lingua galega, a historia do galego escrito, a recuperación de textos dos Séculos Escuros e de principios do XIX e a fonética, a fonoloxía e a morfoloxía históricas da lingua galega. Os resultados deste traballo presentounos en distintas revistas científicas, en volumes colectivos, en congresos nacionais e internacionais e en libros como *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela, 1998), *Eladio Rodríguez e a cultura galega* (Santiago de Compostela, 2001), *A lingua galega no limiar da súa renascenza* (A Coruña, 2003), *Historia de la lengua gallega* (Munich, 2008), *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* (Santiago de Compostela, 2008) ou a recente *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega* (Vigo, 2017).

**Ricardo Pichel** é Doutor en Filoloxía Galega (2013) pola Universidade de Santiago de Compostela, onde foi profesor entre 2006 e 2009. Foi lector de galego na Universidade Complutense de Madrid entre 2011 e 2014. É investigador do Instituto da Lingua Galega (USC) desde 2003, onde participa ou (co) dirixe algúns proxectos, entre eles o COTAGAL (*Corpus de Textos Antigos de Galiza*). Actualmente é profesor e investigador na Universidade de Alcalá (Juan de la Cierva), onde continúa traballando nas súas liñas de investigación principais: lingua e literatura medievas ibéricas, edición de textos e humanidades dixitais. Traballou como persoal docente e investigador nalgunhas universidades e institucións estranxeiras, como a Georgetown University (Washington), a University of California-Santa Barbara, a Hispanic Society of America (Nova York), o King's College London ou a University of Birmingham. É secretario da Asociación Internacional de Estudos Galegos (2015-18) e da revista complutense *Madrygal. Revista de estudos gallegos* desde 2011. Máis información: <https://ricardopichel.academia.edu/>.

## Biodata

**Ramón Mariño Paz** (Balbargos-Noia, 1962) é Catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Com-

## Sesión 42 | Historia das mulleres. Feminismo (D-01)

### Relatorio 121 (11:30h)

#### Mulleres no camiño. Amizade e tradución da obra de Marica Campo

Kathleen N. MARCH  
*The University of Maine*

O proceso da tradución é complexo, mais poucos estudos teñen en conta o efecto da amizade no texto traducido, malia teren tratado ás veces o tema de xénero (por exemplo, cando unha muller traduce un texto de autoría feminina). Como poden influír as conversas do pasado e do presente coa autora na persoa que traduce, cando é posíbel maior contacto para resolver dúbidas ou no estilo da lingua de tradución? O contacto íntimo coa autora afectará á voz dos ou das protagonistas do texto orixinal? A amizade podería afectar a ética do proceso? Mesmo poderá levar a unhas traducións mais creativas ou menos precisas? As persoas que facemos unha tradución temos motivos por facela e cando traballamos coa voz da autora (ou do autor) máis perto, é preciso sermos conscientes do que iso supón. Estes temas e outros xurdirán ao longo dos anos de lectura de *Confusión e morte de María Balteira*, libro de relatos de Marica Campo. A presentación incluírá tamén unha tradución plástica da *María Balteira*, e ten como obxectivo reflectir o concepto de "traducir" dun xeito non verbal.

Palabras chave: tradución ética amizade María Balteira Marica Campo recepción do texto traducido muller medieval tradución plástica.

#### Bibliografía

- Blanco García, Carmen (2005): "María Balteira, muller leda sen lei: a loanza oculta no poema de Lorenzo Varela", *Boletín da Real Academia Galega* 366, pp. 17-20.
- Lorenzo Gradín, Pilar e Antonio Rey Somoza (2000): "As cantigas de escarnio e maldicir", en D. Villanueva e M. Brea (coords.), *Galicia, Literatura. Vol. XXX. A Idade Me-*

*dia*, A Coruña: Hércules de Ediciones, pp. 174-247.

Campo, Marica (2007): "María Pérez, a Balteira, unha vida imprecisa entre a historia, a literatura e a lenda", *Album de mulleres* (<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=97>).

López, Teresa (1999): "María Balteira, señora do tempo pasado", en R. Álvarez e D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. vol. 2, pp. 795-811.

Rodríguez, José Luís (1993): "A mulher nos cancioneiros. Notas para um anti-retrato descortês", en A. Marco López (ed.), *Símpoio Internacional Muller e Cultura (27-29 de febreiro de 1992 na USC)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, , pp. 43-67.

#### Biodata

Kathleen N. March (Rochester, NY, 1949), formouse como especialista en estudos hispánicos, latinoamericanos e portugueses, e actualmente é Catedrática emérita na Universidade de Maine (Orono, Maine). Nos anos 80 fundou e dirixiu a Galician Studies Association (actualmente a AIEG). Desde a súa primeira visita a Galiza, en 1975, investigou e traballou sobre a produción literaria de Manuel Antonio, Carvalho Calero, Castella, Luz Pozo, Xohana Torres, Rosalía de Castro etc. Doutora en Creación Literaria pola Universidade de Maine (2002), ten publicado numerosos libros e estudos en revistas e volumes colectivos sobre a literatura galega e latinoamericana, como os recollidos en *De musa a literata: el feminismo en la obra de Rosalía de Castro* (1991), *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro* (1986), *Polos camiños da literatura: escritores galegos do PEN* (1993) ou *No tempo de Follas novas. Unha viaxe pola literatura universal* (2015, Alvarellos). As súas traducións de Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro ou Otero Pedrayo son outra das facetas do seu labor académico, que axudou á proxección da literatura galega no ámbito

anglosaxón (véxanse, por exemplo: *Festa da Palabra. An Anthology of Contemporary Galician Women Poets*, 1988; *An Anthology of Galician Short Stories. Así vai o conto*, 1991; *Folks from here and there, Xentes de aquí e de acolá*, 2011; *Rosalía's Revolution in New York / Revolución rosaliana en Nova York*, 2014). A partir do ano 2000, tras varias décadas de docencia universitaria, comezou a desenvolver nas aulas un método de ensino estruturado como un servizo aberto á comunidade, o que a levaría a traballar, xunto ao seu alumnado, en Honduras, desenvolvendo diversos proxectos sociais, culturais e pedagóxicos. Entre outras distincións, foille concedido o Premio da Cultura Galega de Proxección Exterior en 2015.

### Relatorio 122 (Sesión 42, D-01, 12h)

#### Rosalía de Castro: intentos de asasinato durante a guerra civil (1936-1939)

Aurora LÓPEZ LÓPEZ  
Universidad de Granada

Andrés POCIÑA PÉREZ  
Universidad de Granada

O título escollido para esta comunicación evidentemente intenta ser rechamante, propagandístico (coma se fose un anuncio comercial) e sen dúbida aínda hoxe programático, pero totalmente verdadeiro e obxectivo na información que contén. A autora e o autor fan un percorrido por todas as noticias de que dispomos a propósito de Rosalía de Castro e das súas obras ao longo dese terríbel drama que foi a sublevación militar-fascista que obxectivamente, sen calificacións ideolóxicas, chamamos a Guerra civil. Teimamos amosar de que xeito, na teima de asasinar canto de propio e diferenciador da idea unitaria dos pobos da Península ía ter a eterna dictadura que derivou da fin da guerra, a parte sublevada vencedora silenciou, deformou, perseguiu, a totalidade da obra, tanto a galega como a castelá, de Rosalía de Castro, á procura do asasinato definitivo da meirande representación da mais galeguista figura de sempre (*Probe Galicia non debes / chamarte nunca española, / qu' España de ti s'olvida / cando eres jay! tan hermosa...*). Deste xeito,

insitimos sobre feitos tan curiosos como foron o celebrarse no exilio, en América, o centenario en 1937 do nacemento da poeta; ou a única lembranza desta efeméride nunha revista asolagada de ideoloxía fascista, *Cauces* (núms. 11-12, 1937), publicada na cidade de Jerez xa daquela sometida ao xugo de dictadura; ou a existencia de só dous poemas conmemorativos da poeta en data tan sinalada, un de Antonio Agraz, difundido nos "Romances da CNT, Galicia mártir", outro de Ángel Lázaro; etc. A guerra, os corenta anos de dictadura que seguiron, non lograron asasinar a figura de Rosalía, a súa obra, a súa ideoloxía galeguista; como lección, cómpre dicir que calquera institución ou partido que se mova polas mesmas ideas, por moi agachadas que sexan, non ten ningún futuro na Galiza verdadeira.

Palabras chave: Rosalía de Castro, guerra civil, ditadura fascista, asasinato frustrado.

#### Bibliografía

- A *Nosa Terra* (1936): "Lembranza de Rosalía", *ANT XX* n. 422 (17/07/1936), 1.
- López López, Aurora e Andrés Pociña Pérez (1991): *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- López López, Aurora e Andrés Pociña Pérez (2017): "As edicións de Rosalía de Castro na República Arxentina", *Follas Novas 2*, pp. 198-219.

#### Biodata

Aurora López López (Sarria, 1948) e Andrés Pociña Pérez (Lugo, 1947) son respectivamente Catedrática de Filoloxía Latina e Profesor emérito de Filoloxía Latina da Universidade de Granada. Nos seus estudos dedicados á literatura galega destacan os catro volumes de *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica* (1991, 1991, 1993, 2018), a edición crítica de *Rosalía de Castro. Poesía galega completa*, en dous volumes (1992, 2004) ou *Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra* (2000); obras todas feitas en colaboración.

**Relatorio 123** (Sesión 42, D-01, 12:30h)**Algunas cartas de Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán: hacia un análisis lingüístico desde la gramática funcional del discurso**

Patricia FERNÁNDEZ MARTÍN  
*Universidad Autónoma de Madrid*

El objetivo de la comunicación es comparar ciertas cartas dirigidas por Emilia Pardo Bazán a Benito Pérez Galdós (siguiendo la edición de *Hora Antes*), por un lado, con las escritas por Rosalía de Castro a Manuel Murguía (según la edición en línea del *Consello da Cultura Galega*), por otro; todas ellas escritas en castellano. Para ello, partiendo de la premisa de que la lengua escrita no está descontextualizada (Nystrand 1988), se utiliza la gramática funcional del discurso (Hengeveld y Mackenzie 2008) para analizar ciertos mecanismos exofóricos referidos a los interlocutores en la comunicación misiva (Alturo 2010a, 2010b), representados especialmente en las fórmulas de tratamiento y los vocativos (Sáez Rivera 2014a, 2014b). Así, se divide el trabajo en dos partes. En la primera, presentamos el marco teórico, que atiende a tres pilares esenciales: las premisas metodológicas, unas nociones sobre el corpus lingüístico seleccionado y el objeto de la lengua en que centraremos el estudio. En la segunda parte, se ofrece el análisis de los textos en el nivel interpersonal, en el nivel representacional y en el nivel morfosintáctico. La principal conclusión permite contemplar perfectamente la plasmación de las fórmulas de tratamiento en la manera en que se van configurando, igualmente, las relaciones entre los interlocutores.

Palabras clave: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, gramática funcional del discurso, mecanismos exofóricos, deixis personal.

**Bibliografía**

Alturo, Núria (2010a): "La referència en la Gramàtica Funcional Discursiva", *Sintagma* 22, pp. 51-67 ([http://www.sintagma.udl.cat/export/sites/Sintagma/documents/articles\\_22/Alturo.pdf](http://www.sintagma.udl.cat/export/sites/Sintagma/documents/articles_22/Alturo.pdf)).

- Alturo, Núria (2010b): "Coherencia discursiva: dimensiones contextual, conceptual y gramatical", *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 41, pp. 3-30.
- Hengeveld, Kees y J. Lachlan Mackenzie (2008): *Functional Discourse Grammar. A typologically-based theory of language structure*. Oxford: Oxford University Press.
- Nystrand, Martin (1986): *The structure of written communication. Studies in Reciprocity between Writers and Readers*. London: Academic Press.
- Sáez Rivera, Daniel M. (2014a): "Procesos de lexicalización/gramaticalización en la formación e historia de usía en español", en J. L. Girón Alconchel y D. M. Sáez Rivera (eds.): *Procesos de gramaticalización en la historia del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 159-188.
- Sáez Rivera, Daniel M. (2014b): "The Interplay of Object Clitic Doubling and the Grammaticalization of Address Forms in the Genre of Collections of Letters in Spanish", en J. L. Girón Alconchel y D. M. Sáez Rivera (eds.): *Procesos de gramaticalización en la historia del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 321-360.

**Biodata**

Patricia Fernández Martín es Doctora en Lengua Española y sus Literaturas (UCM), Licenciada en Filología Hispánica (UCM), Lingüística (UAM) y Antropología Social y Cultural (UNED). Una de sus líneas de investigación se centra en la gramática histórica de la lengua española. Forma parte del proyecto PROGRAMES 5, dirigido por el Dr. Francisco Javier Herrero Ruiz de Loizaga (UCM) y ha colaborado de distintas formas con los anteriores, dirigidos por el Dr. José Luis Girón Alconchel. Asimismo, ha trabajado para el *Refranero Multilingüe* del Instituto Cervantes (2009-14), codirigido por la Dra. Julia Sevilla. Ha impartido clases de Lengua Española en la Universidade de Vigo durante dos cursos académicos, uno de ellos en la Facultad de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra y el otro en la Facultad de Educación de Ourense.

Actualmente aplica lo investigado hasta el momento a textos escritos por mujeres de distintas épocas, cuyos discursos analiza desde una perspectiva lingüística.

### Sesión 43 | Lingua e identidade. Socio-lingüística (D-04)

#### Relatorio 124 (11:30h)

#### Alternancia de linguas como estratexia de atenuación na interacción médico-paciente en Galicia

Vanessa RODRÍGUEZ TEMBRÁS  
Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg

Este relatorio (que é parte da investigación dunha tese de doutoramento) estuda a alternancia de linguas como estratexia pragmática de atenuación na interacción médico-paciente producida nunha consulta de atención primaria en Galicia. O obxectivo é analizar pragmalingüísticamente secuencias extraídas das consultas médicas onde se realice unha alternancia de linguas, tanto por parte do médico como do paciente e/ou o seu acompañante (se o houbese). Partimos do concepto da atenuación como unha estratexia pragmática orixinada por necesidades de imaxe e que reduce a forza ilocutiva do acto de fala (Albelda Marco 2016). Os datos analizados corresponden ao *Corpus de interacción médico-paciente en Galicia* (Oliveira e Hernández Flores 2014). Para a clasificación dos datos, empregamos a "Ficha metodológica para el análisis pragmático de la atenuación en corpus discursivos en español" (Albelda Marco *et alii* 2014).

Palabras chave: atenuación, alternancia de linguas, estratexia pragmática, pragmalingüística.

#### Bibliografía

Albelda Marco, Marta, Antonio Briz Gómez, Ana María Cestero Mancera, Dorota Kottwica e Cristina Villalba Ibáñez (2014): "Ficha metodológica para el análisis pragmático de la atenuación en corpus discursivos del español", *Oralia. Análisis del discurso oral* 17, pp. 7-62.

Albelda Marco, Marta (2016): "Sobre la influencia de la imagen en la atenuación pragmática", *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana* 27/1, pp. 19-33.

Briz Gómez, Antonio e Marta Albelda Marco (2013): "Una propuesta teórica y metodológica para el análisis de la atenuación lingüística en español y portugués. La base de un proyecto en común", *Onomázein. Revista semestral de lingüística, filología y traducción* 28, pp. 288-319.

Hernández Flores, Nieves e Vanessa Rodríguez Tembrás (no prelo): "'Lo que se debe hacer es cambiar un poco el estilo de vida'. Estrategias de atenuación en el consejo médico".

Oliveira, Sandi Michele de e Nieves Hernández Flores (2014): *Corpus de interacción médico-paciente en Galicia*. Inédito. Universidade de Copenhague.

#### Biodata

Vanessa Rodríguez Tembrás é estudante de doutoramento na Universidade de Heidelberg. O seu proxecto de tese trata sobre a atenuación pragmática nos consellos médicos na comunicación médico-paciente en Galicia. Con anterioridade, estudou o Máster de Estudos Literarios na Universidade Complutense de Madrid e traballou na Universidade de Copenhague como asistente de investigación no rexistro e clasificación do *Corpus de interacción médico-paciente de Galicia* (Oliveira e Hernández Flores 2014).

#### Relatorio 125 (Sesión 43, D-04, 12h)

#### O galego de *Fariña*: síntomas dunha minorización lingüística?

Matías VALIENTE  
Université Paul Valéry-Montpellier

Nun período en que as series de narcotráfico coñecen un éxito rotundo, queremos centrar na elección da lingua de rodaxe. Mentres que, optando pola autenticidade e o realismo, as produtoras de *Narcos* e de *Gomorra* optan respectivamente polo español e o napolitano, a recente *Fariña*, que

transcorre na Ría de Arousa, zona altamente galegofalante, está rodada nun español con frecuente *code-switching* e xiros morfosintácticos do galego. Esta proposta de comunicación céntrase en identificar as motivacións de produtoras á hora de se afastar da autenticidade que outorgaría unha lingua propia e cooficial a unha serie cuxa trama transcurre na Galicia costeira. Alén diso, interésannos as representacións sociolingüísticas vinculadas á mesma serie *Fariña* e os comentarios epilingüísticos presentes na Internet tanto en artigos da prensa especializada, en series como en foros. A realización dunha entrevista á produtora da serie *Fariña* e a consulta dun corpus constituído por artigos dixitais e foros non anteriores á súa difusión permitirannos expor cales son as ideas difundidas na sociedade española sobre a posición da lingua galega: unha lingua en perpetua minorización.

Palabras chave: contrato mediático, minorización, representacións, comentarios epilingüísticos.

### Bibliografía

- Alén Garabato, Carmen (2010): "Le castrapo: A propos d'un objet sociolinguistique et son désignant controversés", en H. Boyer (ed.), *Hybrides linguistiques: Genèses, statuts, fonctionnements*. Paris: L'Harmattan, pp. 307-318.
- Boyer, Henri (1990): "Matériaux pour une approche des représentations sociolinguistiques. Eléments de définition et parcours documentaire en diglossie", *Langue française* 85 (*Les représentations de la langue: approche sociolinguistique*, baixo a dirección de H. Boyer e J. Peytard), pp. 102-124.
- Canut, Cécile (1998): "Pour une analyse des productions épilinguistiques", *Cahiers de praxématique* 31, pp. 69-90.
- Charaudeau, Patrick (1994): "Catégories de langue, catégories de discours et contrat de communication", en S. Moirand, A. Ali Bouacha, J.-C. Beacco e A. Collinot (eds.), *Parcours linguistiques des discours spécialisés*. Berne: Peter Lang, pp. 315-325.
- Nogueira, Xosé (2006): "El papel de la televisión de Galicia (TVG) en la configuración del panorama audiovisual gallego a lo largo de las dos últimas décadas", *Hispanística XX/23*, pp. 137-175.

### Biodata

Matías Valiente foi Auxiliar de lingua francesa - CIEP e Profesor de historia de Francia entre 2016 e 2017 na rama ESABAC (Esame dello Stato / Baccalauréat), IST TEC commerciale e per geometri A. Fraccacreta, Ministero dell'Istruzione, dell'Università e della Ricerca, San Severo (Apulia, Italia). Lector de francés - Fulbright, Hobart and William Smith Colleges, Geneva (NY), entre 2014 e 2015. Auxiliar de lingua francesa no IES Príncipe de Asturias, Ministerio de Educación Cultura y Deporte, Lorca (España), 2014-15. Estudou o Máster de Ciencias da Linguaxe e Lingüística Española na UNED (2014-15). Licence Lettres modernes (Grao de Francés en 3 anos), Université de Paris 3 - Sorbonne nouvelle (a distancia) (2013-16). Licenciado en Tradución e Interpretación (Inglés), Universidad de Murcia (2008-12). Licence LLCE - Espagnol (Grao de Español en 3 anos), Université de Nîmes (2004-07). Desde 2016 até o presente estuda o Máster de Estudios franceses e francófonos pola UNED. Entre 2016 e 2017 cursou estudos de galego (materias soltas) na UNED.

### Relatorio 126 (Sesión 43, D-04, 12:30h)

#### Achega sociolingüística sobre os falantes de Entrimo

Patricia BLANCO ESTÉVEZ  
Universidade de Vigo

Reyes RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ  
Universidade de Vigo

Este estudo é froito da inquedanza de dúas investigadoras que traballamos sobre a zona da Baixa Limia e que observamos unha situación sociolingüística excepcional no concello arraiano de Entrimo, xa que nos atopamos ante un panorama sociolingüístico dominado polo monolingüismo en galego, en todos os ámbitos e etapas da vida; como segundas



linguas temos o portugués, pola proximidade co territorio luso, e o castelán como a lingua relegada e desprestixiada respecto do galego. A hipótese principal desta pescuda é a constatación do paradigma monolingüe galego presente nesta área e as súas repercusións sociolingüísticas. Así, o obxectivo fundamental é achegar datos actuais sobre os usos e as actitudes lingüísticas dos entri-meiros. A metodoloxía consistirá en realizar un enquisa oral en cada unha das parroquias do concello e en cada franxa de idade. A enquisa constará de preguntas relacionadas coa lingua(s) habitual, cos ámbitos de usos desas linguas e coas actitudes lingüísticas.

Palabras chave: Entrimo, Baixa Limia, sociolingüística, actitudes lingüísticas.

### Bibliografía

- Álvarez Blanco, Rosario (coord.), Xaquín Loredó Gutiérrez (ases.); Mauro Fernández Rodríguez, Valentina Formoso Gosende, Henrique Monteagudo, Fernando Ramallo Bieito Silva Valdivia (comisión técnica) (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ([http://consellodacultura.gal/medioteca/extras/CCG\\_2017\\_Practicas-e-actitudes-linguisticas-da-mocidade-en-Galicia.pdf](http://consellodacultura.gal/medioteca/extras/CCG_2017_Practicas-e-actitudes-linguisticas-da-mocidade-en-Galicia.pdf)).
- González González, Manuel (dir.), Modesto A. Rodríguez Neira (coord.) (2007-11): *Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística, 3 vols. (vol. 1: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, vol. 2: *Usos lingüísticos en Galicia*, vol. 3: *Actitudes lingüísticas en Galicia*).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2008): "Os prexuízos lingüísticos: Proposta de clasificación", *Xornal dixital Avantar*, maio de 2008 ([http://www.cigaeat.com/index.php/CIG/2008/06/03/os\\_prexuizos\\_linguisticos\\_proposta\\_de\\_cl](http://www.cigaeat.com/index.php/CIG/2008/06/03/os_prexuizos_linguisticos_proposta_de_cl)).
- Monteagudo, Henrique e Xaquín Loredó Gutiérrez (eds.) (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.

### Biodata

Patricia Blanco Estévez e Reyes Rodríguez Rodríguez son dúas doutorandas do Programa de Doutoramento de Estudos Lingüísticos da Universidade de Vigo. A súa investigación atinxe os campos dialectal e sociolingüístico: "Aproximación dialectal e sociolingüística ao galego de Olelas (Entrimo-Baixa Limia) no seu contexto tetralingüe" (Patricia Blanco), "Contribución á dialectoloxía galega: a fala da Limia Baixa" (Reyes Rodríguez).

**Sesión 44 | Memoria histórica e literatura. Conflito e trauma (D-02)**

**Relatorio 127 (11:30h)**

**A esteril gloria de nomear os silencios. Murguía e a historia literaria**

María Xesús LAMA LÓPEZ  
*Universitat de Barcelona*

Estúdase o proceso de construción do discurso historiográfico galego, partindo de que este soe presentar unha formulación pouco flexible para o estudo de fenómenos tan complexos e inestables como os derivados da experiencia identitaria. Analízase aquí a fase inicial, cos textos programáticos que xorden da pluma de Manuel Murguía. En primeiro lugar analizaranse os seus primeiros ensaios, "Ensayo de una historia literaria de Galicia" e "El poeta de Galicia" en *La Oliva* (1855-56), e "Poesía gallega contemporánea" en *El Museo Universal* (1858), que derivan nun programa máis artellado no prefacio ao *Diccionario de escritores gallegos* (1862), e en *Los precursores* (1885), onde intenta establecer as bases dun novo canon. Estes textos deben poñerse en relación co debate arredor da poesía popular no contexto hispánico (significativos discursos de Juan Valera na RAE) e cos seus antecedentes no contexto galego: Neira de Mosquera e Antolín Fardo en *El porvenir* e *El recreo compostelano*, e con outros discursos contemporáneos que delatan as tensións internas no campo cultural galego, como os que xorden na revista *Galicia. Revista Universal de este Reino* ou en *El Heraldo Gallego*.

Palabras chave: memoria, historiografía literaria, ideas estéticas, Manuel Murguía, séc. XIX.

### Bibliografía

Lama López, María Xesús (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. Vigo: Galaxia.

Lama López, María Xesús (2015): "La parodia de la figura tradicional del detective en la novela negra de Laura Caveiro", en E. Losada Soler e K. Paszkiewicz (eds.), *Tras la pista. Narrativa criminal escrita por mujeres*. Barcelona: Icaria, pp. 161-182.

Lama López, María Xesús (2013): *Edición crítica do poemario inédito "Canto do pobo disperso" de Valentín Paz Andrade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Lama López, María Xesús e Helena González (2008): *Edición de "Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984" de Basilio Losada e Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.

Lama López, María Xesús (2008 [1995]): *Edición crítica de "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.

### Biodata

María Xesús Lama López é Profesora de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universitat de Barcelona, participa en proxectos de investigación sobre literatura de mulleres e historiografía literaria. Traballou sobre literatura da emigración e o exilio, e a relación entre literatura e identidade nacional.

#### Relatorio 128 (Sesión 44, D-02, 12h)

**A Vida Nova de Lois Tobío no proxecto literario da Xeración do Seminario de Estudos Galegos**

Marga ROMERO LORENZO

A novela *A Nova Vida* de Lois Tobío é unha obra póstuma e a súa escrita, moito tempo antes, ten relación co desexo de potenciar a narrativa a través das editoriais como Lar, Célitica, ¡Terra a Nosa! Moitos dos mozos do Seminario de Estudos Galegos publicaron

novelas breves ou prosa miúda (Fermín Bouza Brey, Filgueira Valverde, Magariños Negreira...) quizais movidos por ese obxectivo de achegar novos textos para ler. Hai que engadir a esta nómina a Felipe Fernández Armesto, que vai ter unha relación estreita con Tobío na súa estada posterior en Berlín. Se existía un proxecto literario para estimular a escrita en estes autores, este truncouse coa guerra e a ditadura. *A Nova Vida* rematouse no exilio do autor. Carballo Calero publicaría *A Gente da Barreira* en 1951, mais quizais tamén esta primeira novela publicada despois da guerra tivese a súa orixe nos tempos do Seminario de Estudos Galegos. O que nos guía neste relatorio é se temos que achegarnos a estes narradores mozos, relacionados co Seminario de Estudos Galegos, como epígonos da Xeración Nós ou como narradores circunstanciais que non puideron continuar un proxecto literario propio e ficaron atados ás súas propias memorias.

Palabras chave: Lois Tobío, Seminario de Estudos Galegos, Editorial Lar, Carballo Calero, Felipe Fernández Armesto.

### Bibliografía

Bouza Brey, Fermín (1925): *Cabalgadas en Salnés*. A Coruña: Lar.

Carballo Calero, Ricardo (1984): *Prosa Completa*. Sada: Edicións do Castro.

Fernández Armesto, Felipe (1925): *Xelo, o Selvaxe*. A Coruña: Lar.

Tobío Fernández, Lois (1994): *As Décadas de T.L.* Sada: Edicións do Castro.

Tobío Fernández, Lois (2006): *A Vida Nova*. Sada: Edicións do Castro.

### Biodata

Marga Romero Lorenzo é Profesora de Lingua e Literatura de Ensino Medio. Como investigadora tense ocupado da obra literaria de Otero Pedrayo, de autores do exilio como Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Lois Tobío. A literatura feminista (O Movemento Poético da Festa da Palabra Silenciada) e o estudo de autoras como María Mariño ou María Xosé Queizán, entre outras, son

obxecto da súa atención. Foi columnista de *A Nosa Terra*, actualmente colabora co xornal *Sermos Galiza* e forma parte do seu Consello de administración. Como Marga do Val asinou, entre outras obras, o poemario *A Cidade sen roupa ao sol* (2010), Premio da Crítica Española. Forma parte da Plataforma de Crítica Literaria Feminista A Segá.

### Relatorio 129 (Sesión 44, D-02, 12:30h)

#### O retorno e os conflitos da identidade

María Jesús PIÑEIRO DOMÍNGUEZ  
*Universidad Complutense de Madrid*

A emigración da poboación galega na posguerra foi moi elevada, como elevado foi tamén o retorno das persoas emigradas, especialmente durante a transición. Para elas, non só foi difícil a marcha, senón tamén o regreso a un lugar en aparente democracia, mais aínda en conflito polas feridas non reparadas da contenda. A través da lectura de ensaios e novelas centrados no retorno, o relatorio pretende convidar á reflexión sobre as consecuencias do regreso ao lugar de orixe e a súa repercusión nos ámbitos familiar, social e político, entre outros. Falamos de ruptura da identidade, de inadaptación crónica, de choque xeracional, de decepción, desengano ou desarraigo, situacións todas elas que evidencian os conflitos dunha identidade en permanente (de) construción.

Palabras chave: migración, posguerra, retorno, identidade, narrativa.

#### Bibliografía

- Álvarez Silvar, Gabriel (1997): *La migración de retorno en Galicia (1970-1995)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Area Carracedo, Ramón e Alejandro García Caballero (2007): *Psicopatoloxía do retorno*. Vigo: Galaxia.
- Aznar Soler, Manuel, José Ramón López García, Francisca Montiel Rayo e Juan Rodríguez (coords.) (2015): *El exilio republicano de 1939. Viajes y retornos*. Sevilla / Barcelona: Renacimiento / Grupo de Estudios del Exilio Literario (GEXEL).

Mandianes, Manuel (2014): *Viaxe sen retorno*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Thompson, John (2009): *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*. Vigo: Galaxia.

#### Biodata

María Jesús Piñeiro Domínguez é licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universitat de Barcelona. Fixo os estudos de doutoramento e DEA en Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Universidade da Coruña. É doutoranda do programa de Estudos Literarios da Universidad Complutense de Madrid. A súas áreas de investigación son o exilio, a memoria e a identidade na narrativa peninsular. Ten publicado diversos artigos e recensións nas revistas *Madrygal*, *Grial*, *Boletín da Biblioteca Menéndez Pelayo* e *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*. É coautora dun *Diccionario de Construcción Naval* (2008) e de *Dos vidas y un exilio. Ramón de Valenzuela y María Victoria Villaverde. Estudio y antología*, dirixido por Carmen Mejía Ruiz (2011). É editora de *A bordo dun barco sen luces. O mundo poético de Luís Pimentel*, de Luz Pozo Garza (Alvarellos editora, 2011, reedición). Actividade profesional: editora e correctora.

### Sesión 45 | Patrimonio documental medieval e edición de textos (D-Mult.)

#### Relatorio 130 (11:30h)

#### Revisitando Margot Sponer, pioneira na edición de textos medievais

Xavier VARELA BARREIRO  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Ricardo PICHEL  
*Universidad de Alcalá*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

A publicación en Berlín da tese de doutoramento de Margot Sponer *Altgalizische Urkunden* (1935) representa un fito moi relevante no desenvolvemento da filoloxía galega. Antón Figueroa (2017) refírese a ela como "seguramente (...) a primeira tese presentada nunha universidade, a de Berlín,

sobre a lingua galega”. Cremos non equivocarmos se afirmamos que, a día de hoxe, Margot Sponer é a única filóloga do noso ámbito que conta cunha monografía extensa dedicada á súa vida e obra (Figueroa 2017). Razóns sociohistóricas e políticas de terrible influencia na biografía de Margot (en Alemaña a ascensión ao poder dos nazis, que a asasinaron en 1945, e en España o golpe de estado fascista de 1936) impediron que a importancia desta obra na Romanística da súa época tivese o correspondente traslado á cultura filolóxica galega da altura. Nin sequera a súa publicación parcial en 1934 no *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura (Barcelona)* (Sponer 1934) puxo remedio á lagoa de transmisión sufrida por esta obra, incomprendible aínda hoxe se facemos confronto coa moito mellor fortuna doutras obras da súa mesma esfera do coñecemento e de entidade menor. A escasa fortuna da obra no primeiro terzo do século XX estendeuse entre nós ás décadas posteriores da centuria e mesmo ata os nosos días. Non hai un só exemplar da tese nas universidades galegas nin tampouco do *Anuari*, a publicación periódica na que se publicou parcialmente. É por isto que os documentos medievais publicados na obra non tiveron a difusión e impacto esperables, representado no triste esperpento dunha circulación académica aínda hoxe sustentada en fotocopias de escasa calidade. No *Escritorio Galego-Portugués Antigo* (EGPA) queremos rescatar do esquecemento e á íntegra a documentación galega medieval editada pola filóloga alemá Margot Sponer nos anos 1934 e 1935, do mesmo xeito que Antón Figueroa fixo recentemente (2017) e de forma brillante coa súa figura filolóxica e humana. Queremos facer dos 156 documentos editados en *Altgalizische Urkunden* (1935), dos que 61 xa foran editados en 1934, a primeira pedra do noso EGPA, antes mesmo que obras tan significativas como as *Cantigas de Santa María*, coas que queremos iniciar a xeira das obras literarias. No relatorio faremos unha mínima aproximación á traxectoria humana e filolóxica de Margot Sponer, describiremos a obra e a metodoloxía na que se sustenta,

derémonos na súa recepción nos ambientes filolóxicos galegos e presentaremos unha mostra documental confrontándoa cos orixinais e coas propostas de editores posteriores.

Palabras chave: galego-portugués antigo, edición documental, Margot Sponer, documentación galega medieval.

## Bibliografía

- Figueroa, Antón (2013): “Sobre Margot Sponer”, *A Trabe de Ouro* XXIV, I, pp. 17-32.
- Figueroa, Antón (2017): *Margot Sponer. Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Risco, Vicente (2011 [1934]): *Mitteleuropa*. Vigo: Galaxia.
- Sponer, Margot (1934): “Documentos antigos de Galicia”, *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura (Barcelona)* 7, pp. 113-192 (1-80).
- Sponer, Margot (1935): *Altgalizische Urkunden*. Tese de doutoramento, Berlín.
- Tobío, Lois (1994): *As décadas de T.L.* Sada: Edicións do Castro.

## Biodata

Xavier Varela Barreiro (A Coruña, 1958) é profesor de filoloxía galega no departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciouse en Filoloxía Románica en 1980 e doutorouse en 1991, nesa mesma universidade. É investigador adscrito do Instituto da Lingua Galega (USC) desde o ano 1980 e nel vén colaborando desde aquela nas seccións de Historia da Lingua, Lexicografía, Lingua Oral, Onomástica e Edición de Textos. Destas liñas parte a súa investigación, centrada especialmente na lingüística de corpus, na lexicografía histórica e na edición de textos antigos. Participa en distintos proxectos de investigación e é orientador de teses de doutoramento incardinadas nas súas liñas de investigación. Colabora nos órganos científicos e de xestión dalgunhas revistas científicas. É o responsable dalgúns recursos de investigación lingüística –do ILG e doutras entidades– publicados e consultables

na rede: o *Corpus Galego-Portugués Antigo* (CGPA), o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMLG), o *Corpus Xelmírez*, ou o *Inventario Toponímico da Galiza Medieval* (ITGM).

Ricardo Pichel (véxase *supra* Relatorio 120).

### Relatorio 131 (Sesión 45, D-Mult., 12h)

#### Sobre edición de documentación notarial medieval: algunhas consideracións sobre textos galegos do século XIII

Pedro DONO LÓPEZ  
*Universidade do Minho*

As prácticas editoriais á volta dos instrumentos notariais, no caso da documentación galega, son certamente diversas por múltiples factores, non sendo o menos relevante o feito de que se teñan ocupado da publicación destas fontes documentais investigadores que proceden de campos diferentes, como o da historiografía ou o filolóxico. A nosa intención, con esta contribución, é facer unha aproximación a esas prácticas partindo dun conxunto documental moi concreto, como é o caso dos documentos do notario real Johán Ares, que actuou nas terras medievais de Orcellón, Búbal, Castela e Bolo de Senda, próximas á cidade de Ourense; del conservamos uns oitenta pergamiños autorizados entre os anos 1272 e 1300, e que hoxe en día encontramos formando parte das coleccións documentais de mosteiros galegos como os de San Miguel de Bóveda, Melón, Aceiro, Dozón, Santa Comba de Naves, Santa María de Oseira e San Clodio do Ribeiro de Avia, e custodiados en tres depósitos diferentes: o Arquivo da Catedral de Ourense, o Arquivo Histórico Provincial de Ourense e o Arquivo Histórico Nacional de Madrid. Tentaremos realizar algunhas consideracións sobre a problemática asociada ás edicións hoxe dispoñibles dos documentos deste notario (entre outros, Fernández de Viana y Vieites 2009, Lucas Álvarez e Lucas Domínguez 1996, Romani 1898, Dono 2010), apuntando en último termo para unha proposta de edición dixital da dita documentación.

Palabras chave: ecdótica, documentos notariais, galego medieval.

#### Bibliografía

- Dono López, Pedro (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*. Tese de Doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (2009): *Colección Diplomática do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Lucas Álvarez, Manuel, y Lucas Domínguez, Pedro (1996). *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada: Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro.
- Romani Martínez, Miguel (1989): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense), 1025-1310* (2 vols.). Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

#### Biodata

Pedro Dono López é actualmente Profesor auxiliar da Área de Estudos Espanhóis e Hispano-Americanos da Universidade do Minho. Foi lector do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho (1997-2002). Dedicase, principalmente, á edición e estudo de documentación notarial medieval galega.

### Relatorio 132 (Sesión 45, D-Mult., 12:30h)

#### El día a día de la práctica escrita en Lugo en la Edad Media: centros de producción como definición de redes sociales

Ainoa CASTRO CORREA  
*Universidad de Salamanca*

En esta comunicación se presenta la investigación llevada a cabo durante los últimos años que, partiendo de la producción escrita medieval conservada y producida en la diócesis de Lugo (ss. X-XIII), se enfoca a reconstruir las comunidades rurales lucenses, las

redes sociales, analizando su relación con el mundo de la escritura. Gracias al análisis por-menorizado de los manuscritos medievales elaborados en territorio de la diócesis, aplicando herramientas digitales punteras a nivel internacional, el proyecto debate sobre el día a día del uso de la escritura, delimitando zonas de irradiación cultural y dibujando sus redes de comunicación con el exterior.

Palabras clave: historia de Galicia, siglos X-XIII, cultura escrita, historia social, paleografía, herramientas digitales.

### Bibliografía

- Castro Correa, Ainoa (en prensa): *Colección diplomática altomedieval de Galicia II: documentación en escritura visigótica de la Catedral de Lugo*. Lugo.
- Castro Correa, Ainoa (2016): "Visigothic script vs. Caroline minuscule: the collision of two cultural worlds in twelfth-century Galicia", *Mediaeval Studies* 78, pp. 203-242.
- Davies, Wendy (2016): *Windows on Justice in Northern Iberia, 800-1000*. Oxford / New York: Routledge.
- Davies, Wendy (2007): *Acts of Giving: Individual, Community, and Church in Tenth Century Christian Spain*. Oxford: Oxford University Press.
- Portass, Robert (2017): *The Village World of Early Medieval Northern Spain. Local Community and the Land Market*. Woodbridge: Boydell Press.

### Biodata

Licence in Mediaeval Studies (Pontifical Institute of Mediaeval Studies, 2015), Doctorado en Ciencias y Técnicas de Estudio y Conservación del Patrimonio Bibliográfico y Documental (Universitat Autònoma de Barcelona, 2012), Diploma de Estudios Avanzados (Universitat Autònoma de Barcelona, 2009), Licenciatura en Geografía e Historia (UNED, 2005). Más de 450k € en becas de investigación postdoctorales en la Península Ibérica, EEUU, Canadá y Reino Unido. Docente en universidades de la Península Ibérica, Canadá y Reino Unido. Publicaciones (publicadas o en prensa): 4 monográficos, 4 libros editados, 8 artículos en revistas indexadas, 7 capítulos de libro, 4 reseñas y +80 posts. Ponencias: 18 invitadas, 19 presentaciones. Organización: 3 congresos internacionales. Sus intereses de investigación son: paleografía, diplomática, historia de la cultura escrita y humanidades digitales.